CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
A	**AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA**	Esta sección comprende ou aproveitamento dos recursos naturais vexetais e animais, incluídas as actividades de produción agrícola, a cría e a reprodución de animais, a recolección de madeira e doutras plantas, e a produción de produtos animais en explotacións ou en hábitats naturais.	Esta sección tamén inclúe a agricultura orgánica, a acuicultura, o cultivo de produtos agrícolas modificados xeneticamente e a cría de animais modificados xeneticamente.	Esta sección non inclúe as actividades dos fogares como produtores de bens de subsistencia, xa que estas están clasificadas na clase 98.10.
01	**Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas**	Esta división comprende dúas actividades fundamentais, en particular, a produción agrícola e a produción gandeira. O grupo 01.5 (Produción agrícola combinada coa produción gandeira) afástase dos principios habituais de determinación da actividade principal. Nel acéptase que moitas explotacións agrarias teñen unha produción agrícola e gandeira razoablemente equilibrada e que sería arbitrario clasificalas nunha categoría ou outra. Esta división comprende o cultivo de produtos agrarios sen solo, por exemplo, mediante métodos hidropónicos e acuapónicos. Regra para a implementación: En agricultura, unha situación habitual en que resulta difícil deducir o valor engadido prodúcese cando, por exemplo, unha unidade produce uvas e elabora viño a partir das uvas de produción propia, ou cando unha unidade produce olivas e elabora aceite a partir das olivas de produción propia. En tales casos, a variable substitutiva máis adecuada é o número de horas traballadas e a aplicación deste criterio a actividades integradas verticalmente conduciría, en xeral, á clasificación das unidades en agricultura. No mesmo caso, para outros produtos agrícolas, as unidades clasificaríanse en agrarias por convención, co fin de garantir un tratamento harmonizado.	Esta división comprende tamén actividades de apoio á agricultura, así como a caza e a captura de animais e outras actividades relacionadas.	As actividades agrarias exclúen calquera elaboración posterior dos produtos agrarios (clasificada nas divisións 10, 11 e 12), á parte da que resulta necesaria para preparalos para os mercados primarios, que se inclúe nesta división. A división exclúe os traballos de construción para a preparación dos terreos (por exemplo, o socalcamento, a drenaxe, a preparación de arrozais, etc.), clasificada na sección F, e os compradores e as asociacións cooperativas que se dedican á comercialización de produtos agrarios clasificados na sección G. Exclúe tamén as actividades de xardinaría, clasificadas na clase 81.30.
01.1	**Cultivos non perennes**	Inclúese neste grupo o cultivo de plantas non perennes, é dicir, plantas que non duran máis de dúas tempadas. Inclúese tamén o cultivo destas plantas para a produción de sementes.		
01.11	Cultivo de cereais (salvo arroz), leguminosas e sementes oleaxinosas	Esta clase comprende todos os tipos de cultivo de cereais, leguminosas e sementes oleaxinosas. Inclúe tamén o cultivo destas plantas para a produción de sementes. O cultivo destes produtos acostuma a combinarse dentro de cada unidade agraria. Esta clase comprende: - o cultivo de cereais, por exemplo: • trigo • millo en gran • sorgo • cebada • centeo • avea • paínzo • pseudocereais, é dicir, froitas ou sementes utilizadas como cereais, por exemplo: • • quinoa • • amaranto • • chía - cultivo de leguminosas, por exemplo: • feixóns • fabas • garavanzos • feixón frade • lentellas • chícharos de raposo • chícharos • chícharos de Angola - cultivo de sementes oleaxinosas, por exemplo: • fabas de soia • cacahuetes • semente de rícino • semente de liñaza • semente de mostaza		Esta clase non comprende: - o cultivo de arroz (véxase 01.12) - o cultivo de millo doce (véxase 01.13) - o cultivo de millo, altramuces e coles, para forraxe (véxase 01.19) - o cultivo de froitos oleaxinosos (véxase 01.26)
01.12	Cultivo de arroz	Esta clase comprende: - o cultivo de arroz		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
01.13	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos	Esta clase comprende: - o cultivo de hortalizas de folla ou talo, por exemplo: • alcachofas • espárragos • coles • coliflor e brócoli • leituga e escarola • espinacas - o cultivo de hortalizas que dan froitos, por exemplo: • cogombros e cogombriños • berenxenas • tomates • sandías - o cultivo de hortalizas con raíces, bulbos ou tubérculos, por exemplo: • cenoiras • nabos • allos • cebolas (incluídas as chalotas) • allos porros e outras hortalizas aliáceas - o cultivo de cogomelos e trufas - o cultivo de sementes de hortalizas, incluídas as sementes da remolacha azucreira e excluídas outras sementes de remolacha - o cultivo de remolacha azucreira - o cultivo de chiles, pementos (*Capsicum spp* .) - o cultivo de raíces e tubérculos, por exemplo: • patacas • patacas doces (batatas) • iuca • iñame • colinabo e remolacha forraxeira	Esta clase comprende tamén: - o cultivo de millo doce	Esta clase non comprende: - especias e plantas aromáticas (véxase 01.28) - o cultivo de esporas de cogomelo (véxase 01.30)
01.14	Cultivo de cana de azucre			Esta clase non comprende: - o cultivo de remolacha azucreira (véxase 01.13)
01.15	Cultivo de tabaco	Esta clase comprende: - o cultivo de tabaco non elaborado	Esta clase comprende tamén: - o procesamento preliminar do tabaco asociado co seu cultivo	Esta clase non comprende: - a preparación de follas de tabaco (por exemplo, secado ao sol) por terceiros (véxase 01.63) - a elaboración de produtos de tabaco (véxase 12.00)
01.16	Cultivo de plantas para fibras téxtiles	Esta clase comprende o cultivo de plantas para fibras téxtiles, por exemplo: - o cultivo do algodón - o cultivo de iute, kenaf e doutras fibras téxtiles brandas - o cultivo de liño e cánabo - o cultivo de sisal e doutras fibras téxtiles do xénero Agave - o cultivo de abacá, ramio e doutras fibras téxtiles de orixe vexetal		
01.19	Outros cultivos non perennes		Esta clase comprende tamén: - o cultivo de flores perennes e doutras plantas ornamentais	Esta clase non comprende: - o cultivo de sementes de remolacha azucreira (véxase 01.13) - o cultivo de especias non perennes, plantas aromáticas, medicinais e farmacéuticas (véxase 01.28)
01.2	**Cultivos perennes**	Este grupo comprende o cultivo de produtos perennes, é dicir, plantas que duran máis de dúas tempadas, ben porque secan despois de cada estación ou porque medran continuamente. Inclúese tamén o cultivo destas plantas para a produción de sementes.		Este grupo non comprende: - o cultivo de flores perennes e doutras plantas ornamentais (véxase 01.19)
01.21	Cultivo da vide	Esta clase comprende: - o cultivo de uvas para o consumo ou para a produción de viño, zume, vinagre e outras froitas deshidratadas, por exemplo, pasas, pasas de Corinto e sultás		Esta clase non comprende: - a elaboración de zumes (véxase 10.32) - a elaboración de viños (véxase 11.02)
01.22	Cultivo de froitos tropicais e subtropicais	Esta clase comprende: - o cultivo de froitas tropicais e subtropicais, por exemplo: • aguacates • plátanos e bananas • dátiles • figos • mangas • papaias • ananás • rambutáns • lichis		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
01.23	Cultivo de cítricos	Esta clase comprende: - o cultivo de cítricos, por exemplo: • pomelos • limóns e limas • laranxas • tanxerinas, mandarinas e clementinas		
01.24	Cultivo de froitos de carabuña e pebidas	Esta clase comprende: - o cultivo de froitas de pebida e froitas de carabuña, por exemplo: • mazás • albaricoques • cereixas e guindas • melocotóns e nectarinas • peras e marmelos • ameixas e abruños		Esta clase non comprende: - o cultivo de mangas, rambutáns e lichis (véxase 01.22) - o cultivo de olivas (véxase 01.26)
01.25	Cultivo doutras árbores e arbustos froiteiros e froitos secos	Esta clase comprende: - o cultivo de bagas, por exemplo: • arandos • grosellas • grosellas espiñosas • kiwis • framboesas • amorodos • espiño amarelo - o cultivo de sementes de froitos - o cultivo de froitos secos comestibles, por exemplo: • améndoas • anacardios • castañas • abelás • pistachos • noces • piñóns - o cultivo doutras froitas de árbore e de arbusto, por exemplo: • alfarrobas		Esta clase non comprende: - o cultivo de cocos (véxase 01.26)
01.26	Cultivo de froitos oleaxinosos	Esta clase comprende: - o cultivo de froitos oleaxinosos, por exemplo: • cocos • olivas • palma de aceite		Esta clase non comprende: - o cultivo de fabas de soia, cacahuetes e doutras sementes oleaxinosas (véxase 01.11) - o cultivo de froitos secos para aceite, por exemplo, noces, améndoas, abelás, piñóns e pistachos (véxase 01.25)
01.27	Cultivo de plantas para bebidas	Esta clase comprende: - o cultivo de plantas para bebidas, por exemplo: • café • té • herba mate • cacao		Esta clase non comprende: - o cultivo da vide (véxase 01.21) - o cultivo de lúpulos (véxase 01.28)
01.28	Cultivo de especias, plantas aromáticas, medicinais e farmacéuticas	Esta clase comprende: - o cultivo de plantas aromáticas e especias perennes e non perennes: • pementa (*Piper spp.*) • noz moscada, macis e cardamomo • anís, anís estrelado e fiúncho como especia ou planta aromática • canela • cravo • xenxibre • vainilla • lúpulos • carvea - o cultivo de plantas para a elaboración de fármacos e narcóticos	Esta clase comprende tamén: - o secado ao sol de especias e plantas aromáticas, medicinais e farmacéuticas, asociado co cultivo das plantas	Esta clase non comprende: - o secado de especias e plantas aromáticas, medicinais e farmacéuticas por terceiros (véxase 01.63)
01.29	Outros cultivos perennes	Esta clase comprende: - o cultivo de árbores do caucho para a recolección de látex - o cultivo de árbores de Nadal - o cultivo de árbores para a extracción de zume - o cultivo de materiais vexetais do tipo usado en cestaría e espartaría		Esta clase non comprende: - o cultivo de flores, a produción de flores cortadas e casulos, e o cultivo de sementes de flores (véxase 01.19) - a recolección de zume ou de gomas similares ao caucho en estado silvestre (véxase 02.30)
01.3	**Propagación de plantas**			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
01.30	Propagación de plantas	Esta clase comprende a produción de todos os produtos vexetais para a plantación, incluídos os esgallos, as estacas e os sementeiros, para a reprodución directa de plantas ou para a produción de enxertos mediante a selección de fillos. Esta clase comprende: - o cultivo de plantas para a plantación - o cultivo de plantas ornamentais, incluída a turba para transplantes - o cultivo de plantas vivas para bulbos, raíces e tubérculos; esgallos e enxertos; e micelios - a explotación de viveiros, salvo os viveiros forestais - o cultivo e a venda de pés de árbores		Esta clase non comprende: - o cultivo de plantas para a produción de sementes (véxanse 01.1 e 01.2) - a explotación de viveiros forestais (véxase 02.10)
01.4	**Produción gandeira**	Este grupo comprende a cría (gandaría) e a reprodución de todos os animais, excepto os acuáticos.		Este grupo non comprende: - a estabulación de animais de granxa e o seu coidado (véxase 01.62) - a produción de peles e coiros procedentes de matadoiros (véxase 10.11)
01.41	Explotación de gando Bovino para a produción de leite	Esta clase comprende: - a cría e a reprodución de gando Bovino leiteiro e/ou búfalos - a produción de leite cru de vaca e búfala - a produción de esperma de gando Bovino para a produción de leite		Esta clase non comprende: - o procesamento do leite (véxase 10.54)
01.42	Explotación doutro gando Bovino e búfalos	Esta clase comprende: - a cría e a reprodución de gando Bovino e búfalos para carne - a produción de esperma de gando Bovino para carne	Esta clase comprende tamén: - a cría e a reprodución de gando Bovino ou búfalos de tiro - a cría e a reprodución de touros de lida	
01.43	Explotación de cabalos e doutros equinos	Esta clase comprende: - a cría e a reprodución de cabalos, burros, mulas ou bestas burreñas, calquera que sexa a súa finalidade		Esta clase non comprende: - o mantemento de cortes de cabalos de carreiras e de escolas de equitación (sen actividades de reprodución) (véxase 93.19)
01.44	Explotación de camelos e doutros camélidos	Esta clase comprende: - a cría e a reprodución de camelos (dromedarios) e camélidos		
01.45	Explotación de gando ovino e cabrún	Esta clase comprende: - a cría e a reprodución de gando ovino e cabrún - a produción de leite cru de gando ovino e cabrún - a produción de la en bruto		Esta clase non comprende: - a rapa de animais por conta de terceiros (véxase 01.62) - a produción de febras de la (véxase 10.11) - o procesamento do leite (véxase 10.54)
01.46	Explotación de gando porcino	Esta clase comprende: - a cría e a reprodución de súidos e gando porcino		
01.47	Avicultura	Esta clase comprende: - a cría e a reprodución de aves de curral, por exemplo: • polos, pavos, parrulos, gansos, paspallás, avestruces e galiñas pintadas - a produción de ovos de aves de curral - a explotación de incubadoras de aves de curral - a incubación automática de ovos para aves de curral		Esta clase non comprende: - a produción de plumas e penuxe (véxase 10.12)
01.48	Outras explotacións de gando	Esta clase comprende: - a cría e a reprodución de animais semidomesticados ou doutros animais vivos: • aves (excepto aves de curral e avestruces) • insectos • coellos e outros animais de peletaría • renos - a produción de peles finas procedentes de réptiles, como serpes e tartarugas, e peles de aves de granxa - a reprodución e cría de réptiles - a explotación de criadeiros de vermes, moluscos terrestres, caracois, etc. - a cría de vermes de seda e a sericultura - a apicultura e a produción, por exemplo, de mel, cera de abella; a reprodución de abellas para a venda, própole, veleno de abella e panais - a cría e a reprodución de animais de compañía (excepto peixes), por exemplo: • gatos e cans • aves, por exemplo, periquitos • hámsteres - a produción de ovos de paspallás frescos e ovos de paspallás para chocar		Esta clase non comprende: - a produción de coiros e peles procedentes da caza e da captura de animais (véxase 01.70) - a cría de peixes vivos ornamentais (véxase 03.2) - a explotación de criadeiros de ras, crocodilos e vermes mariños (véxanse 03.21 e 03.22) - a acuicultura (véxanse 03.21 e 03.22) - o aloxamento e adestramento de animais de compañía (véxase 96.99) - a explotación de refuxios para animais (de compañía) abandonados (véxase 96.99)
01.5	Produción agrícola combinada coa produción gandeira			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
01.50	Produción agrícola combinada coa produción gandeira	Esta clase comprende: - a produción mixta agrícola e gandeira sen especialización en ningunha delas **Regra para a implementación:** O tamaño da explotación en xeral non é un factor determinante. Se a produción agrícola ou a produción gandeira nunha unidade determinada representa o 66 % ou máis da produción estándar, a actividade conxunta non debería incluírse nesta epígrafe, senón asignarse á produción agrícola ou á produción gandeira.		Esta clase non comprende: - a produción combinada de varios produtos agrícolas (véxanse 01.1 e 01.2) - a produción gandeira combinada de distintas especies (véxase 01.4)
01.6	Actividades de apoio á agricultura, á gandaría e de preparación posterior á colleita	Este grupo comprende as actividades relacionadas coa produción agrícola e outras similares á agricultura que non teñen fins de produción (no sentido de colleita de produtos agrarios), e normalmente realizadas por conta de terceiros.	Inclúense tamén as actividades posteriores á colleita destinadas a preparar os produtos agrarios para o mercado primario.	
01.61	Actividades de apoio á agricultura	Esta clase comprende: - as actividades agrícolas por conta de terceiros: • a preparación de terreos de cultivo • a sementeira de cultivos • o tratamento de cultivos • a fumigación de cultivos, incluída a fumigación aérea • a poda de árbores froiteiras e vides • o transplante dos talos de arroz e o rareo das remolachas • a colleita • o control das pragas (incluída a dos coellos) en relación coa agricultura - a explotación de equipamentos agrícolas de rega	Esta clase comprende tamén: - a provisión de maquinaria agraria con operarios - o mantemento de terreos propios ou arrendados en bo estado, sen produción agrícola	Esta clase non comprende: - as actividades posteriores á colleita (véxase 01.63) - a drenaxe de terras agrícolas (véxase 43.12) - a planificación paisaxística (véxase 71.11) - as actividades de agrónomos e economistas agrarios (véxase 74.99) - o mantemento de xardíns (véxase 81.30) - a organización de feiras e mostras agrícolas (véxase 82.30)
01.62	Actividades de apoio á gandaría	Esta clase comprende: - as actividades gandeiras por conta de terceiros: • as actividades destinadas ao fomento, desenvolvemento e produción de gando • os servizos de control do gando, da súa condución, de pasto, de castración de aves de curral, de limpeza dos currais, etc. • as actividades relacionadas coa inseminación artificial • os servizos de oferta de sementais • a rapa de animais • a estabulación de animais de granxa e o seu coidado	Esta clase comprende tamén: - as actividades de ferraxe - os sistemas de xestión das operacións de gando	Esta clase non comprende: - a provisión de espazo só para aloxamento de animais (véxase 68.20) - as actividades de investigación agrícola (véxase 72.10) - os servizos veterinarios (véxase 75.00) - a vacinación de animais (véxase 75.00) - o alugamento de animais (por exemplo, rabaños, cabalos de carreiras, etc.) (véxase 77.39) - o aloxamento de animais de compañía (véxase 96.99)
01.63	Actividades de preparación posterior á colleita e tratamento de sementes para a reprodución	Esta clase comprende actividades de cultivo posteriores á colleita por conta de terceiros: - a preparación de cultivos para os mercados primarios (por exemplo, limpeza, recorte de follas e pedúnculos, clasificación e desinfección) - a debaga do algodón - a preparación de follas de tabaco (por exemplo, o secado ao sol) - a preparación de grans de cacao (por exemplo, a peladura) - o enceramento da froita - o secado de froitas, hortalizas, herbas para infusións, especias, herbas medicinais e tabaco - a clasificación, limpeza e corta de herbas medicinais - o secado do gran - as actividades posteriores á colleita destinadas a mellorar a calidade de reprodución da semente, por exemplo, mediante a eliminación de materiais alleos á semente e as sementes danadas ou demasiado pequenas, así como a redución da humidade da semente ata un nivel seguro para o seu almacenamento - o enlagamento de plantas portadoras de fibras téxtiles vexetais (iute, liño, coco, etc.), non asociado co cultivo de fibras téxtiles vexetais - a maduración artificial da froita como servizo, por exemplo, a maduración do plátano	Esta clase comprende tamén: - o secado, a limpeza, a clasificación e o tratamento das sementes ata a súa comercialización - o tratamento de sementes xeneticamente modificadas	Esta clase non comprende: - a preparación de produtos agrarios polo produtor (véxase a clase correspondente nos grupos 01.1, 01.2 e 01.3) - o cultivo de sementes (véxanse 01.1 e 01.2) - o tratamento de sementes para a extracción de aceite (véxase 10.44) - o desfibramento e resecado do tabaco (véxase 12.00) - as actividades de mercadotecnia efectuadas por intermediarios a comisión e por asociacións cooperativas (véxase a división 46) - o comercio por xunto de materias primas agrarias (véxase 46.2) - a investigación para desenvolver ou modificar novas formas de sementes (véxase 72.10)
01.7	Caza, captura de animais e servizos relacionados con elas			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
01.70	Caza, captura de animais e servizos relacionados con elas	Esta clase comprende: - a caza e a captura de animais con fins comerciais - a captura de animais (vivos ou mortos) para carne, peles ou coiros ou para utilizalos na investigación, en zoolóxicos ou como animais de compañía - a produción de peles finas de réptiles e aves procedentes da caza - a captura de ras e a recolla de caracois en estado salvaxe	Esta clase comprende tamén: - a captura en terra de mamíferos mariños, por exemplo, focas e morsas - a caza de raposos, visóns e lobos para a protección do gando - a caza para o control da poboación animal	Esta clase non comprende: - a cría de animais para a repoboación cinexética en granxas (véxase 01.4) - a produción de peles finas procedentes de réptiles, como serpes e tartarugas, e peles de aves de granxa (véxase 01.48) - o control das pragas (incluída a dos coellos) en relación coa agricultura (véxase 01.61) - a captura de baleas (véxase 03.11) - a produción de peles e coiros procedentes de matadoiros (véxase 10.11) - a caza deportiva ou recreativa e as actividades dos servizos relacionados con estas actividades (véxase 93.19) - as actividades dos servizos destinados a fomentar a caza e a captura de animais (véxase 94.99)
02	Silvicultura e explotación forestal	Esta división comprende a silvicultura e a produción de madeira en rolo, así como a extracción e a recolección de produtos forestais silvestres non madeireiros. Ademais da produción de madeira, das actividades forestais resultan produtos que sofren escasa elaboración, como a leña, o carbón, a madeira en rolo utilizada sen tratar (por exemplo, para puntais, madeira para pasta, etc.). Estas actividades poden realizarse en bosques naturais, seminaturais ou plantados.		Exclúese o posterior tratamento da madeira que empeza coa súa serradura e cepilladura (véxase a división 16).
02.1	Silvicultura e outras actividades forestais			
02.10	Silvicultura e outras actividades forestais	Esta clase comprende: - o cultivo da madeira en pé: a plantación, a repoboación, o transplante, o rareo e a conservación de bosques e zonas forestais - o cultivo do monte, madeira para pasta e madeira para combustible - a explotación de viveiros forestais - o cultivo de chopos, paulonia e salgueiros Estas actividades poden realizarse en bosques naturais, seminaturais ou plantados.		Esta clase non comprende: - o cultivo de árbores de Nadal (véxase 01.29) - a explotación de viveiros, agás para árbores forestais (véxase 01.30) - a recolección de cogomelos e outros produtos forestais silvestres non madeireiros (véxase 02.30) - a produción de esteas e partículas de madeira, non asociada coas actividades forestais (véxase 16.11) - a produción de madeira para combustible non asociada coas actividades forestais (véxase 16.26) - as actividades relativas ao coidado das árbores en zonas recreativas e a arboricultura (véxase 81.30) - os servizos de conservación e mantemento de parques nacionais, parques naturais e reservas (véxase 91.42)
02.2	Explotación da madeira			
02.20	Explotación da madeira	Esta clase comprende: - a produción de madeira en rolo para industrias manufactureiras forestais - a produción de madeira en rolo utilizada sen tratar, por exemplo, puntais para minas, postes para valados e postes de subministracións públicas	Esta clase comprende tamén: - a recolección e produción de residuos da explotación forestal, por exemplo, matogueiras, esteas de madeira da corta e outros residuos forestais utilizados como recurso enerxético - a produción de carbón no bosque (utilizando métodos tradicionais)	Esta clase non comprende: - o cultivo de árbores de Nadal (véxase 01.29) - o cultivo de madeira en pé: a plantación, a repoboación, o transplante, o rareo e a conservación de bosques e zonas forestais (véxase 02.10) - a recolección de produtos forestais silvestres non madeireiros (véxase 02.30) - a produción de esteas e partículas de madeira, non asociada coas actividades forestais (véxase 16.11) - a produción de carbón mediante a destilación de madeira (véxase 20.14)
02.3	Recolección de produtos silvestres, salvo madeira			
02.30	Recolección de produtos silvestres, salvo madeira	Esta clase comprende: - a recolección de produtos forestais silvestres, por exemplo: • cogomelos, trufas • bagas • froitos secos • balata e outras gomas similares ao caucho • cortiza • lacas e resinas • bálsamos naturais • landras e castañas de Indias • musgos e liques • crina vexetal/crina mariña	Esta clase comprende tamén: - a recolección de herbas silvestres e o secado natural asociado	Esta clase non comprende: - a produción xestionada de calquera destes produtos (agás o cultivo de sobreiras) (véxase a división 01) - o cultivo de cogomelos ou trufas (véxase 01.13) - o cultivo de bagas ou froitos secos (véxase 01.25) - a recolección de madeira para o seu uso como combustible (véxase 02.20)
02.4	Servizos de apoio á silvicultura			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
02.40	Servizos de apoio á silvicultura	Esta clase comprende a execución de parte da explotación forestal, realizada por conta de terceiros. Esta clase comprende: - as actividades dos servizos forestais: • a avaliación de masas en pé • os servizos de asesoramento en xestión forestal • a estimación do valor da madeira • a prevención e extinción dos incendios forestais • a loita contra as pragas forestais - os servizos relacionados coa explotación forestal: • o transporte de madeira no interior do bosque		Esta clase non comprende: - a explotación de viveiros forestais (véxase 02.10) - a drenaxe de terreos forestais (véxase 43.12) - a limpeza de entullos (véxase 43.12)
03	Pesca e acuicultura	Esta división comprende a pesca e a acuicultura, que se caracterizan pola recolección en augas mariñas, augas salobres ou en auga doce, de peixes, crustáceos, moluscos e outros organismos e produtos do mar (por exemplo, plantas acuáticas, perlas e esponxas).	A división tamén inclúe servizos relacionados coa pesca mariña ou en auga doce ou a acuicultura.	Esta división non comprende: - o procesamento de peixes, crustáceos e moluscos, tanto en instalacións en terra como en buques factoría (véxase 10.21) - a construción e reparación de barcos (véxanse 30.11, 30.13, 33.15 e 33.18) - as actividades de pesca deportiva ou recreativa (véxase 93.19)
03.1	Pesca	Este grupo comprende a pesca, é dicir, as actividades de recolla, captura e recolección de organismos acuáticos vivos (en especial, peixes, moluscos e crustáceos), incluídas as plantas das augas oceánicas, costeiras ou continentais para o consumo humano e outros fins, á man ou por medio de calquera arte de pesca como redes, palangres ou trampas fixas. Tales actividades poden realizarse na liña de costa intermareal (por exemplo, a captura de moluscos como os mexillóns e as ostras), en augas costeiras (baixura) ou de altura. Estas actividades inclúen tamén a pesca en masas de auga repoboadas.		
03.11	Pesca mariña	Esta clase comprende: - a pesca marítima (incluída a costeira) con fins comerciais - a captura de moluscos e crustáceos mariños - a captura de baleas - a captura de animais acuáticos mariños, por exemplo, tartarugas, ascidias e outros tunicados, ourizos de mar, etc.	Esta clase comprende tamén: - a recolección doutros organismos e materiais mariños: perlas naturais, esponxas, coral, algas mariñas e outro tipo de algas	Esta clase non comprende: - a captura de mamíferos, excepto baleas, por exemplo, morsas e focas (véxase 01.70) - o procesamento de baleas a bordo de buques factoría (véxase 10.11) - o procesamento de peixe, crustáceos e moluscos, tanto en instalacións en terra como en buques factoría (véxase 10.21) - o alugamento de embarcacións de recreo con tripulación para transporte marítimo (incluído o costeiro), por exemplo para cruceiros de pesca (véxase 50.10) - os servizos de inspección, de protección e de patrulla pesqueiros (véxase 84.24) - a pesca deportiva ou de recreo e servizos afíns (véxase 93.19) - a explotación de coutos de pesca deportiva (véxase 93.19)
03.12	Pesca en auga doce	Esta clase comprende: - a pesca comercial en augas continentais - a captura de moluscos e crustáceos de auga doce - a captura de animais acuáticos de auga doce	Esta clase comprende tamén: - a recolección de materiais de auga doce - a captura doutros organismos mariños: algas mariñas e outro tipo de algas	Esta clase non comprende: - a captura de ras e a recolla de caracois en estado salvaxe (véxase 01.70) - a recolección de plantas silvestres, por exemplo, canas e xuncos (véxase 02.30) - o procesamento de peixe, crustáceos e moluscos, tanto en instalacións en terra como en buques factoría (véxase 10.21) - os servizos de inspección, de protección e de patrulla pesqueiros (véxase 84.24) - a pesca deportiva ou de recreo e servizos afíns (véxase 93.19) - a explotación de coutos de pesca deportiva (véxase 93.19)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
03.2	Acuicultura	Este grupo comprende a acuicultura (ou piscicultura), é dicir, o proceso de produción que inclúe o cultivo ou a cría (incluída a recolla) de organismos acuáticos (peixes, moluscos, crustáceos, plantas e anfibios) con técnicas encamiñadas a aumentar, por encima das capacidades naturais do medio, a produción dos organismos en cuestión (por exemplo, mantendo unhas condicións idóneas estables, subministrando unha alimentación adecuada ou proporcionando protección contra os predadores). Ademais, a acuicultura comprende tamén a propiedade privada ou pública dos organismos individuais ao longo de toda a fase de cultivo ou de cría e o momento da súa recolla. O cultivo/a cría refírese ao cultivo ata a fase xuvenil e/ou adulta en catividade dos citados organismos.	Este grupo comprende tamén: - a reprodución/cría de larvas e adultos en condicións artificiais	Este grupo non comprende: - a produción de peles finas procedentes de réptiles, como serpes e tartarugas, e peles de aves de granxa (véxase 01.48) - a reprodución e cría de réptiles (véxase 01.48)
03.21	Acuicultura mariña	Esta clase comprende: - a cría de peixes en auga mariña, incluída a cría de peixes mariños ornamentais - a produción de larvas de bivalvos (ostras, mexillóns, etc.) e de larvas doutros moluscos, lumbrigantes xuvenís, camaróns poslarvarios, larvas e crías de peixe - o cultivo de algas mariñas e outro tipo de algas - o cultivo de crustáceos, bivalvos, outros moluscos e outros animais de auga mariña	Esta clase comprende tamén: - as actividades de acuicultura en augas salobres - as actividades de acuicultura en depósitos ou encoros con auga salgada - a explotación de piscifactorías mariñas e criadeiros de vermes mariños - o cultivo de microalgas mariñas	Esta clase non comprende: - a cría de ras (véxase 03.22) - a explotación de coutos de pesca deportiva (véxase 93.19)
03.22	Acuicultura en auga doce	Esta clase comprende: - a cría de peixes en auga doce, incluída a cría de peixes ornamentais de auga doce - o cultivo de crustáceos, bivalvos, outros moluscos e outros animais de auga doce - a explotación de piscifactorías (de auga doce) - a cría de ras en auga doce - o cultivo de algas mariñas e doutro tipo de algas (comestibles ou non)	Esta clase comprende tamén: - o cultivo de microalgas de auga doce	Esta clase non comprende: - as actividades de acuicultura en depósitos ou encoros con auga salgada (véxase 03.21) - a explotación de coutos de pesca deportiva (véxase 93.19)
03.3	Actividades de apoio á pesca e á acuicultura			
03.30	Actividades de apoio á pesca e á acuicultura	Esta clase comprende: - as actividades relacionadas coa pesca ou coa acuicultura en augas mariñas ou en auga doce, por exemplo: • os servizos de mergullo para a acuicultura • os servizos de vehículos submarinos operados remotamente (ROV) para a acuicultura • os servizos de reparación e mantemento de gaiolas para peixes • outras actividades de apoio á pesca e á acuicultura n.c.n.	Esta clase comprende tamén: - a vixilancia e o control da pesca e da acuicultura	Esta división non comprende: - as actividades de pesca e acuicultura (véxanse 03.1 e 03.2) - a elaboración de produtos de pesca e acuicultura en buques factoría ou en instalacións en terra (véxase 10.21) - o procesamento de peixes, crustáceos e moluscos (véxase 10.21) - as actividades relacionadas co mantemento e a posta a punto de equipamento ou de embarcacións (véxase a división 33) - a distribución dos produtos da pesca e da acuicultura (véxanse as divisións 46, 47 e 52) - a pesca deportiva ou de recreo e servizos afíns (véxase 93.19) - a explotación de coutos de pesca deportiva (véxase 93.19)
B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	As industrias extractivas comprenden a extracción de minerais no seu estado natural: sólidos (o carbón e os minerais metálicos), líquidos (o petróleo) ou gasosos (o gas natural). A extracción pode lograrse mediante diversos métodos como a minaría subterránea ou a ceo aberto, a explotación de pozos e a minaría dos fondos mariños. Esta sección comprende as actividades suplementarias encamiñadas á preparación dos materiais en bruto para a súa comercialización, como a trituración, pulverización, limpeza, secado, clasificación e concentración de minerais e a licuefacción de gas natural. As actividades extractivas clasifícanse en divisións, grupos e clases segundo o principal mineral producido. As divisións 05 e 06 corresponden á extracción de combustibles fósiles (carbón, lignito, petróleo, gas), mentres que as divisións 07 e 08 atinxen aos minerais metálicos, outros minerais e produtos de canteira. Determinadas operacións técnicas da presente sección, en particular as relacionadas coa extracción de hidrocarburos, poden tamén realizarse por unidades especializadas como unha actividade industrial auxiliar por conta de terceiros, o que se reflicte na división 09.		Esta sección non comprende: - o tratamento subseguinte dos minerais extraídos (véxase a sección C) - o uso dos materiais extraídos sen ulterior transformación para fins de construción (véxase a sección F) - o embotellamento de augas naturais, minerais ou de manancial en pozos e mananciais (véxase 11.07) - a descontaminación de minas (véxase 39.00)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
05	Extracción de antracita, hulla e lignito	Esta división comprende a extracción de combustibles minerais sólidos procedentes tanto de explotacións mineiras subterráneas como a ceo aberto, e operacións (por exemplo, a clasificación, limpeza, compresión e outros pasos necesarios para o transporte) que dan como resultado un produto comercializable.		Esta división non comprende: - os servizos relacionados coa extracción de antracita, hulla e lignito (véxase 09.90) - a coqueificación (véxase 19.10) - a fabricación de briquetas (véxase 19.20)
05.1	Extracción de antracita e hulla			
05.10	Extracción de antracita e hulla	Esta clase comprende: - a extracción de hulla: a explotación de minas subterráneas ou a ceo aberto, incluída a que se realiza mediante métodos de licuefacción - o lavado, o cribado, a clasificación, a pulverización, a compresión, etc. de hulla co fin de clasificar, mellorar a calidade ou facilitar o transporte ou o almacenamento	Esta clase comprende tamén: - a recuperación de hulla a partir de po de antracita	Esta clase non comprende: - a extracción e aglomeración de lignito (véxase 05.20) - a extracción de turba (véxase 08.92) - as actividades complementarias para a extracción de hulla (véxase 09.90) - as perforacións e sondaxes para a extracción de hulla (véxase 09.90) - os fornos de coque para a produción de combustibles sólidos (véxase 19.10) - a fabricación de briquetas e ovoides de hulla e doutros combustibles sólidos de hulla similares (véxase 19.20) - os traballos realizados para desenvolver ou preparar terreos e propiedades mineiras para a extracción de hulla (véxase 43.12)
05.2	Extracción de lignito			
05.20	Extracción de lignito	Esta clase comprende: - a extracción de lignito (carbón fósil): a explotación de minas subterráneas ou a ceo aberto, incluída a que se realiza mediante métodos de licuefacción - o lavado, a deshidratación, a pulverización e a compresión do lignito para mellorar a calidade ou facilitar o transporte ou o almacenamento		Esta clase non comprende: - a extracción de hulla (véxase 05.10) - a extracción de turba (véxase 08.92) - as actividades complementarias para a extracción de lignito (véxase 09.90) - as perforacións e sondaxes para a extracción de hulla (véxase 09.90) - a fabricación de briquetas e ovoides de lignito e doutros combustibles sólidos de lignito (véxase 19.20) - os traballos realizados para desenvolver ou preparar terreos e propiedades mineiras para a extracción de lignito (véxase 43.12)
06	Extracción de cru de petróleo e gas natural	Esta división comprende a produción de cru de petróleo, a extracción de petróleo a partir de xisto bituminoso e areas bituminosas e a produción de gas natural e a recuperación de hidrocarburos líquidos. Esta división comprende as actividades de funcionamento ou desenvolvemento de explotacións de xacementos de petróleo e gas. Entre as ditas actividades poden incluírse a perforación, a terminación e o equipamento de pozos; o funcionamento dos separadores, equipamentos de desenlodamento e tubaxes colectoras de xacemento para cru de petróleo, así como todas as demais actividades de preparación do petróleo e do gas ata o punto de transporte desde o lugar de produción.		Esta división non comprende: - as actividades complementarias en xacementos de petróleo e gas, realizadas por conta de terceiros (véxase 09.10) - a prospección de pozos de petróleo e gas (véxase 09.10) - as perforacións e sondaxes prospectivas relacionadas coa extracción de petróleo ou gas (véxase 09.10) - a refinación de petróleo (véxase 19.20) - os estudos xeofísicos, xeolóxicos e sísmicos (véxase 71.12)
06.1	Extracción de cru de petróleo			
06.10	Extracción de cru de petróleo	Esta clase comprende: - a extracción de crus de petróleo	Esta clase comprende tamén: - a extracción de xisto bituminoso e areas alcatraníferas - a produción de cru de petróleo a partir de areas e xistos bituminosos - os procesos para obter cru de petróleo, por exemplo, a decantación, a desalinización, a deshidratación e a estabilización	Esta clase non comprende: - a extracción de condensados ou de gas natural licuado (véxase 06.20) - as actividades complementarias para a extracción de petróleo e de gas natural (véxase 09.10) - a prospección de petróleo e de gas (véxase 09.10) - a produción de líquidos de gas natural a partir do cru de petróleo (véxase 19.2) - a fabricación de produtos de refinación do petróleo (véxase 19.20) - a recuperación dos gases licuados de petróleo procedentes do proceso de refinación (véxase 19.20) - a explotación de gasodutos e oleodutos (véxase 49.50)
06.2	Extracción de gas natural			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
06.20	Extracción de gas natural	Esta clase comprende: - a produción de hidrocarburos gasosos crus (gas natural) - a extracción de condensados - a drenaxe e a separación de fracciónes de hidrocarburos líquidos - a desulfuración de gas - a extracción de metano en minas de carbón	Esta clase comprende tamén: - a obtención de hidrocarburos líquidos mediante licuefacción ou pirólise - a fracturación hidráulica (*fracking*) para extraer gas de veta de carbón	Esta clase non comprende: - as actividades complementarias para a extracción de petróleo e gas natural (véxase 09.10) - a prospección de petróleo e gas (véxase 09.10) - a produción de líquidos de gas natural a partir do cru de petróleo (véxase 19.2) - a recuperación dos gases licuados de petróleo procedentes do proceso de refinación (véxase 19.20) - a fabricación de gases industriais (véxase 20.11) - a explotación de gasodutos e oleodutos (véxase 49.50)
07	Extracción de minerais metálicos	Esta división comprende a extracción de minerais metálicos realizada en explotacións mineiras subterráneas, a ceo aberto, en fondos mariños, etc.	Esta división comprende tamén: - as operacións de preparación de minerais, como a trituración, a pulverización, o lavado, o secado, a sinterización, a calcinación e a lixiviación, a separación por gravidade ou flotación, etc.	Esta división non comprende: - a torradura das piritas de ferro (véxase 20.13) - a explotación de altos fornos (véxase a división 24) - a produción de óxido de aluminio (véxase 24.42)
07.1	Extracción de minerais de ferro			
07.10	Extracción de minerais de ferro	Esta clase comprende: - a extracción de minerais cuxa explotación se debe fundamentalmente ao seu contido en ferro - o aproveitamento de minerais de ferro		Esta clase non comprende: - a extracción e preparación de piritas e pirrotita (salvo a torradura) (véxase 08.91)
07.2	Extracción de minerais metálicos non férreos	Este grupo comprende a extracción de minerais metálicos non férreos		
07.21	Extracción de minerais de uranio e torio	Esta clase comprende: - a extracción de minerais cuxa explotación se debe fundamentalmente ao seu contido en uranio e torio: pechblenda, etc. - a concentración destes minerais - a fabricación de concentrado de uranio (*yellowcake*)		Esta clase non comprende: - o enriquecemento de minerais de uranio e de torio (véxase 20.13) - a fabricación de metal de uranio a partir de pechblenda ou outros minerais (véxase 24.46) - a fundición e a refinación de uranio (véxase 24.46)
07.29	Extracción doutros minerais metálicos non férreos	Esta clase comprende: - a extracción e preparación de minerais cuxa explotación se debe fundamentalmente ao seu contido en metais non férreos: • minerais de aluminio (bauxita), cobre, chumbo, cinc, estaño, manganeso, cromo, níquel, cobalto, molibdeno, tántalo, vanadio, litio/espodumena, etc. • minerais de metais preciosos: ouro, prata e platino		Esta clase non comprende: - a extracción e preparación de minerais de uranio e torio (véxase 07.21) - a produción de óxido de aluminio (véxase 24.42) - a produción de matas de cobre (véxase 24.44) - a produción de matas de níquel (véxase 24.45)
08	Outras industrias extractivas	Esta división abrangue a extracción en minas ou canteiras, así como a dragaxe de depósitos aluviais, a trituración de rochas e a utilización de salinas. Os produtos utilízanse principalmente na construción (por exemplo, areas e pedras), a fabricación de materiais (por exemplo, arxila, xeso, calcio, etc.) e de produtos químicos, etc.		Esta división non comprende a elaboración (excepto a trituración, pulverización, corta, limpeza, secado, clasificación e mestura) dos minerais extraídos (véxase a sección C).
08.1	Extracción de pedra, area e arxila			
08.11	Extracción de pedra ornamental, pedra calcaria, xeso, lousa e outras pedras	Esta clase comprende: - a extracción, a desbastadura e o esnaquizamento por serradura de pedras de talla e para a construción, como o mármore, granito, pedras de gra, etc. - a trituración e a moenda de pedra ornamental e para a construción - a extracción, pulverización e trituración de pedra calcaria - a extracción de xeso e anhidrita - a extracción de creta e dolomita non calcinada - a produción de gránulos, lascas e po da pedras extraídas, con ou sen tratamento térmico		Esta clase non comprende: - a extracción de minerais para produtos químicos e fertilizantes (véxase 08.91) - a produción de dolomita calcinada (véxase 23.52) - a talla, o labrado e o acabamento de pedra fóra das canteiras (véxase 23.70)
08.12	Extracción de gravas e areas e extracción de arxila e caolín	Esta clase comprende: - a extracción e a dragaxe de area industrial, area para a construción e grava - a trituración e moenda de grava - a extracción de area - a extracción de arxila, terras refractarias e caolín - a trituración e a ruptura de grava fóra da mina		Esta clase non comprende: - a extracción de area bituminosa (véxase 06.10)
08.9	Industrias extractivas n.c.n.			
08.91	Extracción de minerais para produtos químicos e fertilizantes	Esta clase comprende: - a extracción de fosfatos e sales de potasio naturais - a extracción de xofre - a extracción e preparación de piritas e pirrotita, salvo a torradura - a extracción de sulfatos e carbonatos de bario naturais (baritina e witherita), de boratos naturais e de sulfatos de magnesio naturais (kieserita) - a extracción de terras colorantes, fluorita e outros minerais valorados fundamentalmente como fonte de produtos químicos	Esta clase comprende tamén: - a extracción de guano - a extracción de lodo medicinal - os procesos de extracción para producir litio a partir da salmoira	Esta clase non comprende: - a extracción de sal (véxase 08.93) - a torradura de piritas de ferro (véxase 20.13) - a fabricación de fertilizantes sintéticos e de compostos nitroxenados (véxase 20.15)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
08.92	Extracción de turba	Esta clase comprende: - a extracción de turba - a preparación da turba para mellorar a súa calidade ou facilitar o seu transporte ou almacenaxe		Esta clase non comprende: - os servizos relacionados coa extracción de turba (véxase 09.90) - a fabricación de briquetas de turba (véxase 19.20) - a fabricación de substratos para a plantación a base de turba, terra natural, areas, arxilas, minerais fertilizantes, etc. (véxase 20.15) - a fabricación de artigos de turba (véxase 23.99)
08.93	Extracción de sal	Esta clase comprende: - a extracción de sal de xacementos subterráneos, mesmo por disolución e bombeo - a produción de sal por evaporación da auga de mar e doutras augas salíferas - a moenda, a purificación e a refinación de sal por parte da produtora		Esta clase non comprende: - a preparación do sal para o seu consumo, por exemplo, sal iodado (véxase 10.84) - a produción de auga potable por evaporación de augas salíferas (véxase 36.00)
08.99	Outras industrias extractivas n.c.n.	Esta clase comprende: - a extracción de minerais e materiais diversos: • materias abrasivas, amianto, fariñas fósiles de silicio, grafito natural, esteatita (talco), feldespato, etc. • asfalto natural, asfaltita e rochas asfálticas; betume sólido natural • pedras preciosas e semipreciosas, cuarzo, mica, etc.		
09	Actividades de apoio ás industrias extractivas	Esta división comprende os servizos complementarios especializados relacionados coas actividades de extracción e prestados por conta de terceiros. Comprende os servizos de prospección baseados en métodos tradicionais, como a sondaxe de mostras e as observacións xeolóxicas, así como a perforación, a sondaxe e a perforación repetida de pozos de petróleo e xacementos de minerais metálicos e non metálicos. Outros servizos habituais son as obras de cimentación de pozos de petróleo e gas, a cementación de tubaxes de revestimento de pozos de petróleo e gas, a limpeza, o baleiramento e pistoneo de pozos de petróleo e gas, a drenaxe e o bombeo de minas, etc.		
09.1	Actividades de apoio á extracción de petróleo e gas natural			
09.10	Actividades de apoio á extracción de petróleo e gas natural	Esta clase comprende: - os servizos de extracción de petróleo e gas natural prestados por conta de terceiros: • os servizos de prospección relacionados coa extracción de petróleo ou gas, por exemplo, métodos de prospección tradicionais como as observacións xeolóxicas en posibles localizacións • a perforación dirixida e a perforación repetida; o inicio da perforación (por vibración do cable); a construción in situ, a reparación e o desmantelamento de torres de perforación; o bombeo de pozos; o taponamento e o abandono de pozos, etc. • a licuefacción e regasificación de gas natural para o seu transporte, realizadas na explotación mineira • os servizos de drenaxe e bombeo, por conta de terceiros • as perforacións e sondaxes en relación coa extracción de petróleo ou gas	Esta clase comprende tamén: - os servizos de extinción e prevención de incendios nos xacementos de petróleo e gas	Esta clase non comprende: - as actividades de servizos realizadas por traballadores de xacementos de petróleo ou gas (véxanse 06.10 e 06.20) - a reparación e o mantemento especializados de maquinaria e equipamento para a perforación e a extracción (véxase 33.12) - a instalación, a reparación e o mantemento especializados mar a fóra de equipamento que constitúe unha parte integral de plataformas flotantes (véxase a división 43) - a licuefacción e regasificación de gas natural para o seu transporte terrestre ou marítimo, realizadas fóra da explotación mineira (véxanse 52.21 e 52.22) - a realización de estudos xeofísicos por conta de terceiros (véxase 71.12)
09.9	Actividades de apoio a outras industrias extractivas			
09.90	Actividades de apoio a outras industrias extractivas	Esta clase comprende: - os servizos de apoio prestados por conta de terceiros e requiridos para as actividades de extracción comprendidas nas divisións 05, 07 e 08: • servizos de prospección baseados en métodos tradicionais, como a sondaxe de mostras e as observacións xeolóxicas en posibles localizacións • servizos de drenaxe e bombeo, por conta de terceiros • perforacións e sondaxes • actividades de voadura en canteiras - o aseguramento de pozos e túneles mineiros - a demolición e o desmantelamento de minas subterráneas		Esta clase non comprende: - a explotación de minas ou canteiras por conta de terceiros (véxanse as divisións 05, 07 e 08) - a reparación e o mantemento especializados de maquinaria para as industrias extractivas (véxase 33.12) - a realización de estudos xeofísicos por conta de terceiros (véxase 71.12)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	*Esta sección comprende a transformación física, mecánica, química ou biolóxica de materiais, substancias ou compoñentes en novos produtos, aínda que esta condición non se pode tomar como criterio universal e único para a súa definición (véxase máis adiante o comentario sobre o tratamento de residuos). Os materiais, as substancias ou os compoñentes que son obxecto de transformación son materias primas ou produtos da agricultura, a gandaría, a silvicultura, a pesca, as industrias extractivas ou doutras actividades manufactureiras. Calquera alteración, renovación ou reconstrución substancial de artigos xeralmente se considera manufactura.* *O produto do proceso de fabricación pode ser acabado, se está listo para a súa utilización ou consumo; ou semielaborado, se constitúe o input dunha manufactura posterior. Así, o produto da refinación de alumina é un input para a produción primaria de aluminio, o aluminio primario é o input para a trefilación de aluminio, e o cable de aluminio é o input para a manufactura de produtos fabricados con cable.* *A manufactura de partes e compoñentes especializados de maquinaria e equipamento e os seus accesorios clasifícanse por regra xeral na mesma clase que a manufactura da maquinaria e equipamentos a que se destinan as ditas partes e os accesorios. A manufactura de compoñentes non especializados de partes de maquinaria e equipamento, por exemplo, os motores (eléctricos ou non), émbolos, montaxes eléctricas, válvulas, engrenaxes e rodamentos clasifícanse na parte correspondente da industria manufactureira, independentemente da maquinaria e do equipamento en que poidan estar incluídos eses elementos.* *A elaboración de compoñentes e accesorios especializados mediante modelaxe ou extrusión de materiais plásticos adoita incluírse no grupo 22.2.* *A montaxe dos compoñentes de produtos manufacturados considérase manufactura. Iso inclúe a montaxe dos produtos manufacturados obtidos a partir de compoñentes de produción propia ou adquiridos.* *A recuperación de refugallos, é dicir, a transformación destes en materias primas*		
10	Industria da alimentación	Esta división comprende a transformación dos produtos da agricultura, da silvicultura e da pesca en alimentos para as persoas e os animais, así como a produción de diversos produtos intermedios que non constitúen exactamente produtos alimenticios. A actividade con frecuencia xera produtos asociados de maior ou menor valor (como peles procedentes de matadoiros, ou aceite de bagazo da produción de aceite). A presente división organízase por actividades relacionadas con distintos tipos de produtos: carne, peixe, froitas e hortalizas, graxas e aceites, produtos lácteos, produtos de moedura, outros produtos alimenticios e produtos para a alimentación animal. A produción pode realizarse por conta propia ou por conta de terceiros, como a matanza por encarga. Determinadas actividades considéranse pertencentes á industria manufactureira, aínda que se realice a venda polo miúdo dos produtos no establecemento dos produtores (por exemplo, as efectuadas en panadarías, pastelarías e establecementos de produtos cárnicos, etc., que venden a súa propia produción). No entanto, cando a elaboración é mínima e non dá como resultado unha verdadeira transformación, a unidade clasifícase na sección G.	Esta división comprende tamén a elaboración de líquidos que se consideran alimentos ou que utilizan procesos de fabricación similares, como o leite e o zume ou concentrado de froitas.	Esta división non comprende a preparación de comidas para o seu consumo inmediato (véxase a división 56).
10.1	Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos			
10.11	Procesamento e conservación de carne, salvo aves	Esta clase comprende: - a explotación de matadoiros dedicados ao sacrificio, á preparación ou ao empaquetado de carne: de vaca, porco, año, coello, camelo, etc. - a produción de carne fresca, refrixerada ou conxelada, en canal - a produción de carne fresca, refrixerada ou conxelada, en pezas	Esta clase comprende tamén: - o sacrificio e o tratamento de baleas en terra ou en embarcacións especializadas - a produción de peles e coiros procedentes de matadoiros, por exemplo, mediante o curtido e a salgadura - a obtención e refinación de manteiga de porco e doutras graxas comestibles de orixe animal - o tratamento de despoxos animais, por exemplo para obter graxas - a produción de febras de la	Esta clase non comprende: - a extracción de graxas comestibles de aves (véxase 10.12) - a produción de carne seca, salgada ou afumada e a elaboración de produtos cárnicos (véxase 10.13)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
10.12	Procesamento e conservación de aves	Esta clase comprende: - a explotación de matadoiros dedicados ao sacrificio, á preparación ou ao empaquetado de aves - a produción de carne fresca, refrixerada ou conxelada, en porcións individuais - a extracción de graxas comestibles de aves	Esta clase comprende tamén: - a limpeza, a desinfección, o tratamento para a conservación e o recorte de plumas e penuxe	
10.13	Elaboración de produtos cárnicos e de aves	Esta clase comprende: - a elaboración de carne conservada, por exemplo, mediante a cocción, o secado, a salgadura ou a afumadura - a fabricación de produtos cárnicos: • embutidos, salame, morcillas, salchichas, patés, roxóns e xamóns cocidos		Esta clase non comprende: - a elaboración de pratos preparados conxelados de carne ou aves (véxase 10.85) - a elaboración de sopas con carne (véxase 10.89) - o comercio por xunto de carne (véxase 46.32)
10.2	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos			
10.21	Procesamento de peixes, crustáceos e moluscos	Esta clase comprende: - a elaboración de produtos conxelados, ultraconxelados ou refrixerados de peixe, crustáceos, moluscos, algas mariñas e doutros recursos mariños	Esta clase comprende tamén: - as actividades en barcos factoría dedicados exclusivamente á elaboración e conservación de peixe - a desconxelación de peixe, a eliminación de cabezas, a evisceración e o corte en pezas, e a posterior conxelación	Esta clase non comprende: - o procesamento e a conservación de peixe en embarcacións dedicadas á pesca (véxase 03.11) - o procesamento de baleas en terra ou en embarcacións especializadas (véxase 10.11) - a produción de aceites e graxas a partir de peixes e mamíferos mariños (véxase 10.44) - a elaboración de pratos preparados a base de peixe (véxase 10.85) - a elaboración de sopas de peixe (véxase 10.89) - a fabricación de extractos e zumes de peixe, crustáceos e moluscos (véxase 10.89)
10.22	Fabricación de conservas de peixe	Esta clase comprende: - a conservación de peixes, crustáceos, moluscos, algas mariñas e outros recursos mariños, por exemplo, mediante secado, salgadura, conservación en salmoira, enlatado, afumadura, etc. - a produción de produtos derivados de peixes, crustáceos, moluscos, algas mariñas e doutros recursos mariños, por exemplo, filetes de peixe, ovas, caviar, sucedáneos de caviar, etc. - a fabricación de produtos a base de peixe para o consumo humano ou a alimentación animal - a produción de comidas e doutros produtos solubles a partir de peixe e doutros animais acuáticos, non aptos para o consumo humano - a produción de fariñas de peixe		Esta clase non comprende: - o procesamento e a conservación de peixe en embarcacións dedicadas á pesca (véxase 03.11) - o procesamento de baleas en terra ou en embarcacións especializadas (véxase 10.11) - a produción de aceites e graxas a partir de peixes e mamíferos mariños (véxase 10.44) - a elaboración de pratos preparados a base de peixe (véxase 10.85) - a elaboración de sopas de peixe (véxase 10.89) - a fabricación de extractos e zumes de peixe, crustáceos e moluscos (véxase 10.89)
10.3	Procesamento e conservación de froitas e hortalizas			
10.31	Procesamento e conservación de patacas	Esta clase comprende: - a preparación e conservación de patacas: • fabricación de patacas conxeladas precociñadas • fabricación de puré de patacas deshidratadas • fabricación de aperitivos a base de pataca • fabricación de patacas fritas • elaboración de fariñas e sémola de patacas • peladura e corte de patacas		
10.32	Elaboración de zumes de froitas e hortalizas	Esta clase comprende: - a fabricación de zumes de froitas e hortalizas	Esta clase comprende tamén: - a produción de concentrados e néctares de froitas e hortalizas frescas	Esta clase non comprende: - a fabricación de bebidas elaboradas con néctares de froita (véxase 11.07)
10.39	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos alimenticios a base fundamentalmente de froitas ou verduras, excepto pratos preparados conxelados ou enlatados - a conservación de froitas, froitos secos, legumes ou hortalizas, por exemplo, mediante conxelación, secado, liofilización, secado por radiación infravermella, inmersión en aceite ou en vinagre, enlatado, alta presión ou alta temperatura, etc. - a fabricación de produtos alimenticios a base de froitas e hortalizas - a fabricación de confeituras, marmeladas e xeleas - a descascadura, peladura e torradura de froitos secos - a fabricación de produtos alimenticios, pastas e purés a base de froitos secos	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de produtos alimenticios preparados perecedoiros a base de froitas e hortalizas, como: • ensaladas empaquetadas • hortalizas peladas ou en anacos • tofu (requeixo de soia)	Esta clase non comprende: - a elaboración de zumes de froitas e hortalizas (véxase 10.32) - a fabricación de fariñas e sémolas de legumes secos (véxase 10.61) - a conservación de froitas e froitos secos en azucre (véxase 10.82) - a elaboración de pratos preparados a base de hortalizas (véxase 10.85) - a fabricación de concentrados artificiais (véxase 10.89)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
10.4	Fabricación de aceites e graxas vexetais e animais	Este grupo comprende a produción de aceites e graxas refinados e sen refinar de orixe vexetal ou animal.		Este grupo non comprende a obtención ou a refinación de manteiga e graxas comestibles de orixe animal Bovino, ovino, cabrún, porcino ou de aves de curral (véxase 10.1).
10.42	Fabricación de margarina e graxas comestibles similares	Esta clase comprende: - a fabricación de margarina - a fabricación doutros sucedáneos da manteiga - a obtención de graxas compostas para cociñar		
10.43	Fabricación de aceite de oliva	Esta clase comprende: - a fabricación de aceite de oliva sen refinar - a fabricación de aceite de oliva refinado		
10.44	Fabricación doutros aceites e graxas	Esta clase comprende: - a fabricación de aceites vexetais (agás de oliva) sen refinar, por exemplo, aceite de soia, palma, xirasol, sementes de algodón, colza, nabina, mostaza, liñaza, etc. - a fabricación de fariñas ou sémolas non desgraxadas a partir de sementes, froitos secos ou pebidas oleaxinosas - a fabricación de aceites vexetais (agás de oliva) refinados, por exemplo, aceite de soia, cánabo, xirasol, colza, etc. - o procesamento de aceites vexetais (agás de oliva) mediante, por exemplo, sopradura, cocción, deshidratación, hidroxenación, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de aceites e graxas animais non comestibles - a obtención de aceites de peixe e de mamíferos mariños - a produción de borras de aceite, aceite de bagazo e outros produtos residuais da obtención de aceite	Esta clase non comprende: - a obtención e refinación de manteiga e doutras graxas comestibles de orixe animal Bovino, ovino, cabrún ou porcino (véxase 10.11) - a obtención de graxas comestibles de aves de curral (véxase 10.12) - a fabricación de margarina (véxase 10.42) - a trituración de millo húmido (véxase 10.62) - a elaboración de aceite de millo (véxase 10.62) - a fabricación de aceites esenciais (véxase 20.59) - o tratamento de aceites e graxas mediante procesos químicos (véxase 20.59)
10.5	Fabricación de produtos lácteos e xeo comestible			Este grupo non comprende: - a produción de sucedáneos do leite de orixe vexetal (véxase 11.07)
10.52	Fabricación de xeados e doutros xeos comestibles	Esta clase comprende: - a fabricación de xeados e doutros xeos comestibles, como sorbetes		Esta clase non comprende: - a produción de xeo a partir de auga natural para refrixeración (véxase 35.30) - as actividades das xeadarías (véxase 56.1)
10.53	Fabricación de queixos	Esta clase comprende: - a produción de queixo e callada		Esta clase non comprende: - a produción de sucedáneos non lácteos do queixo (véxase 10.89)
10.54	Preparación de leite e doutros produtos lácteos	Esta clase comprende: - a produción de leite líquido fresco, pasteurizado, esterilizado, homoxeneizado ou tratado a altas temperaturas - a produción de bebidas a base de leite - a produción de nata a partir de leite líquido fresco, pasteurizado, esterilizado ou homoxeneizado - a elaboración de leite en po ou concentrado, azucrado ou sen azucrar - a produción de leite ou nata en forma sólida - a produción de manteiga - a produción de iogur - a produción de soro de leite - a produción de caseína - a elaboración de produtos lácteos sen lactosa	Esta clase comprende tamén: - a produción de quefir de leite - a produción de lactosa e xarope de lactosa	Esta clase non comprende: - a produción de leite cru de vaca (véxase 01.41) - a produción de leite cru de ovella, cabra, egua, burra, camela, etc. (véxanse 01.43, 01.44 e 01.45) - a produción de bebidas dietéticas a base de leite (véxase 10.86) - a produción de fórmulas infantís a base de lácteos (véxase 10.86) - a produción de sucedáneos non lácteos do queixo (véxase 10.89) - a produción de quefir de froitas e quefir de auga (véxase 11.03) - a produción de sucedáneos non lácteos do leite (por exemplo, leite vexetal) (véxase 11.07)
10.6	Fabricación de produtos de moenda, amidóns e produtos amiláceos	Este grupo comprende a moenda de fariña ou sémola a partir de cereais ou produtos de orixe vexetal; a limpeza, o puído e a moenda do arroz; a micronización e o tratamento térmico da fariña e a fabricación de mesturas de fariñas ou masas destes produtos.	Inclúese así mesmo a trituración húmida de millo e hortalizas, e a fabricación de amidóns e produtos amiláceos. Este grupo comprende tamén a fabricación de produtos de moenda sen glute.	Este grupo non comprende: - o secado do gran por conta de terceiros (véxase 01.63)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
10.61	Fabricación de produtos de moenda	Esta clase comprende: - a moenda de cereais: a produción de fariñas, sémolas (cocidas ou non) ou aglomerados (*pellets*) de trigo, centeo, avea, millo e outros grans de cereais - a moenda de arroz: a produción de arroz descascado, branqueado, puído, glasado, escaldado ou convertido; a elaboración de fariña de arroz - a moenda de produtos de orixe vexetal: a produción de fariñas ou sémolas de leguminosa de gran seco, de raíces ou tubérculos, ou de froitos secos comestibles - a fabricación de produtos para o almorzo a base de cereais - a fabricación de mesturas de fariñas e masas preparadas para pan, pasteis, galletas, tortiñas, etc.		Esta clase non comprende: - a preparación de cultivos para os mercados primarios, por exemplo, a limpeza, recorte de follas e pedúnculos, clasificación, etc. (véxase 01.63) - secado do gran por conta de terceiros (véxase 01.63) - a fabricación de fariña ou sémola de patacas (véxase 10.31) - a trituración de millo húmido (véxase 10.62)
10.62	Fabricación de amidóns e produtos amiláceos	Esta clase comprende: - a fabricación de amidóns e féculas de arroz, pataca, millo, etc. - a trituración de millo húmido - a elaboración de glicosa, xarope de glicosa, maltosa, inulina, etc. - a elaboración de glute - a elaboración de tapioca e sucedáneos de tapioca preparados a base de amidón - a elaboración de aceite de millo		Esta clase non comprende: - a produción de lactosa (azucre lácteo) (véxase 10.54) - a produción de azucre de cana ou de remolacha azucreira (véxase 10.81)
10.7	Fabricación de produtos de panadaría e pastas alimenticias	Este grupo comprende a produción de produtos de panadaría, macarróns, fideos, pastas alimenticias e produtos similares.	Este grupo comprende tamén: - a fabricación de produtos de panadaría e pastas alimenticias sen glute	
10.71	Fabricación de pan e de produtos frescos de panadaría e pastelaría	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos de panadaría: • pans e bolos • pastas, tortas, pasteis, tortiñas, gofres, etc.	Esta clase comprende tamén: - a elaboración de pan precocido	Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos secos de panadaría (véxase 10.72) - a elaboración de pastas alimenticias (véxase 10.73) - o comercio ao retallo de pans e bolos enfornados no establecemento a partir de produtos precocidos (véxase 47.24)
10.72	Fabricación de galletas e produtos de panadaría e pastelaría de longa duración	Esta clase comprende: - a fabricación de galletas e biscotes e doutros produtos secos de panadaría - a fabricación de produtos de repostaría, pasteis e gofres con conservante - a produción de aperitivos (galletas, galletiñas, *pretzels* , etc.), doces ou salgados	Esta clase comprende tamén: - a elaboración de pan relado, obtido mediante a moenda de pan tostado	Esta clase non comprende: - a fabricación de aperitivos a base de pataca (véxase 10.31)
10.73	Elaboración de pastas alimenticias	Esta clase comprende: - a fabricación de pastas alimenticias, por exemplo, macarróns e fideos, cocidas e sen cocer, recheas ou sen encher - a fabricación de sémola (cuscús)		Esta clase non comprende: - a fabricación de pratos e comidas preparadas a base de pasta e/ou pratos de cuscús (véxase 10.85) - a fabricación de sopas que conteñen pasta (véxase 10.89)
10.8	Fabricación doutros produtos alimenticios	Este grupo comprende a produción de azucre e produtos de confeitaría, comidas e pratos preparados, café, té e especias.		
10.81	Fabricación de azucre	Esta clase comprende: - a fabricación e refinación de azucre (sacarosa) e sucedáneos do azucre obtidos a partir de xarope de cana, remolacha, pradairo e palma - a elaboración de xaropes de azucre - a fabricación de melaza - a produción de azucre e xarope de pradairo		Esta clase non comprende: - a recolección de xarope de pradairo en estado silvestre (véxase 02.30) - a produción de lactosa e xarope de lactosa (véxase 10.54) - a elaboración de glicosa, xarope de glicosa e maltosa (véxase 10.62)
10.82	Fabricación de cacao, chocolate e produtos de confeitaría	Esta clase comprende: - a elaboración de cacao, manteiga de cacao, graxa e aceite de cacao - a elaboración de chocolate e produtos de chocolate - a elaboración de produtos de confeitaría: caramelos, caramelos de regalicia, turróns, glasados e chocolate branco - a fabricación de goma de mascar - a conservación en azucre de froitas, froitos secos, codias de froitas e outras partes de plantas - a elaboración de caramelos de confeitaría - a elaboración de produtos de confeitaría sen azucre		Esta clase non comprende: - a fabricación de sacarosa (véxase 10.81)
10.83	Elaboración de café, té e infusións	Esta clase comprende: - o descafeinado e a torradura de café - a produción de produtos de café: • café moído • café soluble • extractos e concentrados de café - a fabricación de sucedáneos de café - a mestura de té e de herba mate - a elaboración de extractos e preparados a base de té ou herba mate	Esta clase comprende tamén: - a elaboración de infusións (menta, verbena, macela, etc.) - a elaboración de té e café en bolsiñas, sobres ou cápsulas	Esta clase non comprende: - o secado, a clasificación, a limpeza e o corte no procesamento de herbas medicinais por terceiros (véxase 01.63) - a elaboración de inulina (véxase 10.62) - a fabricación de licores, cervexa, viño e bebidas non alcohólicas (véxase a división 11) - a preparación de produtos botánicos para uso farmacéutico (véxase 21.20)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
10.84	Elaboración de especias, salsas e condimentos	Esta clase comprende: - a elaboración de especias, salsas e condimentos: • mahonesa • fariña de mostaza • mostaza preparada, etc. - a fabricación de vinagre	Esta clase comprende tamén: - a preparación do sal para o seu consumo, por exemplo, o sal iodado - o procesamento de herbas aromáticas, especias e condimentos, incluídos o secado, a clasificación, a limpeza e o corte	Esta clase non comprende: - o cultivo de especias (véxase 01.28)
10.85	Elaboración de pratos e comidas preparadas	Esta clase comprende a fabricación de comidas e pratos listos para o seu consumo (é dicir, preparados, condimentados e cociñados). Estes pratos están procesados e conservados (por exemplo, conxelados ou enlatados), e adoitan envasarse e etiquetarse para a súa revenda, é dicir, esta clase non comprende a preparación de comidas para o seu consumo inmediato como alimentos preparados en restaurantes ou empresas de cátering. Para ser considerado un prato, estas comidas deben conter polo menos dous ingredientes principais distintos (á parte dos condimentos, etc.). Esta clase comprende: - a elaboración de pratos de carne ou ave - a elaboración de pratos de peixe, incluído o peixe fritido con patacas fritas - a elaboración de pratos de pasta e arroz - a elaboración de pratos a base de hortalizas - a elaboración de pizzas ou *croque-monsieur* conxelados ou conservados por calquera outro método		Esta clase non comprende: - a elaboración de alimentos frescos ou comidas con menos de dous ingredientes (véxase a clase correspondente da división 10) - a fabricación de produtos alimenticios preparados perecedoiros a base de froitas e hortalizas (véxase 10.39) - a elaboración de produtos alimenticios preparados perecedoiros (véxase 10.89) - a venda por xunto de comidas e pratos preparados (véxase 46.38) - a venda polo miúdo de comidas e pratos preparados (véxanse 47.11 e 47.27) - as actividades de servizos de cátering (véxase 56.2)
10.86	Elaboración de preparados alimenticios homoxeneizados e alimentos dietéticos	Esta clase comprende: - a elaboración de alimentos de nutrición especial: • alimentos preparados infantís • leite maternizado e outros alimentos de crecemento • produtos de alimentación infantil • alimentos de réxime, de pouco ou reducido valor enerxético • alimentos para fins médicos • preparación de nutrición enteral		Esta clase non comprende: - a elaboración de produtos lácteos sen lactosa (véxase 10.54) - a fabricación de produtos sen glute (véxanse 10.6 e 10.7) - a elaboración de produtos de confeitaría sen azucre (véxase 10.82)
10.89	Elaboración doutros produtos alimenticios n.c.n.	Esta clase comprende a fabricación de produtos alimenticios que deben consumirse no prazo de tres días desde a produción: - a elaboración de sopas e caldos - a elaboración de produtos alimenticios preparados perecedoiros, como: • sándwiches • pizza fresca (sen enfornar) - a elaboración de *quiches* e *croque-monsieur*	Esta clase comprende tamén: - a elaboración de lévedo - a fabricación de extractos e zumes de carne, peixe, crustáceos e moluscos - a elaboración de sucedáneos da carne e do queixo - a elaboración de produtos a base de ovo, como a ovoalbumina - a fabricación de concentrados artificiais - o procesamento (cristalización e filtración) de mel natural comprado - a fabricación de produtos semiacabados para xeados e produtos de pastelaría - a fabricación de sopas e fideos instantáneos precociñados - a fabricación de caramelo e mel artificial - a fabricación de xaropes e extractos de malte - o procesamento de insectos para a alimentación e outros preparados a base de insectos	Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos alimenticios preparados perecedoiros a base de froitas e hortalizas (véxase 10.39) - a fabricación de tofu (requeixo de soia) (véxase 10.39) - a elaboración de pizza conxelada (véxase 10.85) - a fabricación de bebidas alcohólicas, cervexa, viño e bebidas non alcohólicas (véxase a división 11) - a elaboración de sucedáneos do leite de orixe vexetal, por exemplo, bebidas de coco, arroz, améndoa e soia (véxase 11.07) - a fabricación de vitaminas (véxase 21.10)
10.9	Fabricación de produtos para a alimentación animal			
10.91	Fabricación de produtos para a alimentación de animais de granxa	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos para a alimentación de animais de granxa, incluídos os suplementos e concentrados de alimentación para animais - a preparación de produtos sen mesturar (simples) para a alimentación dos animais de granxa	Esta clase comprende tamén: - a transformación de produtos de refugallo da industria alimentaria en produtos para a alimentación animal	Esta clase non comprende: - a elaboración de produtos cárnicos (véxase 10.13) - a fabricación de produtos a base de peixe para a alimentación animal (véxase 10.22) - a produción de borras de aceite a partir de sementes oleaxinosas (véxase 10.44) - as actividades que dan lugar á obtención de subprodutos utilizables para a alimentación animal sen tratamento especial, como as sementes oleaxinosas (véxase 10.44), os residuos da moenda de cereais (véxase 10.61), etc.

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
10.92	Fabricación de produtos para a alimentación de animais de compañía	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos para a alimentación de animais de compañía, incluídos os cans, gatos, paxaros, peixes, etc.	Esta clase comprende tamén: - o tratamento de residuos de matadoiros para a fabricación de produtos para a alimentación animal	Esta clase non comprende: - a elaboración de produtos cárnicos (véxase 10.13) - a fabricación de produtos a base de peixe para a alimentación animal (véxase 10.22) - a produción de borras de aceite a partir de sementes oleaxinosas (véxase 10.44) - as actividades que dan lugar á obtención de subprodutos utilizables para a alimentación animal sen tratamento especial, como as sementes oleaxinosas (véxase 10.44), os residuos da moenda de cereais (véxase 10.61), etc.
11	Fabricación de bebidas	Esta división comprende a fabricación de bebidas, tales como as bebidas non alcohólicas e a auga mineral, a fabricación de bebidas alcohólicas, fundamentalmente mediante fermentación, cervexa e viño, e a fabricación de bebidas alcohólicas destiladas		Esta división non comprende: - a elaboración de zumes de froitas e hortalizas (véxase 10.32) - a produción de bebidas a base de leite (véxase 10.54) - a elaboración de produtos a base de café, té e herba mate (véxase 10.83)
11.0	Fabricación de bebidas			
11.01	Destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas	Esta clase comprende: - a destilación de bebidas alcohólicas: whisky, coñac, xenebra, licores, etc. - a fabricación de bebidas mesturadas con bebidas alcohólicas destiladas - a mestura de bebidas alcohólicas destiladas - a produción de alcohol rectificado		Esta clase non comprende: - a elaboración de bebidas alcohólicas non destiladas (véxanse 11.02 a 11.05) - a fabricación de alcohol etílico sintético (véxase 20.14) - a fabricación de alcohol etílico a partir de materias fermentadas (véxase 20.14) - as tarefas específicas de embotellamento e etiquetaxe (véxase 46.34 de se realizaren como parte da venda por xunto, e 82.92 de se executaren por conta de terceiros)
11.02	Elaboración de viños	Esta clase comprende: - a elaboración de viño de uvas - a elaboración de viños escumosos - a elaboración de viños fortificados - a elaboración de viño a partir de mosto concentrado	Esta clase comprende tamén: - a mestura, a depuración e o embotellamento de viños - a elaboración de viño baixo en alcohol ou sen alcohol	Esta clase non comprende: - a elaboración de viño de pasas (véxase 11.03) - as tarefas específicas de embotellamento e etiquetaxe (véxase 46.34 de se realizaren como parte da venda por xunto, e 82.92 de se executaren por conta de terceiros)
11.03	Elaboración de sidra e doutras bebidas fermentadas a partir de froitas	Esta clase comprende: - a elaboración de bebidas alcohólicas fermentadas, pero non destiladas: augamel, sake, sidra, sidra de pera e outras bebidas fermentadas a partir de froitas - a elaboración de viño de pasas	Esta clase comprende tamén: - a elaboración de mesturas de bebidas fermentadas e bebidas non alcohólicas n.c.n. - a produción de quefir de froitas e quefir de auga	Esta clase non comprende: - a elaboración de viño de uvas (véxase 11.02) - as tarefas específicas de embotellamento e etiquetaxe (véxase 46.34 de se realizaren como parte da venda por xunto, e 82.92 de se executaren por conta de terceiros)
11.04	Elaboración doutras bebidas non destiladas, procedentes da fermentación	Esta clase comprende: - a elaboración de viño de uvas frescas aromatizado, condimentado con substancias aromáticas, por exemplo, o vermú		Esta clase non comprende: - as tarefas específicas de embotellamento e etiquetaxe (véxase 46.34 de se realizaren como parte da venda por xunto, e 82.92 de se executaren por conta de terceiros)
11.05	Fabricación de cervexa	Esta clase comprende: - a elaboración de bebidas alcohólicas de malte, como cervexa e as súas variedades *ale* , *porter* e *stout*	Esta clase comprende tamén: - a elaboración de cervexa sen alcohol ou con baixo contido alcohólico	
11.06	Fabricación de malte	Esta clase comprende: - a elaboración de malte a partir de cebada, trigo ou doutros cereais		Esta clase non comprende: - a fabricación de xaropes e extractos de malte (véxase 10.89)
11.07	Fabricación de bebidas non alcohólicas e augas embotelladas	Esta clase comprende a elaboración de bebidas non alcohólicas (excepto a cervexa e o viño sen alcohol): - a produción de augas minerais naturais e doutras augas embotelladas - a fabricación de bebidas non alcohólicas: • a produción de bebidas non alcohólicas aromatizadas ou azucradas: limoada, laranxada, cola, bebidas de froitas, augas tónicas, etc. - a fabricación doutras bebidas non alcohólicas	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de bebidas elaboradas con néctares de froita - a elaboración de sucedáneos do leite de orixe vexetal, por exemplo, bebidas de coco, arroz, améndoa e soia	Esta clase non comprende: - a produción de zumes de froitas e hortalizas (véxase 10.32) - a produción de concentrados de froitas e hortalizas frescas (véxase 10.32) - a produción de bebidas a base de leite (véxase 10.54) - a elaboración de produtos a base de café, té e herba mate (véxase 10.83) - a fabricación de bebidas cunha base alcohólica (véxanse 11.01 a 11.05) - a elaboración de viños non alcohólicos (véxase 11.02) - a fabricación de cervexa sen alcohol (véxase 11.05) - a fabricación de xeo a partir de auga natural (véxase 35.30) - as tarefas específicas de embotellamento e etiquetaxe (véxase 46.34 de se realizaren como parte da venda por xunto, e 82.92 de se executaren por conta de terceiros)
12	Industria do tabaco	Esta división comprende a transformación dun produto agrario, o tabaco, nunha forma adecuada para o seu consumo final		
12.0	Industria do tabaco			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
12.00	Industria do tabaco	Esta clase comprende: - a elaboración de produtos de tabaco e sucedáneos do tabaco: cigarros, tabaco de picadura fina, cigarros puros, tabaco de pipa, tabaco para mascar e rapé - a elaboración de tabaco homoxeneizado ou reconstituído	Esta clase comprende tamén: - o desfibramento e resecado do tabaco	Esta clase non comprende: - o cultivo ou tratamento preliminar do tabaco (véxanse 01.15 e 01.63) - a fabricación de líquidos de vaporado para cigarros electrónicos, incluídas as recargas pechadas (véxase 20.59) - a fabricación de cigarros electrónicos (vaporadores) (véxase 32.99)
13	Industria téxtil	Esta división comprende a preparación e fiadura de fibras téxtiles, así como de tecidos téxtiles, o acabamento de téxtiles e roupa, a fabricación de téxtiles de uso técnico, a fabricación de artigos confeccionados con téxtiles, salvo as roupa (por exemplo, roupa branca, mantas, alfombras, cordas, etc.).		Esta división non comprende: - o cultivo de fibras naturais (véxase a división 01) - a confección de roupa (véxase a división 14) - a fabricación de fibras sintéticas e artificiais (véxase 20.60)
13.1	Preparación e fiadura de fibras téxtiles			
13.10	Preparación e fiadura de fibras téxtiles	Esta clase comprende as operacións preparatorias sobre fibras téxtiles e a fiadura de fibras téxtiles. Esta tarefa pode realizarse a partir de diversas materias primas, xa sexan materias primas novas ou recicladas, como a seda, o algodón, a la, fibras vexetais ou artificiais e fibras de papel a base de celulosa (madeira, palla) Esta clase comprende: - as operacións preparatorias de fibras téxtiles: • o bobinado e lavado da seda • a limpeza da la, é dicir, o desuardamento e a carbonización da la, e a tinxidura de vélaros • a cardadura e o peiteado de todo tipo de fibras animais, vexetais e artificiais ou sintéticas - a fiadura e fabricación de filamento ou fío para tecer ou coser, para a súa comercialización ou para un tratamento ulterior • a espadelada do liño • a texturación, torsión, pregadura, cablaxe e inmersión de filamentos sintéticos e artificiais - a fiadura de fibras recicladas de materias primas secundarias	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de fío de papel	Esta clase non comprende: - as operacións preparatorias levadas a cabo en combinación coa agricultura (véxase a división 01) - o enlagamento de plantas portadoras de fibras téxtiles vexetais (iute, liño, coco, etc.), non asociado co cultivo de fibras téxtiles vexetais (véxase 01.63) - a debaga do algodón (véxase 01.63) - a fabricación de fibras e estopas sintéticas ou artificiais, a fabricación de fíos sinxelos (incluídos os fíos de alta tenacidade e o fío para alfombras) de fibras sintéticas ou artificiais (véxase 20.60) - a fabricación de fibra de vidro (véxase 23.14) - a transformación de refugallos téxtiles en materias primas secundarias (véxase 38.21)
13.2	Fabricación de tecidos téxtiles			
13.20	Fabricación de tecidos téxtiles	Esta clase comprende a fabricación de tecidos téxtiles. Esta tarefa pode realizarse a partir de diversas materias primas, ben sexan materias primas novas ou recicladas, como seda, algodón, la, fibras ou papel vexetais ou artificiais, materiais de refugallo téxtil recuperados Esta clase comprende: - a fabricación de teas de algodón, la, la peiteada ou seda, incluídas as realizadas a base de mesturas ou fíos artificiais ou sintéticos (polipropileno, etc.) - a fabricación doutras teas utilizando liño, ramio, cánabo, iute, fibras do líber e fiaduras especiais - a fabricación de teas a partir de materias primas secundarias	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de tecidos de felpiña ou chenille, de toallas de tecido de rizo, de tecido de gasa, etc. - a fabricación de tecidos de aramida - a fabricación de peles de imitación obtidas por tecido	Esta clase non comprende: - a fabricación de tecidos de punto (véxase 13.91) - a fabricación de revestimentos téxtiles para o chan (véxase 13.93) - a fabricación de teas non tecidas (véxase 13.95) - a fabricación de fitas tecidas (véxase 13.96) - a fabricación de lonas, tendas de campaña, artigos de acampada de materiais téxtiles, velas para *windsurf* e embarcacións, toldos, fundas para automóbiles, maquinaria ou moblaxe, paracaídas, etc. (véxase 13.96) - a fabricación de tecidos de fibra de vidro (véxase 13.96) - a fabricación de feltro (véxase 13.99) - a fabricación de fibras de carbono e produtos de fibras de carbono, para usos non eléctricos (véxase 23.99)
13.3	Acabamento de téxtiles			
13.30	Acabamento de téxtiles	Esta clase comprende o acabamento de téxtiles e roupa, é dicir, o branqueo, a tinxidura, o apresto e actividades similares. Esta clase comprende: - o branqueo e a tinxidura de fibras téxtiles, fíos, tecidos e artigos téxtiles, incluídas as roupa - o apresto, secado, vaporizado, encollemento, remendado, a sanforización e mercerización de materias téxtiles e de artigos téxtiles, incluídas as roupa	Esta clase comprende tamén: - o branqueo de pantalóns vaqueiros - o plisado e labores análogos sobre téxtiles - a impermeabilización, o recubrimento, a engomadura e a impregnación de roupa adquiridas - a estampaxe de tecidos como proceso intermedio na fabricación téxtil	Esta clase non comprende: - a estampaxe, incluída a serigrafía, en artigos téxtiles e roupa, non como proceso intermedio na fabricación téxtil (véxase 18.12) - o gravado por láser en artigos téxtiles (véxase 18.12) - a fabricación de tecidos impregnados, recubertos ou estratificados con caucho, nos casos en que este constitúe o compoñente principal (véxase 22.12)
13.9	Fabricación doutros produtos téxtiles	Este grupo comprende a fabricación de produtos obtidos a partir de téxtiles, agás as roupa; como os artigos confeccionados con téxtiles, alfombras e moquetas, corda, fitas tecidas, artigos de pasamanaría, etc.		
13.91	Fabricación de tecidos de punto	Esta clase comprende: - a fabricación e o tratamento de xéneros de punto: • tecidos de rizo e de pelo • tecidos de mallas anoadas para cortinas e bambolinas • outros xéneros de punto	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de peles de imitación obtidas mediante tricotaxe	Esta clase non comprende: - a fabricación de tecidos de mallas anoadas para cortinas e bambolinas feitas con encaixes (véxase 13.99) - a confección de roupa de punto (véxase 14.10)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
13.92	Fabricación de téxtiles para o fogar e artigos de decoloración confeccionados	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos confeccionados con calquera material téxtil, incluídos os xéneros de punto, por exemplo: • mantas, incluídas as de viaxe • roupa de cama, mesa, baño e cociña • cobrepés, edredóns, coxíns, pufs, almofadas, sacos de durmir, etc. - a fabricación de artigos confeccionados para o fogar: • cortinas, orlas, sobrecamas, etc. • bandeiras, gallardetes, estandartes, etc. • baetas, estopas para fregar e artigos similares	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de compoñentes téxtiles para mantas eléctricas - a fabricación de tapices tecidos á man	Esta clase non comprende: - a fabricación de artigos confeccionados con materias téxtiles de uso técnico (véxase 13.96) - a fabricación de persianas e toldos (véxase 13.96) - a fabricación de cueiros para bebés, bragas menstruais e artigos similares confeccionados con materias téxtiles (véxase 17.22)
13.93	Fabricación de alfombras e moquetas	Esta clase comprende: - a fabricación de revestimentos téxtiles para o chan, por exemplo: • alfombras, moquetas, felpudos e esteiras, baldosas, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de revestimentos para o chan de feltro - a fabricación de céspede artificial (sintético)	Esta clase non comprende: - a fabricación de felpudos e esteiras de materias trenzables (véxase 16.28) - a fabricación de revestimentos do chan a base de cortiza (véxase 16.28) - a fabricación de revestimentos do chan resistentes, como os de vinilo ou linóleo (véxase 22.24)
13.94	Fabricación de cordas, cordeis, breimantes e redes	Esta clase comprende: - a fabricación de cordas, cordames, cordeis e breimantes, e cables ou fitas de fibras téxtiles, estean ou non impregnados, bañados, recubertos ou revestidos de caucho ou materias plásticas - a fabricación de redes de punto anoado feitas de cordelaría - a fabricación de produtos de cordelaría e de redes: redes para pescar, gardamancebos para embarcacións, coxíns de descarga, estrobos, cordas ou cables equipados con aneis metálicos, etc.		Esta clase non comprende: - a fabricación de retículos para o pelo (véxase 14.29) - a fabricación de cable metálico (véxase 25.93) - a fabricación de trueiros para a pesca deportiva (véxase 32.30)
13.95	Fabricación de teas non tecidas e artigos confeccionados con elas	Esta clase comprende a fabricación de teas non tecidas, estean ou non impregnadas, bañadas, recubertas ou estratificadas con plástico ou caucho. Comprende tamén a fabricación de artigos de teas non tecidas en que os plásticos ou o caucho constitúen a substancia aglomerante	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de teas non tecidas utilizadas para a elaboración de apósitos para as feridas - a fabricación de teas non tecidas utilizadas para a produción de toalliñas para bebés	Esta clase non comprende: - a fabricación de artigos confeccionados con teas non tecidas, por exemplo: • roupa de cama, mesa, baño e cociña confeccionada con teas non tecidas (véxase 13.92) • cortinas confeccionadas con teas non tecidas (véxase 13.92) • baetas, estopas para fregar, panos para quitar po e outros artigos de limpeza similares, confeccionados con teas non tecidas (véxase 13.92) • roupa confeccionadas con teas non tecidas (véxase 14.29) • fabricación de cueiros para bebés, bragas menstruais e artigos similares (véxase 17.22) • fabricación de papel pintado téxtil (véxase 17.24) • panos cirúrxicos dun só uso utilizados durante procedementos cirúrxicos, confeccionados con teas non tecidas (véxase 32.50) • fabricación de máscaras de protección individual, por exemplo, FFP2, FFP3, máscaras cirúrxicas, etc. (véxase 32.50)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
13.96	Fabricación doutros produtos téxtiles de uso técnico e industrial	Esta clase comprende: - a fabricación de fitas tecidas, incluídas as consistentes en urdidura sen trama unidas por medio dun adhesivo - a fabricación de etiquetas, insignias, etc. - a fabricación de gornicións ornamentais: galóns, borlas, pompóns, etc. - a fabricación de tecidos impregnados, bañados, recubertos ou estratificados con materias plásticas - a fabricación de fío metalizado, fío e corda de goma recubertos de materia téxtil, fío téxtil recuberto, impregnado, bañado ou revestido con caucho ou materias plásticas - a fabricación de tecido de cordelaría para pneumáticos de fío sintético ou artificial de alta tenacidade - a fabricación doutros tecidos tratados ou recubertos, como o bucaram e outros tecidos reforzados similares, tecidos bañados en goma ou amidón, etc. - a fabricación de produtos téxtiles diversos, por exemplo, mechas téxtiles, manguitos (camisas) incandescentes para gas e tecido tubular para a súa fabricación - a fabricación de tecidos para manguitos, mangueiras, fitas transportadoras ou de transmisión (reforzadas ou non con metal ou outro material), gasas e teas para peneirar, tecidos filtrantes, etc. - a fabricación de gornicións para automóbiles - a fabricación de lenzos para pintura e papel tea para debuxo - a fabricación de lonas, tendas de campaña, colchóns pneumáticos de materiais téxtiles, velas para embarcacións, paracaídas, materiais téxtiles para persianas e toldos, fundas para vehículos automóbiles, maquinaria ou moblaxe, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de tecidos de fibra de vidro	Esta clase non comprende: - a fabricación de cueiros para bebés, bragas menstruais e artigos similares confeccionados con materias téxtiles (véxase 17.22) - a fabricación de artigos téxtiles para uso médico impregnados ou recubertos de substancias farmacéuticas, por exemplo, gasas e vendaxes (véxase 21.20) - a fabricación de fitas transportadoras ou de transmisión de tecidos, impregnados, bañados, recubertos ou estratificados con caucho (véxase 22.12) - a fabricación de colchóns pneumáticos de caucho vulcanizado (véxase 22.12) - a fabricación de pranchas ou follas de caucho celular ou plástico combinadas con téxtiles unicamente con fins de reforzo (véxanse 22.12 e 22.21) - a fabricación de tea de cable metálico tecido (véxase 25.93) - a fabricación de panos cirúrxicos dun só uso utilizados durante procedementos cirúrxicos, confeccionados con teas non tecidas (véxase 32.50)
13.99	Fabricación doutros produtos téxtiles n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de feltro - a fabricación de gasas e de tecidos de mallas anoadas, de encaixes e bordados en peza, en tiras ou en motivos - a fabricación de fitas de tea sensibles á presión - a fabricación de cordóns de zapatos de materias téxtiles - a fabricación de tecidos de mallas anoadas para cortinas e bambolinas feitos con encaixes		Esta clase non comprende: - a fabricación de revestimentos para o chan de feltro (véxase 13.93) - a fabricación de guata e artigos téxtiles de guata: compresas hixiénicas, tampóns, etc. (véxase 17.22)
14	Confección de roupa	Esta división abrangue todo tipo de confección (confeccionada en serie ou á medida), en todos os materiais (coiro, tecidos, punto, etc.), de todo tipo de roupa (exterior, roupa interior para home, muller e neno, roupa de traballo, roupa de rúa e informal, etc.) e accesorios. Non se fai distinción entre roupa para adultos e para nenos.	Esta división comprende tamén: - a fabricación de roupa, accesorios de vestir e outros artigos de peletaría	Esta división non comprende: - a reparación de roupa (véxase 95.29)
14.1	Confección de roupa de punto			
14.10	Confección de roupa de punto	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos de calcetaría, incluídos calcetíns e medias - a confección de roupa de punto e doutros artigos confeccionados directamente, como xerseis, chaquetas de punto, rebecas, camisas, camisetas, blusas, chalecos, roupa de durmir e roupa interior, incluída a roupa para bebés - a fabricación de roupa deportiva e de baño de punto	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de medias e artigos de calcetaría de uso médico - a fabricación de calzado de punto sen sola incorporada	Esta clase non comprende: - a fabricación de tecidos de punto (véxase 13.91) - a fabricación de suxeitadores e xustillos de punto (véxase 14.22)
14.2	Confección doutra roupa e accesorios	Este grupo inclúe a fabricación de roupa con materiais distintos dos tecidos de punto. O material utilizado pode ser de calquera tipo e estar bañado, impregnado ou engomado		Este grupo non comprende: - a reparación de pezas de roupa (véxase 95.29)
14.21	Confección de roupa exterior	Esta clase comprende: - a confección de roupa exterior distinta aos tecidos de punto, por exemplo, abrigos, traxes, conxuntos, chaquetas, pantalóns, saias, camisas, camisetas, blusas e roupa exterior para bebés	Esta clase comprende tamén: - os vestidos de noiva e outras roupas para cerimonias - a xastraría á medida	Esta clase non comprende: - a fabricación de roupa de punto, por exemplo, xerseis, chaquetas de punto, rebecas, camisas, camisetas, blusas, chalecos, roupa de durmir e roupa interior, incluída a roupa para bebés (véxase 14.10) - a fabricación de uniformes e vestimenta oficial similar (véxase 14.23) - a fabricación de roupa de caucho ou plástico (véxanse 22.12 e 22.26)
14.22	Confección de roupa interior	Esta clase comprende: - a fabricación de roupa interior e de roupa de durmir distinta á confeccionada con tecidos de punto, por exemplo, calzóns, pixamas, camisóns, batas, bragas, traxes de baño e roupa interior de bebés	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de suxeitadores e xustillos de todo tipo de materiais téxtiles	
14.23	Confección de roupa de traballo		Esta clase comprende tamén: - a fabricación de uniformes e vestimentas oficiais similares, por exemplo, togas de xuíces e roupa eclesiástica	Esta clase non comprende: - a fabricación de calzado (véxase 15.20) - a fabricación de pezas de roupa ignífugas (véxase 32.99)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
14.24	Confección de roupa de coiro e peletaría	Esta clase comprende: - a fabricación de roupa, incluída a indumentaria laboral, feita de coiro ou de coiro artificial ou rexenerado, por exemplo, abrigos, sobrerroupa, chaquetas, pantalóns e mandís - a confección de artigos de peletaría: • roupa e accesorios de peletaría elaborados con pel • ensamblaxes de peletaría, por exemplo, peles cosidas, láminas, tapetes, fitas, etc. • artigos de peletaría diversos: alfombras, pufs sen encher, rebezos para a limpeza industrial, etc.		Esta clase non comprende: - a produción de peles de peletaría en bruto (véxanse 01.48 e 01.70) - a produción de coiros e peles en bruto (véxase 10.11) - a fabricación de peles de imitación (tea de pelo largo obtida por tecido ou tricotaxe) (véxanse 13.20 e 13.91) - a fabricación de roupa exterior con coiro sintético (véxase 14.21) - a fabricación de roupa exterior gornecida con pel (véxase 14.21) - a fabricación de roupa de traballo non confeccionada con coiro ou coiro artificial (véxase 14.23) - a fabricación de gorros de pel (véxase 14.29) - a preparación e a tinxidura de peles (véxase 15.11) - a fabricación de calzado con partes de pel (véxase 15.20) - a fabricación de luvas de coiro ou de coiro artificial ou rexenerado especialmente deseñadas para un uso deportivo (véxase 32.30)
14.29	Confección doutra roupa e accesorios n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de roupa deportiva con teas, por exemplo, roupa para a práctica de deportes, roupa de esquí e outras pezas de roupa técnica para a práctica do deporte - a fabricación de sombreiros e gorras - a fabricación doutros accesorios de vestir, por exemplo, luvas, cintos, chales, garavatas, retículos para o pelo, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de calzado sen sola incorporada confeccionado con material téxtil, salvo con tecido de punto	Esta clase non comprende: - a fabricación de calzado confeccionado con tecido de punto sen soa incorporada (véxase 14.10) - a fabricación de traxes de baño confeccionados con tecido de punto (véxase 14.10) - a fabricación de traxes de baño (véxase 14.22) - a fabricación de accesorios de vestir de pel (véxase 14.24) - a fabricación de cascos de plástico, salvo cascos de seguridade (véxase 22.26) - a fabricación de cascos de seguridade (véxase 32.99)
15	Industria do coiro e produtos relacionados doutros materiais	Esta división comprende a preparación e a tinxidura de peles, e a transformación de peles en coiro mediante o curtume ou a curación, así como a conversión do coiro en produtos para o consumo final.	Comprende así mesmo a elaboración de produtos similares confeccionados con materiais distintos ao coiro, por exemplo, calzado de caucho e artigos de viaxe de material téxtil. Os produtos elaborados a partir de substitutivos do coiro (coiros de imitación) inclúense nesta categoría porque se fabrican de maneira similar á empregada no caso dos produtos de coiro (por exemplo, artigos de viaxe) e adoitan producirse na mesma unidade.	
15.1	Preparación, tinxidura e curtume de coiros e peles; fabricación de artigos de marroquinaría, de viaxe e de gornicionaría e talabartaría	Este grupo comprende a fabricación de coiro, peles e produtos elaborados con eles		
15.11	Preparación, curtume e tinxidura de coiros e peles	Esta clase comprende: - o curtume, tinxidura e preparación de coiros, peles e coiro precurtido - a fabricación de coiros arrebezados, apergamiñados, acharolados e metalizados - a fabricación de coiro artificial ou rexenerado - o raspadura, tundidura, o despinzamento, adobamento, curtume, branqueo e a tinxidura de peles e coiros sen depilar		Esta clase non comprende: - a produción de coiros e peles en granxas (véxase 01.4) - a produción de coiros e peles en bruto procedentes de matadoiros (véxase 10.11) - a fabricación de roupa de coiro (véxase 14.24) - a fabricación de coiro de imitación non procedente de coiro natural (véxanse 22.12 e 22.26)
15.12	Fabricación de artigos de marroquinaría, de viaxe e de gornicionaría e talabartaría de calquera material	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos de viaxe, bolsos de man, mochilas e outros artigos de coiro natural, artificial ou rexenerado, ou doutros materiais, sempre que se utilice a mesma tecnoloxía que para o coiro - a fabricación de gornicionaría e talabartaría para calquera animal - a fabricación de correas non metálicas para reloxos de pulseira (por exemplo, tea, coiro, plástico) - a fabricación de diversos artigos de coiro natural, artificial ou rexenerado: correas de transmisión, envases, etc. - a fabricación de cordóns de zapatos de coiro - a fabricación de látegos e fustas	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de roupa de coiro para animais	Esta clase non comprende: - a fabricación de roupa de coiro (véxase 14.24) - a fabricación de luvas e sombreiros de coiro (véxase 14.29) - a fabricación de calzado (véxase 15.20) - a fabricación de asentos de bicicleta (véxase 30.92) - a fabricación de correas de reloxos de metais preciosos (véxase 32.12) - a fabricación de correas de reloxos de metais non preciosos (véxase 32.13) - a fabricación de arneses de seguridade e doutros cintos para uso profesional (véxase 32.99)
15.2	Fabricación de calzado			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
15.20	Fabricación de calzado	Esta clase comprende: - a fabricación de calzado de calquera tipo e de calquera material, producido mediante calquera proceso, mesmo o baleiramento - a fabricación de partes de coiro do calzado: pas e os seus compoñentes, solas e soletas, tacóns, etc. - a fabricación de polainas, mandís e artigos similares	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de compoñentes do calzado de goma, madeira ou plástico	Esta clase non comprende: - a fabricación de calzado de punto sen sola incorporada (véxase 14.10) - a fabricación de botas de esquí (véxase 32.30) - a fabricación de calzado ortopédico (véxase 32.50)
16	Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestaría e espartaría	Esta división comprende a fabricación de produtos de madeira, como madeira de construción, contrachapados, chapas, envases e embalaxes de madeira, chans de madeira, trabes trianguladas de madeira, edificios prefabricados de madeira, a fabricación de combustibles sólidos a partir de biomasa vexetal e o acabamento de produtos de madeira. Entre os procedementos de produción inclúense a serradura, a cepilladura, a conformación, a laminación e a ensamblaxe de produtos de madeira, empezando polos troncos que se cortan en toradas, ou madeira de construción que pode seguir cortándose ulteriormente, ou conformada co torno ou con outras ferramentas. A madeira de construción e outras formas de madeira transformada poden tamén cepillarse ou puírse posteriormente e ensamblarse en produtos acabados, como envases e embalaxes de madeira. Coa excepción da serradura, esta división subdivídese principalmente consonte os produtos específicos fabricados.		Esta división non comprende a fabricación de mobles (véxase 31.00) nin a instalación de traballos de carpintaría e similares, etc. (véxanse 43.32, 43.33 e 43.35).
16.1	Serradura e cepilladura da madeira; transformación e acabamento da madeira			
16.11	Serradura e cepilladura da madeira	Esta clase comprende: - a serradura, cepilladura e mecanización da madeira - a corta, o descortizamento e desbarba de troncos - a fabricación de travesas de madeira para vías férreas - a fabricación de madeiras sen ensamblar para o chan - a fabricación fóra do monte de la, serradura e fariña de madeira, así como labras e partículas		Esta clase non comprende: - a explotación forestal e a produción de madeira en bruto (véxase 02.20) - o secado da madeira (véxase 16.12) - a fabricación de chapas da delgadezaa suficiente para a súa utilización en taboleiros contrachapados e noutros taboleiros e paneis (véxase 16.21) - a fabricación de placas de parqué e outros paneis ensamblados para o chan, de madeira ou bambú (véxase 16.22) - a fabricación de tellas e ripas de madeira para tellados (véxase 16.23) - a fabricación de madeira para combustible ou prensada (véxase 16.26)
16.12	Transformación e acabamento da madeira	Esta clase comprende actividades xerais para a transformación e o acabamento da madeira, que se realizan habitualmente por conta de terceiros: - as actividades maioritariamente realizadas por conta de terceiros poden ser as seguintes: • perforación, torneadura, fresadura, brocheado, nivelación, moenda, pulimentación e empalme, entre outros, da madeira - o secado da madeira - a impregnación ou o tratamento químico da madeira - o tratamento da madeira en bruto con pinturas, tinturas e outros conservantes - outras actividades do proceso e acabamento da madeira		Esta clase non comprende: - a fabricación de madeiras sen ensamblar para o chan (véxase 16.22) - o recubrimento, impregnación ou tratamento químico de produtos de madeira (véxase 16.27) - a desinfección e exterminación de pragas en edificios (véxase 81.23) - o retapizado, a aplicación de novos acabamentos e a reparación de mobiliario (véxase 95.24)
16.2	Fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestaría e espartaría	Este grupo comprende a fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestaría e espartaría, incluídas tanto as formas básicas como produtos montados		
16.21	Fabricación de chapas e taboleiros de madeira	Esta clase comprende: - a fabricación de chapas da delgadezaa suficiente para a súa utilización en enchapados, elaboración de contrachapados e outros fins: • pulimentación, tinxidura, bañado, impregnado, reforzado (con forro de papel ou tecido) • elaboración en forma de motivos - a fabricación de taboleiros contrachapados, chapas e taboleiros de madeira laminada similares - a fabricación de taboleiros con filamentos orientados (OSB) e outros taboleiros de partículas - a fabricación de taboleiros de fibras de densidade media (MDF) e outros taboleiros de fibras - a fabricación de madeira densificada - a fabricación de madeira laminada encolada, madeira contralaminada (CLT) e madeira de chapado laminada	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de taboleiros de fibra illantes de madeira, ou outros materiais leñosos, estean ou non aglutinados con resinas ou outras substancias orgánicas	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
16.22	Fabricación de pisos de madeira ensamblados	Esta clase comprende: - a fabricación de placas de parqué, tiras, etc. de madeira, ensambladas en pranchas		Esta clase non comprende: - a fabricación de madeiras sen ensamblar para o chan (véxase 16.11)
16.23	Fabricación doutras estruturas de madeira e pezas de carpintaría e ebanistaría para a construción, salvo as destinadas á construción industrializada	Esta clase comprende: - a fabricación de estruturas de madeira e pezas de carpintaría con baixo grao de finalización: • trabes, viguetas, trabes mestras, etc. • trabes trianguladas de madeira laminada encolada para tellados, prefabricadas e conectadas por elementos metálicos • escaleiras e varandas • listóns e molduras, ripas para tellados, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de expositores de madeira	Esta clase non comprende: - a fabricación de portas, fiestras, persianas e os seus marcos de madeira (véxase 16.25) - a fabricación de edificios prefabricados feitos na súa maior parte con madeira (véxase 16.29) - a fabricación industrializada de elementos para a construción feitos na súa maior parte con madeira (véxase 16.29) - a fabricación de vivendas móbiles (véxase 16.29) - a fabricación de paneis de madeira móbiles independentes (véxase 31.00) - a fabricación de armarios vestidores (véxase 31.00) - a instalación de portas, fiestras e escaleiras (véxase 43.32) - a instalación de cociñas, armarios vestidores, mobiliario comercial, etc. (véxase 43.32) - a construción de armazóns de cubertas (véxase 43.41)
16.24	Fabricación de envases e embalaxes de madeira	Esta clase comprende: - a fabricación de caixas, estoxos, gaiolas, cilindros, urnas e elementos similares de madeira - a fabricación de palés, caixas-palé e outros paneis de madeira para carga - a fabricación de barrís, cubas, tinas e outras manufacturas de tonelaría de madeira - a fabricación de bobinas de madeira para cables		Esta clase non comprende: - a fabricación de artigos de viaxe (véxase 15.12) - a fabricación de caixas de materias trenzables (véxase 16.28)
16.25	Fabricación de portas e fiestras de madeira	Esta clase comprende: - a fabricación de portas e dos seus marcos e limiares de madeira - a fabricación de fiestras, persianas e portas balconeiras e dos seus marcos de madeira - a fabricación de portas e fiestras de materiais múltiples e co marco de madeira		
16.26	Fabricación de combustibles sólidos a partir de biomasa vexetal	Esta clase comprende: - a fabricación de briquetas, madeira para combustible e granulados a partir de serraduras, refugallos e anacos de madeira, palla ou outra biomasa vexetal		Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos para a alimentación animal a partir de refugallos da soia (véxase 10.9) - a corta, peladura e desbarba de troncos (véxase 16.11) - a fabricación de briquetas de turba (véxase 19.20)
16.27	Acabamento de produtos de madeira	Esta clase comprende: - o proceso de refinación ou protección de superficies de madeira, por exemplo, o recubrimento, a impregnación, o acabamento, a pulimentación, o abrillantamento, engraxamento, a enceradura, o branqueo, a tintura, a pintura ou a vernizadura de produtos de madeira		Esta clase non comprende: - o retapizado, a aplicación de novos acabamentos e a reparación de mobiliario (véxase 95.24)
16.28	Fabricación doutros produtos de madeira, artigos de cortiza, cestaría e espartaría	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos diversos de madeira: • monturas e mangos de ferramentas, vasoiras e cepillos • formas de madeira para o calzado, perchas para roupa, etc. • utensilios domésticos, vaixela e utensilios de cociña de madeira • estatuetas e outros obxectos decorativos de madeira, madeira con traballo de marquetaría ou taracea • caixas, estoxos e xoieiros e artigos similares de madeira • canelas, carretes e bobinas para fíos e artigos similares de madeira torneada • outros artigos de madeira - a fabricación de marcos para lenzos de pintura - o tratamento de cortiza natural en bruto, a fabricación de cortiza aglomerada - a fabricación de cortizas para botellas - a fabricación de artigos de cortiza natural ou aglomerada, incluídos os revestimentos para o chan - a fabricación de trenzas e artigos de materias trenzables: esteiras, salvamanteis, pantallas, caixas, etc. - a fabricación de artigos de cestaría e vimbio - a fabricación de marcos de madeira para espellos e cadros - a fabricación de mangos para paraugas, bastóns e artigos similares - a fabricación de bloques para a fabricación de pipas		Esta clase non comprende: - a fabricación de esteiras e felpudos confeccionados con materias téxtiles (véxase 13.92) - a fabricación de artigos de viaxe (véxase 15.12) - a fabricación de calzado de madeira ou compoñentes do calzado de madeira (véxase 15.20) - a fabricación de mistos (véxase 20.59) - a fabricación de caixas de reloxos (véxase 26.52) - a fabricación de canelas e bobinas de madeira que forman parte da maquinaria téxtil (véxase 28.94) - a fabricación de mobles (véxase 31.00) - a fabricación de xoguetes de madeira (véxase 32.40) - a fabricación de vasoiras e cepillos (véxase 32.91) - a fabricación de cadaleitos (véxase 32.99) - a fabricación de salvavidas de cortiza (véxase 32.99)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
16.29	Fabricación doutras estruturas de madeira e pezas de carpintaría e ebanistaría destinadas á construción industrializada	Esta clase comprende: - a fabricación industrializada de elementos para a construción cuxo principal material é a madeira, como parte ou todo dun compoñente, módulo ou sistema integrado, con alto grao de finalización: • baños 2D e 3D, núcleos estruturais (chemineas de ventilación, ocos de escaleira), revestimentos finais de cerramento (fachada), balcóns, beirís, etc. • compoñentes híbridos anteriormente citados, fabricados con diferentes materiais nos cales o material principal sexa a madeira - a fabricación de edificios prefabricados feitos na súa maior parte con madeira, como saunas, casetas de xardín ou casas prefabricadas - a fabricación de tabiques de madeira con alto grao de finalización (agás os paneis móbiles independentes) - a fabricación de vivendas móbiles	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de expositores de madeira con alto grao de finalización	Esta clase non comprende: - a fabricación de estruturas de madeira e pezas de carpintaría e ebanistaría para a construción con baixo grao de finalización (véxase 16.23) - a fabricación de portas, fiestras, persianas e dos seus marcos de madeira (véxase 16.25) - a fabricación de paneis de madeira móbiles independentes (véxase 31.00) - a fabricación de armarios vestidores (véxase 31.00) - a instalación de portas, fiestras e escaleiras (véxase 43.32) - a instalación de cociñas, armarios vestidores, mobiliario comercial, etc. (véxase 43.32) - a construción de armazóns de cubertas (véxase 43.41)
17	Industria do papel	Esta división abrangue a fabricación de pasta papeleira, papel e papel transformado, e a fabricación de produtos reciclados a partir de madeira, papel, cartolina e cartón. A fabricación destes produtos agrúpase porque constitúe unha serie de procesos conectados verticalmente. Con frecuencia se realiza máis dunha actividade na mesma unidade. A fabricación de pasta papeleira consiste en separar as fibras de celulosa doutros materiais na madeira, ou en disolver e destintar o papel usado, e en engadir á mestura pequenas cantidades de reactivos para reforzar a aglutinación da fibras. Os produtos de papel transformado fabrícanse con papel e outros materiais mediante diversas técnicas. Os artigos de papel poden estar impresos (por exemplo, papeis pintados, envoltorios para regalos, etc.), sempre que a finalidade principal non sexa a impresión de información. A produción de pasta papeleira, papel e cartón por xunto inclúese no grupo 17.1, mentres que o resto de clases comprende a produción de papel e produtos de papel sometidos a transformacións ulteriores.		
17.1	Fabricación de pasta papeleira, papel e cartón			
17.11	Fabricación de pasta papeleira	Esta clase comprende: - a fabricación de pasta de papel branqueada, semibranqueada ou crúa mediante procedementos mecánicos, químicos (solubles ou non) ou semiquímicos - a fabricación de pasta papeleira a partir de borras de algodón - a eliminación de tinta e a fabricación de pasta papeleira a partir de papel usado		
17.12	Fabricación de papel e cartón	Esta clase comprende: - a fabricación de papel e cartón con vistas a un tratamento industrial posterior	Esta clase comprende tamén: - o tratamento posterior do papel e cartón: • coloración, recubrimento, revestimento e impregnación de papel e cartón • fabricación de papel rizado ou pregado • fabricación de laminados e papel de aluminio, de se laminaren con papel ou cartón - a fabricación de papel feito á man - a fabricación de papel prensa e doutro papel de impresión ou escritura - a fabricación de guata de celulosa e bandas de fibras de celulosa - a fabricación de papel de calco e papel para clixés de multicopista en rolos ou grandes follas	Esta clase non comprende: - a fabricación de papel e cartón ondulados (véxase 17.21) - a fabricación de artigos de papel, cartón ou pasta papeleira (véxanse 17.22 a 17.25) - as artes gráficas e os servizos relacionados con elas (véxase 18.1) - a fabricación de papel abrasivo (véxase 23.91) - a edición de libros, xornais e outras actividades editoriais, salvo a edición de programas informáticos (véxase 58.1) - a fabricación de papel revestido ou impregnado, cando o revestimento ou a impregnación constitúan o principal compoñente (véxase a clase en que se clasifica a fabricación do revestimento ou a impregnación)
17.2	Fabricación de artigos de papel e de cartón			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
17.21	Fabricación de papel e cartón ondulados; fabricación de envases e embalaxes de papel e cartón	Esta clase comprende: - a fabricación de papel e cartón ondulados - a fabricación de cartóns, caixas e estoxos de papel ou cartón ondulados - a fabricación de cartóns pregables, caixas e estoxos de embalaxe, de papel ou cartón non ondulado - a fabricación de envases e embalaxes de cartón ríxido - a fabricación doutros envases e embalaxes de papel e cartón - a fabricación de sacos e bolsas de papel - a fabricación de arquivadores de cartón de oficina e artigos similares		Esta clase non comprende: - a fabricación de sobres (véxase 17.23) - a fabricación de artigos modelados ou prensados de pasta papeleira, por exemplo, caixas para o envasado de ovos, pratos modelados, etc. (véxase 17.25)
17.22	Fabricación de artigos de papel e cartón para uso doméstico, sanitario e hixiénico	Esta clase comprende: - a fabricación de papel para uso doméstico e hixiene persoal, e de produtos de guata de celulosa: • toalliñas para desmaquillar • panos, toallas, panos de mesa, etc. • papel hixiénico • compresas hixiénicas e tampóns, cueiros para bebés e similares • vasos, pratos e bandexas - a fabricación de guata e artigos téxtiles de guata: compresas hixiénicas, tampóns, etc.		Esta clase non comprende: - a fabricación de guata de celulosa (véxase 17.12)
17.23	Fabricación de artigos de papelaría	Esta clase comprende: - a fabricación de papel listo para a impresión e escritura - a fabricación de papel para impresora de ordenador - a fabricación de papel autocopiativo listo para o seu uso - a fabricación de clixés de multicopista e papel de calco listo para o seu uso - a fabricación de papel engomado ou adhesivo listo para o seu uso - a fabricación de sobres e tarxetas postais - a fabricación de artigos de papelaría educativos e comerciais (cadernos, carpetas, rexistros, libros contables, formularios comerciais, etc.) cando a información impresa non constitúa a súa característica principal - a fabricación de caixas, carteiras e xogos de artigos de escritorio que inclúan variedade de material de papelaría		Esta clase non comprende: - a impresión en papel (véxase 18.1)
17.24	Fabricación de papeis pintados	Esta clase comprende: - a fabricación de papeis pintados e doutros revestimentos similares para paredes, incluído o papel cun baño de vinilo e o papel téxtil		Esta clase non comprende: - a fabricación de papel ou cartón (véxase 17.12) - a fabricación de papeis pintados de plástico (véxase 22.26)
17.25	Fabricación doutros artigos de papel e cartón	Esta clase comprende: - a fabricación de etiquetas de papel ou cartón - a fabricación de papel e cartón filtrantes - a fabricación de papel de fumar - a fabricación de bobinas, carretes, canelas, etc. de papel e cartón - a fabricación de embalaxes alveolares de pasta de papel para ovos e outros artigos similares modelados ou prensados - a fabricación de artigos promocionais e de regalo de papel - a fabricación de tarxetas de papel ou cartón para máquinas Jacquard		Esta clase non comprende: - a impresión en etiquetas que non sexan de fabricación propia (véxase 18.12) - a fabricación de cartas para xogos de mesa (véxase 32.40) - a fabricación de xogos e xoguetes de papel e cartón (véxase 32.40) - a edición de libros, xornais e outras actividades editoriais, excepto a edición de programas informáticos (véxase 58.1)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	Esta división comprende a impresión de xornais, libros, publicacións periódicas, impresos comerciais, tarxetas de felicitación, impresión en camisetas e outro tipo de materiais impresos, e as actividades complementarias asociadas, como a encadernación, os servizos de fotogravado e a representación en imaxes dos datos. As actividades complementarias incluídas aquí forman parte integrante da industria da impresión e estas operacións en case todos os casos ofrecen un produto (una prancha para a impresión, un libro encadernado ou un disco ou ficheiro informático) que forma parte integrante da industria das artes gráficas. A titularidade do material que se vai utilizar é irrelevante para os efectos da clasificación da impresión e reprodución das actividades dos soportes gravados. A división 18 cobre explicitamente os procedementos. Entre os procedementos que se utilizan nas artes gráficas atópase unha serie de métodos de transferencia de imaxes desde unha prancha, pantalla ou ficheiro informático a un soporte, como papel, plástico, metal, artigos téxtiles ou madeira. Os métodos máis importantes consisten na transferencia da imaxe desde unha prancha ou pantalla ao soporte por medio da litografía, o oco gravado, a serigrafía ou a flexografía. A miúdo se utiliza un arquivo informático para impulsar directamente o mecanismo de impresión para crear a imaxe ou equipamentos electrostáticos e doutros tipos (impresión dixital ou sen impacto). Aínda que unha única unidade pode realizar a impresión e a edición (un xornal, por exemplo), cada vez é menos frecuente que se leven a cabo estas actividades diferenciadas na mesma localización física.	Esta división comprende tamén: - a reprodución de soportes gravados, por exemplo, discos compactos, gravacións de vídeo e programas informáticos en discos ou fitas	Esta división non comprende: - as actividades de edición (véxase a sección J) - a fabricación de produtos cunha impresora 3D, que se clasifican segundo o produto e o material utilizados
18.1	Artes gráficas e servizos relacionados	Este grupo comprende a impresión de produtos como xornais, libros, publicacións periódicas, impresos comerciais e tarxetas de felicitación, impresión en camisetas e outro tipo de materiais impresos, e as actividades complementarias asociadas, como a encadernación, os servizos de fotogravado e a representación en imaxes dos datos. A impresión pode realizarse utilizando diversas técnicas e en distintos materiais.		
18.11	Impresión de xornais		Esta clase comprende tamén: - a impresión doutras publicacións periódicas que se publican polo menos catro veces por semana	Esta clase non comprende: - as actividades de fotocopiado (véxase 18.12) - a edición de material impreso (véxase 58.1) - a explotación de fotocopiadoras para o fotocopiado en autoservizo (véxase 82.10)
18.12	Outras actividades de impresión e artes gráficas	Esta clase comprende: - a impresión de revistas e doutras publicacións periódicas que se publican menos de catro veces por semana - a impresión de libros e folletos, cadernos e partituras de música, mapas, atlas, carteis, catálogos, prospectos e outros impresos publicitarios, selos de correos, timbres fiscais, documentos de propiedade, cheques e outros títulos, tarxetas intelixentes, álbums, dietarios, calendarios e outros impresos comerciais, pousavasos, artigos de papelaría de uso persoal e outros impresos, por medio de prensas de imprenta, offset, fotogravado, flexografía, serigrafía ou outros métodos de impresión por estampación, por multicopistas, impresoras controladas por ordenador, gravadoras en relevo, etc., incluída a impresión rápida - a impresión dixital - a serigrafía sobre téxtiles e roupa - o fotocopiado de documentos - a impresión decorativa, como a impresión de envoltorios para regalos, papel pintado e materiais para transferencia de imaxes - a impresión de gran formato, por exemplo, de bandeiras, gallardetes, enrolables e carteis. O material impreso xeralmente está suxeito a dereitos de autor. Esta clase cobre exclusivamente servizos de impresión, non produtos.	Esta clase comprende tamén: - a impresión en etiquetas, por exemplo, mediante impresión litográfica, fotogravado, flexografía e outras técnicas - o gravado por láser en artigos téxtiles - as actividades de impresión de fotografías	Esta clase non comprende: - a estampación de tecidos como proceso intermedio na fabricación téxtil (véxase 13.30) - a fabricación de artigos de papelaría (cadernos, carpetas, rexistros, libros contables e formularios comerciais, etc.) cando a información impresa non constitúa a súa característica principal (véxase 17.23) - a edición de material impreso (véxase 58.1) - as actividades de deseño publicitario (véxase 73.11) - a explotación de fotocopiadoras para o fotocopiado en autoservizo (véxase 82.10) - o gravado sobre metal, vidro, madeira, etc. (véxase a clase correspondente segundo o material utilizado)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
18.13	Servizos de preimpresión e preparación de soportes	Esta clase comprende: - a composición tipográfica, a maquetación, a fotocomposición, a introdución de datos para preimpresión nunha forma adecuada para o seu uso en diversos procesos de impresión e representación noutros soportes visuais, incluídos o escaneamento, o recoñecemento óptico de caracteres e a compaxinación electrónica - a preparación de ficheiros de datos para aplicacións multimedia (impresión en papel, CD-ROM, internet) - os servizos de fotogravado, incluída a composición de imaxes e de clixés (para os procedementos de impresión tipográfica e offset) - a preparación de cilindros: o gravado de cilindros de fotogravado - o procesamento de pranchas: do ordenador á prancha (*computer to plate* , CTP) (incluídas as pranchas de fotopolímeros) - a preparación de pranchas e cuños para a impresión ou a estampación en relevo - a preparación de: • traballos artísticos de carácter técnico, como a preparación de bloques de madeira ou pedra para a litografía • soportes de presentación • esbozos, bosquexos, maquetas, etc. • produción de probas		Esta clase non comprende: - o deseño gráfico de contido visual para a comunicación de información non destinada á impresión (véxase 74.1)
18.14	Encadernación e servizos relacionados con ela	Esta clase comprende: - os servizos de encadernación comercial, montaxe de mostras e servizos de postimpresión de apoio ás actividades de impresión, como a encadernación comercial e o acabamento de libros, folletos, revistas, catálogos, etc., mediante pregadura, corte e recorte, ensamblaxe, ganduxo, cosedura con fío, encadernación adhesiva, encolamento, corte e colocación de cubertas, compaxinación, estampado en ouro; a encadernación en espiral e a encadernación con cable de plástico - a encadernación e o acabamento de papel ou cartón impresos mediante pregadura, impresión *stamping* , perforación, tradeamento, gravado, pegado, encolamento e laminación - os servizos de acabamento para CD-ROM - os servizos de acabamento para a expedición de correspondencia, como a personalización e a preparación de sobres - outras actividades de acabamento como cuñaxe, timbre e estampación, copia en Braille, etc.		
18.2	Reprodución de soportes gravados			
18.20	Reprodución de soportes gravados	Esta clase comprende: - a reprodución, a partir de gravacións orixinais, de discos, discos compactos e fitas de música ou outras gravacións sonoras - a reprodución, a partir de gravacións orixinais, de discos, discos compactos e fitas de filmes ou outras gravacións de vídeo - a reprodución, a partir de gravacións orixinais, de programas e datos en discos e fitas		Esta clase non comprende: - a reprodución de material impreso (véxanse 18.11 e 18.12) - a edición de programas informáticos (véxase 58.2) - a produción e distribución de filmes cinematográficos, fitas de vídeo e filmes en discos ou medios similares (véxanse 59.12, 59.15 e 59.17) - a reprodución de filmes cinematográficos para a súa distribución en salas de proxección (véxase 59.12) - a produción de gravacións orixinais de discos ou material de son (véxase 59.20)
19	Coquerías e refinación de petróleo	Esta división comprende a transformación de cru de petróleo e carbón en produtos utilizables. O proceso dominante é a refinación de petróleo, que consiste na separación do cru de petróleo nos seus compoñentes mediante técnicas como o craqueo e a destilación. Esta división comprende a fabricación de gases como o etano, propano e butano como produtos das refinarías de petróleo.	Esta división comprende tamén a fabricación por conta propia de produtos característicos (por exemplo, coque, butano, propano, petróleo, queroseno, fuel, etc.), así como os servizos de tratamento (por exemplo, a refinación por encarga).	Esta división non comprende a fabricación deses gases noutras unidades (véxase 20.14), a fabricación de gases industriais (véxase 20.11), a extracción de gas natural (metano, etano, butano ou propano) (véxase 06.20) nin a produción de gas combustible distinto dos gases do petróleo para a subministración de combustibles gasosos a través dunha rede permanente (por exemplo, gas de hulla, gas de auga, gas pobre) (véxase 35.21). A fabricación de produtos petroquímicos a partir de petróleo refinado clasifícase na división 20.
19.1	Coquerías			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
19.10	Coquerías	Esta clase comprende: - a explotación de coquerías - a produción de coque e semicoque - a produción de brea e coque de brea - a produción de gas de hulla en coquerías - a produción de alcatráns de hulla e lignito en bruto - a aglomeración de coque		Esta clase non comprende: - a fabricación de briquetas combustibles de hulla (véxase 19.20)
19.2	Refinación de petróleo e de combustibles fósiles			
19.20	Refinación de petróleo e de combustibles fósiles	Esta clase comprende a fabricación de combustibles líquidos, gasosos e doutros produtos a partir do cru de petróleo, minerais bituminosos ou os produtos do seu fraccionamento. A refinación de petróleo comprende unha ou varias das actividades seguintes: fraccionamento, destilación directa de cru de petróleo e craqueo. Esta clase comprende: - a produción de combustible para motores: gasolina, queroseno, etc. - a produción de combustible: fuel lixeiro, medio e pesado, gases de refinaría como o etano, propano e butano, etc. - a fabricación de aceites ou graxas lubricantes derivados do petróleo, mesmo a partir de residuos de lubricantes - a fabricación de produtos para a industria petroquímica e para a elaboración de revestimentos de estradas - a fabricación de diversos produtos: augarrás mineral, vaselina, cera de parafina, petrolato, etc. - a fabricación de briquetas de petróleo - a mestura de biocombustibles, é dicir, a mestura de alcohois con petróleo (por exemplo, gasohol) - a fabricación de produtos a partir de residuos do petróleo, por exemplo, residuos de aceites lubricantes elaborados con petróleo	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de briquetas de turba - a fabricación de briquetas combustibles de hulla e lignito	Esta clase non comprende: - a fabricación de combustibles sólidos a partir de biomasa (véxase 16.26) - a fabricación de biocombustibles líquidos (véxase 20.51)
20	Industria química	Esta división comprende a transformación de materias primas orgánicas e inorgánicas mediante un proceso químico e a formación de produtos. Distingue entre a fabricación de produtos químicos básicos, que constitúe o primeiro grupo, e a fabricación de produtos intermedios e finais mediante o tratamento de produtos químicos básicos, que se inclúen nas demais clases	Esta división comprende tamén: - a fabricación de biocombustibles líquidos	
20.1	Fabricación de produtos químicos básicos, compostos nitroxenados, fertilizantes, plásticos e caucho sintético en formas primarias	Este grupo comprende a fabricación de produtos químicos básicos, fertilizantes e compostos nitroxenados afíns, así como de plásticos e caucho sintético nas súas formas primarias.		
20.11	Fabricación de gases industriais	Esta clase comprende: - a fabricación de gases inorgánicos industriais ou médicos licuados ou comprimidos: • gases elementais • aire líquido ou comprimido • mesturas de gases industriais • gases inertes, tales como o dióxido de carbono • gases illantes • mestura de gases	Esta clase comprende tamén: - a produción de hidróxeno, non para a subministración de enerxía a través dunha rede	Esta clase non comprende: - a extracción de metano, etano, butano ou propano (véxase 06.20) - a licuefacción e regasificación de gas natural para o seu transporte, realizadas na explotación mineira (véxase 09.10) - a fabricación de gases combustibles tales como etano, butano ou propano, en refinarías de petróleo (véxase 19.20) - a fabricación de gases refrixerantes de hidrocarburos haloxenados (véxase 20.14) - a fabricación de combustibles gasosos a partir de carbón, residuos, etc. (véxase 35.21) - a fabricación de hidróxeno para a subministración como combustible gasoso a través dunha rede permanente (véxase 35.21)
20.12	Fabricación de colorantes e pigmentos	Esta clase comprende: - a fabricación de colorantes e pigmentos de calquera orixe, en forma básica ou concentrada - a fabricación de óxido de calcio puro e hidróxido de calcio	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de produtos que se utilizan como axentes abrillantadores fluorescentes ou como luminóforos	Esta clase non comprende: - a fabricación de colorantes e pigmentos preparados (véxase 20.30)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
20.13	Fabricación doutros produtos básicos de química inorgánica	Esta clase comprende a fabricación de produtos químicos utilizando procesos básicos. O produto resultante destes procesos adoita consistir en elementos químicos independentes ou compostos separados definidos quimicamente. Esta clase comprende: - a fabricación de elementos químicos (salvo gases industriais e metais básicos) - a fabricación de ácidos inorgánicos agás o ácido nítrico - a fabricación de álcalis, lixivias e outras bases inorgánicas excepto o amoníaco - a fabricación doutros compostos inorgánicos - a torradura de piritas de ferro - a fabricación de auga destilada	Esta clase comprende tamén: - o enriquecemento de minerais de uranio e de torio - a fabricación de hidróxido de litio - a fabricación de axentes descolorantes	Esta clase non comprende: - a fabricación de gases industriais (véxase 20.11) - a fabricación de fertilizantes e compostos nitroxenados (véxase 20.15) - a fabricación de amoníaco (véxase 20.15) - a fabricación de cloruro de amonio (véxase 20.15) - a fabricación de nitritos e nitratos de potasio (véxase 20.15) - a fabricación de carbonatos de amonio (véxase 20.15) - a fabricación de auga destilada aromática (véxase 20.59) - a fabricación de metais básicos (véxase a división 24)
20.14	Fabricación doutros produtos básicos de química orgánica	Esta clase comprende a fabricación de produtos químicos utilizando procesos básicos, como o craqueo térmico e a destilación. O produto destes procesos adoita consistir en compostos orgánicos separados definidos quimicamente. Esta clase comprende: - a fabricación de produtos químicos orgánicos básicos: • hidrocarburos acíclicos, saturados e non saturados • hidrocarburos cíclicos, saturados e non saturados • alcohois acíclicos e cíclicos • ácidos mono e policarboxílicos, incluído o ácido acético • outros compostos de función oxíxeno, incluídos aldehidos, cetonas, quinonas e compostos de función oxíxeno binarios ou múltiples • glicerina sintética • compostos de función nitróxeno, incluídas as aminas • fermentación de cana de azucre, millo ou produtos similares para producir alcohois e ésteres • outros compostos orgánicos incluídos os produtos procedentes da destilación da madeira (por exemplo, carbón vexetal), etc. - a fabricación de produtos sintéticos aromáticos - a produción de metano, non para a subministración como combustible gasoso a través dunha rede permanente - a destilación de alcatrán de hulla - a fabricación de alcohol etílico, excepto para combustible de bioetanol - a fabricación de gases refrixerantes		Esta clase non comprende: - a extracción de gas natural, consistente predominantemente en metano (véxase 06.20) - a fabricación de plásticos en formas primarias (véxase 20.16) - a fabricación de caucho sintético en formas primarias (véxase 20.17) - a fabricación de glicerina en bruto (véxase 20.41) - a fabricación de biocombustibles líquidos, por exemplo, o combustible de bioetanol (véxase 20.51) - a fabricación de etanol a partir de biomasa (véxase 20.51) - a fabricación de aceites esenciais naturais (véxase 20.59) - a fabricación de ácidos salicílico e O-acetilsalicílico (véxase 21.10) - a produción de metano para a subministración como combustible gasoso a través dunha rede permanente (véxase 35.21)
20.15	Fabricación de fertilizantes e compostos nitroxenados	Esta clase comprende: - a fabricación de fertilizantes: • fertilizantes nitroxenados, fosfatados ou potásicos puros ou complexos • urea, fosfatos naturais en bruto e sales de potasio naturais en bruto - a fabricación de produtos nitroxenados afíns: • ácido nítrico e ácido sulfonítrico, amoníaco, cloruro de amonio, carbonato de amonio, nitritos e nitratos de potasio	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de substratos para a plantación a base de mesturas de terra natural, turba, area, arxilas e minerais, con nitróxeno, fósforo ou potasio como constituínte esencial - a fabricación doutros fertilizantes mediante a mestura ou o tratamento químico de produtos animais ou vexetais	Esta clase non comprende: - a extracción de guano (véxase 08.91) - a fabricación de produtos agroquímicos, como praguicidas (véxase 20.20) - a fabricación de axentes de encalado (véxase 20.59) - a fabricación de compost de residuos (véxase 38.21)
20.16	Fabricación de plásticos en formas primarias	Esta clase comprende a fabricación de resinas, materiais plásticos e elastómeros termoplásticos non vulcanizables, así como a mestura e combinación por encarga de resinas e a fabricación de resinas sintéticas non producidas segundo especificacións. Esta clase comprende: - a fabricación de plásticos nas súas formas primarias: • polímeros, incluídos os polímeros de etileno, propileno, cinameno, cloruro de vinilo, acetato de vinilo e acrílicos • poliamidas • resinas fenólicas, resinas de epóxido e poliuretano • resinas alquídicas, resinas de poliéster e poliéteres • intercambiadores de ións baseados en polímeros - a fabricación de siliconas nas súas formas primarias - as actividades de composición de plásticos	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de celulosa e os seus derivados químicos - a fabricación de pos, gránulos ou escamas de plástico mediante a composición ou transformación de resinas plásticas a partir de residuos plásticos recuperados - a fabricación de plástico reciclado en escamas ou granulados a partir de residuos plásticos pretratados logo de operacións de recuperación de materiais	Esta clase non comprende: - a fabricación de fibras, filamentos e fíos sintéticos e artificiais (véxase 20.60) - o proceso, a trituración, limpeza e pulverización de residuos plásticos (véxase 38.21)
20.17	Fabricación de caucho sintético en formas primarias	Esta clase comprende: - a fabricación de caucho sintético nas súas formas primarias: • caucho sintético • Factis - a fabricación de mesturas de caucho sintético e caucho natural ou gomas similares ao caucho (por exemplo, balata)		Esta clase non comprende: - a clasificación, trituración, limpeza, pulverización e peletización de residuos de caucho (véxase 38.21)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
20.2	Fabricación de pesticidas, desinfectantes e outros produtos agroquímicos			
20.20	Fabricación de pesticidas, desinfectantes e outros produtos agroquímicos	Esta clase comprende: - a fabricación de insecticidas, raticidas, funxicidas, herbicidas, acaricidas, molusquicidas, biocidas, etc. - a fabricación de inhibidores de xerminación e reguladores do crecemento das plantas - a fabricación de desinfectantes (tanto agrícolas como para outros usos) - a fabricación doutros produtos agroquímicos n.c.n.		Esta clase non comprende: - a fabricación de fertilizantes e compostos nitroxenados (véxase 20.15)
20.3	Fabricación de pinturas, vernices e revestimentos similares; tintas de imprenta e masillas			
20.30	Fabricación de pinturas, vernices e revestimentos similares; tintas de imprenta e masillas	Esta clase comprende: - a fabricación de pinturas e vernices, esmaltes ou lacas - a fabricación de pigmentos e tinturas, opacificadores e cores preparados - a fabricación de esmaltes e vernices vitrificables, engobes e preparados similares - a fabricación de masillas - a fabricación de compostos de calafetaxe e masillas similares de recheo non refractarios - a fabricación de disolventes e diluíntes orgánicos compostos - a fabricación de preparados quitapinturas e quitavernices - a fabricación de tintas de imprenta		Esta clase non comprende: - a fabricación de tinturas, pigmentos e colorantes (véxase 20.12) - a fabricación de tintas para escribir e debuxar (véxase 20.59)
20.4	Fabricación de artigos de lavado, limpeza e abrillantamento			
20.41	Fabricación de xabóns, deterxentes e outros artigos de limpeza e abrillantamento	Esta clase comprende: - a fabricación de axentes tensoactivos orgánicos - a fabricación de papel, guata, feltro, etc. revestidos ou recubertos con xabón ou deterxente - a fabricación de glicerina en bruto - a fabricación de xabón, salvo xabón cosmético - a fabricación de preparados tensoactivos: • pos para lavar e deterxentes en forma sólida ou líquida • preparados para lavalouzas • suavizantes de tecidos - a fabricación de produtos de limpeza e de abrillantamento: • preparados para perfumar e desodorizar locais • ceras artificiais e ceras preparadas • lustres e cremas para coiro • lustres e cremas para madeira • lustres para carrozarías de automóbiles, cristais e metais • pos ou pastas de limpeza, incluídos papel, guata, etc., revestidos ou recubertos con estes produtos		Esta clase non comprende: - a fabricación de compostos separados definidos quimicamente (véxanse 20.13 e 20.14) - a fabricación de glicerina sintética a partir de produtos do petróleo (véxase 20.14) - a fabricación de xabón cosmético (véxase 20.42)
20.42	Fabricación de produtos de perfumaría e cosmética	Esta clase comprende: - a fabricación de perfumes e cosméticos: • perfumes e auga de toucador • produtos de beleza e de maquillaxe • produtos para o bronceado e a prevención das queimaduras do sol • preparados para a manicura ou pedicura • champús, lacas para o pelo, preparados para o rizado e o alisamento • dentífricos e preparados para a hixiene bucal, incluídos os preparados para a fixación de dentaduras postizas • preparados para o afeitado, incluídos os preparados para antes e despois do afeitado • desodorizantes e sales de baño • produtos para a depilación - a fabricación de xabón cosmético - a fabricación de xel para o coidado da pel		Esta clase non comprende: - a extracción e refinación de aceites esenciais naturais (véxase 20.59)
20.5	Fabricación doutros produtos químicos	Este grupo comprende a fabricación de biocombustibles líquidos e produtos químicos diversos n.c.n., por exemplo, explosivos e produtos pirotécnicos, colas, aceites esenciais, preparados compostos para diagnóstico, etc.		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
20.51	Fabricación de biocombustibles líquidos	*Esta clase comprende:* *- a fabricación de biodiésel* *- a fabricación de etanol a partir de biomasa* *- a fabricación de mesturas de bioetanol e éteres parcialmente obtidos da biomasa* *- a fabricación de biocombustibles líquidos mesmo cando os procesos utilicen refugallos como input*		Esta clase non comprende: - a fabricación de combustibles sólidos a partir de biomasa vexetal (véxase 16.26) - a fabricación de alcohol etílico, agás para combustible de bioetanol (véxase 20.14) - a fabricación de explosivos (véxase 20.59)
20.59	Fabricación doutros produtos químicos n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de placas e películas fotográficas, papel sensibilizado e outros materiais sensibilizados sen impresionar - a fabricación de preparados químicos para usos fotográficos - a fabricación de xelatina e os seus derivados - a fabricación de colas e adhesivos preparados, incluídas as colas e adhesivos a base de caucho - a fabricación de aceites esenciais - a fabricación de extractos de produtos aromáticos naturais - a fabricación de resinoides - a fabricación de mesturas de produtos aromáticos para a elaboración de perfumes ou alimentos - a fabricación de pólvoras de proxección - a fabricación de explosivos e produtos pirotécnicos, incluídos os engados e as cápsulas fulminantes, detonadores, foguetes de sinais, etc. - a fabricación de líquidos de vaporar utilizados en dispositivos para vaporar - a fabricación de diversos produtos químicos: • peptonas e os seus derivados, outras materias proteicas e os seus derivados n.c.n. • aceites e graxas modificadas quimicamente • materiais utilizados no acabamento de produtos téxtiles e coiro • pastas e pos para soldar • preparados para a decapaxe de metais • aditivos preparados para cementos • carbón activado, aditivos para aceites lubricantes, aceleradores de vulcanización, catalizadores e outros produtos químicos de uso industrial • preparados antidetonantes, anticonxelantes, etc. • líquidos para a transmisión hidráulica • reactivos compostos para diagnósticos e laboratorios • aditivos para combustibles, por exemplo, a base de éter etil tert-butílico (ETBE) e éter métil tert-butílico (MTBE)	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de tintas para escribir e debuxar - a fabricación de mistos	Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos sintéticos aromáticos (véxase 20.14) - a fabricación de tintas de imprenta (véxase 20.30) - a fabricación de produtos de perfumaría e cosmética (véxase 20.42) - a fabricación de biocombustibles líquidos (véxase 20.51)
20.6	Fabricación de fibras artificiais e sintéticas			
20.60	Fabricación de fibras artificiais e sintéticas	Esta clase comprende: - a fabricación de cables de filamentos sintéticos ou artificiais - a fabricación de fibras sintéticas ou artificiais descontinuas, sen cardar, peitear nin tratadas de calquera outra forma para a súa fiadura - a fabricación de fíos de filamentos sintéticos ou artificiais, incluído o fío de alta tenacidade - a fabricación de monofilamentos ou tiras, sintéticos ou artificiais - a fabricación de fibras recicladas		Esta clase non comprende: - a fiadura de fibras sintéticas ou artificiais (véxase 13.10) - a fabricación de fíos a base de fibras artificiais descontinuas (véxase 13.10) - a fabricación de fibras de carbono (véxase 23.99)
21	Fabricación de produtos farmacéuticos	Esta división comprende a fabricación de produtos farmacéuticos de base e preparados farmacéuticos	Inclúese nesta división a fabricación de produtos químicos e botánicos de uso medicinal	
21.1	Fabricación de produtos farmacéuticos de base			
21.10	Fabricación de produtos farmacéuticos de base	Esta clase comprende: - a produción de substancias farmacéuticas activas utilizadas polas súas propiedades farmacolóxicas na fabricación de produtos médicos, por exemplo, antibióticos, vitaminas básicas, ácidos salicílico e O-acetilsalicílico, etc. - o tratamento do sangue	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de azucres quimicamente puros - a fabricación de probióticos - o procesamento de glándulas e a fabricación de extractos glandulares, etc.	Esta clase non comprende: - a fabricación de preparados farmacéuticos para terapia celular e xénica avanzada (véxase 21.20)
21.2	Fabricación de especialidades farmacéuticas			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
21.20	Fabricación de especialidades farmacéuticas	Esta clase comprende: - a fabricación de medicamentos: • antisoros e outras fraccións sanguíneas • vacinas • medicamentos diversos, incluídos os preparados homeopáticos - a fabricación de preparados químicos contraceptivos de uso externo e medicamentos contraceptivos a base de hormonas - a fabricación de preparados para o diagnóstico médico, incluídas as probas de embarazo - a fabricación de substancias radioactivas para o diagnóstico en vivo - a fabricación de preparados farmacéuticos para a terapia celular e xénica avanzada	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de guatas, gasas, vendas, apósitos, etc. con medicamentos impregnados - a preparación de produtos botánicos (trituración, cribado, moenda) para uso farmacéutico - a fabricación de medicinas ou vacinas baseadas en vectores virais - a fabricación de preparados farmacéuticos para medicamentos veterinarios	Esta clase non comprende: - a elaboración de infusións (menta, verbena, macela, etc.) (véxase 10.83) - a fabricación de probióticos (véxase 21.10) - a fabricación de produtos de obturación dental e cemento dental (véxase 32.50) - a fabricación de cementos para a reconstrución de ósos (véxase 32.50) - a fabricación de sabas cirúrxicas (véxase 32.50) - a venda por xunto de produtos farmacéuticos (véxase 46.46) - o comercio ao retallo de produtos farmacéuticos (véxase 47.73) - as actividades de investigación e desenvolvemento relativas aos produtos farmacéuticos e outros produtos biotecnolóxicos (véxase 72.10) - o empaquetado de produtos farmacéuticos (véxase 82.92)
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	Esta división comprende a fabricación de produtos de caucho e plásticos. Esta división caracterízase polas materias primas utilizadas no proceso de fabricación. non obstante, isto non significa que todos os produtos fabricados con estes materiais se clasifiquen nesta división.	Esta división comprende tamén a fabricación de produtos de materiais compostos en que o plástico é o material predominante	
22.1	Fabricación de produtos de caucho	Este grupo comprende a fabricación de produtos de caucho		
22.11	Fabricación, recauchutaxe e reconstrución de pneumáticos de caucho e fabricación de cámaras	Esta clase comprende: - a fabricación de cubertas de caucho para vehículos, aparellos, maquinaria móbil, aeronaves, xoguetes, mobles e outros usos: • pneumáticos • cubertas macizas ou ocas - a fabricación de cámaras de aire para pneumáticos - a fabricación de bandas de rodadura intercambiables, bandas de fondo de lamia, bandas de rodadura para a recauchutaxe de cubertas, etc. - a recauchutaxe e a reconstrución de pneumáticos		Esta clase non comprende: - a fabricación de materiais de reparación de cámaras (véxase 22.12) - a reparación, colocación ou reposición de pneumáticos e cámaras (véxase 95.3)
22.12	Fabricación doutros produtos de caucho	Esta clase comprende: - a fabricación doutros produtos de caucho natural ou sintético sen vulcanizar, vulcanizados ou endurecidos: • pranchas, follas, bandas, varas, perfís, etc. • tubos, condutos e mangueiras • fitas transportadoras ou de transmisión de caucho • artigos de caucho para usos hixiénicos: preservativos, chupadeiras, bolsas de auga quente, etc. • roupa de caucho • fíos e cordas de caucho • fíos e tecidos engomados • aneis, xuntas e selos de caucho • revestimentos de caucho para rodetes • colchóns inflables de caucho • globos inflables - a fabricación de cepillos de caucho - a fabricación de canóns para pipas de caucho endurecido - a fabricación de peites, prendedores, rolos e produtos similares de caucho endurecido - a fabricación de xuntas de dilatación de caucho para a industria da construción - a fabricación de látex de caucho celular - a fabricación de revestimentos de caucho para o chan	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de materiais para a reparación do caucho - a fabricación de tecidos impregnados, bañados, recubertos ou estratificados con caucho - a fabricación de colchóns de caucho para camas de auga - a fabricación de gorros de baño e mandís de caucho - a fabricación de traxes de neopreno e de mergullo de caucho - a fabricación de artigos sexuais de caucho - a fabricación de roupa de látex	Esta clase non comprende: - a fabricación de tecidos de cordelaría para pneumáticos (véxase 13.96) - a fabricación de roupa de tecidos elásticos (véxanse 14.22 e 14.29) - a fabricación de solas de caucho e outras partes do calzado de caucho (véxase 15.20) - a fabricación de colas e adhesivos a base de caucho (véxase 20.59) - a fabricación de bandas de rodadura (véxase 22.11) - a fabricación de balsas e botes pneumáticos (véxanse 30.11, 30.12 e 30.13) - a fabricación de colchóns de caucho celular non recuberto (véxase 31.00) - a fabricación de artigos de deporte de caucho, excepto roupa, por exemplo, piscinas infantís e de natación (véxase 32.30) - a fabricación de xogos e xoguetes de caucho, (incluídas piscinas para nenos, barcos de caucho inflables para nenos, animais de caucho inflables, pelotas e artigos similares) (véxase 32.40) - a rexeneración do caucho (véxase 38.21)
22.2	Fabricación de produtos de plástico	Este grupo comprende a transformación de resinas de plástico novas ou usadas (é dicir, recicladas) en produtos intermedios ou finais, utilizando procesos tales como a modelaxe por compresión, a modelaxe por extrusión, a modelaxe por inxección, a modelaxe por sopradura e o baleiramento. Na maioría dos casos o proceso de produción permite a elaboración dunha ampla gama de produtos.		Este grupo non comprende: - a produción de pezas ou accesorios de plástico, destinados exclusiva ou principalmente para o seu uso en vehículos de motor (véxase 29.3)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
22.21	Fabricación de placas, follas, tubos e perfís de plástico	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos semielaborados de materias plásticas: • placas, pranchas, bloques, películas, láminas, bandas, tiras, etc. - a fabricación de produtos acabados de plástico: • tubos, condutos e mangueiras, accesorios para tubaxes e mangueiras, etc. • película ou lámina de celofán - a fabricación de placas e pranchas flexibles ou ríxidas de poliuretano celular - a fabricación de placas, pranchas, películas, láminas e tiras de plástico, reforzadas, estratificadas, soportadas ou combinadas de forma similar con outras materias - a fabricación de placas, pranchas, películas, láminas, fitas e tiras autoadhesivas de plástico		Esta clase non comprende: - a fabricación de plásticos en formas primarias (véxase 20.16) - a fabricación de artigos de caucho sintético ou natural (véxase 22.1) - o recubrimento de tubaxes metálicas con espuma de poliuretano e revestimento con tubos de plástico, por exemplo, para servizos de subministración de vapor e auga quente (véxase 22.25)
22.22	Fabricación de envases e embalaxes de plástico	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos de embalaxe de materias plásticas: • bolsas, sacos, caixas, caixóns, bombonas, botellas, etc. de plástico		Esta clase non comprende: - a fabricación de artigos de viaxe e bolsos de plástico (véxase 15.12)
22.23	Fabricación de portas e fiestras de plástico	Esta clase comprende: - a fabricación de portas, fiestras e os seus marcos de plástico - a fabricación de portas e fiestras de materiais múltiples e co marco de plástico - a fabricación de peches, persianas (incluídas as venecianas) e artigos similares, e as súas partes, de plástico - a fabricación de persianas de múltiples materiais para portas e fiestras co marco de plástico		
22.24	Fabricación de produtos de plástico para a construción	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos de plástico para a construción: • zócalos • tanques e depósitos • revestimentos de plástico para o chan, paredes ou teitos en rolos ou en forma de baldosa, etc. • artigos de plástico de uso sanitario como bañeiras, pratos de ducha, lavabos, retretes, cisternas, etc. - a fabricación de revestimentos do chan resistentes, como os de vinilo, linóleo, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de artigos sanitarios feitos dunha mestura de plásticos e minerais, cos minerais como recheo	Esta clase non comprende: - a fabricación de chans de caucho (véxase 22.12) - a fabricación de portas e fiestras de plástico (véxase 22.23)
22.25	Transformación e acabamento de produtos de plástico	Esta clase comprende actividades xerais para o tratamento e o acabamento de produtos de plástico, que se realizan habitualmente por conta de terceiros: - o procesamento de plásticos, por exemplo, por corte, biselado, torneadura, fresadura, tradeamento, roscamento por control numérico computerizado (CNC) ou outras maquinarias - o dobramento, encolamento e a soldadura de materiais plásticos - o procesamento de superficies de plástico, por exemplo, mediante gravado, areado, microgranallado, pulimentación, etc. - o recubrimento de superficies plásticas, por exemplo, pintura, verrnizado e metalización de plásticos	Esta clase comprende tamén: - o revestimento de tubos metálicos con plástico - a soldadura de tanques e tubaxes de plástico - o revestimento metálico de plásticos	Esta clase non comprende: - o revestimento con plástico de superficies metálicas (véxase 25.51)
22.26	Fabricación doutros produtos de plástico	Esta clase comprende: - a fabricación de servizos de mesa, utensilios de cociña e artigos de toucador de plástico - a fabricación de produtos de plástico diversos, por exemplo: • cascos de plástico, salvo cascos de seguridade, accesorios de illamentos, pezas para lámpadas e aparellos de iluminación, artigos de escritorio e para uso escolar, roupa, gornicións para mobles, estatuetas, fitas transportadoras e de transmisión, formas de zapato de plástico, boquillas de plástico para cigarros e puros, peites, rizadores de pelo, artigos promocionais e de regalo de plástico, etc. - a fabricación de produtos a partir de arxila polimérica - a soldadura de tanques e tubaxes de plástico	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de materiais de plástico para a limpeza	Esta clase non comprende: - a fabricación de artigos de viaxe de plástico (véxase 15.12) - a fabricación de calzado de plástico (véxase 15.20) - a fabricación de mobiliario de plástico (véxase 31.00) - a fabricación de colchóns de plástico celular non recuberto (véxase 31.00) - a fabricación de artigos de plástico para deporte (véxase 32.30) - a fabricación de xogos e xoguetes de plástico (véxase 32.40) - a fabricación de accesorios de plástico para medicina, cirurxía e odontoloxía (véxase 32.50) - a fabricación de artigos ópticos de plástico (véxase 32.50) - a fabricación de cascos de seguridade e outros equipamentos de seguridade persoal de plástico (véxase 32.99)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	Esta división comprende as actividades de fabricación relacionadas cunha única substancia de orixe mineral. A división comprende a fabricación de vidro e produtos de vidro (por exemplo, vidro plano, vidro oco, fibras, artigos de vidro de uso técnico, etc.), produtos de cerámica, lousas e produtos de arxila cocida, cemento, formigón e xeso, desde as materias primas ata os artigos acabados	Esta división complétase coas actividades de corte e acabamento da pedra e doutros produtos minerais. Esta división comprende tamén a fabricación de produtos de materiais compostos en que o vidro e os minerais non metálicos, como a area, grava, pedra ou arxila son o material predominante.	
23.1	Fabricación de vidro e produtos de vidro	Este grupo comprende a fabricación, por calquera proceso, de vidro en todas as súas formas, e de artigos de vidro		
23.11	Fabricación de vidro plano	Esta clase comprende: - a fabricación de vidro plano, por exemplo, vidro colado, laminado, estirado ou soprado, rectificado ou puído en placas e placas de vidro flotado, opacificado, relucente ou que teña unha capa absorbente, reflectante ou antirreflectante, incluído o vidro plano armado, corado ou tintado	Esta clase comprende tamén: - a manipulación e transformación realizadas como parte do proceso de fabricación	Esta clase non comprende: - a manipulación e transformación de placas de vidro plano, por exemplo, mediante dobramento, gravado, laminación, temperado, etc. (véxase 23.12)
23.12	Manipulación e transformación de vidro plano	Esta clase comprende: - a fabricación de placas ou perfís de vidro curvado, canteado, gravado, perforado ou esmaltado - a fabricación de vidro plano endurecido ou laminado - a fabricación de espellos de vidro - a fabricación de illadores de vidro de varias capas - a fabricación de vidro recuberto - o tratamento en superficie de vidro plano		Esta clase non comprende: - a impresión sobre vidro (véxase 18.12) - a fabricación de espellos de vehículos (véxase 29.32)
23.13	Fabricación de vidro oco	Esta clase comprende: - a fabricación de botellas e doutros recipientes de vidro ou de cristal - a fabricación de vasos, cristalaría para servizos de mesa ou cociña e doutros artigos domésticos de vidro ou cristal	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de interiores de vidro para recipientes de baleiro - o corte ou a decoloración de vasos para beber	Esta clase non comprende: - a impresión sobre vidro (véxase 18.12) - a fabricación de xoguetes de vidro (véxase 32.40)
23.14	Fabricación de fibra de vidro	Esta clase comprende: - a fabricación de fibra de vidro, incluída a la de vidro e artigos sen tecer desta fibra - a fabricación de produtos a partir da fibra de vidro		Esta clase non comprende: - a fabricación de tecidos de fío de vidro (véxase 13.96) - a fabricación de la de escouras, de rocha e las minerais similares (véxase 23.99) - a fabricación de cable de fibra óptica para a transmisión de datos e de imaxes en directo (véxase 27.31)
23.15	Fabricación e manipulación doutro vidro, incluído o vidro técnico	Esta clase comprende: - a fabricación de obxectos de vidro para laboratorio, hixiene ou farmacia - a fabricación de cristais para reloxos, vidro óptico e elementos deste non traballados opticamente - a fabricación de artigos de vidro empregados en bixutería - a fabricación de illadores de vidro e accesorios illantes de vidro - a fabricación de ampolas e envolturas de vidro para lámpadas - a fabricación de estatuetas de vidro - a fabricación de bloques e tixolos, placas, cadrados e baldosas de vidro utilizados para a edificación ou a construción, e vidro multicelular ou escumado en bloques, paneis, placas, cunchas ou formas similares - a fabricación de vidro en forma de varas ou tubos	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de portas, fiestras, etc. de vidro - o acabamento doutros vidros, incluídos os vidros técnicos, por exemplo, o acabamento ou pulimentación mecánica da cristalaría	Esta clase non comprende: - a fabricación de elementos ópticos traballados opticamente (véxase 26.70) - a fabricación de xiringas e outros materiais médicos de laboratorio (véxase 32.50)
23.2	Fabricación de produtos cerámicos refractarios			
23.20	Fabricación de produtos cerámicos refractarios	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos intermedios a partir de minerais non metálicos como grava, pedra ou arxila - a fabricación de morteiros, formigóns, etc. refractarios - a fabricación de produtos cerámicos refractarios, por exemplo: • produtos cerámicos para illamento térmico fabricados con fariñas fósiles silíceas • tixolos, bloques, tellas, etc. refractarios • retortas, crisois, muflas, boquillas, tubos, tubaxes, etc. de cerámica refractaria	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de artigos refractarios que conteñen magnesita, dolomita ou cromita	
23.3	Fabricación de produtos cerámicos para a construción			
23.31	Fabricación de azulexos e baldosas de cerámica	Esta clase comprende: - a fabricación de azulexos ou revestimentos cerámicos, cubos para mosaico, etc. non refractarios - a fabricación de baldosas e lastros cerámicos non refractarios		Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos cerámicos refractarios (véxase 23.20) - a fabricación de tixolos e tellas cerámicos (véxase 23.32) - a fabricación de artigos de pedra artificial para a construción industrializada ou non industrializada (véxanse 23.67 e 23.68)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
23.32	Fabricación de tixolos, tellas e produtos de terras cocidas para a construción	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos cerámicos estruturais non refractarios, obtidos mediante cocción de materiais de construción de arxila, por exemplo, tixolos cerámicos, tellas, chemineas, tubos, condutos, etc. - a fabricación de revestimentos do chan de arxila cocida		Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos cerámicos refractarios (véxase 23.20) - a fabricación de produtos cerámicos non refractarios non estruturais (véxase 23.4)
23.4	Fabricación doutros produtos cerámicos	Este grupo comprende a fabricación de produtos finais a partir de minerais non metálicos como area, grava, pedra ou arxila		
23.41	Fabricación de artigos cerámicos de uso doméstico e ornamental	Esta clase comprende: - a fabricación de vaixelas, utensilios de cociña, artigos para o fogar, artigos de toucador, estatuetas e outros artigos ornamentais de cerámica, por exemplo, vaixela de porcelana, cerámica común, gres, louza ou cerámica fina		Esta clase non comprende: - a fabricación de bixutería (véxase 32.13) - a fabricación de xoguetes de cerámica (véxase 32.40)
23.42	Fabricación de aparellos sanitarios cerámicos	Esta clase comprende: - a fabricación de aparellos sanitarios cerámicos, como fregadeiros, lavabos, pedestais de lavabo, bañeiras, bidés, inodoros, cisternas, etc.		Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos cerámicos refractarios (véxase 23.20) - a fabricación de materiais de construción cerámicos (véxase 23.3)
23.43	Fabricación de illadores e pezas illantes de material cerámico	Esta clase comprende: - a fabricación de illadores eléctricos e pezas illantes de material cerámico para fins eléctricos		Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos cerámicos refractarios (véxase 23.20)
23.44	Fabricación doutros produtos cerámicos de uso técnico	Esta clase comprende: - a fabricación de imáns permanentes e de obxectos destinados a converterse en imáns permanentes despois da magnetización, de materiais distintos do metal, por exemplo, ferrita aglomerada - a fabricación de artigos de cerámica para usos de laboratorio, químicos ou outros usos técnicos		Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos cerámicos refractarios (véxase 23.20) - a fabricación de materiais de construción cerámicos (véxase 23.3) - a fabricación de pedra artificial (por exemplo, mármore artificial) (véxase 23.66)
23.45	Fabricación doutros produtos cerámicos	Esta clase comprende: - a fabricación de potes, tarros e outros artigos similares do tipo empregado para o transporte ou empaquetado de bens - a fabricación de bebedoiros cerámicos, tinas e receptáculos similares do tipo utilizado na agricultura - a fabricación de produtos cerámicos n.c.n.		Esta clase non comprende: - a fabricación de aparellos sanitarios cerámicos (véxase 23.42) - a fabricación de pezas dentais artificiais (véxase 32.50)
23.5	Fabricación de cemento, cal e xeso			
23.51	Fabricación de cemento	Esta clase comprende: - a fabricación de clínker e cementos hidráulicos, incluídos o Portland, o cemento aluminoso, o cemento de escouras, o cemento de supersulfatos e outros cementos hidráulicos similares, independentemente de que teña ou non a cor ou a forma do clínker		Esta clase non comprende: - a fabricación de morteiros, formigóns, etc. refractarios (véxase 23.20) - a fabricación de mesturas preparadas e secas para formigón e morteiro (véxanse 23.63 e 23.64) - a fabricación de artigos de cemento (véxanse 23.65 e 23.66) - a fabricación de cementos empregados en odontoloxía (véxase 32.50)
23.52	Fabricación de cal e xeso	Esta clase comprende: - a fabricación de cal vivo, cal apagado e cal hidráulico - a fabricación de xesos para encalar a partir de xeso calcinado e sulfato calcinado	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de dolomita calcinada ou sinterizada	Esta clase non comprende: - a fabricación de óxido de calcio puro e hidróxido de calcio (véxase 20.12) - a fabricación de artigos de xeso (véxanse 23.62 e 23.66)
23.6	Fabricación de elementos de formigón, cemento e xeso			
23.62	Fabricación de elementos de xeso para a construción	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos de xeso ou composicións a base de xeso para a construción: • pranchas, placas, paneis, tellas e artigos similares, sen adornar		
23.63	Fabricación de formigón fresco	Esta clase comprende: - a fabricación de formigón listo para verter, é dicir, ao que xa se lle engadiu auga e que se transporta habitualmente en camións formigoneira		Esta clase non comprende: - a fabricación de cementos refractarios (véxase 23.20)
23.64	Fabricación de morteiro	Esta clase comprende: - a fabricación de morteiros non refractarios e de formigón o que aínda non se mesturou con auga		Esta clase non comprende: - a fabricación de morteiros refractarios (véxase 23.20) - a fabricación de formigón preparado e formigón listo para verter (véxase 23.63)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
23.65	Fabricación de fibrocemento	Esta clase comprende: - a fabricación de paneis, pranchas, baldosas, bloques e artigos similares de materias vexetais (por exemplo, la de madeira, palla, canas, vimbios) aglomerados con cemento, xeso ou outros aglutinantes minerais - a fabricación de artigos de asbestocemento ou fibrocemento de celulosa, por exemplo: • placas onduladas e outras placas, paneis, tellas, tubos, tubaxes, depósitos, bebedoiros, lavabos, fregadeiros, xerras, marcos de fiestra, etc.		Esta clase non comprende: - a fabricación de taboleiros de fibra illantes de madeira, ou outros materiais leñosos, estean ou non aglutinados con resinas ou outras substancias orgánicas (véxase 16.21)
23.66	Fabricación doutros produtos de formigón, xeso e cemento	Esta clase comprende: - a fabricación doutros artigos de formigón, xeso ou de composicións a base de xeso, cemento ou pedra artificial, por exemplo, estatuas, mobles, baixorrelevos e altorrelevos, vasos, macetas, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de taboleiros ou paneis ornamentados de xeso ou de composicións a base de xeso - outros artigos de silicato cálcico - outros artigos de formigón celular curado en autoclave	Esta clase non comprende: - a fabricación de elementos premodelados de formigón, cemento ou pedra artificial para a construción industrializada ou non industrializada (véxanse 23.67 e 23.68)
23.67	Fabricación de elementos de formigón para a construción non industrializada	Esta clase comprende: - a fabricación de elementos premodelados de formigón, cemento ou pedra artificial para a construción non industrializada: • baldosas, lousas, bloques para a construción, tixolos, pranchas, placas, paneis, tubaxes, postes, etc. - a fabricación de estruturas prefabricadas e de compoñentes estruturais para a construción ou enxeñaría civil, o control e a restrición do tráfico, de cemento, formigón ou pedra artificial, con baixo grao de finalización - a produción de elementos prefabricados de tixolo feitos en fábrica con baixo grao de finalización, para a construción de estruturas que se utilizarán en paisaxismo e muros de contención, xestión de augas residuais e pluviais, e servizos públicos subterráneos - a produción de elementos feitos en fábrica con formigón con baixo grao de finalización - a fabricación de tubaxes prefabricadas de formigón para auga potable	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de unidades de cachotaría de silicato cálcico - a fabricación de unidades de cachotaría de formigón celular curado en autoclave	Esta clase non comprende: - a fabricación industrializada de elementos para a construción cun alto grao de finalización, cuxo principal material é o formigón (véxase 23.68)
23.68	Fabricación de elementos de formigón para a construción industrializada	Esta clase comprende: - a fabricación industrializada de elementos para a construción, cuxo principal material é o formigón, como parte ou todo dun compoñente, módulo ou sistema integrado, con alto grao de finalización • baños 2D e 3D, núcleos estruturais (chemineas de ventilación, ocos de escaleira), balcóns, beirís, etc. • compoñentes híbridos anteriormente citados, fabricados con diferentes materiais dos que o material principal sexa o formigón	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de compoñentes para o seu uso como cerramento, como paneis de formigón prefabricado, UHPC e GRC, monocapa ou multicapa, que poden incluír ou non revestimentos finais de cerramento	Esta clase non comprende: - a fabricación de elementos de formigón para a construción non industrializada (véxase 23.67) - a fabricación de elementos que se utilizan na edificación e que se colocan en obra sen que estean integrados nun compoñente (por exemplo, fabricación de tixolos, fabricación de placas de xeso, etc.)
23.7	Corte, entalladura e acabamento da pedra			
23.70	Corte, entalladura e acabamento da pedra	Esta clase comprende: - o corte, a entalladura e o acabamento da pedra para o seu emprego, por exemplo, na construción, nos cemiterios, estradas, tellados, etc. - a fabricación de mobles de pedra		Esta clase non comprende: - as actividades realizadas polos traballadores de canteiras, por exemplo, a produción de pedra cortada en bruto (véxase 08.11) - a produción de pedras para moer, pedras abrasivas e produtos similares (véxase 23.9)
23.9	Fabricación de produtos abrasivos e produtos minerais non metálicos n.c.n.			
23.91	Fabricación de produtos abrasivos	Esta clase comprende: - a fabricación de pedras de muíño, pedras de afiar, esmeriladoras, etc., sen soporte, para amolar, afiar, puír, rectificar ou cortar, así como pedras de afiar ou puír á man	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de abrasivos naturais ou artificiais, en po ou en gran, a base de materiais téxtiles, de papel, de cartón ou doutros materiais, estean ou non recortados, cosidos ou confeccionados doutro xeito	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
23.99	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de materiais de fricción e artigos sen montar similares cunha base de substancias minerais ou de celulosa - a fabricación de materiais minerais illantes, por exemplo: • la de escouras, de rocha e las minerais similares, vermiculita exfoliada, arxilas dilatadas e materiais similares para illamento térmico e acústico - a fabricación de artigos de substancias minerais diversas, por exemplo: • mica traballada e produtos de mica, turba, grafito (excepto artigos eléctricos) - a fabricación de artigos de asfalto e de materiais similares, por exemplo, betume de petróleo ou brea de alcatrán de hulla, etc. - a fabricación de fibras e produtos de carbono e grafito (salvo eléctrodos e aplicacións eléctricas) - a fabricación de corindón artificial - a calcinación de caolín - o secado e a moenda de arxila ata conseguir po de arxila, apto para a produción de cerámica		Esta clase non comprende: - a fabricación de la de vidro e artigos sen tecer desta fibra (véxase 23.14) - a fabricación de eléctrodos de grafito (véxase 27.90) - a fabricación de xuntas de carbono ou grafito (véxase 28.29)
24	Metalurxia	Esta división comprende as actividades de fundición ou refinación de metais férreos e non férreos a partir do mineral, lingotes, refugallos de metal ou ferralla, mediante técnicas electrometalúrxicas e outras técnicas metalúrxicas de tratamento	Esta división comprende tamén a fabricación de aliaxes e superaliaxes metálicas introducindo outros elementos químicos nos metais puros. O resultado da fundición e refinación, normalmente en forma de lingotes, utilízase nas operacións de laminación, estiramento e extrusión para fabricar pranchas, placas, flexes, barras, varas, arame ou tubos, tubaxes e perfís ocos e outros produtos metálicos básicos; e en forma licuada para facer pezas fundidas e outros produtos metálicos básicos	
24.1	Fabricación de produtos básicos de ferro, aceiro e ferroaliaxes			
24.10	Fabricación de produtos básicos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	Esta clase comprende actividades como a redución directa de mineral de ferro, a fabricación de lingotes de ferro en forma licuada ou sólida, a transformación de lingotes de ferro en aceiro, a fabricación de ferroaliaxes e a fabricación de produtos de aceiro. Esta clase comprende: - a explotación de altos fornos, convertedores de aceiro, talleres de laminación e de acabamento - a produción de lingotes de ferro e fundición especular en lingotes, bloques ou outras formas primarias - a produción de ferroaliaxes - a produción de produtos férreos por redución directa de ferro e doutros produtos férreos porosos - a produción de ferro dunha pureza excepcional por electrólise e outros procesos químicos - a refundición en lingotes de refugallos de ferro ou aceiro - a produción de ferro granulado e po de ferro - a produción de ferro e aceiro en lingotes e outras formas primarias - a produción de produtos semielaborados de ferro ou aceiro - a fabricación de produtos laminados en quente ou en frío de ferro ou aceiro - a fabricación de barras e varas de ferro ou aceiro laminadas en quente - a fabricación de angulares e perfís de ferro ou aceiro laminados en quente - a fabricación de estacas prancha e de perfís e angulares soldados de ferro ou aceiro - a fabricación de materiais de ferro ou aceiro para vías férreas (raís sen ensamblar) - a produción de gas para altos fornos	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de produtos planos, recubertos ou non, de aceiro laminado en rolos ou en tiras (de grosor de 600 mm ou máis), mediante a relaminación en frío de produtos planos laminados en quente ou de varas de aceiro	Esta clase non comprende: - o estiramento en frío de barras (véxase 24.31)
24.2	Fabricación de tubos, tubaxes, perfís ocos e dos seus accesorios de aceiro			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
24.20	Fabricación de tubos, tubaxes, perfís ocos e dos seus accesorios de aceiro	Esta clase comprende: - a fabricación de tubos e tubaxes sen soldadura de sección transversal circular ou non circular e de pezas de fundición de sección transversal circular, para o seu tratamento posterior, mediante laminación en quente, extrusión en quente ou outros procesos en quente de produtos intermedios que poden consistir en barras ou tochos obtidos mediante laminación en quente ou coada continua - a fabricación de tubos e tubaxes sen soldadura de precisión e de non precisión a partir de pezas laminadas ou extrusionadas en quente mediante o estiramento ou a laminación en frío de tubos e tubaxes de sección transversal circular, e o estiramento en frío unicamente para os tubos e as tubaxes de sección transversal non circular e perfís ocos - a fabricación de tubos e tubaxes soldados dun diámetro externo superior a 406,4 mm, conformados en frío a partir de produtos planos laminados en quente e soldados lonxitudinalmente ou en espiral - a fabricación de tubos e tubaxes soldados dun diámetro externo de 406,4 mm ou menos de sección transversal circular mediante conformación continua en frío ou en quente de produtos planos laminados en frío ou en quente e soldados lonxitudinalmente ou en espiral, e de sección transversal non circular, mediante conformación en quente ou en frío a partir de bandas laminadas en quente ou en frío e soldadas lonxitudinalmente - a fabricación de tubos e tubaxes soldados de precisión, dun diámetro externo de 406,4 mm ou menos, mediante conformación en quente ou en frío de bandas laminadas en quente ou en frío e soldadas lonxitudinalmente, simplemente soldados ou tratados mediante estiramento, laminación ou conformación en frío de tubos e tubaxes de sección transversal non circular - a fabricación de bridas e bridas planas con colares forxados mediante o tratamento de produtos planos de aceiro laminados en quente - a fabricación de xuntas de soldadura como, por exemplo, cóbados e reducións, mediante a forxa de tubos de aceiro sen soldadura laminados en quente - xuntas de rosca e outras xuntas de soldadura de tubos e tubaxes de aceiro		Esta clase non comprende: - a fabricación de tubos e tubaxes de aceiro sen soldadura por fundición centrífuga (véxase 24.52)
24.3	Fabricación doutros produtos de primeira transformación do aceiro	Este grupo comprende a fabricación doutros produtos mediante o procesamento en frío do aceiro		
24.31	Estiramento en frío	Esta clase comprende: - a fabricación de barras, varas e perfís sólidos de aceiro mediante estiramento en frío, esmerilaxe ou acabamento en frío		Esta clase non comprende: - a trefilación en frío de arame (véxase 24.34)
24.32	Laminación en frío	Esta clase comprende: - a fabricación de produtos planos, recubertos ou non, de aceiro laminado en rolos ou en tiras (de grosor inferior a 600 mm), mediante a relaminación en frío de produtos planos laminados en quente ou de varas de aceiro		Esta clase non comprende: - a fabricación de produtos planos, recubertos ou non, de aceiro laminado en rolos ou en tiras de grosor de 600 mm ou máis, mediante a relaminación en frío de produtos planos laminados en quente ou de varas de aceiro (véxase 24.10)
24.33	Produción de perfís en frío por conformación con pregadura	Esta clase comprende: - a fabricación de perfís ou chapas perfiladas, por conformación nun tren de laminación ou mediante pregadura nunha prensa, de produtos planos de aceiro laminados - a fabricación de pranchas acanaladas e paneis laminados mediante laminación en frío por conformación con pregadura		
24.34	Trefilación en frío	Esta clase comprende: - a fabricación de arame de aceiro mediante estiramento en frío de varas de aceiro		Esta clase non comprende: - o estiramento de barras e perfís sólidos de aceiro (véxase 24.31) - a fabricación de produtos de arame (véxase 25.93)
24.4	Produción de metais preciosos e doutros metais non férreos			
24.41	Produción de metais preciosos	Esta clase comprende: - a produción de metais preciosos: • a produción e refinación de metais preciosos en bruto ou non: ouro, prata, platino, etc., a partir de mineral ou ferralla - a produción de aliaxes de metais preciosos - a produción de metais preciosos en forma semielaborada ou en po - o revestimento de metais comúns con recubrimento de prata, ouro ou platino, fixados mediante soldadura, soldadura forte, soldadura branda, laminación en quente ou medios mecánicos similares	Esta clase comprende tamén: - a trefilación de metais preciosos mediante estiramento - a fabricación de pranchas, placas, flexes e laminacións de metais preciosos - a extracción de prata a partir de refugallos e ferralla mediante refinación electrolítica - a fundición de metais preciosos en lingotes, bloques ou formas similares	Esta clase non comprende: - a fundición de cobre, cinc e doutros metais non férreos (véxase 24.54) - a fabricación de xoias de metais preciosos (véxase 32.12)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
24.42	Produción de aluminio	Esta clase comprende: - a produción de aluminio en bruto, aliado ou non, a partir de alumina ou de refugallos e ferralla de aluminio - a fabricación de barras, varas, perfís e arame de aluminio - a fabricación de tubos e tubaxes e dos seus accesorios de aluminio - a fabricación de pranchas, placas e flexes de aluminio, estean ou non pintados, vernizados ou recubertos con plásticos - a fabricación de papel de aluminio, estea ou non impreso ou sobre soporte de papel, cartón, plástico ou outro material similar	Esta clase comprende tamén: - a produción de óxido de aluminio (alumina)	Esta clase non comprende: - a fundición de aluminio e doutros metais lixeiros (véxase 24.53) - a trituración de refugallos e ferralla de aluminio (véxase 38.21)
24.43	Produción de chumbo, cinc e estaño	Esta clase comprende: - a produción de chumbo, cinc e estaño en bruto, aliado ou non, a partir de minerais ou de refugallos e ferralla de chumbo, cinc ou estaño - a fabricación de barras, varas, perfís, arames, pranchas, placas, flexes e láminas de chumbo, cinc ou estaño	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de po de cinc por atomización de cinc fundido	Esta clase non comprende: - a fundición de chumbo, cinc ou estaño (véxase 24.54) - a trituración de refugallos e de ferralla de chumbo, cinc ou estaño (véxase 38.21)
24.44	Produción de cobre	Esta clase comprende: - a fabricación de cobre en bruto ou refinado, aliado ou non aliado, a partir de minerais ou de refugallos e ferralla de cobre - a fabricación de barras, varas, perfís, placas, láminas e flexes de cobre ou de aliaxes de cobre - a fabricación de arame de cobre e de aliaxes de cobre - a fabricación de tubos, tubaxes e dos seus accesorios de cobre e aliaxes de cobre - a fabricación de lámina de cobre, estea ou non impresa ou sobre soporte de papel, cartón, plástico ou outro material de soporte similar	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de barras, varas, perfís, pranchas, placas, flexes, arames, tubos e tubaxes de latón	Esta clase non comprende: - a fundición de cobre (véxase 24.54) - a trituración de refugallos e ferralla de cobre (véxase 38.21)
24.45	Produción doutros metais non férreos	Esta clase comprende: - a produción de cromo, manganeso, níquel, etc., en bruto, aliados ou non aliados, a partir de minerais ou óxidos ou de refinación electrolítica e aluminotérmica de refugallos e ferralla de cromo, manganeso, níquel, etc. - a fabricación de barras, varas, perfís e arame de cromo, manganeso, níquel, etc. - a fabricación de pranchas, placas, flexes e láminas de cromo, manganeso, níquel, etc. - a produción de matas de níquel - a produción doutros metais non férreos		Esta clase non comprende: - a fundición de metais non férreos (véxanse 24.53 e 24.54) - a trituración de refugallos e ferralla de metais non férreos (véxase 38.21)
24.46	Procesamento de combustibles nucleares	Esta clase comprende: - a fabricación de metal de uranio e dos seus compostos a partir de pechblenda ou doutros minerais - a fabricación de aliaxes de uranio, dispersións (incluídos os cermets), produtos cerámicos e mesturas que conteñan uranio ou compostos de uranio - a fundición e a refinación de uranio		Esta clase non comprende: - o enriquecemento de minerais de uranio e de torio (véxase 20.13)
24.5	Fundición de metais	Este grupo comprende as actividades de fundicións que empregan diferentes procesos de fundición para producir pezas modeladas con todas as aliaxes de metais férreos e non férreos. É posible que comprenda o recorte ou a decapaxe posterior das pezas fundidas, pero sen ningún outro procesamento adicional. Este grupo comprende a fabricación de pezas fundidas producidas en diversas industrias.		Este grupo non comprende: - a fabricación de produtos obtidos mediante procesos de produción distintos da fundición, por exemplo, pezas forxadas, prensadas, trefiladas e estampadas, aneis laminados ou produtos pulvimetalúrxicos (véxase a división 25) - a fabricación de produtos acabados mediante o tratamento posterior de pezas fundidas, por exemplo: • caldeiras e radiadores (véxase 25.21) • artigos de fundición para o fogar, áncoras, hélices de embarcacións e campás (véxase 25.99)
24.51	Fundición de ferro	Esta clase comprende as actividades das fundicións de ferro. Esta clase comprende: - a fundición de pezas de modelaxe de ferro gris - a fundición de pezas de modelaxe de ferro dúctil (incluída a fundición de pezas de modelaxe esferoidais de grafito e de pezas maleables de ferro fundido) - a fundición de pezas de modelaxe feitas doutras fundicións de aliaxes especiais		
24.52	Fundición de aceiro	Esta clase comprende: - a fundición de pezas de modelaxe de aliaxe ou de aceiro común - a fundición de pezas de modelaxe de aceiro ao carbono ou de aceiro comercial - a fundición de pezas de modelaxe de aliaxe ou de alta aliaxe - a fundición de pezas de modelaxe de aceiro inoxidable		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
24.53	Fundición de metais lixeiros	Esta clase comprende: - as actividades de fundición de metais lixeiros - a fundición de pezas de modelaxe de aluminio - a fundición de pezas de modelaxe de magnesio - a fundición de pezas de modelaxe de titanio	Esta clase comprende tamén: - a fundición de implantes dentais ou outros de metais lixeiros	Esta clase non comprende: - a fundición de metais non considerados metais lixeiros (véxanse 24.51, 24.52 e 24.54)
24.54	Fundición doutros metais non férreos	Esta clase comprende: - as actividades de fundición doutros metais non férreos - a fundición de pezas de modelaxe de aliaxes de cobre, cinc, chumbo ou níquel - a fundición de pezas de modelaxe de aliaxes doutros metais non férreos	Esta clase comprende tamén: - a fundición de implantes dentais ou outros doutros metais non férreos	
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	Esta división comprende a fabricación de produtos metálicos «puros» (como compoñentes, colectores e estruturas), habitualmente cunha función estática e inmóbil, mentres que as divisións 26 á 30 comprenden a fabricación de combinacións ou ensamblaxes dos ditos produtos metálicos (en ocasións con outros materiais) en unidades máis complexas que, excepto as puramente eléctricas, electrónicas ou ópticas, funcionan con compoñentes móbiles	Esta división comprende tamén a fabricación de produtos de materiais compostos en que o metal é o material predominante. A fabricación de armas e municións inclúese así mesmo nesta división.	Esta división non comprende: - as actividades especializadas de reparación e mantemento de produtos metálicos, maquinaria e equipamentos (véxase 33.1) - a instalación especializada en edificios de bens cuxa fabricación se clasifica nesta división, como caldeiras de calefacción central (véxase 43.22)
25.1	Fabricación de elementos metálicos para a construción	Este grupo comprende a fabricación de elementos metálicos para a construción (por exemplo, estruturas ou pezas metálicas para estas).		
25.12	Fabricación de portas e fiestras de metal	Esta clase comprende: - a fabricación de portas, fiestras e os seus marcos, linteis para portas, peches, portais, etc. metálicos - a fabricación de tabiques metálicos para a súa instalación sobre o chan - a fabricación de persianas metálicas, parasoles metálicos e mosquiteiros	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de extensións espaciais temporais de metal	
25.13	Fabricación de estruturas metálicas e os seus compoñentes, agás as destinadas á construción industrializada	Esta clase comprende: - a fabricación de estruturas ou armazóns metálicas para a construción e dos seus compoñentes (torres, mastros, armaduras, pontes, etc.), con baixo grao de finalización - a fabricación de equipamentos para andamios, encofrados, apuntalamentos ou puntais - a fabricación de estruturas industriais de metal (armazóns para altos fornos e para equipamentos de elevación e manipulación de mercadorías, etc.)	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de estruturas de soporte metálicas, por exemplo, para luces ou altofalantes	Esta clase non comprende: - a fabricación de edificios metálicos prefabricados (véxase 25.14) - a fabricación de pezas para caldeiras navais e caldeiras para a produción de enerxía (véxase 25.21) - a fabricación de accesorios ensamblados para vías de ferrocarril (véxase 25.99) - a fabricación de carrozarías (véxase 29.20) - a fabricación de elementos de estrutura para barcos (véxanse 30.11 e 30.13)
25.14	Fabricación de estruturas metálicas e os seus compoñentes destinadas á construción industrializada	Esta clase comprende: - a fabricación industrializada de elementos para a construción cuxo principal material é metálico como parte ou todo dun compoñente, módulo ou sistema integrado, con alto grao de finalización • baños 2D e 3D, núcleos estruturais (chemineas de ventilación, ocos de escaleira), revestimentos finais de cerramento (fachada), balcóns, beirís, etc. • compoñentes híbridos anteriormente citados, fabricados con diferentes materiais dos que o material principal sexa metálico - a fabricación de edificios prefabricados cuxo principal compoñente sexa metálico		Esta clase non comprende: - a fabricación de pezas para caldeiras navais e caldeiras para a produción de enerxía (véxase 25.21) - a fabricación de accesorios ensamblados para vías de ferrocarril (véxase 25.99) - a fabricación de carrozarías (véxase 29.20) - a fabricación de elementos de estrutura para barcos (véxanse 30.11 e 30.13)
25.2	Fabricación de cisternas, grandes depósitos e colectores de metal	En este grupo se inclúe a fabricación de cisternas metálicas, radiadores de calefacción central, caldeiras de vapor ou outros xeradores de vapor (distintas da caldeiras de calefacción central).		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
25.21	Fabricación de radiadores, xeradores de vapor e caldeiras para calefacción central	Esta clase comprende: - a fabricación de radiadores para calefacción central, non eléctricos - a fabricación de caldeiras de vapor ou doutros xeradores de vapor - a fabricación de plantas auxiliares para utilizar con caldeiras de vapor ou outros xeradores de vapor, por exemplo, economizadores, sobrequentadores, colectores e acumuladores de vapor - a fabricación de condensadores para unidades de vapor ou outras unidades de enerxía de vapor - a fabricación de reactores nucleares, excepto separadores de isótopos - a fabricación de caldeiras navais ou para a produción de enerxía		Esta clase non comprende: - a fabricación de fornos eléctricos e quentadores de auga eléctricos (véxase 27.51) - a fabricación de conxuntos de caldeira e turbina (véxase 28.11) - a fabricación de equipamentos de calefacción domésticos (véxase 28.21) - a fabricación de separadores de isótopos (véxase 28.99)
25.22	Fabricación doutras cisternas, grandes depósitos e colectores de metal	Esta clase comprende: - a fabricación de grandes depósitos, cisternas, cubas e colectores metálicos similares de capacidade superior a 300 litros, mesmo revestidos ou illados termicamente - a fabricación de recipientes metálicos para gases comprimidos ou licuados		Esta clase non comprende: - a fabricación de toneis, bidóns, botes, cubos, caixas, etc. de metal, do tipo empregado normalmente para o transporte ou envasado de produtos, de capacidade non superior a 300 litros (véxanse 25.91 e 25.92) - a fabricación de colectores de transporte (véxase 29.20) - a fabricación de tanques (vehículos militares blindados) (véxase 30.40)
25.3	Fabricación de armas e municións			
25.30	Fabricación de armas e municións	Esta clase comprende: - a fabricación de armas militares, por exemplo, armas de artillaría, lanzafoguetes, lanzachamas, lanzagranadas, tubos lanzatorpedos e proxectores similares, metralladoras, etc. - a fabricación de pistolas, escopetas e rifles - a fabricación de armas de fogo e pistolas de resorte, aire comprimido ou gas, etc. - a fabricación de municións de guerra - a fabricación de cartuchos para escopetas, revólveres e pistolas - a fabricación de bombas, granadas, torpedos, minas, mísiles e outras municións de guerra similares	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de armas de fogo e municións para a práctica deportiva ou a defensa persoal	Esta clase non comprende: - a fabricación de engados e cápsulas fulminantes, detonadores e foguetes de sinais (véxase 20.59) - a fabricación de machetes, espadas, baionetas, etc. (véxase 25.61) - a fabricación de equipamentos de miras ópticas para armas (véxase 26.70) - a fabricación de carrozarías de vehículos blindados (véxase 29.20) - a construción de embarcacións e buques militares (véxase 30.13) - a construción aeronáutica e espacial para fins militares (véxase 30.32) - a fabricación de carros de combate e doutros vehículos de combate blindados e motorizados (véxase 30.40)
25.4	Forxa e modelaxe de metais; metalurxia de pos			
25.40	Forxa e modelaxe de metais; metalurxia de pos	Esta clase comprende actividades xerais para o tratamento de metais. Esta clase comprende: - a forxa, estampación, embutición e laminación de metais - a fabricación de obxectos elaborados directamente a base de pos metálicos por tratamento térmico (sinterización) ou compresión, é dicir, pulvimetalurxia	Esta clase comprende tamén: - o recorte ou a descalcificación posterior do metal, sen ningún procesamento adicional	Esta clase non comprende: - a produción de po metálico (véxanse 24.10 e 24.4)
25.5	Tratamento, revestimento e mecanización de metais	Este grupo comprende actividades xerais para o tratamento de metais, como o chapado, o revestimento, o gravado, a perforación, a pulimentación, a soldadura, etc., que se realizan habitualmente por conta de terceiros.		
25.51	Revestimento de metais	Esta clase comprende: - a galvanización, incluída a galvanización en quente xeral (por lotes) - o revestimento de conversión de fosfatos ou cromatos - os revestimentos, a galvanoplastia, as anodizacións, etc. de metais - a coloración de metais - o revestimento non metálico de metais, por exemplo: • lacado, esmaltado e revestimento en po ou plástico		Esta clase non comprende: - as actividades de ferraxe (véxase 01.62) - a impresión sobre metais (véxase 18.12) - o revestimento metálico de plásticos (véxase 22.25) - o revestimento de metais comúns con recubrimento de prata, ouro ou platino (véxase 24.41) - o tratamento térmico de metais (véxase 25.52) - o endurecemento de metais (véxase 25.52) - a pintura de metais en edificios e estruturas de enxeñaría civil (véxase 43.34) - os servizos de gravado de metais no acto (véxase 95.29)
25.52	Tratamento térmico de metais	Esta clase comprende: - as actividades xerais para o tratamento térmico de metais - o tratamento térmico termomecánico de metais, por exemplo, prequentamento, recocción, endurecemento, revenimento, enfriamento, ultraconxelación de metais, etc. - o tratamento térmico termomecánico de metais, por exemplo, carburización, carbonitruración, nitrocarburación, nitruración, oxidación, sulfuración e boruración		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
25.53	Mecanización de metais	Esta clase comprende: - a perforación, torneadura, fresadura, corrosión, desbastamento, pulimentación, punción, nivelado, serradura, esmerilaxe, afiadura, desbarbamento, areado, volteadura, soldadura, empalme, etc. de pezas metálicas - o corte e o gravado ou a escritura sobre metais mediante raios láser		Esta clase non comprende: - as actividades de ferraxe (véxase 01.62)
25.6	Fabricación de artigos de coitelaría e cubertos, ferramentas e ferraxaría	Este grupo comprende a fabricación de artigos de coitelaría e cubertos, ferramentas e ferraxaría.		
25.61	Fabricación de artigos de coitelaría e cubertos	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos de coitelaría e cubertos de uso doméstico, como coitelos, garfos, culleres, etc. - a fabricación doutros artigos de coitelaría e cubertos, por exemplo: • machetes e coitelos de carniceiro • navallas e coitelas de afeitar • tesoiras e máquinas de cortar o pelo - a fabricación de machetes, espadas, baionetas, etc.		Esta clase non comprende: - a fabricación de coitelas e follas cortantes para maquinaria industrial (véxase 25.63) - a fabricación de baterías de cociña (cazarolas, recipientes para ferver auga, etc.), servizos de mesa (ensaladeiras, bandexas, etc.) ou vaixelas (fontes, pratos, etc.) (véxase 25.99) - a fabricación de cubertos de metais preciosos (véxase 32.12)
25.62	Fabricación de fechos e ferraxes	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos de ferraxaría, por exemplo, cadeados, fechos, chaves, bisagras e outros artigos similares para edificios, mobles, vehículos, etc.		Esta clase non comprende: - os servizos de cerrallaría e de duplicación de chaves (véxase 95.29)
25.63	Fabricación de ferramentas	Esta clase comprende: - a fabricación de coitelas e follas cortantes para máquinas e aparellos mecánicos - a fabricación de ferramentas manuais, como alicates, desaparafusadores, etc. - a fabricación de ferramentas agrícolas manuais non eléctricas - a fabricación de serras e follas de serra, incluídas as follas de serras circulares e de serras de cadea - a fabricación de útiles intercambiables para ferramentas de man, eléctricas ou non, e para máquinas ferramenta: brocas, punzóns, fresadoras, etc. - a fabricación de ferramentas para prensadura - a fabricación de ferramentas de ferreiro: forxas, bigornias, etc. - a fabricación de caixas e moldes de fundición (salvo lingoteiras) - a fabricación de parafusos de banco, abrazadeiras, etc.		Esta clase non comprende: - a fabricación de ferramentas eléctricas manuais (véxase 28.24) - a fabricación de lingoteiras (véxase 28.91)
25.9	Fabricación doutros produtos metálicos	Este grupo comprende a fabricación de produtos metálicos diversos para usos domésticos e industriais varios, como botes e baldes; puntas, bulóns e porcas; artigos metálicos para o fogar; accesorios metálicos; hélices e áncoras de barco; pezas e accesorios ensamblados para vías de ferrocarril, etc.		
25.91	Fabricación de bidóns e toneis de ferro ou aceiro	Esta clase comprende: - a fabricación de cisternas, botes, bidóns, cubos, caixas e recipientes similares, de ferro ou aceiro, de capacidade non superior a 300 litros		Esta clase non comprende: - a fabricación de recipientes metálicos para gases comprimidos ou licuados, de capacidade superior a 300 litros (véxase 25.22)
25.92	Fabricación de envases e embalaxes metálicos lixeiros	Esta clase comprende: - a fabricación de botes de ferro ou aceiro, que se cerrarán mediante soldadura ou prensadura, de capacidade inferior a 50 litros - a fabricación de toneis, bidóns, botes, cubos, caixas e recipientes similares de aluminio, de capacidade non superior a 300 litros - a fabricación de latas e botes para produtos alimenticios, tubos pregables e estoxos lixeiros - a fabricación de cerramentos metálicos		Esta clase non comprende: - a fabricación de recipientes metálicos para gases comprimidos ou licuados, de capacidade superior a 300 litros (véxase 25.22)
25.93	Fabricación de produtos de arame, cadeas e resortes	Esta clase comprende: - a fabricación de cables metálicos, trenzas metálicas e artigos similares - a fabricación de cables de metal sen illar ou de cables illados non utilizables como condutores de electricidade - a fabricación de arame forrado ou con núcleo - a fabricación de artigos de arame: arame de espiño, valados, enreixados, mallas, teas metálicas, etc. - os eléctrodos recubertos para soldadura de arco eléctrica - a fabricación de cravos e alfinetes - a fabricación de resortes (salvo resortes de reloxo), por exemplo: • béstas, resortes helicoidais, barras de torsión, etc. • follas para béstas - a fabricación de cadeas, salvo cadeas de transmisión		Esta clase non comprende: - a fabricación de resortes de reloxos (véxase 26.52) - a fabricación de fíos e cables para a transmisión de enerxía eléctrica (véxase 27.32) - a fabricación de cadeas de transmisión (véxase 28.15)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
25.94	Fabricación de bulóns e produtos de parafusaría	Esta clase comprende: - a fabricación de remaches, arandelas e doutros produtos non roscados similares - a fabricación de artigos de parafusaría - a fabricación de bulóns, parafusos, porcas e produtos roscados similares		
25.99	Fabricación doutros produtos metálicos n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de artigos metálicos para o fogar: • vaixelas: fontes, pratos, etc. • baterías de cociña: cazarolas, recipientes para ferver auga, etc. • servizos de mesa: ensaladeiras, bandexas, etc. • cazarolas, tixolas e outros utensilios non eléctricos de mesa ou de cociña • pequenos aparellos e accesorios manuais de cociña • estropallos metálicos - a fabricación de elementos estruturais de cinc: canalóns, cabaletes para tellados, bañeiras, fregadeiros, lavabos e artigos similares - a fabricación de artigos metálicos de oficina, agás mobiliario - a fabricación de armarios blindados, caixas fortes, portas blindadas, etc. - a fabricación de utensilios de metal diversos: • hélices de barco e pas para hélices • áncoras • campás • accesorios ensamblados para vías de ferrocarril • peches, fibelas, ganchos, etc. • escaleiras metálicas de man • letreiros metálicos, incluídos os sinais de tráfico - a fabricación de bolsas de papel de aluminio ou doutros metais - a fabricación de imáns metálicos permanentes - a fabricación de distintivos e insignias militares metálicos - a fabricación de rolos e rizadores, mangos e varas de paraugas e peites, de metal		Esta clase non comprende: - a fabricación de espadas, baionetas, etc. (véxase 25.61) - a fabricación de carros de supermercado (véxase 30.99) - a fabricación de mobiliario metálico (véxanse 31.00) - a fabricación de artigos de deporte (véxase 32.30) - a fabricación de xogos e xoguetes (véxase 32.40)
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	Esta división comprende a fabricación de ordenadores, periféricos, equipamentos de comunicación e produtos electrónicos similares, así como a fabricación de compoñentes para tales produtos. Os procesos de produción desta división caracterízanse polo deseño e o uso de circuítos integrados e a aplicación de tecnoloxías de miniaturización altamente especializadas	A división comprende así mesmo a fabricación de produtos de electrónica de consumo, equipamentos de medida, verificación e navegación, dispositivos de radiación, electromédicos e electroterapéuticos, e instrumentos e equipamentos ópticos, así como a fabricación de soportes magnéticos e ópticos	Esta división non comprende a fabricación de condutores para uso electrónico nin de cables de fibra óptica (véxase a división 27).
26.1	Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
26.11	Fabricación de compoñentes electrónicos	Esta clase comprende a fabricación de semicondutores e doutros compoñentes para aplicacións electrónicas. Esta clase comprende: - a fabricación de capacitadores electrónicos - a fabricación de resistencias electrónicas - a fabricación de microprocesadores - a fabricación de tubos de baleiro - a fabricación de cables, por exemplo, cables de impresora e de monitor, e cables USB - a fabricación de placas para circuítos impresos sen compoñentes ensamblados, compostos unicamente de elementos condutores e contactos - a fabricación de circuítos integrados (analóxicos, dixitais ou híbridos) - a fabricación de díodos, transistores e outros dispositivos discretos - a fabricación de indutores (por exemplo, limitadores de potencia, bobinas, transformadores), considerados como compoñentes electrónicos para transformadores - a fabricación de cristais electrónicos e ensamblaxes de cristal - a fabricación de solenoides, interruptores e transdutores para aparellos electrónicos - a fabricación de microplaquetas ou obleas, consistentes en elementos químicos (por exemplo, silicio), que se dopan ou difunden selectivamente para crear rexións discretas para as súas aplicacións no campo da electrónica - a fabricación de compoñentes de pantallas de visualización (plasma, polímeros, pantallas de cristal liquido (LCD) - a fabricación de díodos emisores de luz (LED) - a fabricación de células, módulos e paneis fotovoltaicos		Esta clase non comprende: - a impresión de tarxetas intelixentes (véxase 18.12) - a fabricación de circuítos impresos compostos de elementos condutores, contactos e doutros elementos pasivos (véxase 26.12) - a fabricación de pantallas de ordenador e de televisión (véxanse 26.20 e 26.40) - a fabricación de módems (equipamentos portadores) (véxase 26.30) - a fabricación de tubos de raios X e dispositivos de radiación similares (véxase 26.60) - a fabricación de equipamentos e instrumentos ópticos (véxase 26.70) - a fabricación de dispositivos similares para aparellos eléctricos (véxase división 27) - a fabricación de balastros fluorescentes (véxase 27.11) - a fabricación de xeradores solares, que poden utilizarse directamente para subministrar enerxía, por exemplo, a un motor ou a un electrolizador (véxase 27.11) - a fabricación de relés eléctricos (véxase 27.12) - a fabricación de dispositivos de cablaxe eléctrica, por exemplo, conectores (véxase 27.33) - a fabricación de condutores eléctricos ensamblados, illados e provistos de conectores (véxase 27.90) - a fabricación de quentadores de auga solares (véxase 28.21) - a instalación de paneis solares (véxase 43.21) - a instalación de sistemas de calefacción solar (véxase 43.22)
26.12	Fabricación de circuítos impresos ensamblados	Esta clase comprende: - a fabricación de circuítos impresos compostos de elementos condutores, contactos e outros elementos pasivos - a ensamblaxe de compoñentes de elementos pasivos en circuítos impresos - a fabricación de tarxetas de interface (por exemplo, son, vídeo, controladores, rede, módems, etc.), ensamblados con elementos pasivos		Esta clase non comprende: - a impresión de tarxetas intelixentes (véxase 18.12) - a fabricación de placas para circuítos impresos sen compoñentes ensamblados, compostos unicamente de elementos condutores e contactos (véxase 26.11)
26.2	Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
26.20	Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos	Esta clase comprende a fabricación e a montaxe de ordenadores, como unidades centrais (*mainframes*), ordenadores de escritorio, ordenadores portátiles e servidores informáticos, así como de periféricos, por exemplo, os dispositivos de almacenamento e de entrada e saída (impresoras, monitores, teclados). Os ordenadores poden ser analóxicos, dixitais ou híbridos. Os dixitais, que constitúen o tipo máis común, son dispositivos que realizan a totalidade das seguintes tarefas: (1) almacenan o programa ou os programas de procesamento e os datos necesarios para a execución do programa; (2) poden programarse libremente consonte os requisitos do usuario; (3) realizan as operacións aritméticas especificadas polo usuario e (4) executan, sen intervención humana, un programa de procesamento que require que o ordenador modifique a súa execución mediante decisións lóxicas durante a operación de procesamento. Os ordenadores analóxicos son capaces de simular modelos matemáticos e constan, polo menos, dun control analóxico e de elementos de programación. Esta clase comprende: - a fabricación de ordenadores de escritorio - a fabricación de ordenadores portátiles - a fabricación de ordenadores centrais (*mainframes*) - a fabricación de ordenadores de man (como os PDA) - a fabricación de unidades de disco magnéticas, unidades de memoria flash e outros dispositivos de almacenamento - a fabricación de unidades de disco ópticas para ordenadores - a fabricación de impresoras - a fabricación de monitores - a fabricación de teclados - a fabricación de todo tipo de ratos, *joysticks* e accesorios *trackball* - a fabricación de terminais informáticos especializados - a fabricación de servidores informáticos - a fabricación de escáneres, incluídos os lectores de códigos de barras - a fabricación de lectores de tarxetas intelixentes - a fabricación de proxectores informáticos (proxectores de vídeo)	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de terminais informáticos como, por exemplo, os caixeiros automáticos (ATM) e os terminais de punto de venda (TPV), non operados mecanicamente - a fabricación de equipamentos ofimáticos multifunción que executan dúas ou máis das funcións seguintes: impresión, escaneamento, copia, xestión de faxes, etc. - a recarga de cartuchos de tinta	*Esta clase non comprende:* *- a reprodución de soportes gravados (soportes informáticos, de son, de vídeo, etc.) (véxase 18.20)* *- a fabricación de compoñentes e ensamblaxes electrónicas utilizadas en ordenadores e periféricos (véxase 26.1)* *- a fabricación de módems informáticos (véxase 26.12)* *- a fabricación de módulos, ensamblaxes e tarxetas de interface (véxase 26.12)* *- a fabricación de circuítos impresos ensamblados con elementos pasivos (véxase 26.12)* *- a fabricación de módems e equipamentos portadores (véxase 26.30)* *- a fabricación de interruptores de comunicación dixital, equipamentos de comunicación de datos (por exemplo, pontes (bridges), enrutadores (routers) e puntos de acceso (gateways) (véxase 26.30)* *- a fabricación de dispositivos electrónicos de consumo, por exemplo, reprodutores de CD, DVD e Blu-Ray (véxase 26.40)* *- a fabricación de monitores e pantallas de televisión (véxase 26.40)* *- a fabricación de consolas de videoxogos (véxase 26.40)* *- a fabricación de soportes ópticos e magnéticos virxes para o seu uso en ordenadores e noutros dispositivos (véxase 26.70)* *- a recarga de cartuchos de tinta e tóner por vendedores retallistas (véxase 47.40)*
26.3	Fabricación de equipamentos de telecomunicacións			
26.30	Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	*Esta clase comprende a fabricación de equipamentos telefónicos e de transmisión de datos utilizados para transmitir sinais electronicamente a través de redes de cable, ou a través do aire, como no caso dos equipamentos de emisión de radio e televisión e de comunicación sen fios.* *Esta clase comprende:* *- a fabricación de equipamentos de conmutación de centrais telefónicas* *- a fabricación de teléfonos sen fios* *- a fabricación de equipamentos para centraliñas privadas conectadas á rede pública (PBX)* *- a fabricación de equipamentos telefónicos e de fax, incluídos os contestadores automáticos* *- a fabricación de equipamentos de comunicación de datos, por exemplo, pontes (bridges), enrutadores (routers) e puntos de acceso (gateways)* *- a fabricación de antenas de transmisión e recepción* *- a fabricación de equipamentos de televisión por cable* *- a fabricación de localizadores (buscapersoas)* *- a fabricación de teléfonos móbiles* *- a fabricación de equipamentos de comunicación móbil* *- a fabricación de equipamentos de emisión e para estudios de radio e televisión, incluídas as cámaras de televisión* *- a fabricación de módems e equipamentos portadores* *- a fabricación de transmisores de radio e televisión* *- a fabricación de dispositivos de comunicación que utilizan sinais infravermellas (por exemplo, mandos a distancia)* *- a fabricación de monitores de plasma semiacabados*	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de reloxos intelixentes	Esta clase non comprende: - a fabricación de compoñentes e subensamblaxes electrónicas utilizadas en equipamentos de comunicacións, incluídos os módems informáticos (véxase 26.12) - a fabricación de circuítos impresos ensamblados con elementos pasivos (véxase 26.12) - a fabricación de ordenadores e periféricos (véxase 26.20) - a fabricación de equipamentos de audio e vídeo de uso doméstico (véxase 26.40) - a fabricación de sistemas de alarma antirroubo e antiincendios, que emiten sinais a unha central de control (véxase 26.51) - a fabricación de dispositivos GPS (sistema de posicionamento global) (véxase 26.51) - a fabricación de marcadores electrónicos (véxase 27.90) - a fabricación de semáforos (véxase 27.90)
26.4	Fabricación de produtos electrónicos de consumo			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
26.40	Fabricación de produtos electrónicos de consumo	Esta clase comprende a fabricación de equipamentos electrónicos de audio e vídeo para o ocio doméstico, os vehículos de motor, os sistemas de megafonía e a amplificación de instrumentos musicais. Esta clase comprende: - a fabricación de aparellos de gravación e duplicación de vídeo - a fabricación de televisións - a fabricación de monitores e pantallas de televisión - a fabricación de equipamentos de gravación e duplicación de son - a fabricación de proxectores multimedia aptos para uso exclusivo ou principal de aparellos emisores e receptores de radiodifusión televisiva - a fabricación de equipamentos estereofónicos - a fabricación de receptores de radio - a fabricación de sistemas de altofalantes - a fabricación de videocámaras de uso doméstico - a fabricación de máquinas de discos (*jukeboxes*) - a fabricación de amplificadores para instrumentos musicais e sistemas de megafonía - a fabricación de micrófonos - a fabricación de reprodutores multimedia ópticos con sistema óptico de lectura - a fabricación de equipamentos de karaoke - a fabricación de auriculares, por exemplo, para radio, equipamentos estereofónicos, ordenador, etc. - a fabricación de consolas de videoxogos - a fabricación de auriculares persoais de audio e vídeo, incluídos os auriculares de realidade virtual - a fabricación de equipamentos de audio e vídeo de cine na casa		Esta clase non comprende: - a reprodución de soportes gravados (soportes informáticos, de son, de vídeo, etc.) (véxase 18.20) - a fabricación de dispositivos periféricos informáticos e monitores de ordenador (véxase 26.20) - a fabricación de contestadores telefónicos automáticos (véxase 26.30) - a fabricación de localizadores (buscapersoas) (véxase 26.30) - a fabricación de mandos a distancia (radio e infravermellos) (véxase 26.30) - a fabricación de equipamentos para estudios de radiodifusión, como dispositivos de reprodución, antenas de transmisión e recepción, videocámaras de uso profesional (véxase 26.30) - a fabricación de antenas (véxase 26.30) - a fabricación de cámaras dixitais (véxase 26.70) - a fabricación de xogos electrónicos con software preinstalado (non substituíble) (véxase 32.40)
26.5	Fabricación de instrumentos de verificación de medida e reloxos	Este grupo comprende a fabricación de equipamentos de detección, medición, verificación e navegación para diversos fins industriais e non industriais, incluídos os dispositivos de medición en función do tempo como reloxos e aparellos afíns.		
26.51	Fabricación de instrumentos e aparellos de medida, verificación e navegación	Esta clase comprende a fabricación de sistemas e instrumentos de busca, detección, navegación, orientación, aeronáuticos e náuticos; reguladores e controis automáticos para aplicacións, como a calefacción, o aire acondicionado, a refrixeración e diversos electrodomésticos; instrumentos e dispositivos para medir, visualizar, indicar, rexistrar, transmitir e controlar a temperatura, humidade, presión, baleiro, combustión, fluxo, nivel, viscosidade, densidade, acidez, concentración ou rotación; contadores e medidores de fluídos de totalización (é dicir, de rexistro); instrumentos para a medición e a comprobación das características da electricidade e dos sinais eléctricos; instrumentos e sistemas de instrumentación para a análise de laboratorio da concentración ou a composición química ou física de mostras de materiais sólidos, líquidos, gasosos ou compostos; outros instrumentos de medición e comprobación e partes deles. Esta categoría comprende a fabricación de equipamentos de medida, verificación e navegación non eléctricos (excepto as ferramentas mecánicas simples). Esta clase comprende: - a fabricación de instrumentos para motores de aviación - a fabricación de equipamentos de comprobación de emisións de gases de automoción - a fabricación de instrumentos meteorolóxicos - a fabricación de equipamentos de comprobación e inspección das propiedades físicas - a fabricación de polígrafos - a fabricación de instrumentos de detección e vixilancia de radiacións - a fabricación de instrumentos de xeodesia - a fabricación de termómetros de vidro recheos de líquido e bimetálicos (salvo os de uso médico) - a fabricación de higrostatos - a fabricación de controis de límite hidrónico - a fabricación de controis de lapas e de queimadores - a fabricación de espectrómetros		Esta clase non comprende: - a fabricación de contestadores telefónicos automáticos (véxase 26.30) - a fabricación de equipamentos de radiación (véxase 26.60) - a fabricación de equipamentos de posicionamento óptico (véxase 26.70) - a fabricación de dictáfonos (véxase 28.23) - a fabricación de básculas (excluídas as balanzas de precisión de laboratorio), niveis, cintas métricas, etc. (véxase 28.29) - a fabricación de termómetros médicos (véxase 32.50) - a instalación de equipamentos de control de procesos industriais (véxase 33.20)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
26.52	Fabricación de reloxos	Esta clase comprende a fabricación de reloxos e cronógrafos, así como dos seus compoñentes. Esta clase comprende: - a fabricación de reloxos de todas as clases, incluídos os reloxos de cadros de instrumentos - a fabricación de caixas de reloxos, incluídas as de metais preciosos - a fabricación de equipamentos de contadores de tempo e de aparellos para medir, rexistrar ou outras formas de indicar intervalos de tempo cun mecanismo de reloxaría ou un motor sincrónico, como: • parquímetros • reloxos rexistradores • selos de data e hora • contadores de minutos - a fabricación de temporizadores e doutros dispositivos cun mecanismo de reloxaría ou un motor sincrónico, como: • pechaduras temporizadas - a fabricación de pezas soltas de reloxaría, como: • mecanismos de reloxaría de todo tipo • resortes, couzóns, esferas, agullas, platinas, pontes e outras pezas • caixas de reloxos de todo tipo de materiais		Esta clase non comprende: - a fabricación de correas non metálicas para reloxos de pulseira (por exemplo, de tea, coiro, plástico) (véxase 15.12) - a fabricación de reloxos intelixentes (véxase 26.30) - a fabricación de correas de reloxos de metais preciosos (véxase 32.12) - a fabricación de correas de reloxos de metais non preciosos (véxase 32.13)
26.6	Fabricación de equipamentos de radiación, electromédicos e electroterapéuticos			
26.60	Fabricación de equipamentos de radiación, electromédicos e electroterapéuticos	Esta clase comprende: - a fabricación de aparellos e tubos de radiación (por exemplo, para uso industrial, diagnóstico médico, para uso terapéutico, para investigación ou para uso científico): • a fabricación de equipamentos de raios alfa, beta, gamma e X, e doutros equipamentos de radiación - a fabricación de escáneres de tomografía computerizada (CT) - a fabricación de escáneres PET (tomografía por emisión de positróns) - a fabricación de equipamentos de imaxe por resonancia magnética (IRM) - a fabricación de equipamentos médicos de ultrasón - a fabricación de electrocardiógrafos - a fabricación de equipamentos electromédicos de endoscopia - a fabricación de equipamentos de láser médico - a fabricación de aparellos de respiración artificial ou respiración terapéutica - a fabricación de marcapasos - a fabricación de audiófonos	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de equipamentos para a radiación de alimentos e leite	Esta clase non comprende: - a fabricación de camas de bronceado (véxase 27.90)
26.7	Fabricación de instrumentos ópticos, soportes magnéticos e ópticos e equipamentos fotográficos			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
26.70	Fabricación de instrumentos ópticos, soportes magnéticos e ópticos e equipamentos fotográficos	Esta clase comprende a fabricación de instrumentos de óptica e lentes, como prismáticos, microscopios (salvo de electróns, protóns), telescopios, prismas e lentes (excepto as oftalmolóxicas); ou o revestimento e o pulimento de lentes (agás as oftalmolóxicas), a montaxe de lentes (salvo as oftalmolóxicas) e a fabricación de equipamento fotográfico como cámaras e fotómetros. Esta clase comprende: - a fabricación de espellos ópticos - a fabricación de equipamentos de miras ópticas para armas - a fabricación de equipamentos de posicionamento óptico - a fabricación de instrumentos ópticos de aumento - a fabricación de instrumentos ópticos de precisión - a fabricación de comparadores ópticos - a fabricación de cámaras (de película e dixitais) - a fabricación de proxectores de filmes cinematográficos e diapositivas - a fabricación de retroproxectores de transparencias - a fabricación de dispositivos e instrumentos ópticos de medición e control (por exemplo, equipamentos de control de incendios, fotómetros, telémetros, etc.) - a fabricación de lentes, microscopios ópticos, prismáticos e telescopios - a fabricación de lentes de obxectivo para cámaras, proxectores ou ampliadoras ou redutoras fotográficas - a fabricación de dispositivos láser - a fabricación de fitas magnéticas virxes de audio e vídeo - a fabricación de discos ópticos virxes		Esta clase non comprende: - a reprodución de soportes gravados (soportes informáticos, de son, de vídeo, etc.) (véxase 18.20) - a fabricación de proxectores informáticos (véxase 26.20) - a fabricación de cámaras de televisión e equipamentos de emisión de uso profesional (véxase 26.30) - a fabricación de videocámaras de uso doméstico (véxase 26.40) - a fabricación de alarmas antiincendios (véxase 26.51) - a fabricación de equipamentos completos que utilizan compoñentes láser (véxase a clase correspondente á fabricación por tipo de maquinaria, por exemplo, equipamentos de láser médico) (véxase 26.60) - a fabricación de fotocopiadoras (véxase 28.23) - a fabricación de artigos oftalmolóxicos (véxase 32.50)
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	Esta división comprende a fabricación de produtos que xeran, distribúen e utilizan enerxía eléctrica	Inclúese así mesmo a fabricación de equipamento eléctrico de iluminación e sinalización e de electrodomésticos	Esta división non comprende a fabricación de produtos electrónicos (véxase a división 26)
27.1	Fabricación de motores, xeradores e transformadores eléctricos, e de aparellos de distribución e control eléctrico	Este grupo comprende a fabricación de transformadores eléctricos, transformadores de alimentación e transformadores especializados; motores eléctricos, xeradores e grupos electróxenos		
27.11	Fabricación de motores, xeradores e transformadores eléctricos	Esta clase comprende a fabricación de todos os motores e transformadores eléctricos: CA, CC, CA/CC. Esta clase comprende: - a fabricación de motores eléctricos, excepto para vehículos de motor - a fabricación de transformadores de distribución eléctricos - a fabricación de transformadores para soldadura por arco - a fabricación de balastros para lámpadas ou tubos de descarga (é dicir, transformadores) - a fabricación de transformadores de subestación para a distribución de enerxía eléctrica - a fabricación de reguladores da voltaxe de transmisión e distribución - a fabricación de inversores, rectificadores e convertedores - a fabricación de actuadores lineais eléctricos - a fabricación de grupos xeradores de enerxía primaria (salvo grupos turboxeradores) - a fabricación de xeradores eléctricos (excepto alternadores de carga de batería para motores de combustión interna) - a fabricación de grupos electróxenos (agás grupos turboxeradores) - a rebobinaxe de motores eléctricos a escala industrial - a fabricación de xeradores solares, que poden utilizarse directamente para subministrar enerxía, por exemplo, a un motor ou a un electrolizado (xeradores solares fotovoltaicos)		Esta clase non comprende: - a fabricación de transformadores e conmutadores considerados compoñentes electrónicos (véxase 26.11) - a fabricación de células, módulos e paneis fotovoltaicos (véxase 26.11) - a fabricación de equipamentos para soldadura eléctrica (véxase 27.90) - a fabricación de grupos turboxeradores (véxase 28.11) - a construción de motores eléctricos para vehículos de motor (véxase 29.10) - a fabricación de motores de arranque e xeradores para motores de combustión interna (véxase 29.31)
27.12	Fabricación de aparellos de distribución e control eléctrico	Esta clase comprende: - a fabricación de disxuntores de circuítos eléctricos - a fabricación de supresores de sobretensión (para o nivel de voltaxe de distribución) - a fabricación de paneis de control para a distribución de enerxía eléctrica - a fabricación de relés eléctricos - a fabricación de conducións para aparellos de conmutación eléctrica - a fabricación de fusibles eléctricos - a fabricación de equipamentos de conmutación de potencia - a fabricación de conmutadores eléctricos (salvo premedores, conmutadores de acción rápida, solenoides, interruptores basculantes)		Esta clase non comprende: - a fabricación de instrumentos para o control do ambiente e dos procesos industriais (véxase 26.51) - a fabricación de grupos electróxenos (excepto grupos turboxeradores) (véxase 27.11) - a fabricación de conmutadores para circuítos eléctricos, como premedores e interruptores de acción rápida (véxase 27.33)
27.2	Fabricación de pilas e acumuladores eléctricos			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
27.20	Fabricación de pilas e acumuladores eléctricos	Esta clase comprende a fabricación de baterías non recargables e recargables. Esta clase comprende: - a fabricación de pilas e baterías primarias • pilas de dióxido de manganeso, dióxido de mercurio, óxido de prata, etc. - a fabricación de acumuladores eléctricos e das súas pezas: • separadores, colectores, tapas - a fabricación de baterías de chumbo - a fabricación de baterías de níquel-cadmio (NiCad) - a fabricación de baterías de níquel-metal hidruro (NiMH) - a fabricación de baterías de litio - a fabricación de pilas secas - a fabricación de pilas húmidas - a fabricación de baterías para vehículos, bicicletas e outros ciclos - a fabricación de sistemas de almacenamento de enerxía en baterías		Esta clase non comprende: - a fabricación de estacións de carga para automóbiles (véxase 27.90) - a instalación de sistemas de almacenamento de enerxía eléctrica para edificios (véxase 43.21)
27.3	Fabricación de cables e dispositivos de cablaxe	Este grupo comprende a fabricación de dispositivos de cablaxe portadora ou non de corrente para circuítos eléctricos, con independencia do material	Neste grupo inclúese así mesmo o illamento de cables e a fabricación de cables de fibra óptica	
27.31	Fabricación de cables de fibra óptica	Esta clase comprende: - a fabricación de cable de fibra óptica para a transmisión de datos e de imaxes en directo, provista ou non de conectores		Esta clase non comprende: - a fabricación de fibras e filamentos de vidro (véxase 23.14) - a fabricación de conectores para fibras ópticas, feixes e cables de fibras ópticas (véxase 27.33) - a instalación de fibra óptica e doutros cables para edificios (véxase 43.21)
27.32	Fabricación doutros fíos e cables electrónicos e eléctricos	Esta clase comprende: - a fabricación de cables e fíos illados realizados en aceiro, cobre e aluminio		Esta clase non comprende: - a trefilación de cables (véxanse 24.34, 24.41, 24.42, 24.43, 24.44 e 24.45) - a fabricación de cablaxe eléctrica con arame illado e conectores (véxase 27.90) - a fabricación de xogos de cables, cablaxes preformadas e conxuntos de cables similares para automóbiles (véxase 29.31)
27.33	Fabricación de dispositivos de cablaxe	Esta clase comprende a fabricación de dispositivos de cablaxe portadora ou non portadora de corrente para circuítos eléctricos, con independencia do material. Esta clase comprende: - a fabricación de barras colectoras, condutores eléctricos (salvo do tipo conmutador) - a fabricación de interruptores do circuíto por perda á terra (GFCI) - a fabricación de portalámpadas - a fabricación de pararraios - a fabricación de conmutadores para cablaxe eléctrica (por exemplo, conmutadores de presión, premedores, interruptores de acción rápida, interruptores basculantes, etc.) - a fabricación de enchufes ou tomas de corrente - a fabricación de caixas para cablaxe eléctrica (por exemplo, de empalme, de toma de corrente, de seccionamento, etc.) - a fabricación de canalizacións eléctricas e os seus accesorios - a fabricación de equipamentos para postes e liñas de transmisión - a fabricación de dispositivos de cablaxe de plástico non portadores de corrente, incluídas as caixas de empalme, os paneis frontais e elementos similares de plástico, accesorios de plástico para postes eléctricos e cobreinterruptores de plástico		Esta clase non comprende: - a fabricación de illadores cerámicos (véxase 23.43)
27.4	Fabricación de equipamentos de iluminación			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
27.40	Fabricación de equipamentos de iluminación	Esta clase comprende a fabricación de lámpadas e tubos de iluminación eléctricos, e das súas partes e compoñentes (excepto ampolas e envolturas de vidro para lámpadas eléctricas); aparellos de iluminación eléctrica e outros dispositivos e os seus compoñentes (agás os dispositivos de cablaxe portadora de corrente). Esta clase comprende: - a fabricación de lámpadas, aparellos e lámpadas de descarga, incandescentes, fluorescentes, ultravioletas, infravermellos, led, etc. - a fabricación de accesorios de iluminación de teito ou parede, por exemplo, lámpadas de araña - a fabricación de lámpadas de sobremesa ou de pé (é dicir, aparellos de iluminación) - a fabricación de cadeas de luces - a fabricación de troncos de cheminea eléctricos - a fabricación de lanternas - a fabricación de lámpadas eléctricas contra insectos - a fabricación de farois (por exemplo, de carburo, eléctricos, de gas, de gasolina, de queroseno, etc.) - a fabricación de focos - a fabricación de equipamentos de iluminación para vías públicas (salvo sinais de tráfico) - a fabricación de dispositivos de iluminación para equipamentos de transporte (por exemplo, para vehículos de motor, aeronaves, embarcacións, etc.) - a fabricación de equipamentos de iluminación solar		Esta clase non comprende: - a fabricación de artigos e pezas de vidro para aparellos de iluminación (véxase 23.15) - a fabricación de led (véxase 26.1) - a fabricación de dispositivos de cablaxe portadora e non portadora de corrente para aparellos de iluminación (véxase 27.33) - a fabricación de ventiladores de teito ou de baño con dispositivos de iluminación integrados (véxase 27.51) - a fabricación de equipamentos de sinalización eléctricos como os semáforos e os dispositivos de sinalización para peóns (véxase 27.90) - a fabricación de rótulos luminosos (véxase 27.90)
27.5	Fabricación de aparellos domésticos	Este grupo comprende a fabricación de pequenos aparellos e utensilios domésticos eléctricos, ventiladores, aspiradoras, dispositivos eléctricos para o coidado do chan, aparellos de cociña, lavadoras e secadoras eléctricas, frigoríficos, conxeladores verticais e arcóns de tipo doméstico, e outros aparellos domésticos eléctricos e non eléctricos como lavalouzas, quentadores de auga e trituradores de lixo. Neste grupo inclúese a fabricación de aparellos eléctricos, de gas ou doutros combustibles		
27.51	Fabricación de electrodomésticos	Esta clase comprende: - a fabricación de máquinas, aparellos e dispositivos domésticos eléctricos: • frigoríficos • conxeladores • lavalouzas • lavadoras e secadoras • aspiradoras • enceradoras do chan • trituradoras de lixo • picadoras, licuadoras, exprimidores • abrelatas eléctricos • afeitadoras eléctricas, cepillos de dentes eléctricos e outros aparellos eléctricos de hixiene persoal • afiadores • campás de ventilación ou reciclaxe - a fabricación de aparellos electrotérmicos de uso doméstico: • quentadores de auga eléctricos • mantas eléctricas • secadores de pelo, peites, cepillos e rizadores eléctricos • pranchas eléctricas • calefactores e ventiladores domésticos portátiles • fornos eléctricos • fornos de microondas • cociñas e placas eléctricas • torradoras • grellas eléctricas • cafeteiras e teteiras • tixolas, grellas, campás extractoras, etc. • resistencias eléctricas para calefacción, etc. • ventiladores de mesa, do chan, de parede, fiestra, teito ou tellado		Esta clase non comprende: - a fabricación de quentadores de ambiente non eléctricos (véxase 27.52) - a fabricación de frigoríficos e conxeladores comerciais e industriais, equipamentos de aire acondicionado, ventiladores de tellado, calefactores de montaxe permanente e ventiladores e extractores comerciais, equipamentos industriais de cociña, equipamentos industriais de lavandaría, limpeza en seco e pasada de ferro, aspiradoras de uso industrial, etc. (véxase a división 28) - a fabricación de equipamentos de calefacción central de montaxe permanente (véxase 28.21) - a fabricación de máquinas de coser de uso doméstico (véxase 28.94) - a instalación de sistemas centrais de limpeza por aspiración (véxase 43.24)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
27.52	Fabricación de aparellos domésticos non eléctricos	Esta clase comprende: - a fabricación de aparellos domésticos non eléctricos para a calefacción e a cociña: • aparellos non eléctricos para calefacción, fogóns, fornos, estufas, quentadores de auga, aparellos para a cociña e quentapratos non eléctricos e grellas		Esta clase non comprende: - a fabricación de caldeiras de calefacción central e quentadores de auga solares (véxase 28.21)
27.9	Fabricación doutro material e equipamento eléctrico			
27.90	Fabricación doutro material e equipamento eléctrico	Esta clase comprende a fabricación de aparellos eléctricos diversos, con excepción de motores, xeradores e transformadores, baterías e acumuladores, cables e dispositivos de cablaxe, equipamentos de iluminación e aparellos domésticos. Esta clase comprende: - a fabricación de cargadores de batería de estado sólido - a fabricación de dispositivos eléctricos de apertura e peche de portas - a fabricación de timbres eléctricos - a fabricación de cables de extensión elaborados con arame illado adquirido a terceiros - a fabricación de equipamentos de limpeza por ultrasón (excepto de laboratorio e odontolóxicos) - a fabricación de camas de bronceado - a fabricación de pilas de combustible e fontes de alimentación reguladas e non reguladas - a fabricación de sistemas de alimentación ininterrompida (SAI) - a fabricación de supresores de sobretensión (salvo para o nivel de voltaxe de distribución) - a fabricación de cables de aparellos, cables de extensión e outros xogos de cables eléctricos con arame illado e conectores - a fabricación de eléctrodos e contactos de carbón e de grafito, e doutros produtos eléctricos de carbono e de grafito - a fabricación de aceleradores de partículas - a fabricación de capacitadores, condensadores, resistencias e compoñentes eléctricos similares - a fabricación de electroimáns - a fabricación de sirenas - a fabricación de marcadores electrónicos - a fabricación de rótulos luminosos - a fabricación de equipamentos de sinalización eléctricos como os semáforos e os dispositivos de sinalización para peóns - a fabricación de illadores eléctricos (agás vidro ou porcelana)		Esta clase non comprende: - a fabricación de illadores eléctricos de vidro (véxase 23.15) - a fabricación de illadores eléctricos de porcelana (véxase 23.43) - a fabricación de fibras e produtos de carbono e de grafito (excepto eléctrodos e pezas eléctricas) (véxase 23.99) - a fabricación de rectificadores considerados como compoñentes electrónicos, circuítos integrados de regulación da voltaxe, circuítos integrados convertedores de enerxía, capacitadores electrónicos, resistencias electrónicas e dispositivos análogos (véxase 26.11) - a fabricación de células, módulos e paneis fotovoltaicos (véxase 26.11) - a fabricación de transformadores, motores, xeradores, conmutadores, relés e controis industriais (véxase 27.1) - a fabricación de baterías (véxase 27.20) - a fabricación de cables para a comunicación e enerxía, dispositivos de cablaxe portadora ou non de corrente (véxase 27.3) - a fabricación de dispositivos de iluminación (véxase 27.40) - a fabricación de aparellos de uso doméstico (véxase 27.5) - a fabricación de equipamentos para a soldadura non eléctrica (véxase 28.29) - a fabricación de equipamentos eléctricos para vehículos de motor, como xeradores, alternadores, buxías de acendemento, arneses de acendemento, sistemas de accionamento eléctrico de portas e fiestras, reguladores de voltaxe, etc. (véxase 29.31) - a fabricación de módulos inversores e células de combustible para coches (véxase 29.31)
28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	Esta división comprende a fabricación de maquinaria e equipamento que actúan de maneira independente sobre os materiais por medios mecánicos ou térmicos, ou realizan operacións sobre os materiais (por exemplo, manexo, pulverización, pesaxe ou envasado), incluídos os compoñentes mecánicos que producen e aplican forza, e todas as compoñentes primarias fabricadas especialmente. Esta división comprende os dispositivos fixos, móbiles ou manuais, tanto se foron deseñados para a súa utilización na industria ou a construción como para o uso agrario ou doméstico. A fabricación de equipamentos especiais para o transporte de pasaxeiros ou mercadorías dentro de locais acoutados corresponde tamén a esta división. Nesta división distínguese entre a fabricación de maquinaria para usos específicos, é dicir, a maquinaria para un uso exclusivo nunha actividade ou nun pequeno conxunto de actividades da CNAE, e a maquinaria de uso xeral, é dicir, aquela que se utiliza nunha ampla gama de actividades da CNAE.	Esta división comprende así mesmo a fabricación doutra maquinaria para usos específicos non incluída noutras epígrafes da clasificación, sexa utilizada ou non en procesos de fabricación, como os equipamentos para as atraccións de feira, os equipamentos para boleiras automáticas, etc.	Esta división non comprende a fabricación de produtos metálicos de uso xeral (división 25), de dispositivos de control asociados, de equipamento informático, de equipamentos de medida e verificación, de aparellos de distribución e control eléctrico (divisións 26 e 27) e de vehículos de motor de uso xeral (división 29).
28.1	Fabricación de maquinaria de uso xeral			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
28.11	Fabricación de motores e turbinas, salvo os destinados a aeronaves, vehículos automóbiles e ciclomotores	Esta clase comprende: - a fabricación de motores de pistóns de combustión interna, agás os destinados a vehículos de motor, aeronaves e motocicletas: • motores para barcos • motores para ferrocarril - a fabricación de pezas aptas para seren utilizadas exclusiva ou principalmente con motores de combustión interna, por exemplo, pistóns, aneis de pistón, carburadores e similares, excepto para vehículos de motor - a fabricación de válvulas de admisión e escape para motores de combustión interna - a fabricación de turbinas e pezas para estas: • turbinas de vapor de auga e de vapores doutras clases • turbinas hidráulicas, rodas hidráulicas e reguladores para estas • turbinas eólicas e muíños • turbinas de gas, salvo os turborreactores e turbopropulsores para a propulsión de aeronaves - a fabricación de conxuntos de caldeira e turbina - a fabricación de grupos turboxeradores, consistentes nunha turbina e nun xerador instalados conxuntamente - a fabricación de motores para uso industrial - a revisión en fábrica de motores de barcos		Esta clase non comprende: - a fabricación de xeradores eléctricos (salvo os grupos turboxeradores) (véxase 27.11) - a fabricación de grupos xeradores de enerxía primaria (agás os grupos turboxeradores) (véxase 27.11) - a fabricación de compoñentes de motores de combustión de vehículos de motor (véxase 29.10) - a fabricación de equipamentos e compoñentes eléctricos de motores de pistóns de combustión interna para vehículos de motor (véxase 29.3) - a fabricación de pistóns, aneis de pistón e carburadores para vehículos de motor (véxase 29.32) - a fabricación de motores de pistóns de combustión interna para aeronaves (véxase 30.3) - a fabricación de motores de aeronaves, turborreactores e turbopropulsores (véxanse 30.31 e 30.32) - a fabricación de motores destinados á propulsión de motocicletas (véxase 30.91) - a fabricación de pistóns, aneis de pistón e carburadores para motocicletas (véxase 30.91)
28.12	Fabricación de equipamentos de transmisión hidráulica e pneumática	Esta clase comprende: - a fabricación de motores hidráulicos e pneumáticos e motores, cilindros e válvulas - a fabricación de sistemas hidráulicos de transmisión de enerxía mediante fluídos - a fabricación de equipamentos de transmisión hidráulica - a fabricación de equipamentos de transmisión hidrostática		Esta clase non comprende: - a fabricación de tubos, condutos e mangueiras hidráulicos ou pneumáticos de caucho (véxase 22.12) - a fabricación de tubos, condutos e mangueiras hidráulicos ou pneumáticos de plástico (véxase 22.21) - a fabricación de compresores (véxase 28.13) - a fabricación de bombas, excepto bombas hidráulicas de transmisión de enerxía mediante fluídos (véxase 28.13) - a fabricación de válvulas para aplicacións de transmisión de enerxía non baseadas en fluídos (véxase 28.14) - a fabricación de equipamentos mecánicos de transmisión de potencia (véxase 28.15)
28.13	Fabricación doutras bombas e compresores	Esta clase comprende: - a fabricación de bombas de aire ou de baleiro e de compresores de gas ou de aire - a fabricación de bombas para líquidos, estean ou non equipadas cun dispositivo de medición - a fabricación de bombas para motores de combustión interna, por exemplo, bombas de aceite, auga e combustible para vehículos de motor	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de bombas de man	Esta clase non comprende: - a fabricación de bombas hidráulicas de transmisión de enerxía mediante fluídos (véxase 28.12)
28.14	Fabricación doutras billas e válvulas	Esta clase comprende: - a fabricación de billas e válvulas industriais, incluídas as válvulas reguladoras e as billas de admisión - a fabricación de billas e válvulas para sanitarios - a fabricación de billas e válvulas para radiadores de calefacción central		Esta clase non comprende: - a fabricación de válvulas industriais a base de caucho vulcanizado non endurecido, materias cerámicas ou vidro (véxanse 22.12, 23.15 e 23.44) - a fabricación de válvulas de admisión e escape para motores de combustión interna (véxase 28.11) - a fabricación de válvulas para transmisión hidráulica ou pneumática e equipamentos de preparación de aire para o uso en sistemas pneumáticos (véxase 28.12)
28.15	Fabricación de chumaceiras, engrenaxes e órganos mecánicos de transmisión	Esta clase comprende: - a fabricación de rodamentos e de pezas para eles - a fabricación de equipamentos de transmisión mecánica, por exemplo: • eixes de transmisión, incluídos os eixes de levas, cegoñais e bielas • soportes de chumaceiras e chumaceiras de transmisión - a fabricación de engrenaxes, redutores e caixas de cambio e doutros variadores de velocidade - a fabricación de embragues e acoplamentos axiais - a fabricación de volantes e poleas - a fabricación de cadeas de elos articulados - a fabricación de cadeas de transmisión		Esta clase non comprende: - a fabricación doutras cadeas distintas da de transmisión (véxase 25.93) - a fabricación de equipamentos de transmisión hidráulica (véxase 28.12) - a fabricación de equipamentos de transmisión hidrostática (véxase 28.12) - a fabricación de embragues para vehículos de motor (véxase 29.31) - a fabricación de engrenaxes, caixas de cambio e as súas pezas, para vehículos de motor (véxase 29.32) - a fabricación de subensamblaxes de equipamentos de transmisión mecánica, destinadas exclusiva ou principalmente a
28.2	Fabricación doutra maquinaria de uso xeral			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
28.21	Fabricación de fornos, queimadores e equipamentos de calefacción doméstica permanente	Esta clase comprende: - a fabricación de fornos eléctricos e doutros fornos industriais ou de laboratorio, incluídos os incineradores - a fabricación de queimadores - a fabricación de caldeiras de calefacción central, quentadores de auga por enerxía solar e equipamentos similares - a fabricación de equipamentos domésticos de refrixeración e ventilación	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de cargadores mecánicos, reixas, descargadores de cinza, etc. - a fabricación de bombas de calor non reversibles (que só funcionan nun sentido), usadas principalmente para a calefacción de espazos ou para a subministración doméstica de auga quente - a fabricación de colectores de enerxía solar	Esta clase non comprende: - a fabricación de fornos eléctricos para uso doméstico (véxase 27.51) - a fabricación de ventiladores de mesa, de chan, de parede, fiestra, teito ou tellado (véxase 27.51) - a fabricación de fornos secadores para uso agrícola (véxase 28.93) - a fabricación de fornos de panadaría (véxase 28.93) - a fabricación de fornos secadores para madeira, pasta de papel, papel e cartón (véxase 28.99) - a fabricación de aparellos de esterilización para usos médico-cirúrxicos e de laboratorio (véxase 32.50) - a fabricación de fornos de laboratorio dental (véxase 32.50)
28.22	Fabricación de maquinaria de elevación e manipulación	Esta clase comprende: - a fabricación de máquinas e aparellos de elevación, carga, descarga e manipulación, por exemplo: • polispastos e cabrias, cabrestantes e gatos • guidastres de todas as clases, estruturas móbiles de elevación, cargadores de cabalete, etc. • carretillas de traballo, provistas ou non de dispositivos de elevación ou manipulación, autopropulsadas ou non, do tipo utilizado na industria (incluídas as carretillas de man e as carretillas con rodas) • manipuladores mecánicos e robots industriais concibidos especialmente para elevar, manipular, cargar ou descargar, etc. • carretillas elevadoras e cargadores/descargadores de palés, non tripulados e robotizados - a fabricación de transportadores, teleféricos, etc. - a fabricación de ascensores, escaleiras mecánicas e corredores rodantes - a fabricación de compoñentes especializados para maquinaria de elevación e manipulación	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de maquinaria automática de elevación e manipulación para almacéns	Esta clase non comprende: - a fabricación de maquinaria para a agricultura vertical (véxase 28.30) - a fabricación de elevadores e transportadores de movemento continuo para usos subterráneos (véxase 28.92) - a fabricación de pas mecánicas, escavadoras e pas cargadoras (véxase 28.92) - a fabricación de robots industriais para usos múltiples (véxase 28.99) - a fabricación de camións guindastre, guindastres flotantes e guindastres de ferrocarril (véxanse 29.10, 30.11 e 30.20) - a instalación de ascensores e montacargas (véxase 43.24)
28.23	Fabricación de máquinas e equipamentos de oficina, salvo equipamentos informáticos	Esta clase comprende: - a fabricación de máquinas de calcular - a fabricación de caixas rexistradoras de accionamento mecánico - a fabricación de calculadoras - a fabricación de franqueadoras, máquinas para a xestión de correo (maquinaria para a preparación de sobres e o despacho e a selaxe de correspondencia; apertura, clasificación, escaneamento, etc.) - a fabricación de máquinas de mecanografía e taquigrafía - a fabricación de equipamentos de encadernación de oficina (é dicir, encadernación con plástico ou fita) - a fabricación de maquinaria para o reconto e a envoltura de moedas - a fabricación de máquinas sacapuntas - a fabricación de grampadoras - a fabricación de máquinas de votar - a fabricación de dispensadores de fita - a fabricación de perforadoras - a fabricación de fotocopiadoras - a fabricación de encerados; encerados brancos e encerados para rotulador con superficies para escribir ou debuxar - a fabricación de dictáfonos		Esta clase non comprende: - a fabricación de sacapuntas (véxase 25.61) - a fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos (véxase 26.20)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
28.24	Fabricación de ferramentas eléctricas manuais	Esta clase comprende: - a fabricación de ferramentas de man, con motor eléctrico ou non eléctrico independente ou mecanismos de accionamento pneumático, por exemplo: • serras circulares ou con movemento alternativo • serras de cadea • trades e perforadoras de percusión • lixadoras mecánicas de man • cravadoras pneumáticas • puidoras • fresadoras • afiadoras • grampadoras • remachadoras pneumáticas • achanzadores • cisallas e recortadoras • chaves de percusión • cravadoras accionadas mediante pólvora		Esta clase non comprende: - a fabricación de ferramentas manuais e pezas intercambiables para ferramentas pneumáticas e eléctricas (véxase 25.63) - a fabricación de equipamentos e aparellos manuais de soldadura eléctrica (véxase 27.90)
28.25	Fabricación de equipamentos de aire acondicionado non domésticos	Esta clase comprende: - a fabricación de equipamentos non domésticos de refrixeración ou conxelación - a fabricación de aparellos de aire acondicionado, excepto os destinados a vehículos de motor - a fabricación de ventiladores de uso non doméstico - a fabricación de intercambiadores de calor - a fabricación de maquinaria para a licuación de aire ou outros gases - a fabricación de ventiladores de tellado, por exemplo, ventiladores de azotea, de beirado, etc. - a fabricación de evaporadores e condensadores para refrixeradores non domésticos	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de bombas de calor reversibles que teñen un ventilador motorizado e dispositivos para controlar tanto a temperatura como a humidade do aire	Esta clase non comprende: - a fabricación de maquinaria de refrixeración e conxelación para uso doméstico (véxase 27.51) - a fabricación de ventiladores domésticos (véxase 27.51) - a fabricación de equipamentos de refrixeración domésticos (véxase 28.21) - a fabricación de equipamentos de aire acondicionado para vehículos de motor (véxase 29.32)
28.29	Fabricación doutra maquinaria de uso xeral n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de máquinas e aparellos de pesaxe (distintas das balanzas de precisión de laboratorio), incluídas as máquinas contadoras ou de control accionadas por peso, por exemplo, básculas domésticas e de tenda, básculas de plataforma, básculas para pesaxe continua, básculas ponte, básculas para a pesaxe de persoas, etc. - a fabricación de máquinas e aparellos para a filtración ou a depuración de líquidos, por exemplo, petróleo, combustible, etc. - a fabricación de máquinas e aparellos para proxectar, dispersar ou pulverizar líquidos ou pos: • pistolas de pulverización de aerosol, extintores, máquinas e aparellos de chorro de area, máquinas de limpeza por vapor, etc. - a fabricación de máquinas e aparellos para empaquetar ou embalar mercadorías: • máquinas para o enchemento, pechadura, selaxe, encapsulado, etiquetaxe, etc. - a fabricación de máquinas para a limpeza (incluídos os lavalouzas) destinadas ao uso non doméstico - a fabricación de máquinas para limpar e secar botellas e para gasificar bebidas - a fabricación de unidades de destilación e rectificación para refinarías de petróleo, industrias químicas, industrias de bebidas, etc. - a fabricación de xeradores de gas - a fabricación de calandras e outras laminadoras, así como dos cilindros destas (agás para o metal e vidro) - a fabricación de centrifugadoras, incluídas as secadoras centrífugas (excepto desnatadoras, secadoras de roupa e centrifugadoras do tipo das utilizadas en laboratorios) - a fabricación de xuntas de estanquidade e doutras xuntas de chapas metálicas combinadas con outros materiais ou de dúas ou máis capas de metal - a fabricación de máquinas expendedoras automáticas - a fabricación de niveis, fitas métricas e ferramentas de precisión (salvo ópticas) - a fabricación de equipamentos e aparellos para a soldadura non eléctrica - a fabricación de torres de refrixeración e estruturas similares para refrixeración directa mediante auga recirculada		Esta clase non comprende: - a fabricación de xuntas de caucho vulcanizado (véxase 22.12) - a fabricación de balanzas de precisión de tipo laboratorio (véxase 26.51) - a fabricación de maquinaria de refrixeración e conxelación para uso doméstico (véxase 27.51) - a fabricación de ventiladores domésticos (véxase 27.51) - a fabricación de equipamentos para a soldadura eléctrica (véxase 27.90) - a fabricación de maquinaria de pulverización de uso agrícola ou hortícola (véxase 28.30) - a fabricación de laminadores para metais e de máquinas para laminar o vidro e cilindros para eles (véxanse 28.91 e 28.99) - a fabricación de fornos secadores para produtos agrícolas (véxase 28.93) - a fabricación de maquinaria para a filtración ou a depuración de alimentos e bebidas (véxase 28.93) - a fabricación de desnatadoras (véxase 28.93) - a fabricación de secadoras industriais de roupa (véxase 28.94) - a fabricación de maquinaria para a impresión téxtil (véxase 28.94) - a fabricación de centrifugadoras do tipo utilizado en laboratorios (véxase 32.50)
28.3	Fabricación de maquinaria agraria e forestal			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
28.30	Fabricación de maquinaria agraria e forestal	Esta clase comprende: - a fabricación de tractores para a agricultura e a silvicultura - a fabricación de tractores de eiruga - a fabricación de motocultores dun só eixe (con condutor a pé) - a fabricación de segadoras, incluídos os cortacéspedes - a fabricación de remolques e semirremolques autocargadores e autodescargadores para usos agrícolas - a fabricación de máquinas e aparellos agrícolas para a preparación ou o cultivo do solo, por exemplo: • arados, grades, esparexedoras de esterco, sementadoras e distribuidoras de fertilizante, etc. - a fabricación de maquinaria colleitadora e trilladora, por exemplo: • colleitadoras, trilladoras, clasificadoras, etc. - a fabricación de máquinas muxidoiras - a fabricación de maquinaria de pulverización de uso agrícola ou hortícola - a fabricación doutras máquinas e aparellos usados na agricultura, por exemplo: • máquinas e aparellos para a avicultura e apicultura, para a preparación de forraxe e pensos para os animais, etc. • máquinas para limpar, separar e clasificar ovos, froitas, etc. - a fabricación de maquinaria para a agricultura vertical		Esta clase non comprende: - a fabricación de ferramentas manuais non eléctricas do tipo utilizado en agricultura, horticultura ou silvicultura (véxase 25.63) - a fabricación de transportadores para uso agrario (véxase 28.22) - a fabricación de ferramentas eléctricas manuais (véxase 28.24) - a fabricación de máquinas para o movemento de terras (véxase 28.92) - a fabricación de desnatadoras (véxase 28.93) - a fabricación de maquinaria para limpar, separar e clasificar sementes, grans e leguminosas de gran seco (véxase 28.93) - a fabricación de cabezas tractoras para semirremolques (véxase 29.10) - a fabricación de remolques ou semirremolques para uso non agrícola (véxase 29.20)
28.4	Fabricación de maquinaria para conformar os metais e doutras máquinas ferramenta	Este grupo comprende a fabricación de máquinas e máquinas ferramenta para conformar metais, por exemplo máquinas ferramenta para traballar metais e outros materiais (madeira, óso, pedra, caucho endurecido, materias plásticas endurecidas, vidro en frío, etc.), incluídas as que utilizan raios láser, ondas ultrasónicas, arco de plasma ou impulsos magnéticos		
28.41	Fabricación de maquinaria para conformar os metais e doutras máquinas ferramenta para traballar o metal	Esta clase comprende: - a fabricación de máquinas ferramenta para o traballo dos metais, incluídas aquelas que utilizan raios láser, ondas ultrasónicas, arco de plasma, impulsos magnéticos, etc. - a fabricación de máquinas ferramenta para torneadura, fresadura, conformación, cepilladura ou perforación do metal - a fabricación de máquinas ferramenta para desbarbar, afiar, esmerilar, rectificar, laparear, puír ou, doutro xeito, dar acabamento ao metal ou cermet por medio de pedras de afiar, abrasivas ou produtos de pulimento - a fabricación de centros de mecanización e máquinas multiestación para traballar o metal - a fabricación de máquinas ferramenta para desbastar, rectificar, fender ou biselar, para o corte, talladura ou acabamento de engrenaxes, para serrar e cuñar, e outras máquinas ferramenta que traballen mediante a eliminación do metal ou cermet sobrante - a fabricación de máquinas ferramenta para a embutición ou estampación - a fabricación de prensas cuñadoras, prensas hidráulicas, freos hidráulicos, martelos de caída, máquinas para forxar, etc. - a fabricación de bancos de trefilar, laminadores para roscas e máquinas para o traballo con arame - a fabricación de limadoras, remachadoras, cisallas para metal, etc.		Esta clase non comprende: - a fabricación de útiles intercambiables para ferramentas (véxase 25.63) - a fabricación de equipamentos e aparellos de soldadura eléctrica (véxase 27.90) - a fabricación de máquinas para a fabricación aditiva (véxase 28.97)
28.42	Fabricación doutras máquinas ferramenta	Esta clase comprende: - a fabricación de máquinas ferramenta para o traballo da madeira, cortiza, óso, pedra, caucho endurecido, materias plásticas endurecidas, cerámicas, formigón, vidro en frío ou outros materiais duros non metálicos similares - a fabricación de portapezas para máquinas ferramenta - a fabricación de dispositivos divisores e doutros dispositivos especiais para máquinas ferramenta - a fabricación de máquinas fixas para cravar, grampar, encolar ou ensamblar doutro xeito a madeira, cortiza, óso, caucho endurecido ou materias plásticas endurecidas, etc. - a fabricación de perforadoras fixas rotatorias e de percusión, etc. - a fabricación de prensas para a fabricación de taboleiros de partículas e similares	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de compoñentes e accesorios para as máquinas ferramenta descritas	Esta clase non comprende: - a fabricación de útiles intercambiables para máquinas ferramenta, por exemplo, brocas, punzóns, matrices, machos de tarraxar, fresas, ferramentas de movemento radial, follas de serra, coitelas, etc. (véxase 25.63) - a fabricación de soldadores e pistolas de soldar eléctricos de man (véxase 27.90) - a fabricación de ferramentas eléctricas manuais (véxase 28.24) - a fabricación de limadoras, remachadoras, cisallas para metal (véxase 28.41) - a fabricación de maquinaria utilizada en talleres de fundición e traballo de metais (véxase 28.91) - a fabricación de maquinaria para a explotación de minas e canteiras (véxase 28.92) - a fabricación de máquinas para a fabricación aditiva (véxase 28.97)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
28.9	Fabricación doutra maquinaria para usos específicos	Este grupo comprende a fabricación de maquinaria para usos específicos, é dicir, a maquinaria para un uso exclusivo nunha industria ou nun pequeno conxunto de industrias da CNAE	Aínda que a maioría desta maquinaria para fins específicos se utiliza noutros procesos de fabricación como, por exemplo, na produción de alimentos ou téxtiles, este grupo comprende, así mesmo, a fabricación de maquinaria específica para outras industrias (non manufactureiras) como mecanismos de lanzamento de aeronaves ou equipamentos para parques de atracciónns	
28.91	Fabricación de maquinaria para a industria metalúrxica	Esta clase comprende: - a fabricación de máquinas e equipamentos para a manipulación de metais en quente, por exemplo, convertedores, lingoteiras, caldeiros de coada e máquinas de colar e modelar do tipo que se utiliza na metalurxia ou nos talleres de fundición - a fabricación de laminadores, trens de laminación e cilindros para eles		Esta clase non comprende: - a fabricación de caixas e moldes de fundición (salvo lingoteiras) (véxase 25.63) - a fabricación de bancos de trefilar (véxase 28.41) - a fabricación de máquinas para a fabricación de moldes de fundición (véxase 28.99)
28.92	Fabricación de maquinaria para as industrias extractivas e da construción	Esta clase comprende: - a fabricación de elevadores e transportadores de movemento continuo para traballos subterráneos - a fabricación de maquinaria de perforación, corte ou fincamento, para a sondaxe de terras ou a extracción de minerais ou minerarios, así como de máquinas para cortar carbón ou rocha e maquinaria para tunelización - a fabricación de maquinaria para o tratamento de minerais mediante cribado, clasificación, separación, lavado, trituración, moenda, mestura ou amasado de terras, pedras, minerarios ou outras materias minerais, en forma sólida (incluído o po ou a pasta) - a fabricación de formigoneiras e mesturadoras de morteiro - a fabricación de máquinas para o movemento de terras: • explanadoras e niveladoras, motoniveladoras e grades achandadoras, pas mecánicas, cargadores de pas, etc. - a fabricación de martinetes e extractores de estacas, estendedoras de morteiro, estendedoras de betume asfáltico, máquinas para o tratamento superficial do formigón, etc. - a fabricación de máquinas para a mestura de substancias minerais con betume de petróleo - a fabricación de escavadoras para o tendido de vías férreas - a fabricación de pas niveladoras e explanadoras - a fabricación de camións todoterreo de caixa basculante - a fabricación de máquinas quitaneves e sopraneves		Esta clase non comprende: - a fabricación de maquinaria de elevación e manipulación (véxase 28.22) - a fabricación de tractores (véxanse 28.30 e 29.10) - a fabricación de máquinas ferramenta para o traballo da pedra, incluídas as máquinas para romper e limpar a pedra (véxase 28.42) - a fabricación de camións formigoneira (véxase 29.20)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
28.93	Fabricación de maquinaria para a industria da alimentación, bebidas e tabaco	Esta clase comprende: - a fabricación de fornos secadores para produtos agrícolas - a fabricación de maquinaria para a industria láctea, como: • desnatadoras • maquinaria para a elaboración do leite, por exemplo, homoxeneizadoras • maquinaria para a transformación do leite, por exemplo, manteigueiras, batedoras e modeladoras para a fabricación de manteiga • maquinaria para a fabricación de queixo, por exemplo, homoxeneizadoras, modeladoras, prensas, etc. - a fabricación de maquinaria empregada en moenda, por exemplo: • maquinaria para limpar, separar e clasificar sementes, grans e leguminosas de gran seco, por exemplo, limpadoras, fitas cribadoras, separadoras, cepilladoras, etc. • maquinaria para producir fariñas e sémolas, etc., por exemplo, trituradoras, alimentadoras, fitas cribadoras, depuradoras de farelo, mesturadoras, esporteladoras de arroz, partidoras de chícharos, etc. - a fabricación de prensas e trituradoras, por exemplo, para a elaboración de viño, sidra e zumes de froitas - a fabricación de maquinaria para a industria panadeira ou das pastas alimenticias ou de produtos similares, como: • fornos de panadaría, mesturadoras e divisoras de masas, modeladoras, máquinas de rebandar, para depositar as pastas, etc. - a fabricación de maquinaria para a elaboración de alimentos diversos, como: • maquinaria para a elaboración de confeitaría, cacao e chocolate, para as industrias azucreira e cervexeira, para a preparación de carnes, incluídas as de aves de curral, para a preparación de froitas, froitos secos e hortalizas, para a preparación de peixe, moluscos e outros mariscos • outra maquinaria para a preparación ou fabricación industrial de alimentos e bebidas - a fabricación de máquinas para filtrar ou depurar alimentos e bebidas - a fabricación de maquinaria para a extracción ou preparación de aceites e graxas animais e vexetais - a fabricación de maquinaria para a preparación do tabaco e para a elaboración de		Esta clase non comprende: - a fabricación de equipamentos para a radiación de alimentos e leite (véxase 26.60) - a fabricación de maquinaria para empaquetar, envasar ou pesar (véxase 28.29) - a fabricación de maquinaria para limpar, separar e clasificar ovos, froitas e outros produtos agrarios (agás sementes, grans e leguminosas de gran seco) (véxase 28.30)
28.94	Fabricación de maquinaria para as industrias téxtil, da confección e do coiro	Esta clase comprende: - a fabricación de maquinaria para a industria téxtil, como: • máquinas para a preparación, produción, extrusión, estampación, corta e texturización de fibras, fíos e materiais sintéticos ou artificiais • máquinas para a preparación de fibras téxtiles, por exemplo, debagadoras de algodón, abridoras de balas, máquinas esfiañadoras Garnett, estendedoras de algodón, lavadoras e carbonizadoras de las, peites, cardas, agullas de mechar, etc. • máquinas para a enfiadura • máquinas para preparar fíos téxtiles, por exemplo, bobinadoras, urdidoiras e outras similares • máquinas para tecer, incluídos os teares manuais • tricotosas • maquinaria para facer rede anoada, tules, encaixes, pasamanaría, etc. - a fabricación de máquinas e equipamentos accesorios para a maquinaria téxtil: • teares, máquinas Jacquard, dispositivos de parada automática, mecanismos de cambio de lanzadeiras, fusos, volantes de fuso, etc. - a fabricación de maquinaria para a impresión téxtil - a fabricación de maquinaria para o procesamento dos tecidos: • maquinaria para o lavado, branqueo, tinguidura, apresto, acabamento e impregnación de manufacturas téxtiles • máquinas para enrolar, desenrolar, pregar, cortar ou endentar teas - a fabricación de maquinaria de lavandaría: • pranchas, incluídas as de prensadura • lavadoras e secadoras industriais • máquinas para a limpeza en seco - a fabricación de máquinas de coser e de agullas de coser e cabezas para estas (sexan ou non para uso doméstico) - a fabricación de maquinaria para a fabricación e o acabamento do feltro ou de teas non tecidas - a fabricación de máquinas para a industria do coiro: • máquinas e aparellos para a preparación, o curtume e o traballo dos coiros e das peles		Esta clase non comprende: - a fabricación de tarxetas de papel ou cartón para máquinas Jacquard (véxase 17.25) - a fabricación de lavadoras e secadoras de uso doméstico (véxase 27.51) - a fabricación de calandras (véxase 28.29) - a fabricación de máquinas empregadas en encadernación de libros (véxase 28.99)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
28.95	Fabricación de maquinaria para a industria do papel e do cartón	Esta clase comprende: - a fabricación de maquinaria empregada na elaboración de pasta de papel - a fabricación de maquinaria empregada na elaboración ou no acabamento de papel e cartón - a fabricación de maquinaria empregada na elaboración de artigos de pasta de papel, de papel ou cartón, incluídas as máquinas de corte para papel de todo tipo		
28.96	Fabricación de maquinaria para as industrias do plástico e do caucho	Esta clase comprende: - a fabricación de maquinaria para traballar o caucho e as materias plásticas, ou para a fabricación de produtos das devanditas materias: • extrusoras, modeladoras, máquinas para a fabricación ou o recauchutado de pneumáticos, e outras máquinas e aparellos concibidos para fabricar produtos determinados de caucho ou de materias plásticas		Esta clase non comprende: - a fabricación de máquinas para a fabricación aditiva (véxase 28.97)
28.97	Fabricación de maquinaria de fabricación aditiva	Esta clase comprende: - a fabricación de máquinas para a fabricación aditiva de metal, plásticos, caucho, xeso, cemento, depósito cerámico, etc.		
28.99	Fabricación doutra maquinaria para usos específicos n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de secadoras de madeira, pasta papeleira, papel ou cartón e doutros materiais (salvo produtos agrícolas e téxtiles) - a fabricación de máquinas para a imprenta e a encadernación, e de máquinas auxiliares de impresión sobre diversos materiais - a fabricación de maquinaria para producir baldosas, tixolos, pastas de cerámica modeladas, tubaxes, eléctrodos de grafito, xiz para encerados, etc. - a fabricación de maquinaria para a fabricación de semicondutores - a fabricación de máquinas para a fabricación de moldes de fundición - a fabricación de robots industriais multitarefa para usos específicos - a fabricación de máquinas e equipamentos para usos específicos diversos, como: • máquinas para a montaxe de lámpadas eléctricas ou electrónicas, tubos (válvulas) ou lámpadas • máquinas para a produción ou o traballo en quente de vidro ou cristalaría, ou de manufacturas de fibra ou fío de vidro • máquinas e aparellos para a separación isotópica - a fabricación de equipamentos de aliñamento e equilibramento de pneumáticos; equipamentos de equilibramento (excepto para o equilibramento de rodas) - a fabricación de sistemas centrais de engraxamento - a fabricación de mecanismos de lanzamento de aeronaves, catapultas de portaavións e equipamentos afíns - a fabricación de equipamentos automáticos para birlos (por exemplo, colocadores de birlos) - a fabricación de carruseis, bambáns, galerías de tiro ao albo e outras atraccións de feira - a fabricación de máquinas de compresión de residuos - a fabricación de máquinas de enxesar - a fabricación de torniquetes para accesos - a fabricación de sistemas de enrolar, para bobinas ou para enrolar aparellos de barcos		Esta clase non comprende: - a fabricación de aparellos domésticos (véxase 27.5) - a fabricación de fotocopiadoras, etc. (véxase 28.23) - a fabricación de máquinas ou equipamentos para o traballo do caucho endurecido, de materias plásticas endurecidas ou de vidro en frío (véxase 28.42) - a fabricación de lingoteiras (véxase 28.91) - a fabricación de máquinas para a fabricación aditiva (véxase 28.97)
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	Esta división comprende a fabricación de vehículos de motor para o transporte de pasaxeiros ou mercadorías. Inclúese tamén a fabricación de diversos compoñentes e accesorios, así como de remolques e semirremolques. A reparación e o mantemento de vehículos de motor producidos nesta división clasifícanse no punto 95.31.		
29.1	Fabricación de vehículos de motor			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
29.10	Fabricación de vehículos de motor	Esta clase comprende a fabricación de vehículos eléctricos, de combustión e de motor híbrido, e de vehículos autónomos. Esta clase comprende: - a fabricación de vehículos de pasaxeiros - a fabricación de vehículos comerciais: • furgonetas, camións, cabezas tractoras (de uso na estrada) para semirremolques, etc. - a fabricación de autobuses, trolebuses e autocares - a fabricación de motores para vehículos de motor, incluídos os motores eléctricos - a fabricación doutros vehículos de motor, por exemplo: • motos de neve, vehículos para campos de golf e vehículos anfibios • máquinas varredoras de calzadas - os vehículos todoterreo (ATV), karts e similares, incluídos os coches de carreiras	Esta clase comprende tamén: - a reconstrución en fábrica de motores para vehículos automóbiles - a fabricación de chasis axustados aos motores	Esta clase non comprende: - a fabricación de dispositivos de iluminación para vehículos de motor (véxase 27.40) - a fabricación de pistóns, aneis de pistón e carburadores non destinados a vehículos de motor ou motocicletas (véxase 28.11) - a fabricación de carretillas de traballo equipadas con guindastre (véxase 28.22) - a fabricación de tractores para a agricultura e a silvicultura (véxase 28.30) - a fabricación de vehículos de servizo para o tendido de vías férreas (véxase 28.30) - a fabricación de camións todoterreo de caixa basculante (véxase 28.92) - a fabricación de carrozarías para vehículos de motor, por exemplo, camións e coches de bombeiros, bibliotecas ambulantes, camións formigoneira, etc. (véxase 29.20) - a fabricación de carrozarías para vehículos blindados (véxase 29.20) - a construción de pezas eléctricas para vehículos de motor (véxase 29.31) - a construción de pezas e accesorios de vehículos de motor (véxase 29.32) - a fabricación de carros de combate e doutros vehículos militares de combate (véxase 30.40) - a reparación e o mantemento de vehículos de motor (véxase 95.31)
29.2	Fabricación de carrozarías para vehículos de motor; fabricación de remolques e semirremolques			
29.20	Fabricación de carrozarías para vehículos de motor; fabricación de remolques e semirremolques	Esta clase comprende: - a fabricación de carrozarías, incluídas as cabinas, para vehículos de motor, por exemplo: • camións e coches de bombeiros, bibliotecas ambulantes e vehículos blindados • camións formigoneira - o equipamento exterior de todo tipo de vehículos de motor, remolques e semirremolques - a fabricación de remolques e semirremolques, por exemplo: • camións cisterna, remolques con carrozarías pechadas e abertas • caravanas - o reacondicionamento e a personalización de vehículos de motor - a fabricación de colectores (incluídos os colectores para o transporte de fluídos), especialmente deseñados e equipados para o seu uso nunha ou máis modalidades de transporte - a fabricación de chasis para tráileres		Esta clase non comprende: - a construción de remolques e semirremolques especialmente concibidos para usos agrícolas (véxase 28.30) - a construción de pezas e accesorios de carrozarías para vehículos de motor (véxase 29.32) - a fabricación de vehículos de tracción animal (véxase 30.99)
29.3	Fabricación de compoñentes e accesorios de vehículos de motor	Este grupo comprende a fabricación de compoñentes e accesorios de vehículos de motor de calquera material		
29.31	Fabricación de equipamentos eléctricos e electrónicos para vehículos de motor	Esta clase comprende: - a fabricación de equipamento eléctrico para vehículos de motor, como motores de arranque, xeradores, alternadores, buxías de acendemento, arneses de acendemento, sistemas de accionamento eléctrico de portas e fiestras, ensamblaxe de indicadores adquiridos en paneis de instrumentos, reguladores de voltaxe, etc. - a fabricación de embragues (electromagnéticos) para automóbiles	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de módulos inversores e células de combustible para coches - a fabricación de xogos de cables, cablaxes preformadas e conxuntos de cables similares para automóbiles	Esta clase non comprende: - a fabricación de baterías para vehículos (véxase 27.20) - a fabricación de dispositivos de iluminación para vehículos de motor (véxase 27.40) - a fabricación de bombas para vehículos de motor e para o seu axuste en motores (véxase 28.13)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
29.32	Fabricación doutros compoñentes, pezas e accesorios para vehículos de motor	Esta clase comprende: - a fabricación de diversas pezas e accesorios para vehículos de motor, por exemplo: • caixas de cambios, embragues, freos, eixes, rodas e amortecedores de suspensión - a fabricación de pezas e accesorios de carrozarías para vehículos de motor, por exemplo: • parachoques, cintos de seguridade, *airbags* de seguridade e retrovisores - a fabricación de asentos para vehículos, incluídas as cadeiras para bebés e nenos - a fabricación de equipamentos de aire acondicionado para vehículos de motor - a fabricación de chasis (sen incluír o motor) para vehículos de motor		Esta clase non comprende: - a fabricación de pneumáticos (véxase 22.11) - a fabricación de tubos, correas e outros produtos de caucho (véxase 22.12) - a fabricación de pistóns, aneis de pistón e carburadores non destinados a vehículos de motor ou motocicletas (véxase 28.11) - a fabricación de bombas para vehículos de motor e para o seu axuste en motores (véxase 28.13) - a reparación, o mantemento e a modificación de vehículos de motor (véxase 95.31)
30	Fabricación doutro material de transporte	Esta división comprende a fabricación de equipamentos de transporte, como a construción de buques e outras embarcacións, a fabricación de locomotoras e de material rodante para ferrocarrís, a fabricación de aeronaves e naves espaciais, motocicletas, bicicletas e outros ciclos, e a fabricación dos seus compoñentes, cuxa fabricación non está clasificada noutra parte		
30.1	Construción naval	Este grupo comprende a construción de buques, embarcacións e iates e outras estruturas flotantes para o transporte e outros fins comerciais, así como para actividades deportivas e recreativas e fins militares.		
30.11	Construción de buques civís e estruturas flotantes	Esta clase comprende a construción de buques civís, salvo embarcacións para deporte ou recreo, e a construción de estruturas flotantes. Esta clase comprende: - a construción de embarcacións de uso comercial: • barcos de pasaxeiros, transbordadores, buques cargueiros, buques cisterna, remolcadores, etc. - a construción de embarcacións de pesca, barcos factoría e outras embarcacións para o procesamento ou a conservación dos produtos da pesca	Esta clase comprende tamén: - a construción de aeroescorregadores (excepto aeroescorregadores de recreo) - a construción de plataformas de perforación flotantes ou somerxibles - a construción de estruturas flotantes, por exemplo: • diques flotantes, pontóns, embarcadoiros flotantes, boias, tanques flotantes, gabarras, barcazas, guindastres flotantes, balsas inflables distintas da de recreo, etc. - a fabricación de seccións para buques e estruturas flotantes - a fabricación de drons somerxibles - a reconversión de embarcacións en fábrica - a instalación de interiores técnicos de barcos	Esta clase non comprende: - a fabricación de partes de embarcacións, agás de seccións importantes do casco: • a fabricación de velas (véxase 13.96) • a fabricación de hélices de barco (véxase 25.99) • a fabricación de áncoras de ferro ou aceiro (véxase 25.99) • a fabricación de motores para barcos (véxase 28.11) - a fabricación de instrumentos de navegación (véxase 26.51) - a fabricación de dispositivos de iluminación para barcos (véxase 27.40) - a revisión en fábrica de motores de barcos civís (véxase 28.11) - a fabricación de vehículos motorizados anfibios (véxanse 29.10 e 30.40) - a fabricación de botes ou balsas pneumáticas inchables de recreo e deportivas (véxase 30.12) - a construción de iates (véxase 30.12) - a construción de barcos e buques militares (véxase 30.13) - a reparación e o mantemento especializados de buques civís e estruturas flotantes (véxase 33.15) - o desmantelamento naval (véxase 38.21) - a instalación de interiores non técnicos e o acabamento de barcos (véxase 43.3)
30.12	Construción de embarcacións de recreo e deporte	Esta clase comprende: - a fabricación de botes ou balsas pneumáticas inchables de recreo e deportivas - a construción de veleiros con ou sen motor auxiliar - a construción de embarcacións de motor - a construción de aeroescorregadores de recreo - a construción de iates - a fabricación de motos acuáticas - a construción doutras embarcacións de recreo e de deporte, por exemplo: • canoas, caiacs, embarcacións de remos e botes	Esta clase comprende tamén: - a reconversión en fábrica de embarcacións de recreo e deporte	Esta clase non comprende: - a fabricación de compoñentes de embarcacións de recreo e de deporte: • a fabricación de velas (véxase 13.96) • a fabricación de áncoras de ferro ou aceiro (véxase 25.99) • a fabricación de motores para barcos (véxase 28.11) - a revisión en fábrica de motores de embarcacións deportivas e de recreo (véxase 28.11) - a fabricación de táboas de vela e de surf (véxase 32.30) - a reparación e o mantemento de embarcacións de recreo (véxase 33.15) - o alugamento de embarcacións de recreo e veleiros con tripulación (véxanse 50.10 e 50.30) - o alugamento de embarcacións de recreo e iates sen tripulación (véxase 77.21)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
30.13	Construción de embarcacións e buques militares	Esta clase comprende a construción de embarcacións e buques militares, por exemplo, buques de combate equipados con diversas armas ofensivas e defensivas e con dispositivos de protección contra os bombardeos, e a construción de estruturas militares flotantes como: - portaavións - buques anfibios de guerra e de asalto - cruceiros - destrutores - submarinos - lanchas de desembarco - remolcadores para o transporte de munición ou minas	Esta clase comprende tamén: - a reconversión en fábrica de buques, embarcacións e estruturas flotantes militares	Esta clase non comprende: - a fabricación de armas e municións, por exemplo, tubos lanzatorpedos e torpedos (véxase 25.30) - a revisión en fábrica de motores de barcos e buques militares (véxase 28.11) - a construción de barcos e estruturas flotantes civís (véxase 30.11) - a fabricación de botes ou balsas pneumáticas inchables de recreo e deportivas (véxase 30.12)
30.2	Fabricación de locomotoras e material ferroviario			
30.20	Fabricación de locomotoras e material ferroviario	Esta clase comprende: - a construción de locomotoras eléctricas, diésel, de vapor e doutros tipos para ferrocarril - a construción de coches de viaxeiros, vagóns e furgóns autopropulsados para ferrocarril ou tranvía - a fabricación de vehículos de mantemento ou servizo para ferrocarrís ou tranvías - a construción de material rodante non autopropulsado para ferrocarril e tranvía: • coches de pasaxeiros, furgóns de mercadorías, vagóns cisterna, vagóns e furgóns de descarga automática, así como furgóns taller e furgóns guindastre, ténderes, etc. - a fabricación de pezas especiais para locomotoras e doutro material rodante: • bogies, eixes e rodas, freos e os seus compoñentes, ganchos e demais dispositivos de enganche, topes e os seus compoñentes, amortecedores de choque, bastidores de vagóns e locomotoras, carrozarías, elementos de interconexión, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de locomotoras e vagonetas para a minaría - a fabricación de equipamento mecánico e electromecánico de sinalización, seguridade e control do tráfico para ferrocarrís, tranvías, estradas, vías de navegación interiores, aparcadoiros, aeroportos, etc. - a fabricación de asentos para vagóns ferroviarios	Esta clase non comprende: - a fabricación de raís sen ensamblar (véxase 24.10) - a fabricación de pezas e accesorios ensamblados para vías de ferrocarril (véxase 25.99) - a fabricación de motores eléctricos non destinados a vehículos de motor (véxase 27.11) - a fabricación de equipamento eléctrico de sinalización, seguridade ou control do tráfico para ferrocarrís ou tranvías (véxase 27.90) - a fabricación de motores e turbinas, salvo motores de vehículos de motor, aeronaves e motocicletas (véxase 28.11) - a fabricación de motores para ferrocarril (véxase 28.11)
30.3	Construción aeronáutica e espacial e a súa maquinaria			
30.31	Construción aeronáutica e espacial civil e a súa maquinaria	Esta clase comprende: - a construción de aeronaves para o transporte de mercadorías ou de pasaxeiros ou mesmo para fins recreativos e deportivos - a construción de helicópteros - a construción de planadores e ás delta - a construción de dirixibles e globos aerostáticos - a construción de pezas e accesorios de aeronaves desta clase: • elementos principais tales como fuselaxes, ás, portas, taboleiros de mando, trens de aterraxe, depósitos de combustible, góndolas, etc. • hélices de uso aeronáutico, rotores de helicópteros e pas para rotores • motores de aeronaves civís • turborreactores e turbohélices do tipo habitualmente empregado en aeronaves civís • compoñentes adecuados para o uso exclusivo ou principal con motores de pistóns de combustión interna para aeronaves civís - a fabricación de aparellos para prácticas de voo en terra - a fabricación de mísiles para fins espaciais e civís - a construción de naves espaciais e os seus vehículos de lanzamento, satélites, sondas planetarias, estacións orbitais, transbordadores espaciais, etc. - a fabricación de aeronaves civís non tripuladas (drons)	Esta clase comprende tamén: - a revisión ou reconversión de aeronaves e motores de aeronaves civís - a fabricación de asentos de aeronaves civís	Esta clase non comprende: - a fabricación de paracaídas (véxase 13.96) - a fabricación de mísiles para fins militares (véxase 25.30) - a fabricación de equipamentos de telecomunicación para satélites (véxase 26.30) - a fabricación de instrumentos de navegación e doutros aparellos utilizados en aeronaves (véxase 26.51) - a fabricación de sistemas de navegación aérea (véxase 26.51) - a fabricación de dispositivos de iluminación para aeronaves (véxase 27.40) - a fabricación de pistóns, aneis de pistón e carburadores non destinados a vehículos de motor ou motocicletas (véxase 28.11) - a fabricación de mecanismos de lanzamento de aeronaves, catapultas de portaavións e equipamentos afíns (véxase 28.99) - a fabricación de pezas de sistemas de acendemento e doutras pezas eléctricas para motores de combustión interna (véxase 29.31) - a fabricación aeronáutica e espacial para fins militares (véxase 30.32) - a fabricación de drons para fins militares (véxase 30.32) - a fabricación de drons de xoguete (véxase 32.40) - a reparación e o mantemento de aeronaves e de naves espaciais civís (véxase 33.16)
30.32	Construción aeronáutica e espacial militar e a súa maquinaria	Esta clase comprende a construción de aeronaves e naves espaciais e da súa maquinaria para fins militares. Esta clase comprende a fabricación de: - aeronaves de á fixa - aeronaves de rotor basculante - aeronaves de á rotatoria - drons para fins militares (vehículos aéreos non tripulados VANT)	Esta clase comprende tamén: - a revisión e reconstrución en fábrica de aeronaves e naves espaciais militares - a fabricación de asentos de aeronaves militares	Esta clase non comprende: - a fabricación de armas e municións (véxase 25.30) - a fabricación de mísiles para fins militares (véxase 25.30) - a construción aeronáutica e espacial e da súa maquinaria para usos civís (véxase 30.31) - a reparación e o mantemento de aeronaves e naves espaciais militares (véxase 33.18)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
30.4	Fabricación de vehículos militares de combate			
30.40	Fabricación de vehículos militares de combate	Esta clase comprende a fabricación de vehículos militares de combate, estean provistos de armas ou non, e de pezas deses vehículos, por exemplo: - a fabricación de carros de combate - a fabricación de vehículos de combate blindados para o transporte de persoas - a fabricación de vehículos de subministración blindados ou de vehículos de recuperación blindados provistos de guindastre - a fabricación de vehículos militares anfibios blindados - a fabricación de tanques dirixidos a distancia - a fabricación de carrozarías de vehículos de combate blindados e das súas pezas, por exemplo, torretas blindadas, portas e cubertas blindadas - a fabricación de placas de blindaxe que son identificables como partes de vehículos militares de combate - a fabricación de eirugas e rodas motrices especiais para vehículos blindados de combate	Esta clase comprende tamén: - a revisión e reconstrución en fábrica de vehículos militares de combate	Esta clase non comprende: - a fabricación de armas e municións (véxase 25.30) - a fabricación de vehículos e camións de pasaxeiros con blindaxe lixeira ou extraíble (véxase 29.10) - a fabricación de barcos militares (véxase 30.13) - a fabricación de drons para fins militares (véxase 30.32) - a reparación e o mantemento de vehículos de combate militares (véxase 33.18)
30.9	Fabricación doutro material de transporte n.c.n.	Este grupo comprende a fabricación de material de transporte distinto dos vehículos de motor, de equipamentos de transporte ferroviario, por auga, aéreo ou espacial e de vehículos militares		
30.91	Fabricación de motocicletas	Esta clase comprende: - a fabricación de motocicletas e ciclomotores - a fabricación de motores para motocicletas - a fabricación de sidecares para motocicletas - a fabricación de pezas e accesorios para motocicletas, por exemplo, freos, caixas de cambios, embragues, rodas, silenciadores e tubos de escape e dos seus compoñentes - a fabricación de pistóns, aneis de pistón e carburadores para motocicletas		Esta clase non comprende: - a fabricación de pneumáticos de caucho, do tipo utilizado para motocicletas (véxase 22.11) - a fabricación de bicicletas (véxase 30.92) - a fabricación de bicicletas con motor eléctrico para a súa propulsión (véxase 30.92) - a fabricación de vehículos para persoas con discapacidade (véxase 30.92) - a fabricación de vehículos de transporte persoal, por exemplo, monopatíns eléctricos e patinetes eléctricos (véxase 30.92)
30.92	Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade	Esta clase comprende: - a fabricación de bicicletas non motorizadas e de vehículos similares, incluídos os triciclos (de repartición), tándems e bicicletas e triciclos para nenos - a fabricación de pezas e accesorios de bicicletas, por exemplo, cadros, forcadas, llantas e raios, buxas, freos, asentos, pedais, engrenaxes de biela e desviadores - a fabricación de bicicletas con motor eléctrico auxiliar - a fabricación de vehículos para persoas con discapacidade, con ou sen motor - a fabricación de pezas e accesorios de vehículos para persoas con discapacidade - a fabricación de vehículos de transporte persoal, como monopatíns e patinetes eléctricos - a fabricación de carriños para bebés e das súas pezas		Esta clase non comprende: - a fabricación de pneumáticos e cámaras de caucho, das utilizadas para bicicletas (véxase 22.11) - a fabricación de xoguetes con rodas deseñados para montar neles, incluídas as bicicletas e os triciclos de plástico (véxase 32.40)
30.99	Fabricación doutro material de transporte n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de vehículos impulsados á man, por exemplo, carros para equipaxe, carros de man, zorras, carros de supermercado, etc. - a fabricación de vehículos de tracción animal, como *sulkys*, carretas, carruaxes, etc.		Esta clase non comprende: - a fabricación de carretillas de traballo, provistas ou non de dispositivos de elevación ou manipulación, autopropulsadas ou non, do tipo utilizado na industria (incluídas as carretillas de man e as carretillas con rodas) (véxase 28.22) - a fabricación de carros decorativos para restaurantes, como carros de sobremesas ou de comida (véxase 31.00)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
31	Fabricación de mobles	Esta división comprende a fabricación de mobles e as súas partes, agás das láminas e lousas de vidro, pedra, formigón ou material similar como parte integrante dos mobles. Os procesos utilizados na fabricación dos mobles son métodos estándar de elaboración de materiais e montaxe de compoñentes, incluídos os de corte, modelaxe e laminación. O deseño do artigo, para a consecución de calidades tanto estéticas como funcionais, constitúe un aspecto importante do proceso de produción. Algúns dos procesos empregados na fabricación dos mobles son similares aos utilizados noutros segmentos da manufactura. Por exemplo, lévanse a cabo tarefas de corte e montaxe na produción de vigas trianguladas de madeira, que se clasifica na división 16. No entanto, o conxunto de procesos aplicados distinguen a fabricación dos mobles de madeira da dos produtos da madeira. Do mesmo xeito, na fabricación de mobiliario metálico utilízanse técnicas empregadas igualmente na fabricación de produtos laminados clasificados na división 25. O proceso de modelaxe do mobiliario de material plástico é similar ao que se aplica a outros produtos de plástico. No entanto, a fabricación deste tipo de mobles tende a ser unha actividade especializada.		
31.0	Fabricación de mobles			
31.00	Fabricación de mobles	Nesta clase inclúese a fabricación de mobles de calquera material, para calquera lugar e para diversos usos. Comprende tamén a fabricación de partes de mobles, excepto láminas e lousas (cortadas ou non para a conformación) de vidro (incluídos os espellos), mármore ou outro tipo de pedra, formigón ou material similar. Esta clase comprende: - a fabricación de cadeiras e asentos para oficinas, talleres, hoteis, restaurantes e locais públicos - a fabricación de cadeiras e asentos para teatros, cinemas e similares - a fabricación de mobiliario especial para establecementos comerciais: mostradores, aparadores, andeis, etc. - a fabricación de mobles de oficina - a fabricación de bancos, tallos e outros asentos para laboratorio, mobiliario de laboratorio (por exemplo, armarios e mesas), etc. - a fabricación de mobles para igrexas, centros de ensino e restaurantes - a fabricación de mobiliario de cociña - a fabricación de sofás, sofás cama e tresillos - a fabricación de cadeiras e outros asentos para xardín - a fabricación de mobles de dormitorio, salón, xardín, etc. - a fabricación de armarios para máquinas de coser, televisións, etc. - a fabricación de colchóns e somieres	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de carritos de cátering - a fabricación de compoñentes integrados para mobiliario de establecementos comerciais - os acabados de mobles, por exemplo, lacado, pintado, pulido e tapizado - a fabricación de armarios vestidores	Esta clase non comprende: - a fabricación de almofadas, pufs, coxíns, acolchados e edredóns (véxase 13.92) - a fabricación de molduras de madeira que non sexan recoñecibles como partes integrantes de mobles (véxase 16.1) - a fabricación de estruturas de madeira e pezas de carpintaría e ebanistaría para a construción, salvo as destinadas á construción industrializada (véxase 16.23) - a fabricación de colchóns inflables de caucho (véxase 22.12) - a fabricación de colchóns de caucho para camas de auga (véxase 22.12) - a fabricación de láminas e lousas (cortadas ou non para a conformación) de cerámica, cemento e pedra (véxanse 23.42, 23.66 e 23.70) - a fabricación de lámpadas ou accesorios para a iluminación (véxase 27.40) - a fabricación de lousas (véxase 28.23) - a fabricación de asentos para automóbiles (véxase 29.32) - a fabricación de asentos para bebés en automóbiles (véxase 29.32) - a fabricación de asentos para vagóns ferroviarios (véxase 30.20) - a fabricación de asentos para aeronaves (véxanse 30.31 e 30.32) - a fabricación de mobles para uso médico, cirúrxico, dental ou veterinario (véxase 32.50) - a montaxe e instalación de mobiliario modular, a instalación de tabiques, a instalación de mobiliario para equipamentos de laboratorio, na localización das obras (véxase 43.32) - a fabricación de compoñentes integrados para mobiliario de establecementos comerciais (véxase 43.32) - o retapizado, a aplicación de novos acabamentos e a
32	Outras industrias manufactureiras	Esta división comprende a fabricación de diversos artigos non incluídos noutras partidas da clasificación. Posto que se trata dunha división residual, os procesos de produción, os materiais e o uso dos bens producidos poden variar amplamente e non se aplicaron aquí os criterios habituais para agrupar clases en divisións		
32.1	Fabricación de artigos de xoiaría, bixutería e similares	Este grupo comprende a fabricación de artigos de xoiaría e de bixutería		
32.11	Fabricación de moedas	Esta clase comprende: - a fabricación de moedas, incluídas as de curso legal, de metais preciosos ou non preciosos		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
32.12	Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares	Esta clase comprende: - a produción de perlas traballadas - a produción de pedras preciosas e semipreciosas labradas, incluída a produción de pedras de calidade industrial e de pedras preciosas e semipreciosas sintéticas e recontruídas - a talla de diamantes - a fabricación de artigos de xoiaría de metais preciosos, ou de metais comúns chapados con metais preciosos, de pedras preciosas ou semipreciosas, ou de combinacións de metais preciosos e pedras preciosas ou semipreciosas - a fabricación de artigos de ourivaría de metais preciosos, ou de metais comúns chapados con metais preciosos, por exemplo: • servizos de mesa, cubertos, artigos de toucador, artigos de escritorio ou de oficina, artigos para o culto relixioso, etc. - a fabricación de artigos de uso técnico e de laboratorio elaborados con metais preciosos (excepto instrumentos e pezas de instrumentos): crisois, espátulas, ánodos de galvanoplastia, etc. -a fabricación de correas de reloxo, pulseiras e cigarreiras de metais preciosos	Esta clase comprende tamén: - o gravado de produtos persoais de metais preciosos e non preciosos	Esta clase non comprende: - a fabricación de correas que non sexan metálicas para reloxos de pulseira (por exemplo, tea, coiro, plástico) (véxase 15.12) - a fabricación de artigos de metal común chapados con prata, ouro ou platino, sen outra elaboración (véxase 24.41) - a fabricación de estatuetas e outros ornamentos de metal común chapados con metais preciosos (véxase 25.99) - a fabricación de caixas de reloxos, incluso de metais preciosos (véxase 26.52) - a fabricación de correas de reloxos de metais non preciosos (véxase 32.13) - a fabricación de bixutería, chapada ou non con metais preciosos (véxase 32.13) - a reparación de xoiaría (véxase 95.25)
32.13	Fabricación de artigos de bixutería e artigos similares	Esta clase comprende: - a fabricación de bixutería, sen incluír perlas naturais ou cultivadas, pedras preciosas ou semipreciosas (excepto como chapado ou como compoñentes menores), ou metais preciosos ou chapados con metais preciosos, por exemplo: • aneis, pulseiras, colares, broches, pendentes e pequenos obxectos ou artigos similares de adorno persoal fabricados con metais comúns chapados con metais preciosos • artigos de bixutería que conteñen pedras de imitación, por exemplo, xemas e diamantes de imitación e similares - a fabricación de correas de reloxos de metal (salvo metais preciosos)		Esta clase non comprende: - a fabricación de artigos de xoiaría de metais preciosos ou chapados con metais preciosos (véxase 32.12) - a fabricación de artigos de xoiaría que conteñen pedras preciosas auténticas (véxase 32.12) - a fabricación de correas de reloxos de metais preciosos (véxase 32.12)
32.2	Fabricación de instrumentos musicais			
32.20	Fabricación de instrumentos musicais	Esta clase comprende: - a fabricación de instrumentos de corda - a fabricación de instrumentos de corda con teclado, incluídos os pianos automáticos - a fabricación de órganos de tubos, harmonios e outros instrumentos similares de teclado con lingüetas metálicas libres - a fabricación de acordeóns e doutros instrumentos similares, incluídas as harmónicas - a fabricación de instrumentos de vento - a fabricación de instrumentos musicais de percusión, por exemplo, tambores, xilófonos, pratos, castañolas, maracas, etc. - a fabricación de instrumentos musicais que xeran son electronicamente, por exemplo, pianos dixitais, sintetizadores, etc. - a fabricación de caixas de música, organillos, calíopes, etc. - a fabricación de pezas e accesorios de instrumentos, por exemplo: • metrónomos, diapasóns, tarxetas, discos e rolos para instrumentos mecánicos automáticos, etc.	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de chifres, cornetas e doutros instrumentos de vento para sinais	Esta clase non comprende: - a reprodución de material de son pregravado, discos e vídeos (véxase 18.20) - a fabricación de micrófonos, amplificadores, altofalantes, auriculares e artigos similares (véxase 26.40) - a fabricación de tocadiscos,magnetófonos, etc. (véxase 26.40) - a fabricación de instrumentos musicais de xoguete (véxase 32.40) - a edición de fitas e discos pregravados de vídeo e son (véxase 59.20) - a reparación de instrumentos musicais non considerados patrimonio cultural e sen interese histórico (véxase 95.29) - a afinación de pianos (véxase 95.29)
32.3	Fabricación de artigos de deporte			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
32.30	Fabricación de artigos de deporte	Esta clase comprende a fabricación de artigos de deporte (salvo roupa e calzado). Esta clase comprende: - a fabricación de artigos e equipamentos de deporte, de xogos ao aire libre e en recintos pechados, de calquera material, por exemplo: • pelotas duras, brandas e inchables • raquetas, bates e paus • esquís, fixacións para esquís e bastóns • botas de esquí e de snowboard e calzado de esquí de fondo • táboas de vela, táboas de surf e esquís acuáticos • aparellos para a pesca deportiva, incluídos os trueiros • «aves reclamo» e aparellos similares para a caza ou o tiro deportivo • artigos e equipamento para alpinismo • luvas para uso deportivo, de coiro ou de coiro rexenerado • vasos para piscinas • patíns de xeo e de rodas • arcos e béstas • aparellos de ximnasia, musculación e atletismo • pesos metálicos, como os utilizados para a halterofilia		Esta clase non comprende: - a fabricación de velas para barcos (véxase 13.96) - a fabricación roupa para a práctica deportiva (véxase 14.29) - a fabricación de artigos de gornicionaría e talabartaría (véxase 15.12) - a fabricación de látegos e fustas (véxase 15.12) - a fabricación de calzado deportivo (véxase 15.20) - a fabricación de traxes de neopreno e de mergullo de caucho (véxase 22.12) - a fabricación de cascos de plástico, agás cascos de seguridade (véxase 22.26) - a fabricación de armas deportivas, de caza ou de tiro ao albo e municións (véxase 25.30) - a fabricación de vehículos deportivos distintos dos *bobsleighs* , zorras, etc. (véxanse as divisións 29 e 30) - a fabricación de embarcacións deportivas e recreativas (véxase 30.12) - a fabricación de mesas de billar (véxase 32.40) - a fabricación de tapóns para os oídos e o nariz (por exemplo, para a práctica da natación e a protección contra o ruído) (véxase 32.99) - a fabricación de cascos de seguridade (véxase 32.99) - a reparación de artigos de deporte (véxase 95.29)
32.4	Fabricación de xogos e brinquedos			
32.40	Fabricación de xogos e brinquedos	Esta clase comprende a fabricación de bonecos, xoguetes e brinquedos (incluídos os xogos electrónicos), maquetas e vehículos para nenos (agás bicicletas e triciclos metálicos). Esta clase comprende: - a fabricación de bonecos e vestidos, compoñentes e accesorios para bonecos - a fabricación de figuras articuladas - a fabricación de animais de xoguete - a fabricación de xoguetes con rodas deseñados para montar neles, incluídas as bicicletas e os triciclos de plástico - a fabricación de instrumentos musicais de xoguete - a fabricación de naipes - a fabricación de xogos e brinquedos de papel ou cartón - a fabricación de xogos de mesa e similares - a fabricación de xogos de mesa electrónicos - a fabricación de maquetas e modelos á escala recreativos similares, trens eléctricos, xogos de construción, etc. - a fabricación de máquinas recreativas e de xogos de azar - a fabricación de mesas de billar e mesas de xogo de casino, etc. - a fabricación de artigos para xogos de sociedade e xogos de feira - a fabricación de crebacabezas e artigos similares - a fabricación de drons de xoguete	Esta clase comprende tamén: - a fabricación de xoguetes de tea	Esta clase non comprende: - a fabricación de consolas de videoxogos (véxase 26.40) - a fabricación de drons para fins civís (véxase 30.31) - a fabricación de bicicletas (véxase 30.92) - a fabricación de artigos de broma e de artigos promocionais e de regalo (véxase 32.99) - a programación e edición de xogos para consolas de videoxogos (véxanse 58.21 e 62.10)
32.5	Fabricación de instrumentos e subministracións médicas e odontolóxicas			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
32.50	Fabricación de instrumentos e subministracións médicas e odontolóxicas	Esta clase comprende a fabricación de aparellos de laboratorio, instrumental cirúrxico e médico, aparellos e subministracións cirúrxicas, equipamentos e subministracións para odontoloxía, artigos e aparellos de ortodoncia, e dentaduras postizas. Tamén está incluída a fabricación de mobiliario de uso médico, odontolóxico e similares, nos cales as funcionalidades específicas engadidas determinan o seu uso, por exemplo, as cadeiras de dentista que incorporan funcionalidades hidráulicas. Esta clase comprende: - a fabricación de panos cirúrxicos e fíos e gasas estériles - a fabricación de produtos de obturación dental e cemento dental (excepto adhesivos para dentaduras postizas), cera dental e outros preparados de xeso dental - a fabricación de cementos para a reconstrución de ósos - a fabricación de fornos de laboratorio dental - a fabricación de equipamentos de limpeza por ultrasón de laboratorio - a fabricación de aparellos de esterilización para usos médico-cirúrxicos e de laboratorio - a fabricación de centrifugadoras de laboratorio - a fabricación de mobles para uso médico, cirúrxico, dental ou veterinario, por exemplo: • mesas de operacións • mesas de recoñecemento • camas hospitalarias con accesorios mecánicos • cadeiras de dentista - a fabricación de artigos deseñados especialmente para o seu uso exclusivo en próteses para ciencias médicas, cirúrxicas, odontolóxicas ou veterinarias, como placas que permanecen fixas no corpo, por exemplo, para substituír parte ou a totalidade dun óso - a fabricación de xiringas, agullas, catéteres, cánulas, etc. - a fabricación de instrumental e aparellos odontolóxicos - a fabricación de pezas dentais artificiais e accesorios dentais - a fabricación de aparellos ortopédicos e próteses - a fabricación de ollos de cristal		Esta clase non comprende: - a fabricación de calzado especial en serie que sosteña o arco do pé (véxase 15.20) - a fabricación de pastas e pos fixadores de dentaduras postizas (véxase 20.42) - a fabricación de guatas, gasas, vendaxes e artigos similares, por exemplo, apósitos, xeso adhesivo, cataplasmas, impregnados ou recubertos de substancias farmacéuticas (véxase 21.20) - a fabricación de equipamentos electromédicos e electroterapéuticos (véxase 26.60) - a fabricación de audiófonos (véxase 26.60) - a fabricación de cadeiras de rodas (véxase 30.92) - o comercio ao retallo de lentes graduadas, lentes de sol e lentes de contacto (véxase 47.74)
32.9	Industrias manufactureiras n.c.n.			
32.91	Fabricación de vasoiras, brochas e cepillos	Esta clase comprende: - a fabricación de vasoiras e cepillos, por exemplo, vasoiriñas do baño, cepillos domésticos, brochas de pintar, pinceis, cepillos técnicos e industriais (incluídas as vasoiriñas que constitúen elementos de maquinaria), varredoras do chan mecánicas para a operación manual, fregonas, plumeiros, brochas, almofadiñas e rodetes para pintar, vasoiriñas limpacristais e outros cepillos, vasoiras, mopas, etc. - a fabricación de cepillos para a roupa e o calzado		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
32.99	Outras industrias manufactureiras n.c.n.	Esta clase comprende: - a fabricación de equipamentos protectores de seguridade, por exemplo: • arneses de seguridade e outros cinturóns para uso profesional • salvavidas de cortiza • cascos de seguridade e outro equipamento de seguridade persoal, por exemplo, protectores faciais/viseiras protectoras, de plástico, como cascos deportivos • prendas ignífugas • cascos de seguridade e outro equipamento de seguridade persoal, por exemplo, protectores faciais/viseiras protectoras, de metal, como cascos deportivos • tapóns para os oídos e o nariz, por exemplo, para a práctica da natación e a protección contra o ruído • máscaras de gas • roupa e accesorios de protección contra riscos biolóxicos • chalecos antibalas • traxes e accesorios para salas brancas - a fabricación de plumas, bolígrafos e lapis de todas as clases, sexan ou non mecánicos - a fabricación de minas de lapis - a fabricación de selos, numeradores, datadores, artigos para a impresión ou a gravación manual de etiquetas, aparellos para a estampación á man de téxtiles, fitas tinxidas para máquinas de escribir e tampóns impregnados - a fabricación de globos terráqueos - a fabricación de paraugas, parasoles, bastóns e asentos pregables portátiles - a fabricación de botóns, corchetes, peches automáticos, broches e peches de cremalleira - a fabricación de cigarros electrónicos - a fabricación de chisqueiros para cigarros e doutros acendedores - a fabricación de artigos de uso persoal: a fabricación de pipas, peites, pasadores e artigos similares, pulverizadores de toucador, termos e recipientes similares de uso doméstico ou persoal, perrucas, barbas e cellas postizas, etc. - a fabricación de artigos diversos: velas, cirios e artigos similares, froitas e flores artificiais, artigos de broma e artigos promocionais e de regalo, coadores e barutos de		Esta clase non comprende: - a fabricación de mechas de acendedores (véxase 13.96) - a fabricación de roupa de traballo (véxase 14.23) - a fabricación de artigos promocionais e de regalo de papel (véxase 17.25) - a fabricación de cascos de plástico, excepto cascos de seguridade (véxase 22.26) - a fabricación de máscaras de protección individual, por exemplo, FFP2, FFP3 e máscaras cirúrxicas (véxase 32.50)
33	Reparación, mantemento e instalación de maquinaria e equipamentos	Esta división comprende a reparación especializada de bens producidos no sector manufactureiro co obxectivo de procurar que a maquinaria, os equipamentos e outros produtos volvan funcionar. Inclúe así mesmo a provisión de servizos de mantemento xeral ou rutineiro de tales produtos para garantir un funcionamento eficaz e evitar as avarías e as reparacións innecesarias. Esta división só comprende as actividades de reparación e mantemento especializadas. Unha parte substancial das reparacións son efectuadas así mesmo polos fabricantes de maquinaria, equipamentos e doutros produtos, neste caso, a clasificación das unidades dedicadas a estas actividades de reparación e fabricación lévase a cabo de conformidade co principio de valor engadido, que dará lugar con frecuencia á asignación destas actividades combinadas á fabricación do ben. O mesmo principio se aplica á actividade combinada de comercio e reparación. A reconstrución ou refabricación de maquinaria e equipamento considérase unha actividade de refabricación e clasifícase noutras divisións desta sección.	Inclúese así mesmo nesta división a instalación especializada de maquinaria	Esta división non comprende: - a limpeza de maquinaria industrial (véxase 81.22) - a instalación de equipamentos que constitúen unha parte integral de edificios ou estruturas similares, por exemplo, a instalación de cablaxe eléctrica, de escaleiras mecánicas ou de sistemas de aire acondicionado, que se clasifican como construción (sección F) - a reparación e o mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación (véxase 95.10) - a reparación e o mantemento de artigos de uso doméstico (véxase 95.2) - a reparación e o mantemento de artigos que poden ser utilizados como bens de capital e como bens de consumo, e que adoitan clasificarse como reparación e mantemento de enxoval doméstico (por exemplo, reparación de mobiliario de oficina e doméstico) (véxase 95.24) - a reparación e o mantemento de vehículos de motor e motocicletas (véxase 95.3)
33.1	Reparación e mantemento de produtos metálicos, maquinaria e equipamentos	Este grupo comprende a reparación especializada de bens producidos no sector manufactureiro co obxectivo de procurar que estes produtos metálicos, maquinaria e equipamentos volvan funcionar. Inclúese así mesmo a provisión de servizos de mantemento xeral ou rutineiro de tales produtos para garantir un funcionamento eficaz e evitar avarías e reparacións innecesarias		Este grupo non comprende: - a reconstrución ou refabricación de maquinaria e equipamentos (véxase a clase correspondente nas divisións 25 á 30) - a limpeza de maquinaria industrial (véxase 81.22) - a reparación e o mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación (véxase 95.10) - a reparación e o mantemento de artigos de uso doméstico (véxase 95.2)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
33.11	Reparación e mantemento de produtos metálicos	Esta clase comprende a reparación e o mantemento dos produtos metálicos da división 25. Esta clase comprende: - a reparación de cisternas, grandes depósitos e colectores de metal - a reparación e o mantemento de tubaxes e conducións - a reparación mediante soldadura móbil - a reparación de bidóns e toneis de aceiro - a reparación e o mantemento de xeradores de vapor de auga e doutros xeradores de vapor - a reparación e o mantemento de aparellos auxiliares para xeradores de vapor: • condensadores, economizadores, sobrequentadores e acumuladores - a reparación e o mantemento de reactores nucleares, salvo os separadores de isótopos - a reparación e o mantemento de pezas para caldeiras mariñas e de potencia - a reparación de chapa de radiadores e caldeiras para calefacción central - a reparación e o mantemento de armas de fogo e munición (incluída a reparación de armas para actividades deportivas e recreativas)		Esta clase non comprende: - o afiadura de follas e serras (véxase 33.12) - a reparación e o mantemento de carros de supermercado (véxase 33.17) - a reparación de sistemas de calefacción central (véxase 43.22) - a reparación de peches mecánicos, caixas fortes, etc. (véxase 80.09)
33.12	Reparación e mantemento de maquinaria	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de maquinaria e de equipamento industrial, como a afiadura ou a instalación de follas e serras en maquinaria; a provisión de servizos de reparación mediante soldadura (por exemplo, de automóbiles); a reparación de maquinaria e equipamentos agrícolas, así como doutra maquinaria e equipamentos pesados e industriais (por exemplo, carretillas elevadoras e outros equipamentos de manexo de materiais, máquinas ferramenta, equipamentos de refrixeración industrial, equipamentos de construción e maquinaria de industrias extractivas), incluída a maquinaria e os equipamentos da división 28. Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento de motores, excepto vehículos de motor, buques e outras embarcacións e aeronaves - a reparación de motores para ferrocarril - a reparación e o mantemento de bombas, compresores e equipamentos análogos - a reparación e o mantemento de maquinaria hidráulica - a reparación de válvulas - a reparación de órganos mecánicos de transmisión - a reparación e o mantemento de fornos de procesos industriais - a reparación e o mantemento de equipamentos de elevación e manipulación - a reparación e o mantemento de equipamentos de refrixeración industrial e de depuración do aire - a reparación e o mantemento de maquinaria industrial de uso xeral - a reparación de ferramentas manuais eléctricas - a reparación e o mantemento de máquinas ferramenta e dos seus accesorios empregados na corta e no traballo dos metais - a reparación e o mantemento doutras máquinas ferramenta - a reparación e o mantemento de tractores agrícolas e forestais - a reparación e o mantemento de maquinaria agropecuaria, forestal e da madeira - a reparación e o mantemento de maquinaria para a industria metalúrxica - a reparación e o mantemento de maquinaria para as industrias extractivas, a construción e os xacementos de petróleo e gas - a reparación e o mantemento de maquinaria para a industria da alimentación, das		Esta clase non comprende: - a reparación e o mantemento de motores de buques e embarcacións civís (véxase 33.15) - a reparación e o mantemento de motores de aeronaves civís (véxase 33.16) - a reparación e o mantemento de motores de vehículos de combate, buques, embarcacións, vehículos aéreos e espaciais militares (véxase 33.18) - a instalación, reparación e o mantemento de fornos e doutros equipamentos de calefacción (véxase 43.22) - a instalación, reparación e o mantemento de ascensores e escaleiras mecánicas (véxase 43.24) - a reparación e o mantemento de ordenadores (véxase 95.10) - a reparación e o mantemento de motores para vehículos de motor (véxase 95.31)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
33.13	Reparación e mantemento de equipamentos electrónicos e ópticos	Esta clase comprende a reparación e o mantemento dos bens producidos nos grupos 26.5, 26.6 e 26.7, a excepción daqueles que se consideran enxoval doméstico. Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento dos equipamentos de medición, comprobación, navegación e control do grupo 26.5, como: • instrumentos para motores de aviación • equipamentos de comprobación de emisións de gases de automoción • instrumentos meteorolóxicos • comprobación e inspección das propiedades físicas, eléctricas e químicas • instrumentos de xeodesia • instrumentos de detección e vixilancia de radiacións - a reparación e o mantemento de equipamentos de radiación, electromédicos e electroterapéuticos da clase 26.60, como: • equipamentos de imaxe por resonancia magnética (IRM) • equipamentos médicos de ultrasóns • marcapasos • audiófonos • electrocardiógrafos • equipamentos electromédicos de endoscopia • aparellos de radiación - a reparación e o mantemento de instrumentos e equipamentos ópticos da clase 26.70, se o seu uso é principalmente profesional como: • prismáticos • microscopios (excepto microscopios de electróns e de protóns) • telescopios • prismas e lentes (agás as oftalmolóxicas) • equipamentos fotográficos		Esta clase non comprende: - a reparación e o mantemento de fotocopiadoras (véxase 33.12) - a reparación e o mantemento de ordenadores e periféricos (véxase 95.10) - a reparación e o mantemento de proxectores informáticos (véxase 95.10) - a reparación e o mantemento de equipamentos de comunicación (véxase 95.10) - a reparación e o mantemento de cámaras de televisión e vídeo de uso profesional (véxase 95.10) - a reparación de videocámaras de uso doméstico (véxase 95.21) - a reparación de reloxos de todo tipo (véxase 95.25)
33.14	Reparación e mantemento de equipamentos eléctricos	Esta clase comprende a reparación e o mantemento dos produtos da división 27. Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento de transformadores eléctricos e de distribución - a reparación e o mantemento de motores e xeradores eléctricos e grupos electróxenos - a reparación e o mantemento de aparellos e cadros de conmutación - a reparación e o mantemento de relés e controis industriais - a reparación e o mantemento de baterías primarias e de almacenamento - a reparación e o mantemento de equipamentos de iluminación eléctrica - a reparación e o mantemento de dispositivos de cablaxe portadora ou non de corrente para circuítos eléctricos	Esta clase comprende tamén: - a reparación e o mantemento de estacións de carga para vehículos	Esta clase non comprende: - a reparación e o mantemento de motores eléctricos para barcos, vehículos de motor e motocicletas (véxanse 33.15, 95.31 e 95.32) - a reparación e o mantemento de ordenadores e periféricos (véxase 95.10) - a reparación e o mantemento de equipamentos de telecomunicacións (véxase 95.10) - a reparación e o mantemento de aparellos electrónicos de uso doméstico (véxase 95.21) - a reparación e o mantemento de aparellos domésticos (véxase 95.22) - a reparación de reloxos de todo tipo (véxase 95.25)
33.15	Reparación e mantemento de buques e embarcacións civís	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de buques e embarcacións civís. Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento de buques e embarcacións civís - a reparación e o mantemento de embarcacións de recreo - a reparación e o mantemento de motores de buques e embarcacións civís, incluídos os motores eléctricos fóra borda - a reparación e o mantemento de estruturas flotantes, por exemplo, platafomas petrolíferas		Esta clase non comprende: - a revisión en fábrica de motores de buques e embarcacións civís, deportivos e de recreo (véxase 28.11) - a revisión e reconstrución en fábrica de buques e embarcacións civís (véxase 30.11) - a revisión e reconstrución en fábrica de embarcacións deportivas e de recreo (véxase 30.12) - a reparación e o mantemento de buques e embarcacións militares (véxase 33.18) - a reparación e o mantemento de motores de buques e embarcacións militares (véxase 33.18)
33.16	Reparación e mantemento aeronáutico e espacial civil	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de aeronaves e naves espaciais civís. Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento de aeronaves civís (a excepción da reconversión, a revisión e a reconstrución en fábrica) - a reparación e o mantemento de motores de aeronaves civís		Esta clase non comprende: - a revisión e reconstrución en fábrica de aeronaves civís (véxase 30.31) - a revisión en fábrica de motores de aeronaves civís (véxase 30.31) - a reparación e o mantemento de vehículos de combate, vehículos aéreos e espaciais militares (véxase 33.18)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
33.17	Reparación e mantemento doutro material de transporte civil	Esta clase comprende a reparación e o mantemento doutro material de transporte da división 30. Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento de locomotoras e a reconversión de vagóns ferroviarios - a reparación de calesas e carros de tracción animal - a reparación e o mantemento de vehículos para persoas con discapacidade - a reparación de vehículos de propulsión manual ou de tracción animal - a reparación e o mantemento de carros de supermercado		Esta clase non comprende: - a revisión e reconstrución en fábrica de locomotoras e vagóns ferroviarios (véxase 30.20) - a reparación de motores para ferrocarril (véxase 33.12) - a reparación e o mantemento de vehículos militares de combate (véxase 33.18) - a reparación de bicicletas (véxase 95.29) - a reparación e o mantemento de motocicletas (véxase 95.32)
33.18	Reparación e mantemento de vehículos de combate, buques, embarcacións, vehículos aéreos e espaciais militares	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de vehículos de combate, buques, embarcacións, vehículos aéreos e espaciais militares. Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento de vehículos aéreos e espaciais militares - a reparación e o mantemento de vehículos de combate militares - a reparación e o mantemento de buques, embarcacións e estruturas flotantes militares - a reparación e o mantemento de motores para vehículos de combate, buques, barcos, embarcacións, vehículos aéreos e espaciais militares		Esta clase non comprende: - a revisión en fábrica de motores de buques e embarcacións militares (véxase 28.11) - a revisión e reconstrución en fábrica de vehículos de combate, buques, embarcacións, estruturas flotantes, vehículos aéreos e espaciais militares (véxanse 30.13, 30.32 e 30.40) - a revisión e reconstrución en fábrica de aeronaves ou motores de aeronaves militares (véxase 30.32) - a reparación e o mantemento de buques, embarcacións, aeronaves, naves espaciais e outras naves civís (véxanse 33.15 e 33.16)
33.19	Reparación e mantemento doutros equipamentos	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de equipamentos non incluídos noutros grupos da presente división. Esta clase comprende: - a reparación de redes para pescar, incluído o seu remendo - a reparación de cordas, enxarcias, velame e lonas - a reparación de bolsas para o almacenamento de fertilizantes e produtos químicos - a reparación ou reacondicionamento de toneis, barrís e palés de madeira, así como de artigos análogos - a reparación de máquinas recreativas e de xogos de azar - a reparación de camas de hospital		Esta clase non comprende: - a reparación de mobiliario doméstico e de oficina (véxase 95.24) - a reparación de bicicletas (véxase 95.29) - a reparación e o arranxo de roupa (véxase 95.29)
33.2	Instalación de máquinas e equipamentos industriais			
33.20	Instalación de máquinas e equipamentos industriais	Esta clase comprende a instalación especializada de maquinaria. Non obstante, a instalación de equipamentos que constitúen unha parte integral de edificios ou estruturas similares, como a instalación de escaleiras mecánicas, cablaxe eléctrica, sistemas de alarma contra roubos ou sistemas de aire acondicionado, clasifícase como construción. Esta clase comprende: - a instalación de maquinaria industrial en plantas industriais - a instalación e a montaxe de equipamentos de control de procesos industriais - a instalación doutros equipamentos industriais, por exemplo: • equipamentos de comunicacións • *mainframes* e ordenadores similares • equipamentos de radiación e electromédicos, etc. - a desmontaxe de maquinaria e equipamentos de grande escala - as actividades dos mecánicos comprobadores de maquinaria - a montaxe de maquinaria - a instalación de equipamentos para birlos automáticos - a instalación de maquinaria e equipamentos de almacén	Esta clase comprende tamén: - a instalación de grandes andeis ou almacéns (non como parte integrante do edificio) - a instalación de estacións de recarga independentes	Esta clase non comprende: - a instalación de estacións de recarga en caixas murais (véxase a sección F) - a construción de almacéns completos (véxase 41.02) - a instalación de ascensores, escaleiras mecánicas, portas automáticas, sistemas de limpeza por aspiración, etc. (véxase 43.24) - a instalación de portas, escaleiras, mobles comerciais, mobiliario, etc. (véxase 43.32) - a montaxe de estruturas de aceiro para andeis de almacén (véxase 43.42) - a instalación (montaxe) de ordenadores persoais (véxase 62.90)
D	FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	Esta sección comprende a xeración, o almacenamento, o control, a distribución, o comercio e a intermediación de enerxía eléctrica ou de combustibles gasosos para a subministración de enerxía a través dunha rede permanente de liñas, conducións e tubaxes. Comprende a subministración de enerxía para parques industriais ou edificios residenciais. Por tanto, esta sección comprende a explotación de redes de subministración de enerxía eléctrica e gas	Tamén comprende a subministración de calefacción e refrixeración, por exemplo, a subministración de vapor e aire acondicionado a través dunha rede permanente	Esta sección non comprende: - a extracción de gas natural cru (véxase 06.20) - os servizos de subministración de auga e tratamento de augas residuais (véxanse as divisións 36 e 37) - o transporte de gas por gasoduto, é dicir, non mediante unha rede de distribución (véxase 49.50)
35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
35.1	Produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica	Este grupo comprende a produción de enerxía eléctrica, o transporte desde as instalacións de xeración ata os centros de distribución, e a distribución aos usuarios finais. Tamén comprende o comercio e o almacenamento da enerxía eléctrica		Este grupo non comprende: - a produción e distribución independentes de vapor e calor (véxase 35.3) - as actividades de intermediarios ou axentes da enerxía eléctrica que xestionan a venda de enerxía eléctrica a través redes de distribución operadas por terceiros (véxase 35.4)
35.11	Produción de enerxía eléctrica a partir de fontes non renovables	Esta clase comprende: - a explotación de instalacións de xeración que producen enerxía eléctrica a partir de fontes non renovables, como por exemplo, o gas natural, o carbón e outros combustibles fósiles, e a partir de fontes non renovables sen emisións, como por exemplo, a enerxía nuclear		Esta clase non comprende: - a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables (véxase 35.12) - a produción de enerxía eléctrica como parte das actividades de almacenamento de enerxía eléctrica (véxase 35.16) - o tratamento previo de residuos para a recuperación de enerxía (véxase 38.22)
35.12	Produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables	Esta clase comprende: - a explotación de instalacións de xeración que producen enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, por exemplo, biocombustibles gasosos, enerxía hidroeléctrica, enerxía eólica terrestre e mariña, enerxía solar fotovoltaica, enerxía solar térmica, enerxía xeotérmica e enerxía das mareas, as ondas e os océanos		Esta clase non comprende: - a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes non renovables (véxase 35.11) - a produción de enerxía eléctrica como parte das actividades de almacenamento de enerxía eléctrica (véxase 35.16) - o tratamento previo de residuos para a recuperación de enerxía (véxase 38.22)
35.13	Transporte de enerxía eléctrica	Esta clase comprende: - a explotación dos sistemas de transporte da enerxía eléctrica de alta voltaxe que transportan a enerxía eléctrica desde a instalación de xeración ata a rede de distribución		
35.14	Distribución de enerxía eléctrica	Esta clase comprende: - a explotación de sistemas de distribución de alta, media e baixa tensión, por exemplo, liñas, torres, contadores e cablaxe, que subministran a enerxía eléctrica recibida da instalación de xeración ou do sistema de transporte ata o usuario final - o alugamento de redes de distribución de enerxía eléctrica - a distribución de enerxía eléctrica a conducións/redes de enerxía eléctrica		
35.15	Comercio de enerxía eléctrica	Esta clase comprende: - a venda de enerxía eléctrica por conta propia	Esta clase comprende tamén: - a explotación de estacións de carga para vehículos eléctricos, por exemplo, coches, motocicletas e bicicletas eléctricos - a explotación de instalacións de carga para dispositivos electrónicos, por exemplo, teléfonos móbiles ou ordenadores portátiles	Esta clase non comprende: - a venda de enerxía eléctrica por conta de terceiros (véxase 35.40)
35.16	Almacenaxe de enerxía eléctrica	Esta clase comprende: - a conversión da enerxía eléctrica nunha forma de enerxía almacenable, a almacenaxe desa enerxía e a súa posterior reconversión en enerxía eléctrica; por exemplo, a explotación de estacións de bombeo, instalacións de almacenaxe de aire comprimido ou de almacenamento de baterías - a distribución da enerxía eléctrica almacenada a conducións/redes de enerxía eléctrica		Esta clase non comprende: - a produción de enerxía eléctrica non como parte das actividades de almacenamento (véxanse 35.11 e 35.12)
35.2	Produción de gas e distribución por canalización de combustibles gasosos	Este grupo comprende a produción de gas e a distribución de gas natural ou sintético ata o consumidor a través dun sistema de canalización por tubos		Este grupo non comprende: - a extracción de gas natural cru (véxase 06.20) - as actividades dos intermediarios ou axentes que xestionan a venda de combustibles gasosos a través de redes de distribución operadas por terceiros (véxase 35.4) - o transporte de gas, habitualmente para distancias longas, por gasoduto (véxase 49.50) - a explotación independente de gasodutos, utilizados habitualmente para distancias longas, que conectan os produtores cos distribuidores de gas, ou entre centros urbanos (véxase 49.50)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
35.21	Produción de gas	Esta clase comprende: - a produción de combustibles gasosos con fins de subministración de enerxía a través dun sistema de distribución de gas, por exemplo, mediante a carbonación de hulla, a gasificación de lignito, a electrólise ou a metanización - a produción de combustibles gasosos para a subministración de enerxía cun valor calorífico específico, mediante purificación, mestura e outros procesos, a partir de gases de diversas orixes, incluídos o gas natural ou o hidróxeno - a produción de biogases para a subministración de gas, por exemplo, a partir de augas residuais, esterco, residuos, etc. - a produción de biocombustibles gasosos para a subministración de enerxía a través dunha rede de distribución de gas - a transformación de gas natural de gasoduto en gas natural comprimido (GNC) fóra da mina	Esta clase comprende tamén: - a depuración do biogás para a subministración de enerxía a través dunha rede permanente - a regasificación do gas natural para a distribución por conducións	Esta clase non comprende: - a extracción de gas natural cru (véxase 06.20) - a explotación de coque (véxase 19.10) - a fabricación de produtos de refinación do petróleo (véxase 19.20) - a produción de gas licuado do petróleo (GLP) (véxase 19.20) - a fabricación de gases industriais (véxase 20.11) - a produción de hidróxeno, non para a subministración de enerxía a través dunha rede (véxase 20.11) - a fabricación de gases orgánicos básicos, non para a subministración de enerxía a través dunha rede (véxase 20.14) - a produción de gas para altos fornos (24.10)
35.22	Distribución por canalización de combustibles gasosos	Esta clase comprende: - o transporte, a distribución e a subministración de combustibles gasosos de calquera tipo por un sistema de tubos - o alugamento de redes de subministración de gas		Esta clase non comprende: - o transporte de gas, habitualmente para distancias longas, por gasoduto (véxase 49.50)
35.23	Comercio de gas por canalización	Esta clase comprende: - a venda por conta propia de combustibles gasosos por canalización		Esta clase non comprende: - a venda de combustibles gasosos por canalización por conta de terceiros (véxase 35.40) - o comercio por xunto de combustibles gasosos embotellados (véxase 46.81) - o comercio polo miúdo de combustibles gasosos para vehículos de motor e bicicletas (véxase 47.30) - o comercio por xunto de combustibles líquidos e gas embotellado para uso doméstico (véxase 47.78)
35.24	Almacenaxe de gas como parte dos servizos de subministración da rede	Esta clase comprende: - o almacenamento de combustibles gasosos - o almacenamento de gas de hidróxeno		Esta clase non comprende: - a licuefacción de gas para o transporte, realizada na explotación mineira (véxase 09.10) - a almacenaxe de combustibles gasosos que non forme parte dos servizos de subministración de enerxía dunha rede (véxase 52.10)
35.3	Fornecemento de vapor e aire acondicionado			
35.30	Fornecemento de vapor e aire acondicionado	Esta clase comprende: - a produción, captación e distribución de vapor e auga quente para calefacción, enerxía ou outros fins - a produción e distribución de aire refrixerado, por exemplo, para a subministración de aire acondicionado - a produción e distribución de auga fría con fins de refrixeración - a produción de xeo a partir de auga natural con fins de refrixeración	Esta clase comprende tamén: - o almacenamento de enerxía térmica	Esta clase non comprende: - a fabricación de xeo comestible (véxase 10.52) - a produción de calor/vapor por conversión de residuos (véxase 38.22)
35.4	Actividades de intermediación de enerxía eléctrica e gas natural			
35.40	Actividades de intermediación de enerxía eléctrica e gas natural	Esta clase comprende: - as actividades de intermediarios ou axentes que xestionan a venda de enerxía eléctrica a través de redes de distribución operadas por terceiros - as actividades de intermediarios ou axentes de gas que xestionan a venda de combustibles gasosos a través de redes de distribución operadas por terceiros - as actividades de intermediarios e axentes que xestionan intercambios de enerxía e capacidade de distribución de combustibles gasosos - as actividades de intermediarios e axentes para a explotación de electricidade, distribución e capacidade de transporte de enerxía eléctrica		Esta clase non comprende: - o almacenamento e a distribución ou subministración de enerxía eléctrica ao usuario a través dun sistema de conducións polo produtor (conta propia) (véxase 35.1) - o almacenamento e a distribución ou subministración de combustibles gasosos ao usuario a través dun sistema de conducións polo produtor (conta propia) (véxase 35.2) - as actividades de intermediación para o transporte de combustibles gasosos (véxase 52.31)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
E	FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	Esta sección comprende actividades relacionadas coa xestión de refugallos como a captación, o tratamento previo, a valorización e eliminación de diversos tipos de residuos, por exemplo, residuos sólidos e non sólidos procedentes dos fogares ou da industria, e a súa organización. O produto que resulta do tratamento dos residuos ou das augas residuais pode ben eliminarse ou ben ser a base para outros procesos de produción. As materias primas secundarias son materiais e produtos que poden utilizarse como materias primas mediante a simple reutilización ou a través da reciclaxe e a valorización de residuos. Nesta sección están agrupadas tamén as actividades de subministración de auga, posto que adoitan efectuarse en conexión con ou por unidades que interveñen tamén no tratamento das augas residuais. Inclúense tamén as actividades de descontaminación de edificios e lugares contaminados, solos, augas superficiais e subterráneas (por exemplo, océanos, mangleirais, mares, etc.) As unidades que adoitan facerse cargo dos procedementos de xestión de residuos de determinados produtores (que se converten, pola súa vez, en clientes do xestor de residuos), cobrándolles polo dito servizo, clasifícanse na división 38. Incluso se estas unidades non prestan os servizos correspondentes directamente, son responsables do seu cumprimento. Esta actividade considérase unha externalización completa dun servizo.		Esta sección non comprende: - as actividades dos intermediarios do comercio por xunto de residuos (véxase 46.18) - as actividades do comercio por xunto de residuos (véxase 46.87)
36	Captación, depuración e distribución de auga	Esta división comprende a captación, o tratamento e a distribución de auga aos usuarios finais. Comprende a captación de auga de diversas fontes, así como a distribución por distintos medios		
36.0	Captación, depuración e distribución de auga			
36.00	Captación, depuración e distribución de auga	Esta clase comprende: - a extracción de auga de ríos, lagos e acuíferos - o tratamento da auga para a súa subministración - a desalinización da auga de mar ou das augas subterráneas para obter auga como produto principal - a distribución de auga por canalizacións, en camións cisterna ou outros medios - a recolección de augas pluviais	Esta clase comprende tamén: - a explotación de canais de rega - o alugamento de redes de distribución de auga	Esta clase non comprende: - a prestación de servizos de rega para fins agrícolas (véxase 01.61) - a produción de augas minerais naturais e doutras augas embotelladas (véxase 11.07) - o tratamento de augas residuais para impedir a contaminación (véxase 37.00) - a instalación de contadores de auga (véxase 43.22) - o transporte (de longa distancia) de auga por conducións, non pola rede (véxase 49.50) - a lectura de contadores de auga por terceiros (véxase 82.99)
37	Recolla e tratamento de augas residuais	Esta división comprende a explotación de sistemas de sumidoiros ou instalacións de tratamento de augas residuais que recollen, tratan e verten estas augas en corpos de auga ou explotan encoros de superficie	Esta división comprende tamén a explotación de instalacións de tratamento de augas residuais para a súa reutilización, por exemplo, as augas residuais ou as augas pluviais que se utilizan na agricultura, na industria e na limpeza de estradas	
37.0	Recolla e tratamento de augas residuais			
37.00	Recolla e tratamento de augas residuais	Esta clase comprende: - a explotación de instalacións de tratamento de augas residuais para a súa reutilización, por exemplo, as augas residuais ou as augas pluviais que se utilizan na agricultura, na industria e na limpeza de estradas ou para a recarga ou o aumento artificial de corpos de auga de superficie - a recolla e o transporte de augas residuais dos usuarios, por exemplo, de fogares ou de unidades industriais - a recolla e o transporte de auga de chuvia por medio de redes de sumidoiros, colectores, cisternas e outros medios de transporte (por exemplo, vehículos de saneamento, etc.) - o mantemento e a limpeza de sumidoiros, incluído o desatoamento de sumidoiros	Esta clase comprende tamén: - a liofilización de lodos de depuradora mediante plantas de tratamento de augas residuais - o baleiramento e a limpeza de fosas e pozos sépticos, cloacas e fosos de augas residuais - a reparación e o mantemento de retretes químicos	Esta clase non comprende: - o tratamento adicional de lodos extraídos de augas residuais (véxase a división 38) • a dixestión anaeróbica (véxase 38.2) • o tratamento aeróbico como a compostaxe (véxase 38.21) • a incineración con recuperación de enerxía (véxase 38.22) • a incineración sen recuperación de enerxía (véxase 38.31) - a descontaminación de augas superficiais e subterráneas no lugar contaminado (véxase 39.00) - a construción ou reparación de sistemas de sumidoiros (véxase 42.21) - a limpeza e o desatoamento de canos en edificios (véxase 43.22) - o alugamento de retretes móbiles (véxase 77.39)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
38	Actividades de recolla, tratamento e eliminación de residuos	Esta división comprende a recolla, o tratamento previo para a valorización ou eliminación dos residuos e a súa valorización, eliminación e organización. A recolla de residuos, que só admite a subseguinte valorización ou eliminación destes recollidos pola mesma unidade, considérase, canto aos residuos, actividade de valorización ou de eliminación	Esta división comprende tamén: - os servizos locais de recolla de lixo e a explotación dos centros de valorización de materiais, é dicir, instalacións que transforman residuos (incluída a ferralla), clasificados ou non, en materias primas secundarias - as actividades das unidades que cumpren coas obrigas de responsabilidade do produtor para a xestión de residuos, en nome dos seus produtores orixinais. Adoita recaer nestas organizacións a responsabilidade canto ao tratamento dos residuos, que delegan neles os produtores orixinais dos produtos ou dos envases. As actividades poden comprender a explotación de sistemas de retorno, recolla e valorización para os envases usados ou residuos de envases ou para a aceptación e o tratamento de produtos devoltos ou usados.	Esta división non comprende: - o comercio por xunto de residuos (véxase a división 46)
38.1	Recolla de residuos	Este grupo comprende a recolla de residuos procedentes de fogares e empresas, por exemplo, por medio de cubos e colectores. Comprende a recolla de residuos perigosos e non perigosos, como cueiros, pilas gastadas, refugallos das actividades de construción e aceite usado doméstico, de talleres e barcos.		
38.11	Recolla de residuos non perigosos	Esta clase comprende: - a recolla de residuos sólidos non perigosos (é dicir, lixo) nunha área local, procedentes de fogares e empresas, mediante cubos de lixo, cubos con rodas e colectores, que poden conter materiais recuperables mesturados. - a recolla de materiais reciclables (separados ou non) - a recolla de residuos non perigosos de orixe animal ou vexetal - a recolla de aceites e graxas de cociña usados - a recolla do lixo de colectores e papeleiras colocados en lugares públicos - a recolla de restos de xardinaría	Esta clase comprende tamén: - a recolla de residuos de construción e demolición - a recolla e retirada de entullos - a recolla de residuos procedentes da plantas industriais - a explotación dos centros de transferencia de residuos non perigosos - as actividades dos centros de reciclaxe para residuos non perigosos	Esta clase non comprende: - a recolla de augas residuais (véxase a división 37) - a recolla de residuos perigosos (véxase 38.12) - a explotación de instalacións para a clasificación de residuos valorizables (véxase 38.2) - a explotación de centros de valorización (véxase 38.2) - a explotación de vertedoiros para a eliminación e almacenaxe permanente de residuos non perigosos (véxase 38.32)
38.12	Recolla de residuos perigosos	Esta clase comprende a recolla de residuos perigosos, por exemplo, explosivos, oxidantes, inflamables, tóxicos, irritantes, cancerígenos, corrosivos, infecciosos ou doutro tipo que sexan prexudiciais para a saúde humana e o ambiente. As actividades poden comprender tamén a identificación, o tratamento, a embalaxe e a etiquetaxe dos residuos para o seu transporte. Esta clase comprende: - a recolla de residuos perigosos, por exemplo: • aceite usado de barcos ou talleres mecánicos • pinturas e vernices • residuos biolóxicos perigosos • residuos de orixe animal perigosos • residuos nucleares • recolla de produtos farmacéuticos caducados • pilas gastadas	Esta clase comprende tamén: - a explotación de centros de transferencia de residuos perigosos	Esta clase non comprende: - a recolla de residuos non perigosos (véxase 38.11) - a explotación de vertedoiros para a eliminación e almacenaxe permanente de residuos perigosos (véxase 38.32) - a descontaminación e limpeza de edificios, minas, solos ou augas subterráneas contaminados, por exemplo, a eliminación de amianto (véxase 39.00)
38.2	Valorización de residuos	Este grupo comprende o tratamento previo e a valorización de residuos, tanto perigosos como non perigosos. Comprende a valorización de materiais, a recuperación de enerxía resultante do tratamento térmico dos residuos e outras formas de valorización de residuos. O tratamento previo á valorización de diversas formas de residuos por distintos medios tamén está comprendido neste grupo		Este grupo non comprende: - o tratamento e a eliminación de augas residuais (véxase 37.00) - a eliminación de residuos sen valorización (véxase 38.3)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
38.21	Valorización de materiais	Esta clase comprende o tratamento de residuos metálicos e non metálicos, incluída a ferralla e outros artigos, para a súa transformación en materias primas secundarias. Tamén comprende a recuperación de materiais procedentes dos ciclos de tratamento de residuos por medio (1) da separación e clasificación dos materiais recuperables procedentes dos ciclos de tratamento de residuos non perigosos ou (2) da separación e clasificación de materiais recuperables mesturados como papel, plástico, latas de bebidas usadas e metais, en distintas categorías. Son exemplos dos procesos de transformación mecánica ou química que se levan a cabo os seguintes: - a trituración mecánica de residuos metálicos, por exemplo, procedentes de vehículos, lavadoras ou motocicletas usados - a redución mecánica de grandes pezas de ferro, por exemplo, vagóns de ferrocarril - a recuperación de ferro a partir de clínker - a rexeneración de metais a partir de residuos fotográficos, por exemplo, do baño fixador ou das películas e papel fotográficos - o desmentelamento de restos de calquera tipo (automóbiles, barcos, ordenadores, televisores e outros equipamentos) para a recuperación de materiais - a produción de po de caucho a partir de residuos e refugallos de caucho, incluída a descontaminación, a separación (eliminación) de fraccións e a desvulcanización - a clasificación e o proceso mecánico (por exemplo, limpeza, trituración, etc.) de plásticos para producir materias primas secundarias - o procesamento (envellecemento, limpeza, clasificación) das cinzas de fondo da incineración para obter materias primas secundarias (metais, areas, etc.) - a trituración, limpeza e clasificación de vidro - a trituración, limpeza e clasificación doutros residuos, como os de demolición, para obter materias primas secundarias - a transformación doutros residuos procedentes de alimentos, bebidas e tabaco en materias primas secundarias - a recuperación de aceite usado e o procesamento de aceites e graxas de cociña usados para a súa transformación en materias primas secundarias		Esta clase non comprende: - a fabricación de novos produtos finais (sexan ou non de fabricación propia) a partir de materias primas secundarias, como filamentos de fío a partir de desperdicios da fiadura, a fabricación de polpa a partir de residuos de papel, o recauchutado de pneumáticos ou a produción de metal a partir de ferralla metálica (véxanse as clases correspondentes na sección C) - o reprocesamento de combustibles nucleares (véxase 20.13) - a refundición de plásticos para producir granulados ou compostos (véxase 20.16) - a refundición de ferralla e residuos férreos (véxase 24.10) - a produción de biogás a partir de residuos, para a subministración de gas (véxase 35.21) - a recuperación de enerxía durante o proceso de incineración dos residuos (véxase 38.22) - a eliminación de residuos sen valorización e o tratamento previo á eliminación (véxase 38.3) - o comercio por xunto de materiais valorizables (véxase 46.87)
38.22	Valorización enerxética	Esta clase comprende o tratamento previo de residuos para a recuperación de enerxía, a conversión de residuos en, por exemplo, calor ou enerxía eléctrica utilizable, a través de diversos procesos, entre os cales se inclúe a incineración	Esta clase comprende tamén as actividades de plantas de conversión de residuos en enerxía	Esta clase non comprende: - a recuperación de gas en vertedoiros para a subministración de gas (véxase 35.21)
38.23	Outra valorización de residuos	Esta clase comprende: - a preparación de lodos de depuradora para a súa aplicación directa ao terreo co conseguinte beneficio para a agricultura ou a mellora ecolóxica - a preparación de residuos non perigosos para a súa reutilización en áreas escavadas ou para fins de enxeñaría en paisaxismo		Esta clase non comprende: - a produción de biogás a partir de lodos de depuradora (véxase 35.21) - o recheo sen actividades de preparación conexas, por exemplo, preparación de residuos non perigosos con fins de enxeñaría en paisaxismo (véxase a división 42)
38.3	Eliminación de residuos sen valorización	Este grupo comprende a eliminación de residuos tanto perigosos como non perigosos. Inclúe o tratamento térmico sen recuperación de enerxía, o depósito en vertedoiros, a vertedura en corpos de auga e o almacenamento permanente dos residuos. Tamén se inclúe neste grupo o tratamento previo á eliminación de diversas formas de residuos por diferentes medios, por exemplo, o tratamento de residuos orgánicos de cara á súa eliminación, o tratamento e a eliminación de animais tóxicos vivos ou mortos e outros residuos contaminados, o tratamento e a eliminación de residuos radioactivos de transición procedentes de hospitais, etc.	Este grupo comprende tamén o enterramento ou a arada de refugallos, a eliminación de bens usados co fin de eliminar os residuos nocivos	Este grupo non comprende: - o tratamento e a eliminación de augas residuais (véxase 37.00) - as actividades de valorización (véxase 38.2)
38.31	Incineración sen valorización enerxética	Esta clase comprende a eliminación e o tratamento previo á eliminación dos residuos por combustión ou incineración sen recuperación de enerxía		Esta clase non comprende: - o tratamento térmico coa produción resultante de enerxía (véxase 38.22)
38.32	Depósito en vertedoiros ou almacenaxe permanente	Esta clase comprende a eliminación e o tratamento previo á eliminación de residuos non perigosos ou perigosos, sexan sólidos ou non, mediante o depósito sobre a terra ou o enterramento nela, ou en instalacións ou sitios de almacenaxe permanente de residuos. Esta clase comprende: - a explotación de vertedoiros para a eliminación de residuos - o tratamento de residuos orgánicos para o depósito en vertedoiros ou a almacenaxe permanente - a eliminación de subprodutos de orixe animal en vertedoiros	Esta clase comprende tamén: - a almacenaxe subterránea permanente de residuos nunha cavidade xeolóxica profunda, por exemplo, en minas de sal ou de potasio - a almacenaxe de dióxido de carbono capturado	Esta clase non comprende: - a explotación de instalacións onde se descargan os residuos para o seu ulterior transporte (véxase 38.1) - a explotación de instalacións onde os materiais recuperables se clasifican (véxase 38.21) - a descontaminación e limpeza de solos e augas; a eliminación de materiais tóxicos (véxase 39.00)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
38.33	Outra eliminación de residuos	Esta clase comprende: - a vertedura de residuos líquidos en mares/océanos ou outros corpos de auga, incluída a inserción no leito mariño - a inxección de refugallos bombeables en pozos, minas de sal ou depósitos naturais		Esta clase non comprende: - a explotación de instalacións onde os materiais valorizables se clasifican (véxase 38.21) - a recuperación de enerxía mediante o tratamento térmico dos residuos (véxase 38.22) - a descontaminación e limpeza de solos e augas; a eliminación de materiais tóxicos (véxase 39.00)
39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	Esta división comprende a prestación de servizos de descontaminación e remediación, por exemplo, a limpeza de lugares, edificios, chans, superficies ou augas subterráneas contaminados		
39.0	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos			
39.00	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	Esta clase comprende: - a descontaminación de solos e augas subterráneas no lugar contaminado, *in situ* ou *ex situ* , con métodos mecánico-químicos ou biolóxicos - a descontaminación e remediación de centros ou plantas industriais, incluídas as plantas e centrais nucleares - a descontaminación e limpeza de augas superficiais logo dunha contaminación accidental, por exemplo, mediante a recolla de contaminantes ou a aplicación de substancias químicas - a limpeza de verteduras de petróleo e doutras contaminacións en terra, augas superficiais, océanos e mares, incluídas as costas - a eliminación de amianto, de pintura con chumbo e doutros materiais tóxicos - a retirada de minas terrestres, etc., incluída a detonación na localización - outras actividades especializadas de control da contaminación - as actividades de captura de carbono - a remediación de minas	Esta clase comprende tamén: - os servizos de contención, control e seguimento da descontaminación e remediación de localizacións	Esta clase non comprende: - a loita contra as pragas agropecuarias (véxase 01.61) - a purificación de augas para a súa subministración (véxase 36.00) - o tratamento de residuos con valorización (véxase 38.2) - o tratamento de residuos para a eliminación (véxase 38.3) - a almacenaxe de dióxido de carbono capturado (CO_2) (véxase 38.32) - os proxectos de enxeñaría civil ou a rehabilitación de minas (véxase a sección F) - a varredura e a rega exterior das rúas (véxase 81.23)
F	CONSTRUCIÓN	Esta sección comprende as actividades xerais e especializadas de construción de edificios e obras de enxeñaría civil. Comprende as obras novas, a reparación, as ampliacións e as reformas, a construción in situ de edificios e estruturas prefabricados, así como as construcións de carácter temporal. A construción xeral é a construción de edificios completos, por exemplo, vivendas, oficinas, establecementos comerciais, edificios de servizos públicos ou construcións agrarias. Comprende tamén a construción de obras de enxeñaría civil, por exemplo, autoestradas, estradas, rúas, pontes, túneles, vías férreas, aeroportos, portos e outras obras hidráulicas, sistemas de rega e rede de sumidoiros, instalacións industriais, oleodutos, gasodutos e liñas eléctricas e instalacións deportivas. Estas obras poden realizarse por conta propia ou por conta de terceiros. Poden subcontratarse partes do traballo e mesmo, en ocasións, o traballo na súa integridade. Un contratista principal que asume a responsabilidade global relativa a proxectos de construción clasifícase na presente sección. Inclúese así mesmo a reparación de edificios e as obras de enxeñaría. O mantemento, a reparación e a instalación de equipamento que constitúe parte integral de edificios, por exemplo, escaleiras mecánicas ou sistemas de aire acondicionado, clasifícanse como construción na sección F de se levaren a cabo na localización das obras. Esta sección comprende a construción xeral de inmobles (división 41), a construción xeral de obras de enxeñaría civil (división 42) e as actividades de construción especializadas, sempre que se realicen unicamente como parte do proceso de construción (división 43). O alugamento de equipamento de construción con operarios clasifícase como a actividade de construción específica levada a cabo co equipamento en cuestión.	Esta sección comprende tamén: - a restauración, renovación, reconstrución e reacondicionamento de sitios e edificios históricos e arqueolóxicos	Esta sección non comprende: - as operacións de fabricación non realizadas no emprazamento da construción (véxase a sección C) - a fabricación e entrega de estruturas e partes prefabricadas de edificios, de madeira ou de metal, cun traballo mínimo no emprazamento das obras (véxanse as divisións 16 e 25) - as excavacións arqueolóxicas (véxase 72.2) - a conservación, restauración e outras actividades de apoio ao patrimonio cultural (véxase 91.30)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
41	Construción de edificios	Esta división comprende a construción xeral de edificios de todo tipo e dimensións. Comprende as obras novas, a reparación, as ampliacións e reformas, a construción in situ de edificios e estruturas prefabricadas, así como as construcións de carácter temporal. Comprende tamén a construción de edificios completos, por exemplo, vivendas, oficinas, establecementos comerciais, edificios de servizos públicos ou construcións agrarias		
41.0	Construción de edificios			
41.01	Construción de edificios residenciais	Esta clase comprende: - a construción de todo tipo de edificios residenciais: • vivendas unifamiliares • edificios de varias vivendas, incluídos os rañaceos • outros edificios residenciais como residencias da terceira idade, casas de beneficencia, orfanatos, centros de acollida, cárceres, cuarteis, conventos, etc. - a construción de edificios residenciais prefabricados que requiren montaxe *in situ*	Esta clase comprende tamén: - a remodelación ou renovación completa de edificios residenciais ou non residenciais existentes que implique diversas actividades de construción especializada	Esta clase non comprende: - a fabricación e entrega de estruturas e partes prefabricadas de edificios, de madeira ou de metal, cun traballo mínimo na localización das obras (véxanse as divisións 16 e 25) - a promoción inmobiliaria (véxase 68.12) - os servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría (véxase 71.1) - a dirección de obras relacionada con proxectos de edificación (véxase 71.1) - as actividades de certificación de obras (véxase 74.99)
41.02	Construción de edificios non residenciais	Esta clase comprende: - a construción de todo tipo de edificios non residenciais: • edificios para a produción industrial como fábricas, talleres, plantas de montaxe, etc. • hospitais, centros de ensino, edificios de oficinas, etc. • hoteis, establecementos retallistas, centros comerciais, restaurantes, matadoiros, depósitos, almacéns, observatorios, museos, etc. • edificios aeroportuarios, portuarios e edificios de estacións de transporte (metro, autobús, tren, etc.) • instalacións deportivas cubertas • aparcadoiros, incluídos os subterráneos - a construción de edificios non residenciais prefabricados que requiren montaxe *in situ*	Esta clase comprende tamén: - a remodelación ou renovación completa de edificios residenciais ou non residenciais existentes que implique diversas actividades de construción especializada - a montaxe de silos - a construción e instalación de sistemas de almacenaxe de grans	Esta clase non comprende: - a fabricación e entrega de estruturas e partes prefabricadas de edificios, de madeira ou de metal, cun traballo mínimo na localización das obras (véxanse as divisións 16 e 25) - a construción de instalacións industriais, excepto edificios (véxase 42.99) - a promoción inmobiliaria (véxase 68.12) - os servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría (véxase 71.1) - a dirección de obras relacionada con proxectos de edificación (véxase 71.1) - as actividades de certificación de obras (véxase 74.99)
42	Enxeñaría civil	Esta división comprende a construción xeral de obras de enxeñaría civil. Comprende as obras novas, a reparación, as ampliacións e reformas, a construción in situ de estruturas prefabricadas, así como as construcións de carácter temporal. Comprende tamén a construción de grandes obras, por exemplo, autoestradas, estradas, centrais eléctricas, pontes, túneles, vías férreas, aeroportos, portos e outros proxectos hidráulicos, sistemas de rega e rede de sumidoiros, instalacións industriais, oleodutos, gasodutos e liñas eléctricas e instalacións deportivas ao aire libre. Estas obras poden realizarse por conta propia ou por conta de terceiros. Poden subcontratarse partes do traballo e mesmo, en ocasións, o traballo na súa integridade.		
42.1	Construción de estradas e vías férreas, pontes e túneles			
42.11	Construción de estradas e autoestradas	Esta clase comprende: - a construción de autoestradas, rúas, estradas e outras vías de circulación de vehículos e peóns - as obras de superficie, por exemplo, pavimentación de estradas, autoestradas ou pontes con asfalto, formigón, pedra, etc. - a construción de pistas de aterraxe - a construción de camiños ou sendeiros sen pavimentar para bicicletas de montaña		Esta clase non comprende: - a instalación de iluminación e sinais eléctricos nas rúas (véxase 43.21) - a pintura e sinalización viaria (véxase 43.50) - a instalación de quitamedos, sinais de tráfico e similares (véxase 43.50) - a dirección de obras de construción (véxase 71.1) - as actividades de enxeñaría (véxase 71.12)
42.12	Construción de vías férreas de superficie e subterráneas	Esta clase comprende: - a construción de vías férreas de superficie e subterráneas - a construción de liñas aéreas de electricidade e carrís condutores para ferrocarrís		Esta clase non comprende: - a instalación de iluminación e sinais eléctricos (véxase 43.21) - a dirección de obras de construción (véxase 71.1) - as actividades de enxeñaría (véxase 71.12)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
42.13	Construción de pontes e túneles	Esta clase comprende: - a construción de pontes, incluídas as pontes que soportan autovías e ferrocarrís elevados - a construción de túneles, incluídos os túneles para autovías e ferrocarrís		Esta clase non comprende: - a construción de vías férreas (véxase 42.12) - a instalación de iluminación e sinais eléctricos (véxase 43.21) - a dirección de obras de construción (véxase 71.1) - as actividades de enxeñaría (véxase 71.12)
42.2	Construción de redes			
42.21	Construción de redes para fluídos	Esta clase comprende a construción de redes de distribución para o transporte de fluídos, incluído o gas, e dos edificios e estruturas que son parte integral destes sistemas. Esta clase comprende: - a construción de estruturas de enxeñaría civil para: • oleodutos e gasodutos de longa distancia, subacuáticos e urbanos • conducións e redes de subministración de auga • sistemas de rega (canais) • grandes depósitos - a construción de: • sistemas de sumidoiros, incluída a súa reparación • plantas de tratamento e eliminación de augas residuais • estacións de bombeo	Esta clase comprende tamén: - a perforación de pozos hidráulicos - a perforación xeotérmica	Esta clase non comprende: - a instalación de conducións de auga e de augas residuais en edificios (véxase 43.22) - a dirección de obras de enxeñaría civil (véxase 71.12) - a inspección por cámara de conducións de augas residuais, auga e gas, non asociadas coa reparación ou a instalación (véxase 71.20)
42.22	Construción de redes eléctricas e de telecomunicacións	Esta clase comprende a construción de redes de distribución de enerxía eléctrica e de telecomunicacións, e de edificios e estruturas que son parte integral destes sistemas. Esta clase comprende: - a construción de estruturas de enxeñaría civil para: • redes eléctricas e de comunicación urbanas e de longa distancia • plantas xeradoras de enerxía, por exemplo, parques de enerxía solar e eólica - a construción de estacións para a distribución de enerxía eléctrica, por exemplo, para vehículos eléctricos		Esta clase non comprende: - a construción de liñas aéreas de electricidade e carrís condutores para ferrocarrís (véxase 42.12) - a construción de presas e diques para centrais hidroeléctricas (véxase 42.91) - a instalación de sistemas fotovoltaicos en edificios (véxase 43.21) - a instalación eléctrica de acumuladores de carga, por exemplo, para vehículos eléctricos (véxase 43.21) - a dirección de obras de enxeñaría civil (véxase 71.12)
42.9	Construción doutros proxectos de enxeñaría civil			
42.91	Obras hidráulicas	Esta clase comprende: - a construción e reconstrución de, por exemplo: • canais navegables, bacías portuarias, obras fluviais, portos deportivos, etc. • estruturas hidromecánicas, por exemplo, esclusas, elevadores, comportas, bancadas, etc. • presas e diques - a dragaxe de vías navegables, por exemplo, bacías portuarias, ríos, etc.		Esta clase non comprende: - a construción de oleodutos e gasodutos subacuáticos (véxase 42.21) - o tendido de cables subacuáticos (véxase 42.22) - a dirección de obras de enxeñaría civil (véxase 71.12)
42.99	Construción doutros proxectos de enxeñaría civil n.c.n.	Esta clase comprende: - a construción de instalacións industriais, agás edificios, como: • instalacións mineiras, por exemplo, pozos, torres e túneles • refinarías • plantas químicas • sistemas de almacenaxe de cereais - a construción doutras instalacións, salvo edificios, por exemplo: • instalacións deportivas ao aire libre - a construción de parques infantís - a construción de piscinas non prefabricadas	Esta clase comprende tamén: - a instalación de vías de *karting*	Esta clase non comprende: - a instalación de maquinaria e equipamento industrial (véxase 33.20) - a construción de edificios utilizados como instalacións deportivas cubertas (véxase 41.02) - a parcelación e mellora de terreos en propiedade para a súa posterior venda (véxase 68.12) - a dirección de obras de enxeñaría civil (véxase 71.12)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
43	Actividades de construción especializada	Esta división comprende as actividades de construción especializada na construción de edificios e obras de enxeñaría civil ou na súa preparación. Estas actividades de construción adoitan especializarse nun aspecto común a diferentes tipos de estruturas e requiren a utilización de técnicas ou equipamentos especiais. As obras de construción especializadas adoitan levalas a cabo os subcontratistas en nome dun contratista cuxas actividades se inclúen nas divisións 41 ou 42. A reparación acostuma levarse a cabo sen subcontratación. Comprende tamén a instalación de todo tipo de equipamentos que permiten que a construción funcione como tal. Normalmente, estas actividades realízanse a pé de obra, aínda que algunhas partes do traballo poden levarse a cabo fóra da localización. Esta división inclúe instalacións eléctricas, de fontanaría e outras obras de construción en plataformas flotantes en alta mar. O alugamento de equipamentos con operario clasifícase como a actividade de construción asociada a eses equipamentos.	Esta división comprende tamén: - as actividades de construción especializada como a reparación e o mantemento - a terminación ou o acabamento de edificios e doutras construcións	
43.1	Demolición e preparación de terreos	Este grupo comprende as actividades de preparación dun terreo para a realización posterior de actividades de construción, incluída a retirada de estruturas preexistentes		
43.11	Demolición	Esta clase comprende: - a demolición, o desmantelamento ou derrubamento de edificios e doutras estruturas		
43.12	Preparación de terreos	Esta clase comprende: - a limpeza de entullos - o movemento de terras, por exemplo, a escavación, o recheo, a nivelación, escavación de gabias e voaduras	Esta clase comprende tamén: - a preparación de explotacións mineiras, por exemplo: • o destape de minas e doutras actividades de preparación e desenvolvemento dos terreos e propiedades mineiras, excepto xacementos de petróleo e gas - a drenaxe de localizacións de obras - a drenaxe de terreos agrícolas e forestais - a preparación da localización de escavacións arqueolóxicas	Esta clase non comprende: - a perforación de pozos de produción de petróleo e gas (véxanse 06.10 e 06.20) - as perforacións e sondaxes en relación coa extracción de petróleo ou gas (véxase 09.10) - os servizos de apoio a perforacións e sondaxes, por exemplo, os asociados coas actividades mineiras (véxase 09.90) - a descontaminación do solo (véxase 39.00) - a perforación de pozos hidráulicos (véxase 42.21) - a perforación de pozos de minas (véxase 43.50)
43.13	Perforacións e sondaxes	Esta clase comprende: - as perforacións, sondaxes e mostraxes para a construción, xeofísicas, xeolóxicas ou para outros fins similares		Esta clase non comprende: - a perforación de pozos de produción de petróleo e gas (véxanse 06.10 e 06.20) - as perforacións e sondaxes en relación coa extracción de petróleo ou gas (véxase 09.10) - os servizos de apoio a perforacións e sondaxes, por exemplo, os asociados coas actividades mineiras (véxase 09.90) - a perforación de pozos hidráulicos (véxase 42.21) - a perforación xeotérmica (véxase 42.21) - a perforación de pozos de minas (véxase 43.50) - a prospección de xacementos de petróleo e gas, os estudos xeofísicos, xeolóxicos e sismográficos (véxase 71.12)
43.2	Instalacións eléctricas, de fontanaría e outras instalacións en obras de construción	Este grupo comprende as actividades de instalación que permiten o funcionamento dun edificio, incluída a instalación de sistemas eléctricos, fontanaría (auga, gas e sistemas de augas residuais), sistemas de calefacción e aire acondicionado, ascensores, etc.		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
43.21	Instalacións eléctricas	Esta clase comprende a instalación, a reparación e o mantemento de sistemas eléctricos en todo tipo de edificios e estruturas de enxeñaría civil. Esta clase comprende: - a instalación de: • cables eléctricos e dos seus accesorios • cables de telecomunicación • cables para redes informáticas e de televisión por cable, incluídos os de fibra óptica • antenas parabólicas • sistemas de iluminación • alarmas contra incendios • sistemas de alarma de protección contra roubos • iluminación e sinais eléctricos nas rúas • iluminación de pistas aeroportuarias • sistemas fotovoltaicos en edificios • sistemas de almacenaxe de enerxía - a instalación de cargadores eléctricos para vehículos eléctricos	Esta clase comprende tamén: - a conexión de aparellos eléctricos e equipamentos domésticos, incluída a calefacción por fío radiante - a instalación eléctrica especializada para a exhibición de *stands*	Esta clase non comprende: - a construción de redes de distribución de enerxía eléctrica e de telecomunicacións (véxase 42.22) - a construción de parques de enerxía solar e eólica (véxase 42.22) - a construción de estacións para a distribución de enerxía eléctrica, por exemplo, para vehículos eléctricos (véxase 42.22) - a instalación de pararraios (véxase 43.24) - a vixilancia e vixilancia a distancia de sistemas electrónicos de seguridade, como alarmas contra roubos ou incendios, incluída a súa instalación e o seu mantemento (véxase 80.09)
43.22	Fontanaría, instalación de sistemas de calefacción e aire acondicionado	Esta clase comprende a instalación, a reparación e o mantemento de fontanaría e sistemas de calefacción e aire acondicionado, incluídas as ampliacións e reformas. Esta clase comprende: - a instalación, o mantemento e a reparación de: • sistemas de calefacción, por exemplo, bombas de calor e colectores solares térmicos • fornos e torres de refrixeración • fontanaría e sanitarios • equipamentos e conducións de ventilación e aire acondicionado • instalacións de gas • conducións de vapor • sistemas de aspersión, por exemplo, contra os incendios e para a regadura - a construción ou instalación de estufas de cachotaría - a instalación de condutos - a instalación de sistemas de intercambio de calor	Esta clase comprende tamén: - a instalación de sistemas de distribución de gas de uso médico en hospitais	Esta clase non comprende: - a instalación de calefacción por fío radiante eléctrica (véxase 43.21) - as inspeccións por cámara de condutos de aire, tubos de auga e gas e outros líquidos, sen reparación ou instalación (véxase 71.20) - a reparación de equipamentos de aire acondicionado (non central) (véxase 95.22)
43.23	Instalación de illamentos	Esta clase comprende: - os traballos de illamento térmico, por exemplo, para canalizacións, caldeiras e condutos, interiores ou exteriores, incluído o revestimento para illamento - os traballos de illamento acústico - os traballos de illamento antivibratorio - as obras de ignifugación - o illamento hidráulico - o illamento interno de cubertas		Esta clase non comprende: - o illamento externo de cubertas (véxase 43.41) - a impermeabilización de cubertas (véxase 43.41)
43.24	Outras instalacións en obras de construción	Esta clase comprende a instalación, a reparación e o mantemento de equipamentos distintos dos sistemas eléctricos, de fontanaría, de calefacción e de aire acondicionado, e de maquinaria industrial en edificios e estruturas de enxeñaría civil. Esta clase comprende: - a instalación en edificios e outras obras de construción de: • ascensores e escaleiras mecánicas, incluídos os salvaescaleiras • portas automatizadas e xiratorias • pararraios • sistemas de limpeza por aspiración • persianas e toldos - a instalación de valos, varandas e escaleiras de saída de incendios - a instalación de sinais, iluminados ou non - a instalación e substitución de pechaduras - a instalación de sistemas automáticos en edificios, por exemplo, para a apertura de fiestras e portas	Esta clase comprende tamén: - a instalación de equipamentos para a seguridade persoal dos construtores, por exemplo, para asegurar as liñas de vida	Esta clase non comprende: - a instalación de maquinaria industrial (véxase 33.20)
43.3	Acabamento de edificios			
43.31	Recebo	Esta clase comprende: - a aplicación en edificios e noutras obras de construción de xeso e estuco interior e exterior, incluídos os materiais dos listóns correspondentes - a colocación de paneis de xeso en seco e a revocadura de teitos		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
43.32	Instalación de carpintaría	Esta clase comprende: - a instalación de portas (agás as automatizadas e xiratorias), fiestras e dos seus marcos de madeira ou doutros materiais - a instalación de cociñas, armarios encaixados, escaleiras, mobiliario para tendas e similares - os acabamentos interiores, por exemplo, teitos e tabiques móbiles - os traballos de instalación de invernadoiros, galerías e balcóns de madeira ou doutros materiais - a montaxe de expositores e casetas, por exemplo, en mercados, exposicións e feiras		Esta clase non comprende: - a instalación de portas automatizadas e xiratorias (véxase 43.24) - o alugamento de expositores e casetas, por exemplo, para exposicións ou feiras (véxase 77.39)
43.33	Revestimento de pisos e paredes	Esta clase comprende: - a colocación, o azulexado, a colgadura ou a montaxe en edificios ou dentro doutras construcións de: • azulexos e baldosas de cerámica, formigón ou pedra tallada para revestimento de paredes e pisos e instalación de estufas cerámicas • parqué e outros revestimentos de madeira para paredes e pisos • revestimentos de moqueta e linóleo para pisos, incluídos os de caucho e plástico • revestimentos de terrazo, mármore, granito ou lousa para paredes e pisos • papeis pintados	Esta clase comprende tamén: - a lixadura, pulimentación e selaxe de parqué e doutros revestimentos de madeira para pisos	Esta clase non comprende: - o revestimento de paredes exteriores (véxase 43.35)
43.34	Pintura e envidramento	Esta clase comprende: - a pintura interior e exterior de edificios - a pintura de obras de enxeñaría civil - a instalación de cristais, espellos, etc. - o cubrimento de fiestras e envidramentos con capa adherente	Esta clase comprende tamén: - o revestimento metálico en edificios e estruturas de enxeñaría civil	Esta clase non comprende: - a instalación de fiestras (véxase 43.32) - a impermeabilización de cubertas (véxase 43.41) - a pintura e outra sinalización de estradas (véxase 43.50)
43.35	Outros acabamentos de edificios	Esta clase comprende o traballo de acabamento, que conclúe a construción dun edificio. Esta clase comprende: - a instalación de láminas de metal, compoñentes de aceiro, perfís, etc., prefabricados - as obras de ornamentación de edificios - o revestimento de paredes exteriores - a construción de muros cortina - a instalación e montaxe en edificios de láminas de control solar para fiestras - outros traballos de terminación e acabamento de edificios n.c.n.		Esta clase non comprende: - a instalación de grandes andeis, por exemplo, en tendas ou almacéns (non como parte integrante do edificio) (véxase 33.20) - a instalación de paneis acústicos, baldosas e materiais similares (véxase 43.23) - as actividades de deseño de interiores (véxase 74.13) - a limpeza xeral interior de edificios e doutras estruturas (véxase 81.21) - a limpeza interior e exterior especializada de edificios (véxase 81.22) - a limpeza ao vapor, con chorro de area ou similares do exterior dos edificios (véxase 81.22)
43.4	Actividades de construción especializada na construción de edificios			
43.41	Construción de cubertas	Esta clase comprende: - os traballos de trama de cubertas - a instalación de armaduras de cubertas - o illamento externo de cubertas - a colocación de revestimentos de cubertas - a instalación de illamento en cubertas - a impermeabilización de cubertas - a instalación de desaugadoiros, caleiros dos beirados e tubos de augas pluviais - a instalación de claraboias e trapelas de acceso ao tellado - a instalación de protecciónns contra a neve en tellados inclinados - a instalación de equipamentos de seguridade en cubertas		Esta clase non comprende: - o illamento interno de cubertas (véxase 43.23)
43.42	Outras actividades de construción especializada na construción de edificios	Esta clase comprende: - as actividades de construción que se especialicen nun aspecto común a diferentes tipos de edificios e que requiran a utilización de técnicas ou equipamentos especiais: • obras de cimentación para edificios, incluída a fincadura de estacas • deshumidificación de edificios • montaxe de elementos prefabricados, non de fabricación propia, de aceiro estrutural para edificios • construción de chemineas e fornos industriais		Esta clase non comprende: - a construción ou instalación de estufas de cachotaría (véxase 43.22)
43.5	Actividades de construción especializada en enxeñaría civil			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
43.50	Actividades de construción especializada en enxeñaría civil	Esta clase comprende: - as actividades de construción que se especialicen nun aspecto común en enxeñaría civil e que requiran a utilización de técnicas ou equipamentos especiais: • construción de cimentos para a enxeñaría civil, incluída a fincadura de estacas • perforación de pozos de minas • construción de elementos de aceiro para proxectos de enxeñaría civil • instalación de quitamedos, sinais de tráfico e similares - a construción de muros de protección acústica, por exemplo, ao longo das estradas - a instalación de mobiliario urbano - a instalación de piscinas prefabricadas - a pintura e sinalización viaria - a construción de muros de protección contra a caída de rochas e a instalación de proteccións contra os desprendementos		Esta clase non comprende: - as obras de superficie, por exemplo, a pavimentación de estradas con asfalto, formigón, pedra, etc. (véxase 42.11) - a construción de piscinas non prefabricadas (véxase 42.99)
43.6	Actividades de intermediación para servizos de construción especializada			
43.60	Actividades de intermediación para servizos de construción especializada	Esta clase inclúe a intermediación en servizos de construción especializados, poñendo en contacto os clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario leve a cabo os servizos de construción especializados que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (mesmo presencialmente, como as visitas ao domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou comisión pode recibirse do cliente ou do provedor dos servizos de construción especializados. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario.		
43.9	Outras actividades de construción especializada			
43.91	Actividades de cachotaría e albanelaría	Esta clase comprende: - os traballos de albanelaría, a colocación de bloques e pedra e outros traballos de cachotaría		
43.99	Outras actividades de construción especializada n.c.n.	Esta clase comprende: - as actividades de construción que se especialicen nun aspecto común a diferentes tipos de estruturas e que requiran a utilización de técnicas ou equipamentos especiais, n.c.n.: • actividades de reforzo da curvatura do aceiro, na localización das obras • a montaxe e o desmantelamento de andamios e plataformas de traballo - a montaxe de equipamento de seguridade na localización das obras - as obras con necesidades de acceso especializadas que exixan destrezas de escalada e o emprego do correspondente material, por exemplo, traballo en altura sobre estruturas elevadas - o alugamento de guindastres e doutros equipamentos de construción que non se poden asignar a un tipo de construción específico, con operario - a reparación de estruturas de formigón reforzado, por exemplo, vigas, columnas, etc. - montaxe de valos ou columnas publicitarias - traballos de formigonaxe	Esta clase comprende tamén: - a restauración, renovación, reconstrución e reacondicionamento de sitios e edificios históricos e arqueolóxicos	Esta clase non comprende: - o alugamento de andamios e plataformas de traballo sen a súa montaxe e desmontaxe (véxase 77.32) - o alugamento de maquinaria e equipamento de construción sen operario (véxase 77.32)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
G	COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO	Esta sección comprende o comercio por xunto e ao retallo (venda sen transformación) de todo tipo de mercadorías, así como a prestación de servizos inherentes á venda da mercadoría. As mercadorías son bens físicos producidos para os cales existe unha demanda, sobre as cales se poden establecer dereitos de propiedade e cuxa propiedade se pode transferir dunha unidade a outra mediante a realización de operacións nos mercados. Isto é coherente coas definicións e cos conceptos aplicados no ámbito da balanza de pagamentos, o Grupo de Traballo sobre Economía Dixital do G20, o Manual de medición do comercio dixital, etc. O comercio por xunto e o comercio ao retallo constitúen as etapas finais da distribución de mercadorías. Para este fin realízanse actividades auxiliares (véxanse as notas introdutorias), que comprenden diversas operacións (ou manipulacións) habituais asociadas co comercio, sen transformar as mercadorías. Estas operacións (ou manipulacións) inclúen, por exemplo, a clasificación e agrupación de mercadorías, a súa mestura ou combinación (por exemplo, area), embotellamento (con ou sen lavado previo da botella), empaquetamento, división da mercadoría a granel e reempaquetamento para a súa distribución en pequenos lotes, almacenamento (incluído ou non o conxelado e refrixerado), etc. Se non se realizan como operacións (ou manipulacións) habituais asociadas co comercio, estas actividades poden levarse a cabo como actividades principais, secundarias ou auxiliares noutras seccións da CNAE. A distinción entre comercio por xunto (división 46) e comercio ao retallo (división 47) baséase no tipo de cliente que predomine. O comercio por xunto é a revenda de produtos novos e usados a retallistas; o comercio entre empresas, por exemplo, a venda a usuarios industriais, comerciais, institucionais ou profesionais; ou a revenda a outros comerciantes por xunto; ou ben actuando como intermediarios na compra de mercadorías para esas persoas ou empresas ou vendérllelas a estas. Os principais tipos de empresas incluídas son por xunto, que son propietarias das mercadorías que venden, como por exemplo, os comerciantes por xunto, os distribuidores de produtos industriais, os exportadores, os	Esta sección comprende tamén: - o comercio de tránsito consistente na compra de produtos primarios para trasladalos dun territorio alfandegueiro a outro. O comercio de tránsito representa unha transacción triangular na cal o comerciante de tránsito exporta e importa entre dous ou máis países diferentes fóra do territorio económico propio. O comerciante de tránsito é propietario da mercadoría durante o transporte (o que o distingue dos intermediarios, que non adquiren a titularidade dos produtos que son obxecto da intermediación) - as actividades de servizos da intermediación para o comercio ao retallo especializado e non especializado (véxase 47.9) - a venda de alimentos e/ou bebidas por máquinas expendedoras ou puntos de venda automatizados	Esta sección non comprende: - o comercio de enerxía eléctrica (véxase 35.15) - o comercio de combustibles gasosos para a subministración de enerxía por canalización (véxase 35.23) - o comercio de produtos dixitais, a reprodución en *streaming* e a descarga de contidos en plataformas dixitais, por exemplo, libros electrónicos e arquivos de audio (véxase a sección J) - as actividades dos revendedores de tarxetas telefónicas e servizos de prepagamento (véxase 61.20) - a reparación de vehículos de motor e motocicletas (véxase a división 95) - as asociacións cooperativas clasifícanse segundo a súa actividade predominante
46	Comercio por xunto	Esta división comprende o comercio por xunto de bens físicos por conta propia ou por conta de terceiros (intermediarios do comercio) relacionado co comercio por xunto nacional, así como co comercio por xunto internacional (importación/exportación), mesmo pola internet. O comercio por xunto por conta propia significa ter a propiedade dos bens comerciados ata que esa propiedade se lle transfire ao comprador. No caso do comercio de tránsito, un comprador encargou os produtos, pero o axente tenos en propiedade durante o tránsito; porén, ambos os casos clasifícanse do mesmo xeito (grupos 46.2 a 46.9). Esta división inclúe os intermediarios do comercio por xunto (grupo 46.1), o comercio por xunto especializado (grupos 46.2 ao 46.8) e non especializado (grupo 46.9). A clase 46.39 é unha excepción, posto que inclúe o comercio por xunto non especializado de produtos alimenticios, bebidas e tabaco. As regras para definir as actividades de comercio por xunto especializado e non especializado descríbense nas notas introdutorias.	Esta división comprende tamén: - a venda por xunto de vehículos de motor e motocicletas, e dos seus compoñentes, equipamento e accesorios - as actividades de comercio de tránsito	Esta división non comprende: - o comercio de enerxía eléctrica (véxase 35.15) - o comercio de combustibles gasosos para a subministración de enerxía por canalizacións (véxase 35.23) - o alugamento e arrendamento de bens (véxase a división 77) - o empaquetado de mercadorías sólidas e o embotellamento de mercadorías líquidas ou gasosas, incluídas a mestura e o filtrado para terceiros (véxase 82.92)
46.1	Intermediarios do comercio por xunto	Este grupo comprende as actividades de servizos de intermediación, é dicir, que facilitan as operacións entre vendedores e compradores para facer pedidos de produtos, a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen tomar en propiedade os produtos que son obxecto de intermediación, incluídas: - as actividades de intermediarios á comisión, corredores de produtos primarios e outros comerciantes por xunto que traballan por conta de terceiros sen posuír en ningún momento os bens que son obxecto de intermediación - as actividades dos que estean dedicados a poñer en contacto vendedores e compradores - as actividades para emprender operacións comerciais en nome dun mandante, mesmo pola internet	Este grupo comprende tamén: - as actividades das centrais de compras, soamente se son intermediarias e non teñen os produtos en propiedade - as actividades das empresas de poxas por xunto de produtos de terceiros, incluídas as poxas por xunto pola internet	Este grupo non comprende: - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de intermediarios á comisión que asumen a titularidade dos produtos, incluso actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo (véxase 47.9) - os servizos de intermediación para actividades inmobiliarias (véxase 68.31) - a explotación de sitios web que ofrecen buscas de produtos que conectan o cliente co vendedor (véxanse as clases correspondentes para as actividades de servizos de intermediación) - as actividades de publicidade, estudos de mercado, relacións públicas e comunicación (véxase a división 73)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
46.11	Actividades de intermediarios do comercio por xunto de materias primas agrarias, animais vivos, materias primas téxtiles e produtos semielaborados	Esta clase comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de alimentos para gando - as actividades de intermediarios nas poxas por xunto de artigos de pel		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de alimentos para animais de compañía (véxase 46.17) - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de intermediarios á comisión que asumen a titularidade dos produtos, mesmo actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 á 46.9)
46.12	Actividades de intermediarios do comercio por xunto de combustibles, minerais, metais e produtos químicos industriais	Esta clase comprende as actividades de intermediarios do comercio por xunto de: - combustibles, minerais, metais e produtos químicos industriais, incluídos os fertilizantes		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 a 46.9) - as actividades de intermediarios a comisión que asumen a titularidade dos produtos, incluso actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 a 46.9)
46.13	Actividades de intermediarios do comercio por xunto da madeira e materiais de construción		Esta clase comprende tamén: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de: • edificios prefabricados e equipamento para a construción • palés e colectores de madeira e os seus compoñentes • equipamentos sanitarios	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de intermediarios á comisión que asumen a titularidade dos produtos, mesmo actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 á 46.9)
46.14	Actividades de intermediarios do comercio por xunto de maquinaria, equipamento industrial, embarcacións e aeronaves	Esta clase comprende as actividades de intermediarios do comercio por xunto de: - maquinaria, incluídos os equipamentos de oficina e ordenadores, equipamentos industriais, embarcacións e aeronaves - teléfonos e equipamentos de comunicación, incluídos os teléfonos móbiles, módems, etc.	Esta clase comprende tamén: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de equipamentos agrícolas, incluídos os tractores - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de iates e embarcacións de recreo	Esta clase non comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de vehículos de motor e motocicletas (véxase 46.18) - as actividades de empresas de poxas por xunto de produtos de terceiros relacionados cos vehículos de motor, incluídas as poxas por xunto de vehículos de motor (véxase 46.18) - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de intermediarios á comisión que asumen a titularidade dos produtos, incluso actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 á 46.9)
46.15	Actividades de intermediarios do comercio por xunto de mobles, artigos para o fogar e ferraxaría			Esta clase non comprende: - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 a 46.9) - as actividades de intermediarios a comisión que asumen a titularidade dos produtos, incluso actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 a 46.9)
46.16	Actividades de intermediarios do comercio por xunto de téxtiles, roupa, peletaría, calzado e artigos de coiro			Esta clase non comprende: - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de intermediarios á comisión que asumen a titularidade dos produtos, incluso actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 á 46.9)
46.17	Actividades de intermediarios do comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	Esta clase comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de suplementos alimenticios para o consumo humano	Esta clase comprende tamén: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de alimentos para animais de compañía - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de suplementos alimenticios para o consumo animal	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de intermediarios á comisión que asumen a titularidade dos produtos, mesmo actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 á 46.9)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
46.18	Actividades de intermediarios do comercio por xunto doutros produtos específicos	Esta clase comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de produtos farmacéuticos e médicos, artigos de perfumaría e hixiene e materiais de limpeza - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de xogos e xoguetes, artigos de deporte, bicicletas, libros, periódicos, revistas e artigos de papelaría, instrumentos musicais, reloxos e xoiaría e equipamentos fotográficos e ópticos - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de automóbiles e vehículos de motor lixeiros, camións, remolques e semirremolques, vehículos de acampada (como caravanas e autocaravanas), motocicletas, incluídos os ciclomotores, dispositivos motorizados de transporte persoal e material rodante; estes vehículos de motor inclúen os vehículos eléctricos - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de recambios e accesorios para vehículos de motor e motocicletas, dispositivos motorizados de transporte persoal e material rodante - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de residuos - as actividades de empresas de poxas por xunto de produtos de terceiros relacionados cos vehículos de motor, incluídas as poxas por xunto de vehículos de motor pola internet		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de intermediarios á comisión que asumen a titularidade dos produtos, incluso actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de axentes de seguros (véxase 66.22) - as actividades dos axentes da propiedade inmobiliaria (véxase 68.31)
46.19	Actividades dos axentes do comercio por xunto non especializado			Esta clase non comprende: - o comercio por xunto por conta propia (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades de intermediarios á comisión que asumen a titularidade dos produtos, mesmo actuando en nome dun terceiro (véxase 46.2 á 46.9) - as actividades dos axentes da propiedade inmobiliaria (véxase 68.31) - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de servizos para produtos (transporte, seguro, publicidade, etc.) (véxase a clase correspondente segundo o tipo de servizo en particular)
46.2	Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos			Este grupo non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1)
46.21	Comercio por xunto de cereais, tabaco en rama, sementes e alimentos para animais	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de cereais e sementes para a sementeira - o comercio por xunto de froitos oleaxinosos - o comercio por xunto de tabaco sen elaborar - o comercio por xunto de alimentos para o gando e de materias primas agrarias		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de sementes de flores e plantas (véxase 46.22) - o comercio por xunto de alimentos para animais de compañía (véxase 46.38) - o comercio por xunto de fertilizantes e produtos agroquímicos (véxase 46.85) - o comercio por xunto de fibras téxtiles (véxase 46.86)
46.22	Comercio por xunto de flores e plantas	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de flores, plantas e bulbos - o comercio por xunto de sementes de flores e plantas		
46.23	Comercio por xunto de animais vivos	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de mascotas		
46.24	Comercio por xunto de coiros e peles	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de coiro, peles en bruto e procesadas, e de peletaría		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediarios nas poxas por xunto de artigos de pel (véxase 46.11)
46.3	Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	Este grupo comprende: - o comercio por xunto de alimentos frescos, en conserva e conxelados - o comercio por xunto especializado e non especializado de produtos alimenticios, bebidas e tabaco		Este grupo non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1)
46.31	Comercio por xunto de froitas e hortalizas	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de froitas e hortalizas frescas - o comercio por xunto de legumes - o comercio por xunto de froitas e hortalizas deshidratadas - o comercio por xunto de froitas e hortalizas en conserva - o comercio por xunto de froitas e hortalizas conxeladas	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de cogomelos	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de zumes de froitas e hortalizas (véxase 46.34) - o comercio por xunto de pratos listos para o seu consumo (véxase 46.38)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
46.32	Comercio por xunto de carne, produtos cárnicos, peixe e produtos do peixe	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de carne e produtos cárnicos - o comercio por xunto de carne de aves de curral e caza - o comercio por xunto de peixe e produtos do peixe - o comercio por xunto de marisco	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de callos, chacinaría e salgaduras - o comercio por xunto de caracois - o comercio por xunto de algas e algas mariñas	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de alimentos para o gando (véxase 46.21) - o comercio por xunto de pratos listos para o seu consumo (véxase 46.38) - o comercio por xunto de alimentos para animais de compañía (véxase 46.38)
46.33	Comercio por xunto de produtos lácteos, ovos, aceites e graxas comestibles	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de produtos lácteos - o comercio por xunto de ovos e produtos a base de ovos - o comercio por xunto de aceites e graxas comestibles de orixe animal ou vexetal	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de leite en po - o comercio por xunto de xeados e sorbetes	
46.34	Comercio por xunto de bebidas	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de bebidas alcohólicas - o comercio por xunto de bebidas non alcohólicas - o comercio por xunto de zumes de froitas e hortalizas - o comercio por xunto de bebidas envasadas en latas ou botellas	Esta clase comprende tamén: - a compra e o embotellamento sen transformación de viño a granel	Esta clase non comprende: - a mestura de viño, bebidas alcohólicas destiladas e outras bebidas (para elaborar un novo produto) (véxanse 11.01, 11.02 e 11.07)
46.35	Comercio por xunto de produtos do tabaco	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de tabaco e produtos e accesorios para fumadores, incluídos os chisqueiros, as pipas, os dispositivos para lear cigarros, etc.	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de cigarros electrónicos (vaporizadores)	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de líquidos para cigarros electrónicos (véxase 46.85)
46.36	Comercio por xunto de azucre, chocolate e confeitaría	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de azucre, mesmo en terróns, melaza, azucre para confeitaría e chocolate - o comercio por xunto de produtos de panadaría - a adquisición de azucre granulada dos produtores e a súa transformación en terróns de azucre		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de xeados (véxase 46.33)
46.37	Comercio por xunto de café, té, cacao e especias			Esta clase non comprende: - a elaboración de té e café (véxase 10.83) - o comercio por xunto de bebidas envasadas en latas ou en botellas (véxase 46.34)
46.38	Comercio por xunto doutros alimentos	Esta clase comprende o comercio por xunto especializado doutros produtos alimenticios non clasificados nas clases anteriores da 46.31 á 46.37, como por exemplo o comercio por xunto de sal, vinagre, fariña, lévedo e mel	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de pratos listos para o seu consumo - o comercio por xunto de preparados alimenticios homoxeneizados e alimentos dietéticos - o comercio por xunto de alimentos para animais de compañía - o comercio por xunto de suplementos alimenticios para o consumo humano - o comercio por xunto de insectos, por exemplo, grilos procesados e listos para comer	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de alimentos para o gando (véxase 46.21)
46.39	Comercio por xunto, non especializado, de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	Esta clase comprende o comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco que se venden en cinco ou máis clases do grupo 46.3. Se os produtos vendidos comprenden catro ou menos clases do grupo 46.3, a unidade considérase comercio especializado e clasifícase, seguindo a actividade principal definida en función do valor engadido, nas clases 46.31 á 46.38		
46.4	Comercio por xunto de artigos de uso doméstico	Este grupo comprende o comercio por xunto de artigos de uso doméstico, incluídos os téxtiles e o mobiliario		Este grupo non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1) - o comercio por xunto de equipamentos de xardinaría e paisaxismo, por exemplo, máquinas cortacéspede (véxase 46.61)
46.41	Comercio por xunto de téxtiles	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de fío - o comercio por xunto de tecidos - o comercio por xunto de roupa branca de fogar, etc. - o comercio por xunto de artigos de mercería: agullas, fío de coser, etc. - o comercio por xunto de parasoles, lonas, velas, paracaídas, etc.		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de roupa (véxase 46.42) - o comercio por xunto de tendas de campaña e sacos de durmir (véxase 46.49) - o comercio por xunto de fibras téxtiles (véxase 46.86)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
46.42	Comercio por xunto de roupa e calzado	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de roupa, incluída a roupa deportiva - o comercio por xunto de accesorios de vestir, por exemplo, luvas, gravatas e tirantes - o comercio por xunto de calzado, incluído o calzado deportivo non especializado - o comercio por xunto de artigos de peletaría - o comercio por xunto de paraugas	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de roupa de traballo, uniformes, disfraces, etc.	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de xoiaría (véxase 46.48) - o comercio por xunto de artigos de coiro, salvo roupa e calzado (véxase 46.49) - o comercio por xunto de calzado deportivo especializado utilizado unicamente na práctica dun deporte, por exemplo, botas de esquí, botas de fútbol, patíns, zapatillas de ballet, etc. (véxase 46.49) - o comercio por xunto de equipamentos de protección para motociclistas (véxase 46.73)
46.43	Comercio por xunto de aparellos electrodomésticos	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de aparellos electrodomésticos - o comercio por xunto de aparellos de radio e televisión - o comercio por xunto de produtos fotográficos e ópticos, excepto lentes graduadas, lentes de sol e lentes de contacto - o comercio por xunto de aparellos eléctricos de calefacción e refrixeración - o comercio por xunto de equipamentos de calefacción que empregan enerxía renovable - o comercio por xunto de equipamentos de calefacción, ventilación e aire acondicionado (CVAA) - o comercio por xunto de máquinas de coser de uso doméstico - o comercio por xunto de alarmas e sistemas de seguridade		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de lentes graduadas, lentes de sol e lentes de contacto (véxase 46.46) - o comercio por xunto de soportes gravados (véxase 46.49) - o comercio por xunto de soportes gravables (véxase 46.50) - o comercio por xunto de máquinas de coser distintas da de uso doméstico (véxase 46.64) - o comercio por xunto de equipamentos e subministracións de ferraxaría, fontanaría e calefacción (véxase 46.84) - o comercio por xunto de equipamentos de calefacción, ventilación e aire acondicionado, para uso non doméstico (véxase 46.84)
46.44	Comercio por xunto de porcelana, cristalaría e artigos de limpeza	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de porcelana e cristalaría - o comercio por xunto de artigos de limpeza - o comercio por xunto de utensilios domésticos, vaixela e louza		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de cazarolas e tixolas (véxase 46.49)
46.45	Comercio por xunto de produtos de perfumaría e cosmética	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de perfumes, produtos de beleza, xabóns e papel hixiénico		
46.46	Comercio por xunto de produtos farmacéuticos e médicos	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de produtos farmacéuticos, médicos e ortopédicos - o comercio por xunto de medicinas veterinarias - o comercio por xunto de lentes graduadas, lentes de sol e lentes de contacto - o comercio por xunto de instrumentos médicos e cirúrxicos - o comercio por xunto de equipamentos hospitalarios	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de lentes de sol non graduadas	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de alimentos saudables e produtos dietéticos (véxase 46.38) - o comercio por xunto de mobiliario para instalacións médicas e hospitais (véxase 46.47)
46.47	Comercio por xunto de mobles para o fogar, oficinas e establecementos comerciais, alfombras e aparellos de iluminación	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de mobles - o comercio por xunto de alfombras - o comercio por xunto de equipamentos de iluminación - o comercio por xunto de colchóns e somieres	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de mobiliario para almacéns, igrexas, instalacións médicas e hospitais, etc.	
46.48	Comercio por xunto de artigos de reloxaría e xoiaría		Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de pedras preciosas labradas, naturais, sintéticas ou recontruídas	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de bixutería (véxase 46.49) - o comercio por xunto de pedras preciosas en bruto (véxase 46.86) - o comercio por xunto de pedras preciosas ou semipreciosas sintéticas ou recontruídas, en bruto (véxase 46.86)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
46.49	Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de artigos de madeira, vimbio, cortiza, etc. - o comercio por xunto de bicicletas, bicicletas eléctricas, monociclos, aeropatíns, patinetes, etc., incluídos os seus recambios e accesorios - o comercio por xunto de artigos de papelaría, libros, revistas e xornais - o comercio por xunto de artigos de coiro, agás roupa e calzado, e accesorios de viaxe - o comercio por xunto de instrumentos musicais - o comercio por xunto de soportes gravados - o comercio por xunto de xogos e brinquedos, incluídos os artigos para festas e de maxia - o comercio por xunto de artigos deportivos, incluído o calzado deportivo especializado, por exemplo, botas de esquí, botas de fútbol, patíns, zapatillas de ballet, etc. - o comercio por xunto de barcos recreativos - o comercio por xunto de equipamento para bebés, como carros, cadeiriñas de paseo, andadores, portabebés e cadeiras de coche para bebés - o comercio por xunto de medallas e trofeos deportivos	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de tendas de campaña e sacos de durmir - o comercio por xunto de artigos promocionais - o comercio por xunto de cazarolas e tixolas - o comercio por xunto de cubertos - o comercio por xunto de bixutería	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de cigarros electrónicos (vaporizadores) (véxase 46.35) - o comercio por xunto de disfraces (véxase 46.42) - o comercio por xunto de armas e munición (véxase 46.64) - o comercio por xunto de líquidos para cigarros electrónicos (véxase 46.85)
46.5	Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións			Este grupo non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1)
46.50	Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	Esta clase comprende o comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC). Esta clase comprende: - o comercio por xunto de ordenadores, equipamentos periféricos e os seus compoñentes - o comercio por xunto de encerados dixitais - o comercio por xunto de programas informáticos non personalizados, incluídos os videoxogos, subministrados nun soporte físico, con dereito de uso perpetuo - o comercio por xunto de válvulas e tubos electrónicos - o comercio por xunto de semicondutores - o comercio por xunto de microchips e circuítos integrados - o comercio por xunto de circuítos impresos - o comercio por xunto de soportes gravables - o comercio por xunto de teléfonos e equipamentos de comunicación, por exemplo, teléfonos móbiles e módems - o comercio por xunto de maquinaria e equipamentos de oficina		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de soportes gravados (véxase 46.49) - o comercio por xunto de máquinas para a fabricación aditiva (por exemplo, impresoras 3D) (véxase 46.64) - as actividades de edición (véxase a división 58)
46.6	Comercio por xunto doutra maquinaria, equipamentos e subministracións	Este grupo comprende a venda por xunto de maquinaria e equipamentos especializados para todo tipo de industrias, e maquinaria de uso xeral e os seus compoñentes		Este grupo non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1)
46.61	Comercio por xunto de maquinaria, equipamentos e subministracións agrícolas	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de maquinaria e equipamentos agrarios e forestais: • arados, esparexedoras de esterco, sementadoras, etc. • colleitadoras • malladoras • máquinas de muxidura • máquinas e aparellos para a avicultura e a apicultura • tractores empregados na agricultura e na silvicultura	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de equipamentos de xardinaría e paisaxismo, por exemplo, máquinas cortacéspede	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de alimentos para o gando (véxase 46.21) - o comercio por xunto de fertilizantes e produtos agroquímicos (véxase 46.85)
46.62	Comercio por xunto de máquinas ferramenta	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de máquinas ferramenta de calquera tipo e para calquera material	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de máquinas ferramenta controladas por ordenador	
46.63	Comercio por xunto de maquinaria para a minaría, a construción e a enxeñaría civil	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de maquinaria para a minaría, a construción e a enxeñaría civil, por exemplo, máquinas escavadoras		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de andamios (véxase 46.83) - o comercio por xunto de ferramentas de man e equipamentos e subministracións de ferraxaría, fontanaría e calefacción (véxase 46.84)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
46.64	Comercio por xunto doutra maquinaria e equipamento	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de maquinaria para a industria téxtil e de máquinas de coser e de facer punto - o comercio por xunto de robots para cadeas de produción - o comercio por xunto de maquinaria para a industria da alimentación, as bebidas e o tabaco - o comercio por xunto de equipamentos de transporte como locomotoras e vagóns, con exclusión de vehículos de motor, motocicletas e bicicletas - o comercio por xunto de barcos e embarcacións - o comercio por xunto de vehículos blindados - o comercio por xunto de aeronaves, drons e sistemas aéreos non tripulados - o comercio por xunto de equipamentos para a piscicultura - o comercio por xunto de equipamentos de atraccións para parques de atraccións e parques temáticos, por exemplo, as accionadas por medios mecánicos - o comercio por xunto de equipamento para salóns de peiteado, ximnasios, solarios e centros de beleza - o comercio por xunto de equipamentos de tecnoloxía de eventos para eventos, feiras e exposicións - o comercio por xunto de maquinaria n.c.n. para a industria, o comercio e a navegación e outros servizos - o comercio por xunto doutro material eléctrico como motores eléctricos e transformadores - o comercio por xunto de baterías e acumuladores para o uso doméstico - o comercio por xunto de cables, interruptores e outros equipamentos de instalación - o comercio por xunto de paneis fotovoltaicos - o comercio por xunto de armas, sistemas de armas e munición - o comercio por xunto de caixas-palé - o comercio por xunto de grandes depósitos, cisternas, cubas e recipientes similares de capacidade superior a 300 litros, de plástico, para uso industrial	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de instrumentos e equipamentos de medida - o comercio por xunto de máquinas para a fabricación aditiva (por exemplo, impresoras 3D)	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de máquinas de coser de uso doméstico (véxase 46.43) - o comercio por xunto de equipamentos médicos de uso non doméstico (véxase 46.46) - o comercio por xunto de barcos recreativos (véxase 46.49) - o comercio por xunto de bicicletas (véxase 46.49) - o comercio por xunto de maquinaria para a minaría, a construción e a enxeñaría civil, por exemplo, máquinas escavadoras (véxase 46.63) - o comercio por xunto de automóbiles, incluídos os remolques e as caravanas (véxase 46.71) - o comercio por xunto de recambios de vehículos de motor (véxase 46.72) - o comercio por xunto de baterías e acumuladores para vehículos de motor (véxase 46.72) - o comercio por xunto de motocicletas (véxase 46.73) - o comercio por xunto de andamios (véxase 46.83) - o mantemento e a reparación de vehículos de motor (véxase 95.31) - o mantemento e a reparación de motocicletas (véxase 95.32)
46.7	Comercio por xunto de vehículos de motor, motocicletas e os seus recambios e accesorios			Este grupo non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1) - o mantemento e a reparación de vehículos de motor (véxase 95.31) - o mantemento e a reparación de motocicletas (véxase 95.32)
46.71	Comercio por xunto de vehículos de motor	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de vehículos de motor novos e de segunda man, incluídos os vehículos eléctricos: • vehículos de motor para pasaxeiros, incluídos os vehículos de motor especializados, por exemplo, ambulancias e microbuses • camións, remolques e semirremolques • vehículos de acampada, por exemplo, caravanas e autocaravanas	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de vehículos de motor todoterreo	Esta clase non comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de automóbiles e vehículos de motor lixeiros (véxase 46.18) - o comercio por xunto de bicicletas eléctricas e dos seus recambios e accesorios (véxase 46.49) - o comercio por xunto de equipamentos de transporte motorizados, por exemplo, barcos, iates, avións e trens (véxase 46.64) - o comercio por xunto de recambios e accesorios de vehículos de motor (véxase 46.72) - os servizos de transporte de pasaxeiros baixo demanda en vehículos con condutor (véxase 49.33) - o alugamento de automóbiles e vehículos de motor lixeiros sen condutor (véxase 77.11) - o mantemento e a reparación de vehículos de motor (véxase 95.31)
46.72	Comercio por xunto de recambios e accesorios de vehículos de motor	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de recambios, equipamento e accesorios novos e usados de vehículos de motor, por exemplo, pneumáticos. - o comercio por xunto de baterías e acumuladores para vehículos de motor		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de recambios e accesorios de automóbiles e vehículos de motor lixeiros (véxase 46.18) - o comercio por xunto de barcos, avións e trens, incluídos os seus recambios e accesorios (véxase 46.64)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
46.73	Comercio por xunto de motocicletas, e de recambios e accesorios de motocicletas	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de motocicletas novas e usadas, incluídos os ciclomotores - o comercio por xunto de recambios e accesorios para motocicletas - o comercio por xunto de equipamentos de protección para motociclistas		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de motocicletas (véxase 46.18) - o comercio por xunto de bicicletas, bicicletas eléctricas e os seus recambios e accesorios (véxase 46.49) - o alugamento de motocicletas (véxase 77.11) - a reparación e o mantemento de motocicletas (véxase 95.32)
46.8	Outro comercio por xunto especializado	Este grupo comprende: - outras actividades de comercio por xunto especializado non incluídas nos grupos 46.2 ao 46.7 desta división - o comercio por xunto de produtos intermedios, excepto os agrarios, que non acostuman ser para uso doméstico		Este grupo non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1) - o comercio por xunto de baterías e acumuladores non destinados a vehículos de motor (véxase 46.64) - o comercio por xunto non especializado (véxase 46.90)
46.81	Comercio por xunto de combustibles sólidos, líquidos e gasosos, e de produtos similares	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de combustibles fósiles e combustibles baixos en carbono ou libres de carbono, graxas, lubricantes e aceites como: • carbón vexetal, hulla, coque, leña para calefacción, granulados de madeira ou biomasa, nafta, etc. • cru de petróleo, gasóleo, fuel, gasolina, gasóleo para calefacción, queroseno, biocombustibles, combustibles de carbono reciclado, combustibles sintéticos, en mestura ou puros • gas licuado do petróleo (GLP), gas natural licuado (GNL), gas butano e propano e as súas formas bio e renovables afíns, en mestura ou puros • aceites e graxas lubricantes, produtos de refinación do petróleo, etc.		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de hidróxeno (véxase 46.85)
46.82	Comercio por xunto de metais e minerais metálicos	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de minerais metálicos férreos e non férreos - o comercio por xunto de metais férreos e non férreos en forma primaria - o comercio por xunto de produtos metálicos férreos e non férreos semielaborados n.c.n. - o comercio por xunto de ouro e doutros metais preciosos - o comercio por xunto de produtos metálicos semielaborados e minerais	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de chapas de aceiro por conta propia, incluídas as operacións de corte habituais asociadas co comercio, que non impliquen a obtención de novos produtos - o comercio por xunto de ouro e doutros metais preciosos, adquirido de fogares ou empresas e vendido a retallistas, usuarios industriais, comerciais, institucionais ou profesionais, ou a outros comerciantes por xunto	Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de ferralla metálica (véxase 46.87) - o comercio de lingotes de ouro (véxase a sección L)
46.83	Comercio por xunto de madeira, materiais de construción e aparellos sanitarios	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de madeira en bruto - o comercio por xunto de produtos de primeira transformación da madeira - o comercio por xunto de palés e doutros paneis de carga de madeira e barrís - o comercio por xunto de pisos de madeira en bruto e ensamblados - o comercio por xunto de materiais de construción: • area, grava, cemento, tixolos, etc. - o comercio por xunto de andamios - o comercio por xunto de pinturas, vernices e lacas - o comercio por xunto de papel pintado e revestimentos de pisos, por exemplo, laminados, baldosas e chans de vinilo - o comercio por xunto de vidro plano - o comercio por xunto de sanitarios: • bañeiras, lavabos, inodoros e outros sanitarios - o comercio por xunto de portas, fiestras e persianas (de calquera material)	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de tixolos de mármore, chanzos e tellas usadas - o comercio por xunto de mobiliario urbano, é dicir, bancos, barreiras de tráfico, morróns, farois, semáforos, sinais de tráfico, paradas de autobús e tranvía, etc. - o comercio por xunto de edificios prefabricados - o comercio por xunto de material de illamento térmico - o comercio por xunto de grandes depósitos, cisternas, cubas e colectores similares de plástico para a construción	
46.84	Comercio por xunto de equipamentos e subministracións de ferraxaría, fontanaría e calefacción	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de utensilios de ferro e artigos similares de ferraxaría de uso doméstico - o comercio por xunto de elementos de instalación fixa - o comercio por xunto de quentadores de auga, radiadores e caldeiras - o comercio por xunto de equipamento para a instalación de sanitarios: • tubos, canos, accesorios, billas, xuntas, conexións, canalizacións de caucho, etc. - o comercio por xunto de ferramentas como martelos, serras, desparafusadores e doutras ferramentas manuais, incluídas as ferramentas eléctricas manuais - o comercio por xunto de equipamentos de calefacción, ventilación e aire acondicionado, para uso non doméstico		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de equipamentos de calefacción, ventilación e aire acondicionado para uso doméstico (véxase 46.43) - o comercio por xunto de maquinaria para a minaría, a construción e a enxeñaría civil (véxase 46.63) - o comercio por xunto de sanitarios (véxase 46.83)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
46.85	Comercio por xunto de produtos químicos	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de produtos químicos industriais, por exemplo, anilina, aceites esenciais, colas sintéticas, metanol, parafina, aromatizantes e potenciadores do sabor, soda, sal industrial, ácidos e sulfuros, derivados do amidón, gases industriais, colorantes e pigmentos, outros produtos químicos de base orgánicos e inorgánicos, esmaltes, tintas de imprenta e adhesivos - o comercio por xunto de explosivos e produtos pirotécnicos - o comercio por xunto de fertilizantes e produtos agroquímicos - o comercio por xunto de hidróxeno	Esta clase comprende tamén: - o comercio por xunto de líquidos para cigarros electrónicos	Esta clase non comprende: - o comercio de combustibles gasosos por canalización por conta de terceiros (véxase 35.40)
46.86	Comercio por xunto doutros produtos semielaborados	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de materias plásticas en forma primaria - o comercio por xunto de caucho - o comercio por xunto de fibras téxtiles - o comercio por xunto de artigos de embalaxe - o comercio por xunto de pedras preciosas en bruto - o comercio por xunto de pedras preciosas ou semipreciosas sintéticas ou recontruídas, en bruto - o comercio por xunto de minerais non metálicos - o comercio por xunto de pasta papeleira e papel a granel		Esta clase non comprende: - o comercio por xunto de materias primas agrarias (véxase 46.21) - o comercio por xunto de pedras preciosas labradas (véxase 46.48) - o comercio por xunto de artigos de papelaría (véxase 46.49)
46.87	Comercio por xunto de ferralla e produtos de refugallo	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de refugallos metálicos e non metálicos e de ferralla, así como de materiais para reciclar, incluída a recolla, clasificación, separación, o desmantelamento de bens usados (por exemplo, automóbiles, co fin de obter partes reutilizables), a embalaxe e reembalaxe, o almacenamento e distribución, pero sen un verdadeiro proceso de transformación. Ademais, os refugallos comprados e vendidos seguen tendo valor. - o comercio por xunto de artigos utilizables (metal, plásticos, etc.) logo da desmontaxe de coches, ordenadores, televisores e outros equipamentos por conta propia, sen ulterior transformación - o comercio por xunto de coches sinistrados		Esta clase non comprende: - a recolla de residuos domésticos e industriais (véxase 38.1) - o procesamento de refugallos, ferralla e outros artigos para a obtención de materias primas secundarias, cando é necesario un verdadeiro proceso de transformación (a materia prima secundaria resultante é apta para a súa utilización directa nun proceso de fabricación industrial, pero non constitúe un produto final) (véxase 38.21) - o desmantelamento de automóbiles, ordenadores, televisores e doutros equipamentos e compoñentes para a recuperación de materiais (véxase 38.21) - o desmantelamento naval (véxase 38.21) - a trituración de automóbiles mediante proceso mecánico (véxase 38.21) - o tratamento de residuos para eliminación sen valorización (véxase 38.3) - o comercio ao retallo de artigos de segunda man (véxase 47.79)
46.89	Outro comercio por xunto especializado n.c.n.	Esta clase comprende outras actividades de comercio por xunto especializado non incluídas noutras clases desta división.		
46.9	Comercio por xunto non especializado			Este grupo non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1)
46.90	Comercio por xunto non especializado	Esta clase comprende: - o comercio por xunto de bens diversos sen unha especialización particular		Esta clase non comprende: - as actividades de comerciantes por xunto que non asumen a titularidade dos produtos con que comercian (véxase 46.1)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
47	Comercio ao retallo	Esta división comprende a revenda (venda sen transformación ou despois de alteracións menores ou manipulacións habituais, por exemplo, o reacondicionamento) de bens novos e usados, principalmente ao público en xeral para o seu consumo ou utilización persoal ou doméstica, a través de tendas, grandes almacéns, economatos, postos de mercado, venda por correo, pola internet, venda a domicilio ou porta a porta, vendedores ambulantes, máquinas expendedoras, etc. Esta división comprende o comercio ao retallo de vehículos de motor e motocicletas novos e usados, incluídos os vehículos eléctricos. As actividades de comercio ao retallo clasifícanse considerando os bens obxecto do comercio e non segundo a forma de venda (en tenda, pola internet, en postos de venda ou mercados, etc.). As actividades de comercio ao retallo divídense en actividades de comercio ao retallo especializado (grupos 47.2 ao 47.8) e actividades de comercio ao retallo non especializado (grupo 47.1). O comercio ao retallo inclúe o comercio ao retallo de bens de segunda man (clase 47.79). Os grupos mencionados anteriormente subdivídense pola súa vez segundo a gama de produtos vendidos. As actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo, que facilitan as operacións entre vendedores e compradores para facer pedidos ou subministrar bens a cambio dun honorario ou unha comisión, sen tomar en propiedade os produtos que son obxecto de intermediación, clasifícanse no grupo 47.9. Todas as demais actividades de comercio ao retallo, incluso cando o retallista actúa por conta dun terceiro, clasifícanse nos grupos 47.1 ao 47.8. Os bens vendidos nesta división limítanse aos que xeralmente se denominan bens de consumo ou mercadorías ao retallo. En consecuencia, exclúense os bens que normalmente non se inclúen no comercio ao retallo, como os cereais, os minerais e a maquinaria industrial. As descargas, por exemplo, de libros e vídeos, tamén están excluídas.	Esta división comprende tamén o comercio ao retallo de bens ou produtos que principalmente se venden ao público en xeral a partir da exposición da mercadoría, por exemplo, ordenadores persoais, artigos de papelaría, pintura ou madeira, aínda que tales vendas poidan non ser para uso persoal ou doméstico. A manipulación que acostuma realizarse vinculada á actividade comercial non afecta o carácter básico da mercadoría e pode incluír, por exemplo, a clasificación, separación, mestura e embalaxe, a entrega e instalación das mercadorías e, tamén, a promoción de vendas, se é o propio comerciante quen realiza a subministración. Esta división comprende tamén: - o comercio ao retallo de carburantes e produtos lubricantes ou refrixerantes para a automoción - as actividades de empresas de poxas ao retallo de bens de terceiros, tanto novos como usados, incluídas as poxas ao retallo pola internet - as actividades das unidades que prestan servizos de intermediación para o comercio ao retallo especializado ou non (marketplaces), que facilitan as operacións entre compradores e vendedores para facer pedidos ou subministrar bens físicos a cambio dun honorario ou unha comisión, sen adquirir a propiedade dos produtos que son obxecto da intermediación. Estas actividades poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (véxase o grupo 47.9) - as máquinas expendedoras que venden produtos distintos dos alimentos e das bebidas - as máquinas expendedoras que venden alimentos e bebidas preparados pola propia máquina	Esta división non comprende: - a venda de produtos agrarios polo responsable da explotación (véxase a división 01) - a fabricación e venda de mercadorías que, polo xeral, se clasifican como fabricación nas divisións 10 á 32 - o comercio de cereais, minerais, cru de petróleo, produtos químicos industriais, ferro e aceiro, e maquinaria e equipamentos industriais (véxase a división 46) - a venda de alimentos e bebidas para o seu consumo no mesmo local e a venda de comida para levar (véxase a división 56) - o comercio de bens dixitais, a reprodución en *streaming* e a descarga de contidos en plataformas dixitais, por exemplo, libros electrónicos e arquivos de audio (véxase a sección J) - o alugamento de vehículos de motor ou motocicletas (véxase 77.1) - o alugamento de efectos persoais e artigos de uso doméstico ao público en xeral (véxase 77.2)
47.1	Comercio ao retallo non especializado	Este grupo comprende o comercio ao retallo de diversas liñas de produtos na mesma unidade (establecementos non especializados como, por exemplo, supermercados, hipermercados e grandes almacéns).		Este grupo non comprende: - o comercio ao retallo especializado (véxase 47.2 á 47.8) - os servizos de intermediación para o comercio ao retallo especializado e non especializado (véxase 47.9)
47.11	Comercio ao retallo non especializado con predominio de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo dunha ampla variedade de produtos (por exemplo, roupa, mobles, electrodomésticos, artigos de ferraxaría, cosméticos, etc.), entre os cales, no entanto, predominan os produtos alimenticios, as bebidas ou o tabaco		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de carburantes, en combinación con alimentos, bebidas, produtos para o mantemento de vehículos, servizos de lavado de coches, etc., cando a venda de combustible sexa a predominante (véxase 47.30)
47.12	Outro comercio ao retallo non especializado	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo dunha ampla variedade de produtos (por exemplo, roupa, mobles, electrodomésticos, artigos de ferraxaría, cosméticos, xoias, xoguetes, artigos deportivos, etc.), sen que predominen os produtos alimenticios, as bebidas ou o tabaco		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo non especializado de artigos de segunda man (véxase 47.79)
47.2	Comercio ao retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco			Este grupo non comprende as actividades de procesamento e fabricación de alimentos e bebidas (véxanse as divisións 10 e 11).
47.21	Comercio ao retallo de froitas e verduras	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de froitas e hortalizas frescas, incluídas as froitas e hortalizas frescas cortadas - o comercio ao retallo de froitas e hortalizas procesadas ou conservadas		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de zumes de froitas e hortalizas (véxase 47.25)
47.22	Comercio ao retallo de carne e produtos cárnicos	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de carne e produtos cárnicos (incluídas as aves de curral e a caza) - o comercio ao retallo de callos, chacinaría e salgaduras	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de caracois	
47.23	Comercio ao retallo de peixes e mariscos	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de peixe, marisco, produtos do mar e as súas preparacións	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de algas mariñas e doutro tipo de algas	
47.24	Comercio ao retallo de pan, produtos de panadaría e confeitaría		Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de pans e bolos enfornados no establecemento a partir de produtos precocidos - o comercio ao retallo mediante máquinas automáticas de pan listo para o consumo, preparado pola propia máquina	Esta clase non comprende: - a fabricación de pan e de produtos frescos de panadaría e pastelaría (véxase 10.71)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
47.25	Comercio ao retallo de bebidas	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de bebidas alcohólicas e non alcohólicas, non fabricadas nin destinadas ao consumo no propio establecemento - o comercio ao retallo vía maquinas dispensadoras de café	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de zumes de froitas e hortalizas	Esta clase non comprende: - a venda de bebidas para o seu consumo no propio local (véxase 56.30)
47.26	Comercio ao retallo de produtos do tabaco	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de tabaco en calquera forma, por exemplo, cigarros, puros, tabaco de pipa, tabaco de mascar, etc. - o comercio ao retallo de tabaco e produtos e accesorios para fumadores, incluídos chisqueiros, pipas, dispositivos para lear cigarros, etc.	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de cigarros electrónicos e dos seus líquidos	
47.27	Comercio ao retallo doutros produtos alimenticios	Esta clase comprende o comercio ao retallo de produtos alimenticios que non se clasifican noutras clases. O comercio ao retallo de alimentos con etiqueta ecolóxica, os alimentos típicos locais e rexionais, etc., inclúense nas clases 47.21 á 47.27, en función do produto vendido. Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de produtos lácteos, incluídos os preparados a base de leite e queixo, e ovos - o comercio ao retallo de café, té, aceites, fariña, azucre, pasta, etc. - o comercio ao retallo doutros produtos alimenticios n.c.n.	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de comidas listas para o seu consumo, salvo para o consumo inmediato no propio local - o comercio ao retallo de suplementos alimenticios para o consumo humano, por exemplo, suplementos e produtos dietéticos	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de comidas listas para o consumo inmediato no propio local (véxase 56.1)
47.3	Comercio ao retallo de combustible para a automoción			
47.30	Comercio ao retallo de combustible para a automoción	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de carburantes, fósiles ou libres de carbono, para vehículos de motor e motocicletas - a explotación de gasolineiras	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de carburante en combinación con combustibles sintéticos (electro-combustibles), se a venda de electro-combustibles non é predominante - o comercio ao retallo de produtos lubricantes e refrixerantes para vehículos de motor - o comercio ao retallo de hidróxeno para vehículos de motor e motocicletas - o comercio ao retallo de carburantes, en combinación con alimentos, bebidas, produtos para o mantemento de vehículos, servizos de lavado de coches, etc., cando a venda de combustible sexa a predominante	Esta clase non comprende: - as estacións de carga de vehículos eléctricos (véxase 35.15) - o comercio por xunto de combustibles (véxase 46.81) - o comercio ao retallo de gas licuado do petróleo (GLP) para cociñar ou para calefacción (véxase 47.78) - o comercio ao retallo de recambios e accesorios de vehículos de motor (véxase 47.82) - o comercio ao retallo de motocicletas, e recambios e accesorios de motocicletas (véxase 47.83)
47.4	Comercio ao retallo de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións			Este grupo non comprende: - a reprodución en *streaming* e a descarga de contidos en plataformas dixitais (véxase a sección J)
47.40	Comercio ao retallo de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	Esta clase comprende o comercio ao retallo de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC). Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de ordenadores - o comercio ao retallo de equipamentos periféricos, por exemplo, impresoras, fotocopiadoras, encerados interactivos, equipamentos para videoconferencias, etc. - o comercio ao retallo de consolas de videoxogos - o comercio ao retallo de programas informáticos non personalizados, incluídos os videoxogos, subministrados nun soporte físico, cun dereito de uso perpetuo - o comercio ao retallo de equipamentos de audio e vídeo - o comercio ao retallo de equipamentos de radio e televisión - o comercio ao retallo de soportes gravables - o comercio ao retallo de reprodutores e gravadoras - o comercio ao retallo de smartphones, teléfonos móbiles, teléfonos fixos e dos seus accesorios, por exemplo, cargadores, dispositivos de mans libres, protectores de pantalla e fundas	Esta clase comprende tamén: - a recarga de cartuchos de tinta por vendedores retallistas	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de equipamentos fotográficos, ópticos e de precisión, por exemplo, cámaras dixitais (véxase 47.78) - o comercio ao retallo de equipamentos de segunda man para as tecnoloxías da información e as comunicacións (véxase 47.79) - a distribución, por parte dos seus editores, de libros electrónicos e audiolibros mediante reprodución en streaming e descargas (véxase 58.11) - a distribución, por parte dos seus editores, de videoxogos mediante reprodución en streaming e descargas (véxase 58.21) - a distribución, por parte dos seus editores, de vídeos/filmes mediante reprodución en streaming e descargas (véxase 59.17) - a distribución, por parte dos seus editores, de gravacións de audio mediante reprodución en streaming e descargas (véxase 59.20)
47.5	Comercio ao retallo doutros artigos de uso doméstico	Este grupo comprende o comercio especializado ao retallo de artigos domésticos como téxtiles, ferraxaría, alfombras, aparellos eléctricos ou mobles.		Este grupo non comprende: - o comercio ao retallo de equipamentos de audio e vídeo (véxase 47.40) - o comercio ao retallo de artigos domésticos de segunda man (véxase 47.79)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
47.51	Comercio ao retallo de téxtiles	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de teas - o comercio ao retallo de fíos de punto - o comercio ao retallo de material básico de fabricación de alfombras, tapices ou bordados - o comercio ao retallo de téxtiles - o comercio ao retallo de artigos de mercería: agullas, fío de coser, etc. - o comercio ao retallo de lonas	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de roupa de cama	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de cortinas (véxase 47.53) - o comercio ao retallo de parasoles (véxase 47.55) - o comercio ao retallo de roupa (véxase 47.71)
47.52	Comercio ao retallo de ferraxaría, materiais de construción, pinturas e vidro	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de artigos de ferraxaría - o comercio ao retallo de pinturas, vernices e esmaltes - o comercio ao retallo de disolventes, augarrás mineral e produtos similares - o comercio ao retallo de vidro plano - o comercio ao retallo de materiais de construción, por exemplo, tixolos, azulexos, bloques de formigón, madeira, tarimas do chan e material illante - o comercio ao retallo de sanitarios e equipamentos de calefacción - o comercio ao retallo de material e equipamentos de bricolaxe, electricidade e fontanaría - o comercio ao retallo de ferramentas, por exemplo, martelos, serras, desparafusadores e outras ferramentas manuais, incluídas as ferramentas eléctricas manuais - o comercio ao retallo de materiais de enerxías renovables, por exemplo, colectores solares non eléctricos e paneis fotovoltaicos, sen instalación - o comercio ao retallo de alarmas contra incendios eléctricas ou electrónicas, extintores, dispositivos de peche, sistemas de extracción de fumes, caixas fortes e cámaras acoirazadas, sen instalación ou servizos de mantemento - o comercio ao retallo de portas, fiestras e persianas de calquera material	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de equipamentos de xardinaría e paisaxismo, por exemplo, máquinas cortacéspede - o comercio ao retallo de saunas, piscinas e spas, incluso en *kits*, sen instalación	Esta clase non comprende: - a instalación de paneis fotovoltaicos non conectados a un edificio (véxase 42.22) - a instalación de paneis fotovoltaicos conectados a un edificio (véxase 43.21) - o comercio ao retallo de revestimentos de paredes e pisos, por exemplo, papel pintado, baldosas, laminados e chans de vinilo (véxase 47.53) - o comercio ao retallo de alfombras e moquetas (véxase 47.53)
47.53	Comercio ao retallo de alfombras, moquetas e revestimentos de paredes e pisos	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de alfombras e moquetas - o comercio ao retallo de cortinas - o comercio ao retallo de revestimentos de paredes e pisos, por exemplo, papel pintado, baldosas, laminados e chans de vinilo		
47.54	Comercio ao retallo de aparellos electrodomésticos	Esta clase comprende o comercio ao retallo de aparellos electrodomésticos		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de equipamentos de audio e vídeo (véxase 47.40) - o comercio ao retallo de máquinas cortacéspede (véxase 47.52) - o comercio ao retallo de ferramentas eléctricas manuais (véxase 47.52)
47.55	Comercio ao retallo de mobles, aparellos de iluminación, vaixela e outros artigos de uso doméstico	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de mobles, incluídos os colchóns e somieres - o comercio ao retallo de artigos para a iluminación - o comercio ao retallo de utensilios domésticos, cubertos, vaixela, cristalaría, porcelana e louza - o comercio ao retallo de artigos de madeira, cortiza e cestaría - o comercio ao retallo de aparellos domésticos non eléctricos - o comercio ao retallo de aparellos domésticos que funcionan con enerxía solar - o comercio ao retallo de parasoles e toldos tipo vela - o comercio ao retallo de artigos e equipamentos de uso doméstico n.c.n.	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de equipamento para bebés, por exemplo, carros, cadeiriñas de paseo, andadores, portabebés e cadeiras de coche para bebés	Esta clase non comprende: - a instalación de sistemas eléctricos, por exemplo, sistemas de alarma de seguridade e alarmas contra incendios (véxase 43.21) - o comercio ao retallo de alarmas contra incendios eléctricas ou electrónicas, sistemas de seguridade e caixas fortes (véxase 47.52) - o comercio ao retallo de paneis fotovoltaicos sen instalación (véxase 47.52) - o comercio ao retallo de baldosas de cortiza (véxase 47.53) - o comercio ao retallo de cortinas (véxase 47.53) - o comercio ao retallo de instrumentos musicais e partituras (véxase 47.69) - o comercio ao retallo de antigüidades (véxase 47.79) - o comercio ao retallo de mobles de segunda man (véxase 47.79)
47.6	Comercio ao retallo de artigos culturais e recreativos	Este grupo comprende o comercio ao retallo especializado de artigos culturais e recreativos, por exemplo, libros, xornais, gravacións de audio e de vídeo en soporte físico, material deportivo, xogos e brinquedos		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
47.61	Comercio ao retallo de libros	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de libros, incluídos os audiolibros en soporte físico		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de soportes gravados, agás audiolibros en soporte físico (véxase 47.69) - o comercio ao retallo de libros antigos (véxase 47.79) - o comercio ao retallo de libros de segunda man (véxase 47.79) - a distribución, por parte dos seus editores, de libros electrónicos e audiolibros mediante reprodución en *streaming* e descargas (véxase 58.11)
47.62	Comercio ao retallo de xornais e outras publicacións periódicas e artigos de papelaría	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de xornais e revistas	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de artigos de papelaría, oficina e material escolar, por exemplo, bolígrafos, lapis e papel	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de ferramentas e materiais artísticos para debuxar, pintar e esculpir (véxase 47.69) - a distribución, por parte dos seus editores, de xornais mediante reprodución en *streaming* e descargas (véxase 58.12) - a distribución, por parte dos seus editores, de revistas mediante reprodución en *streaming* e descargas (véxase 58.13)
47.63	Comercio ao retallo de artigos deportivos	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de artigos deportivos, incluídos os artigos de pesca, armas e municións, artigos de acampada, etc. - o comercio ao retallo de embarcacións deportivas - o comercio ao retallo de bicicletas, mesmo bicicletas eléctricas, monociclos, aeropatíns, patinetes, etc. - o comercio ao retallo de calzado deportivo especializado como botas de fútbol, patíns de xeo, botas de esquí, etc. - o comercio ao retallo de roupa especializada para deportes como o esquí, as artes marciais e o ballet - o comercio ao retallo de paracaídas, tendas de campaña, sacos de durmir, etc.		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de calzado deportivo non especializado, por exemplo, zapatillas de tenis, baloncesto, ximnasia e adestramento (véxase 47.72)
47.64	Comercio ao retallo de xogos e xoguetes	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de xogos e xoguetes, de calquera material - o comercio ao retallo de artigos para festas, por exemplo, máscaras, regalos de festa (como bolsas de cotillón e artigos de broma), artigos de maxia, etc.	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de drons de xoguete	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de videoconsolas e videoxogos en soporte físico (véxase 47.40) - o comercio ao retallo de disfraces (véxase 47.71) - o comercio ao retallo de xogos e xoguetes de segunda man (véxase 47.79) - a edición/publicación de xogos, incluídos os xogos de mesa (véxase 58.19) - a distribución, por parte dos seus editores, de videoxogos mediante reprodución en streaming e descargas (véxase 58.21) - a distribución, por parte dos seus editores, de gravacións de audio mediante reprodución en streaming e descargas (véxase 59.20) - as plataformas de distribución (intercambio) de contidos para videoxogos (véxase 60.39)
47.69	Comercio ao retallo de artigos culturais e recreativos n.c.n.	Esta clase comprende o comercio ao retallo de produtos culturais e recreativos non clasificados noutra clase: - o comercio ao retallo de soportes gravados - o comercio ao retallo de instrumentos musicais, partituras e accesorios relacionados, por exemplo, cordas, atrís e metrónomos - o comercio ao retallo de artigos de filatelia, numismática e coleccionismo, por exemplo, selos e moedas - as actividades das galerías de arte comerciais	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de subministracións de arte, incluídos os abelorios, arxila, lenzos, óleos e acuarelas, etc.	*Esta clase non comprende:* *- o comercio ao retallo de videoxogos en soporte físico (véxase 47.40)* *- o comercio ao retallo de souvenirs, artesanía e artigos relixiosos (véxase 47.78)* *- o comercio ao retallo de antigüidades, libros antigos e de segunda man, instrumentos musicais de segunda man e soportes gravados de segunda man (véxase 47.79)* *- a distribución, por parte dos seus editores, de gravacións de audio mediante reprodución en streaming e descargas (véxase 59.20)* *- os servizos de distribución de audio mediante reprodución en streaming e descargas, non asociados á edición (véxase 60.10)*
47.7	Comercio ao retallo doutros artigos, excepto vehículos de motor e motocicletas	*Este grupo comprende o comercio ao retallo especializado de diversos artigos non incluídos noutros grupos, por exemplo, roupa, calzado e artigos de coiro, produtos farmacéuticos e médicos, reloxos, souvenirs, produtos de limpeza, artigos de toucador, flores e animais de compañía*	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de artigos de segunda man	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
47.71	Comercio ao retallo de roupa	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de roupa, incluída a roupa interior - o comercio ao retallo de artigos de peletaría - o comercio ao retallo de accesorios de vestir tales como luvas, gravatas, tirantes, etc.	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de roupa de traballo, uniformes, disfraces, traxes de entroido, etc.	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de téxtiles (véxase 47.51) - o comercio ao retallo de roupa especializada para deportes como o esquí, as artes marciais e o ballet (véxase 47.63) - o comercio ao retallo de equipamentos de protección para ciclistas (véxase 47.63) - o comercio ao retallo de roupa de segunda man (véxase 47.79) - o comercio ao retallo de equipamentos de protección para motociclistas (véxase 47.83)
47.72	Comercio ao retallo de calzado e artigos de coiro	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de calzado - o comercio ao retallo de artigos de coiro - o comercio ao retallo de artigos de viaxe, de coiro ou de coiro de imitación		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de calzado deportivo especializado como botas de fútbol, patíns de xeo, botas de esquí, etc. (véxase 47.63) - o comercio ao retallo de roupa de coiro (véxase 47.71) - o comercio ao retallo de calzado ortopédico (véxase 47.74)
47.73	Comercio ao retallo de produtos farmacéuticos	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de produtos farmacéuticos - o comercio ao retallo de medicamentos veterinarios	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de produtos homeopáticos e medicamentos sen prescrición - o comercio ao retallo de herbas medicinais e remedios herbais	
47.74	Comercio ao retallo de artigos médicos e ortopédicos	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de lentes, lentes de sol graduadas e lentes de contacto - o comercio ao retallo de audiófonos - o comercio ao retallo de calzado ortopédico - o comercio ao retallo de muletas e cadeiras de rodas - o comercio ao retallo de próteses ortopédicas - o comercio ao retallo de colares cervicais e xustillos - o comercio ao retallo de produtos elastocompresivos, por exemplo, medias elásticas e correas para o pulso	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de lentes de sol non graduadas	
47.75	Comercio ao retallo de produtos de cosmética e hixiene	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de produtos de perfumaría, cosméticos, artigos de toucador, produtos de coidado persoal, etc.		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de produtos de aseo e hixiene, etc. para animais de compañía (véxase 47.76)
47.76	Comercio ao retallo de flores, plantas, fertilizantes, animais de compañía e alimentos para estes	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de flores e plantas - o comercio ao retallo de fertilizantes e produtos fitosanitarios - o comercio ao retallo de mascotas e produtos para mascotas - o comercio ao retallo de alimentos para mascotas e outros animais mantidos no fogar para o entretemento, por exemplo, galiñas e cabalos	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de produtos de aseo e hixiene, etc. para animais de compañía	
47.77	Comercio ao retallo de artigos de reloxaría e xoiaría		Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de artigos de prataría	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de bixutería (véxase 47.78)
47.78	Comercio ao retallo doutros produtos novos	*Esta clase comprende:* *- o comercio ao retallo de equipamento fotográfico e de precisión* *- o comercio ao retallo de equipamento óptico, excepto lentes e lentes de contacto, por exemplo, telescopios, microscopios, prismáticos, etc.* *- o comercio ao retallo de combustibles, botellas de gases licuados, carbón e leña, granulados de madeira ou biomasa, para uso doméstico* *- o comercio ao retallo de artigos de embalaxe* *- o comercio ao retallo de artigos funerarios e para cemiterios, por exemplo, urnas e lápidas* *- o comercio ao retallo de bixutería* *- o comercio ao retallo de produtos de limpeza, por exemplo, deterxentes e esponxas* *- o comercio ao retallo de souvenirs, artesanía e artigos relixiosos* *- o comercio ao retallo de produtos non alimenticios n.c.n.*	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de flores e plantas artificiais	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de artigos de pesca (véxase 47.63) - o comercio ao retallo de armas e municións (véxase 47.63) - o comercio ao retallo de selos e moedas (véxase 47.69) - o comercio ao retallo de lentes (véxase 47.74)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
47.79	Comercio ao retallo de artigos de segunda man	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de libros de segunda man - o comercio ao retallo de antigüidades - o comercio ao retallo de roupa de segunda man - o comercio ao retallo de mobiliario de segunda man - o comercio ao retallo de aparellos electrodomésticos de segunda man - o comercio ao retallo doutros artigos de segunda man		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de vehículos de motor e motocicletas de segunda man e dos seus recambios e accesorios (véxase 47.8) - as actividades de empresas de poxas ao retallo de produtos de terceiros, tanto novos como usados, incluídas as poxas ao retallo pola internet (véxase 47.9) - as actividades de intermediarios do comercio ao retallo de artigos de segunda man (véxase 47.9) - as actividades de alugamento do espazo, con persoal incluído, para artigos de segunda man (véxase 47.91) - as actividades das casas de empeño (véxase 64.92)
47.8	Comercio ao retallo de vehículos de motor, motocicletas e dos seus recambios e accesorios	Este grupo comprende o comercio ao retallo de vehículos de motor e motocicletas novos e de segunda man, así como todo tipo de recambios, compoñentes, subministracións, ferramentas e accesorios para estes, por exemplo: • pneumáticos de caucho e cámaras de aire para cubertas • buxías de acendemento, baterías, equipamentos de iluminación, equipamentos de carga de vehículos e compoñentes eléctricos	Este grupo comprende tamén: - o comercio ao retallo de recambios e accesorios despois do desmantelamento de coches ou doutros vehículos de motor - o comercio ao retallo de recambios e accesorios para vehículos e motocicletas eléctricos	Este grupo non comprende: - as actividades de intermediarios do comercio por xunto de vehículos de motor, motocicletas e os seus recambios e accesorios (véxase 46.18) - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo de vehículos de motor e motocicletas (véxase 47.9) - os servizos de transporte de pasaxeiros baixo demanda en vehículos con condutor (véxase 49.33) - o alugamento de vehículos de motor sen condutor (véxase 77.1) - a reparación e o mantemento de vehículos de motor e motocicletas (véxase 95.3)
47.81	Comercio ao retallo de vehículos de motor	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de vehículos de motor novos e usados, incluídos os vehículos eléctricos: • vehículos de motor para pasaxeiros • vehículos de acampada, por exemplo, caravanas e autocaravanas	Esta clase comprende tamén: - o comercio ao retallo de vehículos de motor todoterreo - o comercio ao retallo de remolques para vehículos de motor	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de bicicletas e bicicletas eléctricas, etc. (véxase 47.63) - o comercio ao retallo de recambios e accesorios de vehículos de motor (véxase 47.82) - o comercio ao retallo de motocicletas e dos seus recambios e accesorios (véxase 47.83) - as actividades de intermediarios do comercio ao retallo de vehículos de motor (véxase 47.9) - os servizos de transporte de pasaxeiros baixo demanda en vehículos con condutor (véxase 49.33) - o alugamento de vehículos de motor sen condutor (véxase 77.1) - a reparación e o mantemento de vehículos de motor e motocicletas (véxase 95.3)
47.82	Comercio ao retallo de recambios e accesorios de vehículos de motor	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de recambios, equipamentos e accesorios novos e usados para vehículos de motor		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de combustible para a automoción (véxase 47.30) - o comercio ao retallo de vehículos de motor (véxase 47.81) - a reparación e o mantemento de vehículos de motor e motocicletas (véxase 95.3)
47.83	Comercio ao retallo de motocicletas e dos seus recambios e accesorios	Esta clase comprende: - o comercio ao retallo de motocicletas novas e usadas, incluídos os ciclomotores - o comercio ao retallo de recambios e accesorios novos e usados para motocicletas - o comercio ao retallo de equipamentos de protección para motociclistas		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de bicicletas, bicicletas eléctricas, monociclos, aeropatíns e patinetes e os seus recambios e accesorios (véxase 47.63) - o alugamento de motocicletas (véxase 77.11) - a reparación e o mantemento de bicicletas, bicicletas eléctricas, monociclos, aeropatíns e patinetes (véxase 95.29) - a reparación e o mantemento de motocicletas (véxase 95.32)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
47.9	Actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo	Este grupo comprende as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo especializado e non especializado que facilitan as operacións entre vendedores e compradores con respecto a bens físicos a cambio dun honorario ou unha comisión, sen subministrar eses bens nin asumir a súa propiedade. Estas actividades poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do vendedor. Os ingresos por servizos de intermediación do comercio ao retallo poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario.	Este grupo comprende tamén: - as actividades de intermediarios do comercio ao retallo de artigos de segunda man - as actividades de empresas de poxas ao retallo de produtos de terceiros, tanto novos como usados, incluídas as poxas ao retallo pola internet - as actividades de intermediarios do comercio ao retallo de vehículos de motor e motocicletas	
47.91	Actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo non especializado	Esta clase comprende as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo non especializado que facilitan as operacións entre vendedores e compradores para facer pedidos e/ou subministrar bens físicos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen proporcionar eses bens nin adquirir a súa propiedade. Estas actividades poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do vendedor. Os ingresos polas actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo non especializado poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario.	Esta clase comprende tamén: - as actividades de alugamento do espazo, con persoal incluído, para artigos de segunda man	Esta clase non comprende: - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo especializado (véxase 47.92)
47.92	Actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo especializado	Esta clase comprende as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo especializado que facilitan as operacións entre vendedores e compradores para facer pedidos e/ou subministrar bens físicos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen proporcionar eses bens nin adquirir a súa propiedade. Estas actividades poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do vendedor. Os ingresos por servizos de intermediación para o comercio ao retallo especializado poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario.		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de carburante en combinación con combustibles sintéticos (electrocombustibles), se a venda de electrocombustibles non é predominante (véxase 47.30) - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo non especializado (véxase 47.91)
H	TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	*Esta sección comprende o transporte de pasaxeiros ou mercadorías, por exemplo, por ferrocarril, tubaxes, estrada, auga ou aire. Inclúe o transporte de pasaxeiros por calquera razón, xa sexa persoal, profesional ou recreativa, sexa regular ou non. Inclúese tamén nesta sección o alugamento de equipamentos de transporte con condutor ou operador, así como as actividades postais e de mensaxaría.* *Esta sección comprende tamén actividades asociadas, por exemplo, a explotación de terminais e aparcadoiros, a manipulación de cargas e o depósito e almacenamento, como a explotación de silos, almacéns de mercadorías e tanques de almacenaxe. As actividades de transporte clasificadas nas divisións 49, 50, 51 e 53 a miúdo inclúen actividades relacionadas, por exemplo, empaquetado, manipulación de mercadorías, embalaxe temporal, extracción de mostras e pesaxe das mercadorías, co único fin de contribuír ás actividades de transporte. Estas actividades de apoio só se clasificarán na división 52 se se realizan por conta de terceiros.*	Esta sección comprende tamén: - os servizos de intermediación que poñen en contacto clientes con provedores de servizos de transporte, excepto para a división 79	Esta sección non comprende: - as reparacións maiores, o mantemento ou a alteración de equipamentos de transporte, excluídos os vehículos de motor (véxase 33.1) - a construción, o mantemento e a reparación de estradas, vías férreas, portos, aeroportos, etc. (véxase a división 42) - o alugamento de equipamento de transporte sen condutor ou operador (véxanse 77.1 e 77.3) - as actividades de transporte como parte integral das instalacións recreativas, por exemplo, en parques temáticos (véxase 93.2) - o mantemento e a reparación de vehículos de motor (véxase 95.31) - o mantemento e a reparación de motocicletas (véxase 95.32)
49	Transporte terrestre e por tubaxe	Esta división comprende o transporte de pasaxeiros e mercadorías por estrada e ferrocarril. As actividades inclúen o transporte de pasaxeiros, xa sexa por razóns persoais, profesionais xa por recreativas. Tamén se inclúe o transporte de mercadorías por estrada, ferrocarril ou tubaxes		
49.1	Transporte de pasaxeiros por ferrocarril			
49.11	Transporte pesado de pasaxeiros por ferrocarril	Esta clase comprende: - o transporte de pasaxeiros por ferrocarril utilizando redes de longa distancia - a explotación de coches cama ou coches restaurante como operación realizada polas propias compañías de ferrocarril	Esta clase comprende tamén: - o transporte de pasaxeiros por ferrocarril de vía pesada con fins turísticos	Esta clase non comprende: - o transporte de pasaxeiros por metro, metro lixeiro, tranvía, etc. (véxase 49.12) - as actividades da terminais de pasaxeiros (véxase 52.21) - a explotación da infraestruturas ferroviarias e as actividades relacionadas, por exemplo, as operacións de cambios de agulla e cambios de vía (véxase 52.21) - a explotación de coches cama ou coches restaurante, prestada por unidades independentes (véxanse 55.90 e 56.11)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
49.12	Outro transporte de pasaxeiros por ferrocarril	Esta clase comprende: - o transporte de pasaxeiros por metro, metro lixeiro, ferrocarril subterráneo e elevado, ferrocarril metropolitano e tranvía - o transporte de pasaxeiros por funicular	Esta clase comprende tamén: - o transporte de pasaxeiros por ferrocarril lixeiro con fins turísticos	Esta clase non comprende: - as actividades da terminais de pasaxeiros (véxase 52.21) - a explotación da infraestruturas ferroviarias e as actividades relacionadas, por exemplo, as operacións de cambios de agulla e cambios de vía (véxase 52.21)
49.2	Transporte de mercadorías por ferrocarril			
49.20	Transporte de mercadorías por ferrocarril	Esta clase comprende: - o transporte de mercadorías por ferrocarril usando redes de longa distancia, así como vías de distancia curta	Esta clase comprende tamén: - o transporte de mercadorías por funiculares - os servizos de tracción	Esta clase non comprende: - o depósito e almacenaxe (véxase 52.10) - as actividades das terminais de carga (véxase 52.21) - a explotación das infraestruturas ferroviarias e as actividades relacionadas, por exemplo, as operacións de cambios de agulla e cambios de vía (véxase 52.21) - a manipulación de mercadorías por conta de terceiros (véxase 52.24)
49.3	Outro transporte terrestre de pasaxeiros	Este grupo comprende todas as actividades de transporte terrestre de pasaxeiros, salvo o transporte por ferrocarril		
49.31	Transporte regular de pasaxeiros por estrada	Esta clase comprende: - o transporte regular urbano, interurbano e de longa distancia de pasaxeiros por estrada, por exemplo, en autobús, autocar, trolebús ou minibús. O transporte efectúase por itinerarios regulares e segundo un horario establecido, recollendo e deixando habitualmente os pasaxeiros en paradas fixas	Esta clase comprende tamén: - a explotación de autobuses escolares e autobuses para o transporte laboral - o transporte regular de pasaxeiros por estrada con fins turísticos	Esta clase non comprende: - o transporte de pasaxeiros por ferrocarril (véxase 49.1) - o transporte de pasaxeiros por funicular (véxase 49.12) - o transporte non regular de pasaxeiros por estrada con fins turísticos, en vehículos para 10 ou máis persoas (véxase 49.32) - os servizos de transporte de pasaxeiros baixo demanda en vehículos con condutor, para un máximo de 9 persoas (taxi, etc.) (véxase 49.33) - a explotación de teleféricos e similares (véxase 49.34)
49.32	Transporte non regular de pasaxeiros por estrada	Esta clase comprende: - o transporte non regular de pasaxeiros urbano, interurbano e de longa distancia, en vehículos para 10 ou máis persoas. Pode incluír o transporte en autobús, autocar, trolebús ou minibús		Esta clase non comprende: - o transporte de pasaxeiros por ferrocarril (véxase 49.1) - a explotación de autobuses escolares e autobuses para o transporte laboral (véxase 49.31) - os servizos de transporte de pasaxeiros baixo demanda en vehículos con condutor, para un máximo de 9 persoas (taxi, etc.) (véxase 49.33)
49.33	Servizos de transporte de pasaxeiros baixo demanda en vehículos con condutor	Esta clase comprende os servizos de transporte de pasaxeiros baixo demanda en vehículos con condutor, para un máximo de 9 persoas: - os servizos de taxi, incluídos os servizos de radiotaxi - o alugamento de vehículos privados con condutor - os servizos de mototaxi		Esta clase non comprende: - os servizos de bicitaxi (véxase 49.39) - o transporte de pasaxeiros por estrada en vehículos de tracción humana ou animal (véxase 49.39) - as actividades de intermediación para o transporte de pasaxeiros (véxase 52.32) - o transporte de pacientes en ambulancia (véxase 86.92)
49.34	Transporte de pasaxeiros en teleféricos e remontes	Esta clase comprende: - o transporte en teleféricos, remontes e telecadeiras, o que pode incluír a preparación das pistas de esquí - o transporte de pasaxeiros en ascensores	Esta clase comprende tamén: - o transporte de mercadorías por teleférico	Esta clase non comprende: - o transporte de pasaxeiros por ferrocarril con fins turísticos (véxase 49.1) - o transporte de pasaxeiros por funicular (véxase 49.12) - o transporte non regular de pasaxeiros por estrada, en vehículos para 10 ou máis persoas (véxase 49.32) - a explotación de zonas deportivas, que pode incluír a explotación de teleféricos, remontes e telecadeiras (véxase 93.11)
49.39	Outros tipos de transporte terrestre de pasaxeiros n.c.n.	Esta clase comprende: - os servizos de bicitaxi - o transporte de pasaxeiros por estrada en vehículos de tracción humana ou animal		Esta clase non comprende: - o transporte de pacientes en ambulancia (véxase 86.92) - o transporte de restos humanos (véxase 96.30)
49.4	Transporte de mercadorías por estrada e servizos de mudanza	Este grupo comprende todas as actividades de transporte terrestre de mercadorías, salvo o transporte por ferrocarril		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
49.41	Transporte de mercadorías por estrada	Esta clase comprende: - todos os servizos de transporte de mercadorías por estrada: • transporte de madeira • transporte de animais vivos • transporte frigorífico • transporte pesado e de mercadorías perigosas • transporte de mercadorías a granel, incluído o transporte en camións cisterna, como a recolla de leite nas explotacións gandeiras • transporte de automóbiles • transporte de residuos e materiais de refugallo, sen incluír a recolla e a eliminación - o transporte de mercadorías por estrada, levado a cabo por terceiros en nome de servizos postais ou de mensaxaría, sen levar a cabo outras actividades de correo ou mensaxaría - o transporte por estrada de obxectos entre diferentes unidades, por exemplo, edificios ou almacéns, por conta de terceiros - o transporte ou movemento de obxectos dentro dunha planta industrial, por conta de terceiros, cando se utilizan estradas abertas ao tráfico	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de vehículos de transporte de mercadorías con condutor - o transporte de mercadorías por estrada en vehículos de tracción humana ou animal - o alugamento de camións formigoneira con operador - a entrega de mobiliario, con ou sen desembalaxe e instalación	Esta clase non comprende: - o transporte de troncos no interior do bosque, como parte das operacións de explotación forestal (véxase 02.40) - a distribución de auga en camións (véxase 36.00) - o transporte de residuos, como parte indisociable das actividades de recolla de residuos (véxanse 38.11 e 38.12) - os servizos de mudanzas (véxase 49.42) - a explotación de terminais para as operacións de carga (véxase 52.2) - os servizos de empaquetado e embalaxe para o transporte (véxase 52.2) - o movemento de cargas en plantas industriais, normalmente con equipamentos de transporte que non son adecuados para o seu uso en estradas abertas ao tráfico (véxase 52.24) - a recolla de mercadorías e a súa agrupación para o envío (véxase 52.25) - as actividades postais e de mensaxaría (véxanse 53.10 e 53.20) - as actividades de servizos de transporte en vehículo blindado (véxase 80.01)
49.42	Servizos de mudanzas	Esta clase comprende: - os servizos de mudanzas (traslado) para empresas e fogares por estrada	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de vehículos de mudanzas con condutor - o almacenamento de mobiliario como parte do servizo de mudanzas	
49.5	Transporte por tubaxe			
49.50	Transporte por tubaxe	Esta clase comprende: - o transporte de gases, líquidos, auga, lodos e outros produtos por tubaxe - o transporte de gas natural por gasoduto desde as plantas de procesamento ata as redes de distribución locais	Esta clase comprende tamén: - as actividades das estacións de bombeo para o transporte por tubaxe	Esta clase non comprende: - a distribución de combustibles gasosos, vapor ou auga aos usuarios finais a través de redes de conducións locais ou rexionais (véxanse 35.22, 35.30 e 36.00) - a distribución de auga en camións (véxase 36.00) - o comercio ao retallo de combustibles para a automoción (véxase 47.30) - o transporte de líquidos en camión (véxase 49.41)
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	Esta división comprende o transporte marítimo e por vías navegables interiores de pasaxeiros ou mercadorías, sexa regular ou non, e sexa por razóns profesionais, persoais ou recreativas. Comprende tamén o transporte por remolque ou impulso de barcazas, os barcos de excursión, turísticos ou cruceiros, os ferris, as embarcacións taxi, etc. Aínda que a localización é un factor para a separación entre o transporte marítimo e o transporte por vías navegables interiores, o factor principal é o tipo de embarcación que se utilice. O transporte en buques de altura clasifícase nos grupos 50.1 e 50.2, mentres que o transporte que utiliza outros tipos de embarcación se clasifica nos grupos 50.3 e 50.4.		Esta división non comprende as actividades de servizo de bar e restaurante a bordo de embarcacións, prestadas por unidades independentes ao provedor do servizo de transporte (véxanse 56.11 e 56.30)
50.1	Transporte marítimo de pasaxeiros		Esta clase comprende tamén: - o transporte de pasaxeiros en lagos, etc., cando se utilizan os mesmos tipos de embarcacións que no transporte marítimo ou costeiro	
50.10	Transporte marítimo de pasaxeiros	Esta clase comprende: - o transporte marítimo (incluído o costeiro) de pasaxeiros, regular ou non: • as actividades de barcos de excursión, turísticos ou cruceiros • as actividades de transbordadores ou ferris, embarcacións taxi, etc. - as actividades doutro transporte marítimo ou costeiro de pasaxeiros	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de embarcacións de recreo con tripulación para o transporte marítimo (incluído o costeiro), por exemplo, para cruceiros de pesca - o transporte de pasaxeiros en ferri, con ou sen vehículo	Esta clase non comprende: - as actividades de servizo de bar e restaurante a bordo de embarcacións, prestadas por unidades independentes ao provedor do servizo de transporte (véxanse 56.11 e 56.30) - o alugamento de embarcacións de recreo e iates sen tripulación (véxase 77.21) - o alugamento de barcos e buques comerciais sen tripulación (véxase 77.34) - a explotación de casinos flotantes que non transportan pasaxeiros (véxase 92.00)
50.2	Transporte marítimo de mercadorías		Este grupo comprende tamén: - o transporte de mercadorías en lagos, etc., cando se utilizan os mesmos tipos de embarcacións que no transporte marítimo ou costeiro	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
50.20	Transporte marítimo de mercadorías	Esta clase comprende: - o transporte marítimo (incluído o costeiro) de mercadorías - o transporte por remolque ou impulso de barcazas, plataformas petrolíferas, etc.	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de embarcacións con tripulación para o transporte marítimo (incluído o costeiro) de mercadorías - o transporte por ferri de coches sen condutor	Esta clase non comprende: - o transporte de pasaxeiros en ferri, con ou sen vehículo (véxase 50.10) - o almacenamento de mercadorías (véxase 52.10) - os servizos portuarios e outras actividades auxiliares, por exemplo, atracada, pilotaxe, descarga de mercadorías en barcazas desde o buque ata terra e a recuperación de cargas marítimas (véxase 52.22) - a manipulación da mercadoría (véxase 52.24) - o alugamento de barcos e buques comerciais sen tripulación (véxase 77.34)
50.3	Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores			
50.30	Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores	Esta clase comprende: - o transporte de pasaxeiros por ríos, canais, lagos e outras vías navegables interiores, incluído no interior de portos e dársenas	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de embarcacións de recreo con tripulación para o transporte por vías navegables interiores - as actividades de barcos turísticos e de excursión por vías navegables interiores - o transporte de pasaxeiros en ferri por vías navegables interiores, con ou sen vehículo	Esta clase non comprende: - as actividades de servizo de bar e restaurante a bordo de embarcacións, prestadas por unidades independentes ao provedor do servizo de transporte (véxanse 56.11 e 56.30) - o alugamento de embarcacións de recreo e iates sen tripulación (véxase 77.21) - a explotación de casinos flotantes que non transportan pasaxeiros (véxase 92.00)
50.4	Transporte de mercadorías por vías navegables interiores			
50.40	Transporte de mercadorías por vías navegables interiores	Esta clase comprende: - o transporte de mercadorías por ríos, canais, lagos e outras vías navegables interiores, incluído no interior de portos e dársenas - o transporte de mercadorías por vías navegables interiores, realizado por embarcacións que non son as adecuadas para o transporte marítimo	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de embarcacións con tripulación para o transporte de mercadorías por vías navegables interiores	Esta clase non comprende: - a manipulación das mercadorías (véxase 52.24) - o alugamento de barcos e buques comerciais sen tripulación (véxase 77.34)
51	Transporte aéreo	Esta división comprende o transporte de pasaxeiros e mercadorías por vía aérea ou espacial		Esta división non comprende: - a fumigación de colleitas (véxase 01.61) - a reparación e o mantemento de aeronaves civís e dos seus motores (véxase 33.16) - a explotación de aeroportos (véxase 52.23) - a publicidade aérea (palabras escritas no aire) (véxase 73.11) - a fotografía aérea (véxase 74.20) - a vixilancia civil aérea (véxase 80.09) - a vixilancia militar aérea (véxase 84.22)
51.1	Transporte aéreo de pasaxeiros			
51.10	Transporte aéreo de pasaxeiros	Esta clase comprende: - o transporte aéreo regular de pasaxeiros - os voos chárter para pasaxeiros - os voos que realizan percorridos turísticos ou paisaxísticos	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de medios de transporte aéreo con tripulación para transporte de pasaxeiros	Esta clase non comprende: - o alugamento de medios de transporte aéreo sen tripulación (véxase 77.35) - as ambulancias aéreas (véxase 86.92)
51.2	Transporte aéreo de mercadorías e transporte espacial			
51.21	Transporte aéreo de mercadorías	Esta clase comprende: - o transporte aéreo de mercadorías, sexa regular ou non	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de medios de transporte aéreo con piloto para transporte de mercadorías	
51.22	Transporte espacial	Esta clase comprende: - o lanzamento de satélites e vehículos espaciais - o transporte espacial de mercadorías e pasaxeiros		
52	Depósito, almacenamento e actividades auxiliares do transporte	Esta división comprende o almacenamento e as actividades complementarias para o transporte, como a explotación da infraestrutura de transporte, por exemplo, aeroportos, portos, túneles, pontes, etc. Inclúe tamén as actividades das axencias de transporte e a manipulación de mercadorías. As actividades mencionadas lévanse a cabo por conta de terceiros. De se prestaren unicamente para apoiar as actividades de transporte realizadas pola propia unidade, consideraranse actividades auxiliares do transporte e esta unidade clasificarase onde corresponda na sección H		
52.1	Depósito e almacenamento			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
52.10	Depósito e almacenamento	Esta clase comprende: - a explotación de instalacións de depósito e almacenamento de todo tipo de mercadorías: • explotación de silos • almacéns xerais para mercadorías • almacéns e cámaras frigoríficas • tanques de almacenamento, etc. - o almacenamento de mobiliario sen que sexa parte do servizo de mudanzas	Esta clase comprende tamén: - o almacenamento de mercadorías en zonas francas - os servizos de ultraconxelación asociados co almacenamento - as actividades de almacenamento de arquivos físicos e documentos en papel	Esta clase non comprende: - o almacenamento de enerxía eléctrica (véxase 35.16) - o almacenamento de combustibles gasosos para a subministración de enerxía a través dunha rede (véxase 35.24) - o almacenamento de mobiliario como parte do servizo de mudanzas (véxase 49.42) - a explotación de aparcadoiros para vehículos de motor (véxase 52.21) - o almacenamento invernal de caravanas, barcos e embarcacións e o almacenamento de aeronaves (véxanse 52.21, 52.22 e 52.23) - o alugamento de instalacións para autoalmacenaxe (rochos e minialmacéns) (véxase 68.20) - o alugamento de espazos baleiros (véxase 68.20)
52.2	Actividades auxiliares do transporte	Este grupo comprende as actividades complementarias para o transporte de pasaxeiros ou mercadorías, como a explotación de instalacións para o transporte ou partes da infraestrutura de transporte, e as actividades relacionadas coa manipulación de mercadorías antes, despois ou entre segmentos de transporte		Este grupo non comprende: - as actividades de intermediación para o transporte de mercadorías (véxase 52.31) - as actividades de intermediación para o transporte de pasaxeiros (véxase 52.32)
52.21	Actividades auxiliares do transporte terrestre	Esta clase comprende: - as actividades relacionadas co transporte de pasaxeiros, animais ou mercadorías por estrada, ferrocarril ou outro tipo de transporte terrestre: • a explotación de servizos de terminais, como estacións de ferrocarril e de autobús, estacións para a manipulación de mercadorías, etc. • a explotación e o mantemento de infraestruturas ferroviarias e instalacións relacionadas co ferrocarril, como terminais de carga, puntos de apoio técnico e paradas ferroviarias para repoñer • a explotación de estradas, pontes e túneles, incluídas as actividades de mantemento invernal - as operacións de cambios de agulla e cambios de vía - a explotación de estacionamentos ou garaxes para coches, estacionamentos para bicicletas, almacenamento invernal de caravanas, etc. - o remolque e a asistencia na estrada - as actividades de vixilancia da carga transportada en camión - os servizos de cobramento de peaxes - o cobramento de tarifas de transporte público	Esta clase comprende tamén: - a licuefacción e/ou regasificación do gas natural para o transporte terrestre	*Esta clase non comprende:* *- a licuefacción e/ou regasificación do gas natural para o seu transporte, realizada na explotación mineira (véxase 09.10)* *- a regasificación do gas natural para a distribución por canalizacións (véxase 35.22)* *- a reparación das estradas (véxase a división 42)* *- a manipulación de mercadorías (véxase 52.24)* *- o movemento de cargas en plantas industriais, normalmente con equipamentos de transporte que non son os adecuados para o seu uso en estradas abertas ao tráfico (véxase 52.24)*
52.22	Actividades auxiliares do transporte marítimo e por vías navegables interiores	Esta clase comprende: - as actividades relacionadas co transporte marítimo e por vías navegables interiores de pasaxeiros, animais ou mercadorías: • a explotación de servizos de terminais, por exemplo, portos e peiraos • a explotación de esclusas de canais, etc. • as actividades de navegación, pilotaxe e atracada • a subministración de combustible e recepción de residuos portuarios • as actividades de descarga en barcazas desde o buque ata terra e as actividades de recuperación de cargas marítimas • as actividades dos faros • as actividades de inspección de cargas marítimas - os servizos de información sobre vías navegables - o almacenamento invernal de barcos e embarcacións	Esta clase comprende tamén: - os traballos de mantemento de infraestruturas para garantir a seguridade das vías navegables - a licuefacción e regasificación de gas natural para o seu transporte marítimo e por vías navegables interiores, realizada fóra da explotación mineira	Esta clase non comprende: - a dragaxe e o mantemento de vías navegables (véxase 42.91) - a manipulación de mercadorías (véxase 52.24) - as actividades recreativas e de entretemento relacionadas coa infraestrutura dos portos deportivos (véxase 93.29)
52.23	Actividades auxiliares do transporte aéreo	Esta clase comprende: - as actividades anexas ao transporte aéreo de pasaxeiros, animais ou mercadorías: • a explotación de servizos de terminais, como aeroportos, etc. • as actividades de control de tráfico aéreo e de aeroportos • as actividades de servizos de terra en aeroportos, etc. - os traballos de mantemento de infraestruturas para garantir a seguridade dos aeródromos - o almacenamento de aeronaves	Esta clase comprende tamén: - os servizos de prevención e extinción de incendios en aeroportos	*Esta clase non comprende:* *- a manipulación de mercadorías (véxase 52.24)* *- a inspección de equipaxes e pasaxeiros nos aeroportos, non realizada polas autoridades públicas (véxase 80.01)* *- a inspección de equipaxes e pasaxeiros nos aeroportos, realizada polas autoridades públicas (véxase 84.24)* *- a explotación de escolas de voo para pilotos profesionais (véxase 85.32)* *- a explotación de escolas de voo que non expiden certificados nin permisos para profesionais (véxase 85.53)*

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
52.24	Manipulación de mercadorías	Esta clase comprende: - a carga e descarga de mercadorías e equipaxe, independentemente do modo de transporte utilizado - as operacións de estiba - a carga e descarga dos vagóns de mercadorías ferroviarios	*Esta clase comprende tamén:* *- o alugamento e leasing de guindastres pórtico, guindastres abatibles e guindastres móbiles autopropulsados, con operador, para actividades de manipulación de cargas* *- o movemento de cargas en plantas industriais, normalmente con equipamentos de transporte que non son adecuados para o seu uso en estradas abertas ao tráfico*	*Esta clase non comprende:* *- o transporte ou movemento de obxectos dentro dunha planta industrial, por conta de terceiros, cando se utilizan estradas abertas ao tráfico (véxase 49.41)* *- a explotación de servizos de terminais (véxanse 52.21, 52.22 e 52.23)* *- as actividades de intermediación para o transporte de mercadorías (véxase 52.31)*
52.25	Actividades de servizos loxísticos	Esta clase comprende: - as actividades dos centros de distribución - a recolla de mercadorías e a súa agrupación para o envío - as operacións de manipulación de mercadorías, por exemplo, o empaquetado e embalaxe temporal de mercadorías con fins de almacenamento ou para protexelas durante o transporte, a desembalaxe, a toma de mostras, a pesaxe de mercadorías, etc.		Esta clase non comprende: - a expedición de mercadorías (véxase 52.26) - a corretaxe de buques, que comprende ocuparse da súa entrada e despacho, como intermediario entre os armadores e os cargadores ou receptores das mercadorías (véxase 52.3) - as actividades de mensaxaría (véxase 53.20) - a provisión de seguros para vehículos, embarcacións, aeronaves e transporte (véxase 65.12) - a consultoría de xestión da loxística das empresas (véxase 70.20) - as actividades de asesoramento loxístico, é dicir, a planificación, o deseño e o apoio ás operacións de transporte, almacenamento e distribución (véxase 70.20)
52.26	Outras actividades auxiliares do transporte	Esta clase comprende: - a emisión e obtención de documentos de transporte e follas de ruta - as actividades dos representantes das alfándegas - a organización de actividades de transporte multimodais e combinadas por ferrocarril, estrada, auga ou aire (transporte intermodal) por conta do cargador ou do consignatario - a organización e expedición de envíos colectivos e individuais por conta do cliente		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación para o transporte de mercadorías por ferrocarril, barco e avión (véxase 52.31) - a explotación de plataformas para a intermediación do transporte de mercadorías (véxase 52.31) - a intermediación de prazas de pasaxeiros en embarcacións e aeronaves (véxase 52.32) - as actividades de mensaxaría (véxase 53.20) - a provisión de seguros para vehículos, embarcacións, aeronaves e transporte (véxase 65.12) - a consultoría de xestión da loxística das empresas (véxase 70.20) - as actividades das axencias de viaxes (véxase 79.11) - as actividades dos operadores turísticos (véxase 79.12) - as actividades de asistencia turística (véxase 79.90)
52.3	Actividades de intermediación para o transporte	Este grupo comprende a intermediación no transporte de mercadorías e pasaxeiros		
52.31	Actividades de intermediación para o transporte de mercadorías	Esta clase comprende a intermediación para o transporte de mercadorías, que pon en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste o servizo de transporte de mercadorías que é obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de transporte de mercadorías. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario. Esta clase comprende: - a intermediación para o transporte de mercadorías por ferrocarril, barco e avión - a explotación de plataformas para a intermediación do transporte de mercadorías		Esta clase non comprende: - o transporte de mercadorías (véxanse as divisións 49, 50 e 51) - a intermediación de prazas de pasaxeiros en embarcacións e aeronaves (véxase 52.32)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
52.32	Actividades de intermediación para o transporte de pasaxeiros	Esta clase comprende a intermediación para o transporte de pasaxeiros, que pon en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste o servizo de transporte de pasaxeiros que é obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de transporte de pasaxeiros. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario. Esta clase comprende: - a explotación de plataformas en liña de viaxes compartidos que lles permiten aos pasaxeiros reservar unha viaxe - a provisión de servizos de intermediación para a compra de transporte terrestre, marítimo ou aéreo de pasaxeiros - a intermediación de prazas de pasaxeiros en embarcacións e aeronaves	Esta clase comprende tamén: - a intermediación de transporte mediante servizos de radiotaxi, sen a súa prestación - os servizos de reserva remunerados para o transporte de pasaxeiros	Esta clase non comprende: - a explotación de taxis e doutros transportes de pasaxeiros por estrada (véxase 49.3) - a intermediación para o transporte de mercadorías por ferrocarril, barco e avión (véxase 52.31) - a explotación de plataformas en liña que permiten alugar un vehículo (coches, motocicletas, etc.) sen condutor (véxase 77.51) - as unidades que ofrecen servizos de reserva xunto con asesoramento ou experiencia adicional en materia de viaxes (véxase 79.11) - as actividades combinadas de aloxamento, transporte e comida, por exemplo, por axencias de viaxes e operadores turísticos (véxanse 79.11 e 79.12)
53	Actividades postais e de mensaxaría			
53.1	Actividades postais sometidas á obriga do servizo universal			
53.10	Actividades postais sometidas á obriga do servizo universal	Esta clase comprende as actividades dos servizos postais que funcionan conforme a obriga do servizo universal. As actividades inclúen o uso da estrutura do servizo universal, incluídos os puntos retallistas, as instalacións de clasificación e tramitación, e as rutas de transporte para recoller e entregar o correo. A distribución pode incluír correspondencia, é dicir, cartas, tarxetas postais, papel impreso (xornais, publicacións periódicas, artigos publicitarios, etc.), paquetes pequenos, mercadorías ou documentos. Inclúense tamén outros servizos necesarios para dar apoio á obriga do servizo universal. Esta clase comprende: - a recolla, a clasificación, o transporte e a repartición (nacional ou internacional) de correspondencia e paquetes (adecuados para o seu envío por correo) por parte dos servizos postais que funcionan conforme a obriga do servizo universal. Poden utilizarse un ou máis medios de transporte, e a actividade pode realizarse mediante transporte propio (privado) ou mediante transporte público. - a recolla de correspondencia e de paquetes nas caixas de correo e nas estafetas de Correos		Esta clase non comprende: - os xiros postais e as actividades das caixas postais de aforro e de envío de diñeiro (véxase 64.19)
53.2	Outras actividades postais e de mensaxaría			
53.20	Outras actividades postais e de mensaxaría	Esta clase comprende: - a recolla, a clasificación, o transporte e a repartición (nacional ou internacional) de correspondencia e paquetes (adecuados para o seu envío por correo) por parte de empresas que non funcionan conforme a obriga do servizo universal. Poden utilizarse un ou máis medios de transporte, e a actividade pode realizarse mediante transporte propio (privado) ou mediante transporte público	Esta clase comprende tamén: - os servizos de entrega a domicilio, incluída a comida	Esta clase non comprende: - o transporte de mercadorías (segundo a modalidade de transporte, véxanse 49.20, 49.41, 50.20, 50.40, 51.21 e 51.22) - a entrega de mobiliario, con ou sen desembalaxe e instalación (véxase 49.41) - a entrega a domicilio de pratos preparados, se a realiza a mesma unidade que prepara os pratos (véxase a división 56)
53.3	Servizos de intermediación para as actividades postais e de mensaxaría			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
53.30	Servizos de intermediación para as actividades postais e de mensaxaría	Esta clase comprende a intermediación para as actividades postais e de mensaxaría, que pon en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste os servizos postais e de mensaxaría que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta os servizos postais e de mensaxaría. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario. Esta clase comprende: - os servizos de intermediación prestados por terceiros ao punto ou puntos de acceso do provedor de servizos postais e ofrecido a clientes empresariais e domésticos - a explotación de plataformas en liña para solicitar servizos de entrega de comida a domicilio		Esta clase non comprende: - os servizos de entrega de comida a domicilio (véxase 53.20) - a explotación de plataformas en liña para a entrega a domicilio de comidas preparadas, se a realiza a mesma unidade que prepara os pratos (véxase 56.40) - os servizos de intermediación monetaria, por exemplo, o pagamento de transaccións a través da oficina de Correos (véxase 64.19)
I	HOSTELARÍA	*Esta sección comprende a provisión de aloxamento para estadías curtas (menos dun ano) a turistas e outros viaxeiros, o aloxamento temporal en cuartos individuais ou compartidos, ou en residencias para estudantes, albergues para traballadores migrantes (temporeiros) e outras persoas, así como a oferta de comidas e bebidas aptas para o consumo inmediato. A cantidade e o tipo de servizos complementarios que agrupa esta sección poden ser moi variables*		Esta sección non comprende: - a revenda de alimentos ou bebidas a través de actividades de comercio por xunto ou ao retallo, véxase a sección G (a preparación destes alimentos ou bebidas clasifícase na industria manufactureira, véxase a sección C) - a provisión de aloxamento para estadías longas (un ano ou máis) como residencia principal (véxase a sección M)
55	Servizos de aloxamento	*Esta división comprende a prestación de aloxamento para estadías curtas a turistas e outros viaxeiros. O aloxamento pode incluír comidas, servizos recreativos e outro tipo de servizos*	Comprende tamén a provisión de aloxamento para estadías curtas, por exemplo, a estudantes e traballadores	Esta división non comprende as actividades relacionadas coa provisión de residencia en instalacións como, por exemplo, pisos ou apartamentos, que normalmente se alugan por períodos anuais (véxase a división 68).
55.1	Hoteis e aloxamentos similares			
55.10	Hoteis e aloxamentos similares	Esta clase comprende a provisión de aloxamento, normalmente por días ou semanas, para estadías curtas. Tamén comprende a provisión de aloxamento en cuartos ou suites amobladas. Os servizos prestados comprenden a limpeza e o arranxo diario do cuarto. Poden ofrecer outros servizos, por exemplo, servizos de comida e bebida, lavandaría, instalacións recreativas, así como salas para conferencias e convencións. Estas actividades adoitan caracterizarse pola prestación dun servizo de atención ao cliente *in situ* . Esta clase comprende o aloxamento que, por exemplo, ofrecen: - hoteis - complexos turísticos - hoteis apartamento - instalacións de aloxamento e almorzo (*bed and breakfast*), onde se fai a cama e a limpeza diariamente		Esta clase non comprende: - o aloxamento sen servizos de limpeza e arranxo diario do cuarto e sen servizo de atención ao cliente *in situ* (véxase 55.20) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40)
55.2	Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de estadía curta			
55.20	Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de estadía curta	Esta clase comprende a provisión de aloxamento para estadías curtas, normalmente por días ou semanas, en cuartos ou zonas independentes amobladas para estar, comer e durmir. Normalmente non acostuma haber servizo de atención ao cliente *in situ* e os servizos complementarios, de ser o caso, son mínimos. Esta clase comprende o aloxamento, por exemplo, en: - casas e apartamentos de vacacións - apartamentos para visitantes e *bungalows* - casas de campo e cabanas sen servizos de limpeza e similares - hostais - instalacións de aloxamento e almorzo (*bed and breakfast*), onde non se fai a cama e a limpeza diariamente - hoteis con autoservizo, onde non se fai a cama e a limpeza diariamente - cuartos de hóspedes de particulares - refuxios e albergues de montaña		Esta clase non comprende: - o aloxamento con servizos de limpeza e arranxo diario do cuarto, e servizo de atención ao cliente *in situ* (véxase 55.10) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40)
55.3	Cámpings e aparcadoiros para caravanas			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
55.30	Cámpings e aparcadoiros para caravanas	Esta clase comprende: - a provisión de aloxamento en cámpings, por exemplo, campamentos recreativos e campamentos de caza e pesca, para estadías de curta duración - a provisión de espazo e instalacións para vehículos recreativos	Esta clase comprende tamén: - o aloxamento en cámpings de luxo - o aloxamento en refuxios ou en bivaques sinxelos	Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40)
55.4	Actividades de intermediación para os servizos de aloxamento			
55.40	Actividades de intermediación para os servizos de aloxamento	Esta clase comprende as actividades de servizos de intermediación para todo tipo de aloxamentos, que poñen en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de aloxamento. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario	Esta clase comprende tamén: - os servizos de intercambio de multipropiedade - os servizos de reservas para o aloxamento	Esta clase non comprende: - as unidades que ofrecen servizos de reservas xunto con asesoramento ou experiencia adicional no aloxamento (véxase 79.11) - a intermediación ou venda dunha combinación de aloxamento, transporte e comidas, por exemplo, axencias de viaxes e operadores turísticos (véxanse 79.11 e 79.12)
55.9	Outros servizos de aloxamento			
55.90	Outros servizos de aloxamento	Esta clase comprende a provisión de aloxamento temporal en vivendas, pisos ou apartamentos, así como en cuartos individuais ou compartidos, ou en residencias para estudantes, albergues para traballadores migrantes (temporeiros) e similares Esta clase comprende o aloxamento: - nas vivendas e nos pisos ou apartamentos amoblados ou sen amoblar para períodos inferiores a un ano - nos albergues para traballadores - nas casas de hóspedes - no aloxamento de estudantes por períodos inferiores a un ano cada vez - nos coches cama ferroviarios cando non se explotan por compañías ferroviarias		Esta clase non comprende: - a explotación de coches cama como operación realizada polas propias compañías de ferrocarril (véxase 49.11) - as actividades dos buques cruceiro (véxanse 50.10 e 50.30) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40) - calquera forma de aloxamento para períodos dun ano ou máis (véxase 68.20) - a intermediación ou venda dunha combinación de aloxamento, transporte e comidas, por exemplo, axencias de viaxes e operadores turísticos (véxanse 79.11 e 79.12)
56	Servizos de comidas e bebidas	Esta división comprende as actividades de prestación de servizos de comidas e bebidas que ofrecen comidas ou bebidas listas para o seu consumo inmediato, ben en restaurantes tradicionais, restaurantes de autoservizo ou de comida para levar, ou ben en postos permanentes ou temporais con prazas para sentar ou sen elas. O decisivo é que se ofrezan comidas listas para o seu consumo inmediato, e non o tipo de instalación que presta o servizo		Esta división non comprende: - a produción de comidas non listas ou non pensadas para o seu consumo inmediato, ou ben de produtos alimenticios preparados que non se considera que constitúan unha comida (véxanse as divisións 10 e 11) - a venda de produtos alimenticios que non sexan de produción propia que se considere que non constitúen unha comida, ou de comidas non aptas para o seu consumo inmediato (véxase a sección G) - as máquinas de café e as máquinas expendedoras que venden alimentos e bebidas preparadas pola propia máquina (véxase a división 47)
56.1	Restaurantes e postos de comidas	Este grupo comprende: - as actividades de restaurantes e postos de comidas para o público en xeral, realizadas con regularidade		
56.11	Restaurantes	Esta clase comprende principalmente a prestación de servizos de comidas a clientes, por exemplo, en restaurantes tradicionais, restaurantes de autoservizo ou de comida para levar, con asentos ou sen eles, en instalacións permanentes ou temporais. Esta clase comprende as actividades de: - restaurantes - cafetarías - restaurantes de comida rápida - establecementos que ofrecen comida para levar	Esta clase comprende tamén: - a explotación de restaurantes a bordo ou en instalacións de transporte, prestada por unidades independentes ao provedor do servizo de transporte - a explotación de restaurantes nun hotel, prestada por unidades independentes ao hotel - a explotación de restaurantes de comida para levar nun supermercado, prestada por unidades independentes ao supermercado - a entrega de comidas de elaboración propia, como a pizza e o sushi, para o seu consumo inmediato	Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de alimentos por medio de máquinas expendedoras (véxase 47.2) - a explotación de coches restaurante como operación realizada polas propias compañías de ferrocarril (véxase 49.11) - os servizos de cátering móbil (véxase 56.12) - as actividades de cátering para eventos (véxase 56.21) - a explotación de concesións do servizo de restauración (véxase 56.22) - as actividades dos contratistas de servizos de restauración, por exemplo, para compañías de transportes (véxase 56.22) - as actividades dos salóns de té (véxase 56.30)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
56.12	Postos de comidas	Esta clase comprende a preparación e o servizo principalmente de comida para o seu consumo inmediato desde carros ou postos ambulantes. Esta clase inclúe as actividades dos vendedores ambulantes de comida, entre elas: - os camións móbiles de comida quente - os carros ambulantes de comida - os vendedores de xeados en carro - a preparación de comidas en postos de mercado - os vendedores de *snacks* - os vendedores de iogur xeado - os vendedores de tortiñas		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de alimentos por medio de máquinas expendedoras (véxase 47.2) - os servizos de entrega de comidas por unidades independentes (53.20) - a provisión e o servizo de alimentos desde carros ambulantes e temporais, ou postos portátiles en función de acordos contractuais co cliente, para un evento específico (véxase 56.21) - a explotación de concesións do servizo de restauración (véxase 56.22) - as actividades ambulantes de servizos de bebidas (véxase 56.30)
56.2	Servizos de cátering e outros servizos de comidas	Este grupo comprende as actividades de provisión de comidas preparadas para eventos ou durante un período determinado, e a explotación de concesións do servizo de restauración, por exemplo, en instalacións deportivas ou similares. Os servizos préstanse en función de acordos contractuais co cliente e ofrécenselle a unha clientela específica		
56.21	Servizos ocasionais de cátering	Esta clase comprende a provisión e o servizo de comida en función de acordos contractuais co cliente, no lugar que este especifique e para un evento determinado		Esta clase non comprende: - a elaboración de produtos alimenticios perecedoiros (véxase 10.89) - o comercio ao retallo de produtos alimenticios perecedoiros (véxase 47.2)
56.22	Servizos regulares de cátering e outros servizos de comidas	Esta clase comprende a provisión industrial de comidas preparadas, é dicir, a preparación e subministración de comida en función de acordos contractuais co cliente e durante un período determinado. Comprende tamén a explotación de concesións do servizo de restauración, por exemplo, en instalacións deportivas ou similares. A comida pode prepararse directamente nas instalacións do cliente ou nunha unidade central. Esta clase comprende: - as actividades dos contratistas de servizos de restauración, por exemplo, para compañías de transportes - a explotación de cantinas ou cafetarías (por exemplo, en fábricas, oficinas, hospitais ou escolas) en réxime de concesión		Esta clase non comprende: - a elaboración de produtos alimenticios perecedoiros (véxase 10.89) - o comercio ao retallo de produtos alimenticios perecedoiros (véxase 47.2)
56.3	Servizos de bebidas			
56.30	Servizos de bebidas	Esta clase comprende principalmente o servizo de bebidas para o seu consumo inmediato no mesmo local. As actividades poden incluír, por exemplo, música e actuacións de baile en vivo. Esta clase comprende as actividades de: - bares - bares de copas - pubs - cafetarías - salóns de té - bares de zumes de froitas - as actividades ambulantes de servizos de bebidas	Esta clase comprende tamén: - as actividades de bares a bordo de medios de transporte, por exemplo, trens ou barcos, prestadas por unidades independentes	Esta clase non comprende: - a revenda de bebidas preparadas/envasadas (véxase a división 47) - o comercio ao retallo de bebidas por medio de máquinas expendedoras (véxase 47.2) - o servizo de preparación e subministración de bebidas en función de acordos contractuais co cliente, por un período determinado (véxase 56.22) - a explotación de salas de concertos e locais de música (véxase 90.31) - a explotación de salas de baile en que o servizo de bebidas non é a actividade principal (véxase 93.29)
56.4	Actividades de intermediación para os servizos de comidas e bebidas			
56.40	Actividades de intermediación para os servizos de comidas e bebidas	Esta clase comprende a intermediación en servizos de comidas e bebidas, que poñen en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste os servizos de comidas e bebidas que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de comidas e bebidas. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario	Esta clase comprende tamén: - os servizos de reserva para restaurantes	Esta clase non comprende: - a explotación de plataformas en liña para solicitar servizos de entrega de comida a domicilio (véxase 53.30)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
J	ACTIVIDADES DE EDICIÓN, RADIODIFUSIÓN E PRODUCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS	*Esta sección comprende a produción, edición, radiodifusión e outra distribución de produtos de información.* *Esta sección comprende as actividades de edición de libros, xornais, revistas e programas informáticos (división 58), a produción de filmes cinematográficos, vídeos e programas de televisión, as actividades de gravación de son e edición musical (división 59) e as actividades de emisión e programación de radio e televisión, así como as actividades de produción e distribución de programas de radio ou televisión, incluída a explotación de plataformas de distribución (intercambio) de contidos non asociados á edición, mediante reprodución en streaming ou descargas, a explotación de sitios blog e wiki, sitios de redes sociais e sitios da internet dedicados aos xogos e videoxogos en liña (división 60).* *A edición refírese á adquisición dos dereitos de autor dos contidos (produtos de información) e a posta destes á disposición do público en xeral mediante a participación na (ou a organización da) súa reprodución e distribución en diversas formas. Os editores poden limitarse unicamente a editar e concederlles licenzas a terceiros para que distribúan os seus contidos, ou poden editar e distribuír contidos de creación propia ou da súa propiedade. Esta división comprende todos os formatos de edición posibles (impreso, electrónico, dixital, analóxico ou de calquera outro tipo) e as actividades de autoedición.* *A produción de compoñentes individuais da programación de televisión (por exemplo, filmes, series, etc.) resulta das actividades da división 59, mentres que a creación da programación completa dunha cadea de televisión a partir de compoñentes producidos na división 59 ou doutros compoñentes (como cadeas de novas en directo) inclúese na división 60. A división 60 comprende tamén a emisión destes programas polo produtor.*	Esta sección comprende tamén: - a creación e o arrendamento de dereitos de autor sobre contidos editados	*Esta sección non comprende:* *- o comercio por xunto e ao retallo de soportes gravados (véxase a sección G)* *- as actividades de prestación de servizos de telecomunicación e similares, é dicir, a transmisión de voz, datos, texto, son e vídeo, as actividades de programación informática, as actividades de infraestrutura informática e de aloxamento de datos e dos portais de busca na web (véxase a sección K)* *- a provisión de servizos financeiros e de seguros que utilizan programas informáticos editados de finanzas e seguros (véxase a sección L)* *- a xestión de dereitos de autor (véxase 74.91)* *- o alugamento de fitas e discos de vídeo (véxase 77.22)* *- as actividades de músicos e actores independentes (incluídos os influenciadores que aparecen en videoblogs), escritores e blogueiros, cuxo contido se edita por un terceiro, e os sitios da internet dedicados aos xogos de azar (véxase a sección S)*
58	Edición	Esta división comprende a edición de libros, folletos comerciais e publicitarios, dicionarios, enciclopedias, atlas, mapas e planos; a edición de xornais, revistas e publicacións periódicas; directorios e guías de enderezos postais e outras publicacións (incluída a edición de programas informáticos). A edición inclúe a adquisición dos dereitos de autor dos contidos (produtos de información) e a posta destes á disposición do público en xeral mediante a participación na (o a organización da) súa reprodución e distribución en diversas formas. Os editores poden conceder licenzas a terceiros para que distribúan os seus contidos, ou poden editar e distribuír contidos de creación propia ou da súa propiedade. Esta división comprende todos os formatos de edición posibles (impreso, dixital, analóxico ou de calquera outro tipo) e as actividades de autoedición, excepto a edición de filmes cinematográficos e música. Esta división comprende a reprodución en *streaming* de contidos, como programas informáticos e libros, por editores de contido		Esta división non comprende a produción de filmes cinematográficos, vídeos e outro tipo de películas, a edición de música e a produción de gravacións sonoras orixinais (véxase a división 59). Tampouco comprende a adquisición de dereitos de editores para emitir e distribuír contidos (véxase a división 60), as actividades de programación informática (véxase a división 62), a impresión (véxase o grupo 18.1) nin a reprodución masiva de soportes gravados (véxase 18.20)
58.1	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais, agás a edición de programas informáticos	Este grupo comprende as actividades de edición de libros, xornais, revistas e outras publicacións periódicas, directorios, compilacións, guías de enderezos postais e outros traballos, como catálogos, fotografías, calendarios, tarxetas de felicitación, tarxetas postais, formularios, carteis e reprodución de obras de arte. Estas obras caracterízanse pola creatividade intelectual que require o seu desenvolvemento e acostuman estar protexidas por dereitos de autor. Todas as formas posibles de edición (impresa, dixital, analóxica ou doutro tipo) están incluídas		
58.11	Edición de libros	Esta clase comprende: - a edición de libros, folletos e publicacións similares - a edición de dicionarios e enciclopedias - a edición de atlas, mapas e planos - a edición de libros electrónicos e audiolibros - a edición de banda deseñada, cómics e novelas gráficas Todas as formas posibles de edición (impresa, dixital, analóxica ou doutro tipo) están incluídas		*Esta clase non comprende:* *- a fabricación de globos terráqueos (véxase 32.99)* *- a edición de material publicitario (véxase 58.19)* *- a edición de libros de música e partituras musicais (véxase 59.20)* *- a edición e distribución conxunta de podcasts (véxase 59.20)* *- as actividades de reprodución en streaming de audiolibros, non asociada á edición (véxase 60.10)* *- as actividades de autores independentes (véxase 90.11)*

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
58.12	Edición de xornais	Esta clase comprende: - a edición de xornais Todas as formas posibles de edición (impresa, dixital, analóxica ou doutro tipo) están incluídas. Regra para a implementación: Os xornais (incluídos os xornais publicitarios) deben estar baixo responsabilidade e control editorial, aparecer ou actualizarse regularmente polo menos catro veces por semana, estar compostos principalmente por traballos literarios de carácter xornalístico relacionados coas novas e ter como finalidade informar o público en xeral. Se o xornal se edita tanto en versión impresa como en formato electrónico, a frecuencia da publicación avaliarase atendendo á frecuencia de publicación da versión impresa	Esta clase comprende tamén: - os xornais publicitarios	Esta clase non comprende: - a produción de programas informativos de televisión ou vídeo (véxanse 59.15 e 59.16) - as actividades das axencias de noticias (véxase 60.31) - as actividades dos reporteiros gráficos que non editan o contido propio (véxase 74.20) - as actividades de xornalistas cuxo contido editan terceiros (véxase 90.11)
58.13	Edición de revistas	Esta clase comprende: - a edición de revistas e doutras publicacións periódicas - a edición dos horarios de programacións de radio e televisión Todas as formas posibles de edición (impresa, dixital, analóxica ou doutro tipo) están incluídas. Regra para a implementación: A edición dunha recompilación de información que se actualiza periódica ou regularmente debe estar baixo a responsabilidade e o control editorial, composta principalmente por traballos literarios de carácter xornalístico e ter como finalidade informar o público en xeral. As revistas e outras publicacións periódicas publícanse menos de catro veces por semana. Se a edición é tanto en versión impresa como en formato electrónico, a frecuencia da publicación avaliarase atendendo á frecuencia de publicación da versión impresa		Esta clase non comprende: - a produción de programas informativos de televisión ou vídeo (véxanse 59.15 e 59.16) - a distribución de contidos vía blogs (véxase 60.39) - as actividades dos reporteiros gráficos que non editan o contido propio (véxase 74.20) - as actividades de xornalistas cuxo contido editan terceiros (véxase 90.11)
58.19	Outras actividades editoriais, salvo a edición de programas informáticos	Esta clase comprende: - a edición en calquera formato, incluído impreso, dixital ou pola internet, por exemplo: • directorios e guías de enderezos postais • compilacións, como xurisprudencia ou vademécums farmacéuticos, etc. • catálogos • fotografías, gravados e postais • calendarios • tarxetas de felicitación • formularios • carteis • reproducións de obras de arte • folletos e material publicitario non encadernado • estatísticas e outra información • publicación de blogs • conxuntos de datos/bases de datos non relacionados cos servizos de proceso de datos		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de programas informáticos en soporte físico (véxase 47.40) - a edición de xornais publicitarios (véxase 58.12) - a edición de programas informáticos (véxase 58.2) - a produción de contidos de vídeo (véxase 59.15) - a explotación de plataformas de distribución (intercambio) de contidos, incluídos os sitios blogs e wiki, os sitios de redes sociais e os sitios da internet dedicados aos xogos e videoxogos en liña, non asociados á edición do contido (véxase 60.39) - o aloxamento de aplicacións (véxase 63.10) - a explotación de portais de busca na web (véxase 63.91) - a recompilación de información ou directorios por conta de terceiros (véxase 63.92)
58.2	Edición de programas informáticos	Este grupo comprende a edición de programas informáticos, por exemplo, sistemas operativos, programas informáticos e aplicacións de tecnoloxías empresariais e financeiras e videoxogos. Comprende o desenvolvemento e a actualización continua dos videoxogos e os programas informáticos autoeditados	Este grupo comprende tamén: - as actividades de servizos de intermediación para a edición de programas informáticos e a explotación de plataformas dixitais desde as cales poden descargarse	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
58.21	Edición de videoxogos	Esta clase comprende: - a edición de videoxogos para todas as plataformas e os dispositivos - a subministración de xogos en liña e compras dentro da aplicación por parte do editor, para todos os usuarios, incluídos os subscritores	Esta clase comprende tamén: - as actividades de servizos de intermediación para a edición de programas informáticos de videoxogos	Esta clase non comprende: - a reprodución de programas informáticos de videoxogos (véxase 18.20) - o comercio ao retallo de programas informáticos non personalizados de videoxogos en soporte físico (véxase 47.40) - a explotación de sitios de reprodución en streaming de videoxogos exclusivamente para a visualización (véxase 60.20) - a explotación de sitios de xogos/videoxogos en liña, non asociada á edición (véxase 60.39) - o desenvolvemento de programas informáticos de videoxogos, por conta doutros (véxase 62.10) - o aloxamento de aplicacións (véxase 63.10) - a explotación de sitios da internet dedicados aos xogos de azar (véxase 92.00)
58.29	Edición doutros programas informáticos	Esta clase comprende: - a edición doutros programas informáticos, incluídos: • sistemas operativos • aplicacións empresariais e doutro tipo, por exemplo, tecnoloxía de rexistro distribuído (DLT), programas informáticos de tecnoloxías financeiras, etc. • programas informáticos de ciberseguridade • programas informáticos de modelización • o desenvolvemento e a edición de programas informáticos para o deseño de microchips	Esta clase comprende tamén: - as actividades de servizos de intermediación para a edición e a descarga de programas informáticos	Esta clase non comprende: - a reprodución de programas informáticos (véxase 18.20) - o comercio ao retallo de programas informáticos non personalizados en soporte físico (véxase 47.40) - a edición de videoxogos (véxase 58.21) - a subministración de programas informáticos en liña, non asociada á edición (véxase 60.39) - a explotación de sitios de xogos ou de videoxogos en liña, non asociada á edición (véxase 60.39) - o desenvolvemento de programas informáticos, non asociado á edición (véxase 62.10) - a tradución ou adaptación de programas informáticos non personalizados, para un mercado particular, realizada por conta de terceiros (véxase 62.10) - o aloxamento (*hosting*) de aplicacións (véxase 63.10) - o uso de programas informáticos editados para a prestación de actividades relacionadas coas finanzas e os seguros (véxase a sección L)
59	Producións cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	Esta división comprende a produción de filmes, vídeos ou obras audiovisuais, sexan ou non de ficción, tanto para a súa proxección directa en salas de cine como para a súa emisión ou reprodución en *streaming*; as actividades de posprodución auxiliares como a edición, a montaxe, a dobraxe de filmes ou a conversión a formato de vídeo en *streaming*; a distribución de filmes e doutras producións audiovisuais a outros sectores industriais, así como a proxección de filmes ou outras producións audiovisuais. Comprende tamén a compra e a venda dos dereitos de distribución de filmes cinematográficos e doutras producións audiovisuais	Esta división comprende tamén as actividades de gravación de son, é dicir, a produción de gravacións (sonoras) orixinais, a edición, promoción e distribución destas; as actividades de edición de música, asociada á distribución directa ao público mediante reprodución en *streaming* e descargas; e os servizos de gravación de son nun estudo ou noutro lugar	Esta división non comprende as actividades de distribución de contidos mediante a reprodución en *streaming* e descargas, non asociadas á edición do contido (véxase a división 60); as actividades de músicos e actores independentes, directores, escenógrafos e actividades de apoio ás artes escénicas (véxase a sección S); o comercio por xunto e ao retallo de gravacións en audio e vídeo en soportes físicos (véxase a sección G), e o alugamento de vídeos (véxase a sección O)
59.1	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	Este grupo comprende a produción de filmes, vídeos ou obras audiovisuais, sexan ou non de ficción, xa sexa en película de celuloide, disco duro ou noutros soportes dixitais, asociada á distribución dixital, para a súa proxección directa en salas de cinema ou para a súa emisión ou reprodución mediante *streaming*; as actividades de posprodución auxiliares como a edición, a montaxe, a dobraxe de filmes ou a conversión a formato de vídeo en *streaming*; a distribución de filmes ou doutras producións audiovisuais a outros sectores industriais, así como a súa proxección	Comprende tamén a compravenda de dereitos de distribución de filmes e doutras producións audiovisuais	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
59.12	Actividades de posprodución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	Esta clase comprende: - as actividades de posprodución cinematográfica, de vídeo, obras audiovisuais e programas de televisión, por exemplo: • edición, titulación, subtitulación, créditos e subtítulos ocultos • transferencia de películas/fitas • conversión a formato de vídeo en streaming - as actividades dos laboratorios de filmes cinematográficos e as actividades dos laboratorios especializados en filmes de debuxos animados: • desenvolvemento e revelado de filmes cinematográficos • reprodución de filmes cinematográficos para a súa distribución en salas de proxección	Esta clase comprende tamén: - as actividades de filmotecas con arquivo de imaxes, etc.	*Esta clase non comprende:* *- o duplicado de películas e a reprodución de material audiovisual a partir de gravacións orixinais (véxase 18.20)* *- o comercio por xunto de soportes gravados (véxase 46.49)* *- o comercio ao retallo de soportes gravados (véxase 47.69)* *- a produción de obras audiovisuais de animación (véxase 59.15)* *- o revelado de películas non cinematográficas (véxase 74.20)* *- o alugamento de soportes gravados ao público en xeral (véxase 77.22)* *- a subtitulación en tempo real (é dicir, simultánea) (véxase 82.99)* *- as actividades que realizan por conta propia actores, debuxantes de animación, directores, escenógrafos e outras actividades de apoio ás artes escénicas (véxase a división 90)*
59.14	Actividades de exhibición cinematográfica	Esta clase comprende: - as actividades de proxección de películas ou obras audiovisuais en salas cinematográficas, ao aire libre ou noutras salas de proxección		
59.15	Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	*Esta clase comprende:* *- a produción cinematográfica e de vídeo* *- a produción de filmes para a televisión* *- a produción de filmes publicitarios* *- a produción de programas informativos de vídeo* *- a produción de videoblogs* *- a produción de podcasts de vídeo*		Esta clase non comprende: - o duplicado de películas (excepto a reprodución de filmes cinematográficos para a súa distribución en salas de proxección), así como a reprodución de material audiovisual en soportes físicos a partir de gravacións orixinais (véxase 18.20) - o comercio por xunto de soportes gravados (véxase 46.49) - o comercio ao retallo de soportes gravados (véxase 47.69) - as actividades de posprodución (véxase 59.12) - a reprodución de filmes cinematográficos para a súa distribución en salas de proxección (véxase 59.12) - o revelado de filmes cinematográficos (véxase 59.12) - a gravación de son e de audiolibros (véxase 59.20) - a emisión televisiva (véxase 60.20) - a creación da programación completa dunha cadea de televisión (véxase 60.20) - o revelado de películas non cinematográficas (véxase 74.20) - as actividades dos axentes persoais e as axencias teatrais ou artísticas (véxase 74.99) - o alugamento de fitas de vídeo e DVD ao público en xeral
59.16	Actividades de produción de programas de televisión	Esta clase comprende: - a produción de programas de televisión (series, documentais, etc.), e de anuncios publicitarios para televisión		Esta clase non comprende: - o duplicado de películas (excepto a reprodución de filmes cinematográficos para a súa distribución en salas de proxección), así como a reprodución de material audiovisual en soportes físicos a partir de gravacións orixinais (véxase 18.20) - o comercio por xunto de soportes gravados (véxase 46.49) - o comercio ao retallo de soportes gravados (véxase 47.69) - as actividades de posprodución (véxase 59.12) - a reprodución de filmes cinematográficos para a súa distribución en salas de proxección (véxase 59.12) - o revelado de filmes cinematográficos (véxase 59.12) - a produción de películas para a televisión (véxase 59.15) - a gravación de son e de audiolibros (véxase 59.20) - a emisión televisiva (véxase 60.20) - a creación da programación completa dunha cadea de televisión (véxase 60.20) - o revelado de películas non cinematográficas (véxase 74.20) - as actividades dos axentes persoais e as axencias teatrais ou artísticas (véxase 74.99) - o alugamento de fitas de vídeo e DVD ao público en xeral

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
59.17	Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo, excepto de programas de televisión	Esta clase comprende: - a adquisición dos dereitos de autor ou de reprodución, por exemplo, de filmes e producións audiovisuais - a distribución de producións, por exemplo, filmes e obras audiovisuais para salas de proxección ou exhibición		Esta clase non comprende: - o duplicado de películas e a reprodución de material audiovisual a partir de gravacións orixinais (véxase 18.20) - o comercio por xunto de soportes gravados (véxase 46.49) - o comercio ao retallo de soportes gravados (véxase 47.69) - a reprodución de filmes cinematográficos para a súa distribución en salas de proxección (véxase 59.12) - as actividades de servizos de reprodución en *streaming* e descargas de vídeo, non asociadas á edición (véxase 60.20) - a xestión de dereitos de autor e de distribución para filmes (véxase 74.91) - o alugamento de soportes gravados (véxase 77.22)
59.18	Actividades de distribución de programas de televisión	Esta clase comprende: - a distribución de programas de televisión a cadeas e canais de televisión		Esta clase non comprende: - o duplicado de películas e a reprodución de material audiovisual a partir de gravacións orixinais (véxase 18.20) - o comercio por xunto de soportes gravados (véxase 46.49) - o comercio ao retallo de soportes gravados (véxase 47.69) - a reprodución de filmes cinematográficos para a súa distribución en salas de proxección (véxase 59.12) - as actividades de servizos de reprodución en *streaming* e descargas de vídeo, non asociadas á edición (véxase 60.20) - a xestión de dereitos de autor e de distribución para filmes (véxase 74.91) - o alugamento de soportes gravados (véxase 77.22)
59.2	Actividades de gravación de son e edición musical			
59.20	Actividades de gravación de son e edición musical	*Esta clase comprende:* *- a produción de gravacións (sonoras) orixinais, incluídas as dixitais, accesibles en liña ou mediante calquera copia física* *- as actividades de servizos de gravación de son, incluída a produción de programas de radio gravados (é dicir, non en directo), podcasts de audio, así como audio para películas, televisión, libros, etc.* *- a edición musical, é dicir, as actividades de:* *• adquisición e rexistro dos dereitos de autor sobre composicións musicais* *• promoción, autorización e utilización destas composicións en gravacións, en radio, televisión e en filmes cinematográficos, en espectáculos en directo e en soportes impresos ou doutro tipo* *• edición e distribución conxuntas de gravacións sonoras mediante reprodución en streaming e descargas* *A edición, promoción e distribución de gravacións sonoras a comerciantes por xunto, retallistas ou directamente ao público pode incluír a produción de gravacións orixinais ou a obtención dos dereitos de reprodución e distribución de gravacións orixinais.*	Esta clase comprende tamén: - a conversión de gravacións sonoras a formatos de audio en *streaming* - a edición de libros de música e partituras musicais	Esta clase non comprende: - a reprodución de música ou outras gravacións sonoras a partir de gravacións orixinais (véxase 18.20) - o comercio por xunto de soportes gravados (véxase 46.49) - o comercio ao retallo de soportes gravados (véxase 47.69) - a distribución de audio mediante reprodución en *streaming* e descargas, non asociada á edición (véxase 60.10) - as actividades dos músicos (véxase 90.20)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
60	Actividades de programación, radiodifusión, axencias de noticias e outras actividades de distribución de contidos	*Esta división comprende as actividades de creación de contidos ou a adquisición de dereitos de distribución de contidos, para posteriormente emitilos ou distribuílos. Os tipos de contido producidos ou distribuídos que se inclúen nesta división son radio, televisión, audio ou entretemento audiovisual, novas, debates, etc., incluídos os programas que acostuman ser limitados na súa natureza (por exemplo, programas que se dirixen a un segmento concreto da poboación, como novas, deportes, educación e programas dirixidos á mocidade). A emisión ou distribución de contido pode efectuarse utilizando distintas tecnoloxías: por ondas, por satélite, por cable ou pola internet mediante emisión, reprodución en streaming ou descargas. Esta división comprende tamén a emisión de podcasts en directo, a distribución baixo demanda de podcasts gravados e descargas, e as actividades das axencias de noticias, sitios de redes sociais, sitios blog e wiki, e sitios de xogos/videoxogos en liña. O contido pode estar á disposición dos usuarios de forma gratuíta ou pode estar dispoñible unicamente en réxime de subscrición ou de pagamento.*		*Esta división non comprende a explotación de redes de transmisión de televisión por cable ou por satélite (división 61); a produción de gravacións sonoras e audiovisuais (incluídos os podcasts gravados), as actividades dos sitios de videoblogs e a distribución de filmes cinematográficos, vídeos ou obras audiovisuais e producións similares a salas de proxección, cadeas e canais de televisión e exhibidores (división 59); o comercio por xunto e ao retallo de gravacións sonoras e de vídeo en soportes físicos (divisións 46/47); os puntos de venda ao retallo de xornais (división 47); o alugamento de fitas e discos de vídeo (división 77); as actividades de actores independentes (incluídos os influenciadores que aparecen en videoblogs) e de blogueiros independentes (división 90); a edición de videoxogos e outros programas informáticos (división 58); a subministración de infraestruturas informáticas e as actividades de aloxamento de datos, e as actividades de portais de busca na web (división 63); e as actividades de sitios da internet dedicados aos xogos de azar (división 92).*
60.1	Actividades de radiodifusión e distribución de audio			
60.10	Actividades de radiodifusión e distribución de audio	*Esta clase comprende:* *- a emisión de sinais de audio a través de instalacións e estudos de radiodifusión para a transmisión de programas de radio ao público, a abonados ou a subscritores* *- os servizos de reprodución en streaming e descarga de arquivos de audio baixo demanda por terceiros con dereitos de distribución* *- a emisión de podcasts en directo*	Esta clase comprende tamén: - as actividades da cadeas radiofónicas, é dicir, a montaxe e a transmisión de programas de radio aos abonados ou subscritores a emisións por ondas, por cable ou por satélite - as actividades de radiodifusión pola internet (emisoras de radio na internet) - a emisión de programas de radio con filmación simultánea para a súa emisión en vídeo	*Esta clase non comprende:* *- o comercio por xunto de gravacións de audio en soporte físico (véxase 46.49)* *- o comercio ao retallo de gravacións de audio en soporte físico (véxase 47.69)* *- a edición de audiolibros por parte dos seus editores, asociados aos servizos de reprodución mediante streaming e descargas (véxase 58.11)* *- a edición de música e doutras gravacións sonoras por parte dos seus editores, asociados aos servizos de reprodución mediante streaming e descargas (véxase 59.20)* *- a produción de programas de radio e podcasts de audio (véxase 59.20)* *- a provisión de infraestrutura técnica relacionada cos servizos de reprodución en streaming de audio, sen ter adquiridos os dereitos de distribución do contido (véxase 63.10)*
60.2	Actividades de programación de televisión, emisión e distribución de vídeos			
60.20	Actividades de programación de televisión, emisión e distribución de vídeos	Esta clase comprende a creación da programación completa dunha cadea de televisión, desde a compra de compoñentes da programación (por exemplo, filmes, documentais, etc.) ata a súa produción propia (por exemplo, novas locais, reportaxes en directo, etc.) ou unha combinación das dúas opcións. Esta programación completa pode ser emitida polas unidades de produción ou ben producirse para a súa transmisión por terceiros distribuidores, como compañías de emisión por cable ou provedores de televisión por satélite. A programación pode ser de carácter xeral ou especializada (por exemplo, formatos limitados como novas, deportes, programación educativa ou orientada á mocidade) e pode estar á disposición dos usuarios de forma gratuíta ou pode estar dispoñible unicamente en réxime de subscrición.	Esta clase comprende tamén: - a programación de canais de vídeo baixo demanda - as actividades de servizos de reprodución de vídeo mediante streaming e descargas, non asociadas á edición - a emisión de actuacións e eventos en vivo - a explotación de sitios de videoxogos mediante reprodución en streaming	Esta clase non comprende: - os editores de videoxogos, incluídos os servizos de reprodución mediante streaming e descargas dos propios editores (véxase 58.21) - a produción de programas de televisión (filmes, documentais, programas de entrevistas, anuncios, etc.) (véxase 59.16) - a combinación dun paquete de canais e a súa transmisión ao espectador, por operadores de redes de telecomunicacións por cable ou por satélite (véxase 61.10) - a provisión de infraestrutura técnica relacionada coa reprodución en streaming de vídeo, servizos de procesamento de datos e actividades relacionadas (véxase 63.10) - o alugamento de vídeos gravados en soporte físico para o público en xeral (véxase 77.22)
60.3	Actividades das axencias de noticias e outras actividades de distribución de contidos	Este grupo comprende as actividades das axencias de noticias e sitios de distribución de contidos, por exemplo, sitios de redes sociais, sitios wiki e sitios de xogos/videoxogos en liña		Este grupo non comprende: - as actividades de bibliotecas e arquivos (véxase 91.1)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
60.31	Actividades das axencias de noticias	Esta clase comprende: - as actividades de consorcios e axencias de noticias que proporcionan material das novas, fotografías e artigos a medios de comunicación, editores e emisores		Esta clase non comprende: - o comercio ao retallo de xornais (véxase 47.62) - as actividades de edición (véxase 58.1) - as actividades de emisión e de reprodución en *streaming* de audio ou vídeo (con dereitos de distribución) (véxanse 60.10 e 60.20) - a provisión de infraestrutura técnica relacionada cos servizos de reprodución en *streaming* de audio ou vídeo, servizos de procesamento de datos e actividades relacionadas (véxase 63.10) - as actividades de reporteiros gráficos independentes (véxase 74.20) - as actividades de xornalistas independentes (véxase 90.11)
60.39	Outras actividades de distribución de contidos	Esta clase comprende: - os servizos de sitios de distribución de contidos, por exemplo, sitios wiki e de redes sociais, que editan contido producido e editado por usuarios, sen estaren suxeitos ao control ou á responsabilidade editorial - os sitios de xogos/videoxogos en liña, non asociados á edición - a subministración de libros electrónicos como servizo de reprodución mediante streaming ou descargas, non asociado á edición - a subministración de programas informáticos en liña, non asociado á edición - a distribución de contidos vía blogs		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación do comercio ao retallo (véxase 47.9) - as actividades de intermediación para o transporte de pasaxeiros (véxase 52.32) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40) - a edición de libros electrónicos (véxase 58.11) - a edición de videoxogos e doutros programas informáticos (véxase 58.2) - as actividades de produción audiovisual (véxanse 59.15 e 59.16) - as actividades de plataformas musicais (véxase 60.10) - as actividades de sitios de reprodución en *streaming* de videoxogos exclusivamente para a visualización (véxase 60.20) - as actividades das axencias de noticias (véxase 60.31) - o aloxamento de datos de audio ou de vídeo para servizos de reprodución mediante *streaming* ou descargas (en particular, datos para o almacenamento e envío), sen teren adquiridos os dereitos de distribución do contido de audio ou vídeo (véxase 63.10) - a provisión de servizos de aloxamento de datos e infraestrutura informática (véxase 63.10) - as actividades dos portais de busca na web (véxase 63.91) - as actividades de xornalistas e doutros escritores cando o seu contido o editan terceiros (véxase 90.11) - as actividades de actores e doutros artistas (véxase 90.20) - as actividades de bibliotecas e arquivos (véxase 91.1) - as actividades dos sitios da internet dedicados aos xogos de azar (véxase 92.00)
K	TELECOMUNICACIÓNS, PROGRAMACIÓN INFORMÁTICA, CONSULTORÍA, INFRAESTRUTURA INFORMÁTICA E OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN	Esta sección comprende as actividades de servizos de telecomunicación e similares, é dicir, a transmisión de voz, datos, texto, son e vídeo (división 61); a programación informática, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática (división 62); e a provisión de infraestrutura informática, tratamento de datos, aloxamento de datos e outras actividades de servizos de información (división 63)		Esta sección non comprende: - a edición, radiodifusión e produción de contidos, onde se inclúe a edición de programas informáticos, os servizos de posprodución para converter contidos de audio e vídeo en formato de *streaming* e a provisión por terceiros independentes de servizos de distribución de audio e vídeo baixo demanda mediante reprodución en *streaming* ou descargas (véxase a sección J) - a provisión de servizos financeiros e de seguros que utilizan programas informáticos editados de finanzas e seguros (véxase a sección L) - as actividades de sitios da internet dedicados aos xogos de azar (véxase 92.00) - a reparación e o mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación (véxase 95.10)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
61	Telecomunicacións	Esta división comprende: - as actividades de prestación de servizos de telecomunicación e similares, é dicir, a transmisión de voz, datos, texto, son e vídeo. As instalacións de transmisión que levan a cabo estas actividades poden realizalas cunha soa ou varias tecnoloxías. As actividades clasificadas nesta división teñen en común a transmisión de contidos, sen participar na súa creación ou modificación. No caso da transmisión de sinais de televisión, isto pode incluír a agrupación da programación dun ou varios canais (producidos na división 60) en paquetes de programas. - a prestación de servizos para a comunicación de máquina a máquina - a transmisión de datos de audio ou de vídeo sen ter adquiridos os dereitos sobre o contido de audio ou de vídeo		Esta división non comprende: - as actividades de produción e posprodución cinematográfica, audiovisual, de programas de televisión e de gravacións de son, incluídos os servizos para converter contidos de audio e vídeo en formato de *streaming* (véxase a división 59) - as actividades de radiodifusión e de prestación de servizos de distribución de audio e vídeo mediante reprodución en *streaming* ou descargas (véxase a división 60)
61.1	Actividades de telecomunicacións por cable, sen fíos e por satélite			
61.10	Actividades de telecomunicacións por cable, sen fíos e por satélite	Esta clase comprende: - as actividades de explotación, mantemento ou concesión de acceso a instalacións para a transmisión de voz, datos, texto, son e vídeo utilizando unha infraestrutura de telecomunicacións por cable, sen fíos ou por satélite, incluídas: • a explotación e o mantemento de instalacións de conmutación e transmisión para ofrecer comunicacións punto a punto a través de liñas terrestres, microondas ou unha mestura de liñas terrestres e enlaces por satélite • a explotación de sistemas de distribución por cable (por exemplo, distribución de datos e sinais de televisión), proporcionándolles ou non aos clientes servizos de vídeo de terceiros baixo demanda • a provisión de acceso á internet por parte do operador da infraestrutura • o mantemento e a explotación de redes de telecomunicación para teléfonos móbiles e outras redes de telecomunicacións sen fíos (incluídos os sistemas de radiobusca como os localizadores) • a entrega aos usuarios de programación visual, oral ou textual, recibida de redes por cable, cadeas de televisión locais ou estacións de radio, a través de sistemas de transmisión «directo a casa» por satélite ou de televisión sobre o Protocolo da internet (as unidades clasificadas aquí non acostuman producir material de programación propio) • a prestación de servizos de voz sobre o Protocolo da internet (VOIP), por parte do operador da infraestrutura As instalacións de transmisión que levan a cabo estas actividades poden realizalas cunha soa ou varias tecnoloxías		Esta clase non comprende: - a instalación en edificios de cablaxe de telecomunicacións, redes informáticas e televisión por cable, incluída a cablaxe de fibra óptica sen instalacións operativas para a transmisión de datos (véxase 43.21) - a edición de aplicacións de mensaxaría instantánea ou de xeolocalización por satélite (véxase 58.29) - as actividades de revenda de telecomunicacións e de servizos de intermediación para telecomunicacións (véxase 61.20) - a provisión de telefonía e acceso á internet en instalacións abertas ao público, por exemplo, cibercafés (véxase 61.20) - a prestación de servizos de voz sobre o Protocolo da internet (VOIP), sen explotar as instalacións para a transmisión de datos (véxase 61.90)
61.2	Actividades de revenda de telecomunicacións e servizos de intermediación para telecomunicacións			
61.20	Actividades de revenda de telecomunicacións e servizos de intermediación para telecomunicacións	Esta clase comprende: - a revenda de telecomunicacións por cable, sen fíos ou por satélite (é dicir, a compra e a revenda de capacidade de rede), incluídas as actividades de intermediarios e revendedores de tarxetas telefónicas e servizos de prepagamento - os servizos de intermediación para actividades de telecomunicacións por cable, sen fíos ou por satélite, incluídas: • as actividades de intermediarios para operadores de telecomunicacións • a venda de plans de servizos de telefonía móbil a través de intermediarios • as actividades de intermediarios de plans de servizos de telefonía sen fíos, que venden en nome de operadores de telefonía sen fíos • as actividades de intermediarios para operadores móbiles virtuais (OMV) • a provisión de telefonía e acceso á internet en instalacións abertas ao público, por exemplo, cibercafés		Esta clase non comprende: - a provisión de servizos de telecomunicacións por operadores da infraestrutura de telecomunicacións (véxase 61.10)
61.9	Outras actividades de telecomunicacións			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
61.90	Outras actividades de telecomunicacións	Esta clase comprende: - a provisión de aplicacións de telecomunicacións especializadas, por exemplo, operacións de seguimento por satélite, telemetría e radar - a explotación de estacións terminais de telecomunicación por satélite e instalacións asociadas, conectadas cun ou máis sistemas de comunicación terrestre e capaces de transmitir ou recibir telecomunicacións a/de sistemas de transmisión por satélite - a provisión de acceso á internet a través de redes entre o cliente e o provedor de servizos da internet, que non son propiedade deste nin están baixo o seu control, por exemplo, o acceso á internet por marcación, etc. - a transmisión de mensaxes de texto (SMS) a través da internet - a prestación de servizos de voz sobre o Protocolo da internet (VOIP), mensaxes de texto (SMS), servizos de datos avanzados (SMS+, MMS+) e servizos de SMS *push* , sen explotar as instalacións para a transmisión dos datos	Esta clase comprende tamén: - a provisión de servizos de notificación (por exemplo, alertas bancarias por SMS, publicidade, etc.)	Esta clase non comprende: - a provisión de acceso á internet por operadores da infraestrutura de telecomunicacións (véxase 61.10) - a revenda de telecomunicacións e servizos de intermediación para telecomunicacións (véxase 61.20)
62	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	Esta división comprende: - as actividades que proporcionan coñecementos técnicos no ámbito das tecnoloxías da información, que deseñan a estrutura e o contido de programas informáticos e aplicacións: escritura, modificación, personalización, comprobación e servizo de asistencia - a planificación e o deseño dos sistemas informáticos que integran o equipamento informático, os programas informáticos e as tecnoloxías da comunicación - a xestión e explotación *in situ* dos sistemas informáticos dos clientes e/ou das instalacións de tratamento de datos - o equipamento informático, os programas informáticos e os servizos de consultoría de sistemas		Esta división non comprende: - a edición de programas informáticos (véxase a división 58) - a provisión de sitios de xogos/videoxogos en liña non asociada á edición (véxase 60) - a subministración de infraestrutura informática, tratamento de datos e aloxamento de datos (véxase a división 63) - os servizos financeiros e de seguros que utilizan programas informáticos editados de finanzas e seguros (véxase a sección L) - as actividades de sitios da internet dedicados aos xogos de azar (véxase 92.00) - a reparación e o mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación (véxase 95.10)
62.1	Actividades de programación informática			
62.10	Actividades de programación informática	Esta clase comprende: - o deseño da estrutura e do contido de programas informáticos e aplicacións e a súa escritura, modificación (incluídas as actualizacións e os parches), comprobación e mantemento, o que inclúe: • programas para sistemas • programas informáticos e aplicacións de videoxogos/aplicacións de xogos • programas informáticos intermedios para videoxogos • aplicacións de programas informáticos para empresas e finanzas • aplicacións de aprendizaxe automática • aplicacións de intelixencia artificial e visión artificial • aplicacións de ciberseguridade • aplicacións de rexistro distribuído • bases de datos e páxinas web - a personalización de programas informáticos, é dicir, a modificación e configuración dunha aplicación existente para que funcione no contorno do sistema informático do cliente	Esta clase comprende tamén: - o desenvolvemento de aplicacións	Esta clase non comprende: - a edición de programas informáticos ou xogos baixo demanda, programas informáticos na nube e aplicacións de xogos (véxase 58.2) - o desenvolvemento de programas informáticos asociado á edición (véxase 58.2) - a tradución ou adaptación por conta propia de programas informáticos non personalizados para un mercado concreto (véxase 58.29) - a explotación de sitios de xogos e videoxogos en liña (véxase 60.39) - a planificación e o deseño dos sistemas informáticos que integran os equipamentos informáticos, os programas informáticos e as tecnoloxías da comunicación, aínda que a subministración de programas informáticos sexa unha parte integrante do servizo (véxase 62.20) - as actividades de procesamento de datos utilizando, por exemplo, *blockchain* /tecnoloxía de rexistro distribuído (DLT) (véxase 63.10) - a explotación de sitios da internet dedicados aos xogos de azar (véxase 92.00) - a reparación e o mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación (véxase 95.10)
62.2	Actividades de consultoría informática e xestión de instalacións informáticas			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
62.20	Actividades de consultoría informática e xestión de instalacións informáticas	Esta clase comprende: - as actividades de consultoría en equipamentos, programas e sistemas informáticos, incluídas as actividades de consultoría en ciberseguridade - a planificación e o deseño dos sistemas informáticos, que integran o equipamento informático, os programas informáticos e as tecnoloxías da comunicación - os servizos de xestión e explotación *in situ* dos sistemas informáticos do cliente e/ou das instalacións de tratamento de datos, así como outros servizos de apoio relacionados - a instalación de sistemas informáticos e a provisión de formación e apoio aos seus usuarios - as actividades de auditoría e certificación de infraestruturas e servizos informáticos, e de tratamento de datos	Esta clase comprende tamén: - a supervisión, proba e análise de redes e sistemas de ciberseguridade - o asesoramento sobre os requisitos de programas informáticos e sobre a adquisición do equipamento e dos compoñentes dun sistema informático	Esta clase non comprende: - a instalación de *mainframes* e ordenadores similares (véxase 33.20) - o comercio de equipamentos e programas informáticos en soporte físico (véxanse 46.50 e 47.40) - a edición de programas informáticos (véxase 58.2) - a instalación (montaxe) de ordenadores persoais (véxase 62.90) - a instalación de programas informáticos (véxase 62.90) - os servizos de recuperación en caso de desastre informático (véxase 62.90) - a formación xeral en ciberseguridade (véxase 85.59)
62.9	Outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a informática			
62.90	Outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a informática	Esta clase comprende outras actividades relacionadas coa informática e a tecnoloxía da información non incluídas noutras epígrafes, por exemplo: - os servizos de recuperación en caso de desastre informático - a instalación (montaxe) de ordenadores persoais - os servizos de instalación de programas informáticos de terceiros		Esta clase non comprende: - a instalación de *mainframes* e ordenadores similares (véxase 33.20) - a programación informática (véxase 62.10) - a consultoría informática (véxase 62.20) - a xestión de instalacións informáticas (véxase 62.20) - a provisión de infraestrutura informática, procesamento de datos e aloxamento de datos (véxase 63.10)
63	Infraestrutura informática, tratamento de datos, *hosting* e outras actividades de servizos de información	Esta división comprende as actividades de provisión de infraestrutura informática, tratamento de datos e aloxamento de datos (*hosting*), así como actividades de portais de busca na web e outras actividades cuxo fin principal é ofrecer información		Esta división non comprende: - a edición de programas informáticos (véxase a división 58) - as actividades das axencias de noticias e a provisión de sitios de xogos/videoxogos en liña, non asociadas á edición (véxase a división 60) - as actividades de telecomunicacións (véxase a división 61) - a programación informática, o deseño de sistemas informáticos e as actividades de xestión de instalacións informáticas (véxase a división 62) - as actividades de sitios da internet dedicados aos xogos de azar (véxase 92.00) - a reparación e o mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación (véxase 95.10)
63.1	Infraestrutura informática, procesamento de datos, *hosting* e actividades relacionadas			
63.10	Infraestrutura informática, procesamento de datos, *hosting* e actividades relacionadas	Esta clase comprende: - a provisión de infraestrutura informática, incluída a subministración de infraestruturas e plataformas como servizo na nube (IaaS, PaaS) - a computación na nube (agás a edición de programas informáticos e o deseño de sistemas informáticos), en combinación ou non coa provisión de infraestrutura - a provisión de infraestrutura técnica en relación cos servizos de reprodución en *streaming*, tratamento de datos e actividades relacionadas: • o tratamento completo dos datos subministrados polos clientes • a xeración de informes especializados a partir de datos subministrados polos clientes • as actividades de procesamento de datos, por exemplo usando *blockchain* /tecnoloxía de rexistro distribuído (DLT) - as actividades de aloxamento de datos (*hosting*) especializadas, por exemplo: • aloxamento de páxinas web • aloxamento de aplicacións - a provisión a clientes de servizos de utilización compartida de *mainframes* - a dixitalización de arquivos (para o posterior procesamento de datos) - os servizos de entrada de datos - as actividades de colocalización en centros de datos (é dicir, o alugamento do servidor e de espazo de rede en centros de datos, o que inclúe a monitorización rutineira de servidores) - a almacenaxe de datos dixitais - a emisión de criptoactivos sen o pasivo correspondente (non realizada por unha autoridade monetaria)		Esta clase non comprende: - a edición de programas informáticos (véxase 58.2) - a subministración de aplicacións mediante descargas ou reprodución en *streaming* (véxase 58.2) - os servizos de posprodución para converter contidos de vídeo a formato en *streaming* (véxase 59.12) - os servizos de posprodución para converter contidos de audio a formato en *streaming* (véxase 59.20) - os servizos de distribución de audio mediante reprodución en *streaming* e descargas, non asociados á edición (véxase 60.10) - os servizos de distribución de vídeo mediante reprodución en *streaming* e descargas, non asociados á edición (véxase 60.20) - o deseño de sistemas informáticos (véxase 62.20) - a almacenaxe electrónica de material de arquivo para acceso do público en xeral (véxase 91.12) - a reparación e o mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación (véxase 95.10) - as actividades en que o provedor dos servizos utiliza os ordenadores unicamente como ferramenta clasifícanse segundo a natureza dos servizos prestados

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
63.9	Actividades de portais de busca na web e outras actividades de servizos de información	Este grupo comprende: - a explotación de sitios web que utilizan un motor de busca para xerar e manter amplas bases de datos de enderezos e contidos da internet nun formato que facilita a busca (coñecidos como portais de busca na web). - outras actividades de servizos de información non clasificadas noutra epígrafe: • os servizos de información telefónica • os servizos de busca de información por conta de terceiros • os servizos de resumes de novas, servizos de resumes de prensa, etc. Que a publicidade sexa a fonte principal de ingresos non ten un efecto significativo na clasificación destas actividades		Este grupo non comprende: - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo (véxase 47.9) - as actividades de intermediación para o transporte de pasaxeiros (véxase 52.32) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40) - as actividades de edición (véxase a división 58) - as actividades de emisión por radio ou televisión (véxase a división 60) - as actividades de consorcios e axencias de noticias (véxase 60.31) - as actividades dos centros de chamadas (véxase 82.20)
63.91	Actividades de portais de busca na web	Esta clase comprende: - a explotación de sitios web que utilizan un motor de busca para xerar e manter amplas bases de datos de enderezos e contidos da internet nun formato que facilita a busca, sen que eses portais de busca na web sexan responsables do contido - a explotación de sitios web de comparación de prezos, especificacións de produto, etc., con inclusión de enlaces a outros sitios web		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación para servizos de construción especializada (véxase 43.60) - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo (véxase 47.9) - as actividades de intermediación para o transporte (véxase 52.3) - os servizos de intermediación para as actividades postais e de mensaxaría (véxase 53.30) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40) - as actividades de intermediación para os servizos de comidas e bebidas (véxase 56.40) - as actividades de edición (véxase a división 58) - as actividades de emisión por radio e televisión (véxase a división 60) - as actividades de consorcios e axencias de noticias (véxase 60.31) - as actividades de servizos de intermediación para telecomunicacións (véxase 61.20) - os servizos de intermediación para actividades inmobiliarias (véxase 68.31) - os servizos de intermediación para o alugamento de bens tanxibles e activos intanxibles non financeiros (véxase 77.5) - as actividades dos centros de chamadas (véxase 82.20) - as actividades de intermediación para servizos de apoio ás empresas n.c.n. (véxase 82.40) - as actividades de servizos de intermediación para cursos e titores (véxase 85.61) - as actividades de intermediación para servizos médicos, odontolóxicos e outros servizos sanitarios (véxase 86.97) - os servizos de intermediación para actividades de asistencia

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
63.92	Outros servizos de información	Esta clase comprende: - outras actividades de servizos de información non recollidas noutras categorías, como: • os servizos de busca de información realizados por conta de terceiros (por exemplo, mediante rastrexo web) • os servizos de resumes de novas, servizos de resumes de prensa, etc. • a recompilación de información ou directorios por conta de terceiros, por exemplo, datos de actividades deportivas en vivo		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación para servizos de construción especializada (véxase 43.60) - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo (véxase 47.9) - as actividades de intermediación para o transporte (véxase 52.3) - os servizos de intermediación para as actividades postais e de mensaxaría (véxase 53.30) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40) - as actividades de intermediación para os servizos de comidas e bebidas (véxase 56.40) - as actividades de edición (véxase a división 58) - as actividades de emisión por radio ou televisión (véxase a división 60) - as actividades de consorcios e axencias de noticias (véxase 60.31) - as actividades de servizos de intermediación para telecomunicacións (véxase 61.20) - os servizos de intermediación para actividades inmobiliarias (véxase 68.31) - os servizos de intermediación para o alugamento de bens tanxibles e activos intanxibles non financeiros (véxase 77.5) - as actividades dos centros de chamadas (véxase 82.20) - as actividades de intermediación para servizos de apoio ás empresas n.c.n. (véxase 82.40) - as actividades de servizos de intermediación para cursos e titores (véxase 85.61) - as actividades de intermediación para servizos médicos, odontolóxicos e outros servizos sanitarios (véxase 86.97) - os servizos de intermediación para actividades de asistencia
L	ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	Esta sección comprende as actividades de servizos financeiros, actividades de seguros e actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros, con independencia da tecnoloxía que se utilice para a realización desas actividades ou servizos de apoio. Nesta sección están incluídos os tres tipos principais de actividades: captación, obtención e subministración de financiamento, na división 64; agrupación de riscos ao subscribir seguros e pensións vitalicias, na división 65; e prestación de servizos especializados que facilitan ou apoian as actividades de servizos financeiros ou de seguros, na división 66	Esta sección comprende tamén as actividades de tenza de activos, por exemplo, as actividades das sociedades *holding* (sociedades de carteira) e das sociedades instrumentais de financiamento, e as actividades de institucións de investimento colectivo, de fondos e de entidades financeiras similares (na división 64), así como as actividades de reaseguro e os fondos de pensións (na división 65)	Esta sección non comprende as actividades de apoio aos servizos financeiros cuxa natureza non sexa financeira (por exemplo, servizos de tecnoloxías da información que apoian a actividade bancaria)
64	Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	Esta división comprende as actividades de obtención e provisión de fondos, distintas dos seguros, fondos de pensións ou a seguridade social obrigatoria	Esta división comprende tamén as actividades de tenza de activos financeiros, por exemplo, as actividades das sociedades *holding* e das sociedades instrumentais de financiamento, e as actividades de institucións de investimento colectivo, de fondos e outras entidades financeiras similares, que non son actividades segundo o principio da CNAE relativo á produción económica. As unidades incluídas nos grupos 64.2 e 64.3 non acostuman ter ingresos procedentes da venda de produtos nin contratan persoal (véxanse as notas introdutorias); están integradas na CNAE para facilitar a clasificación de unidades nos rexistros estatísticos de empresas	Esta división non comprende as actividades de institucións que promoven o desenvolvemento económico a través de investimentos a longo prazo á escala local, rexional e nacional, sempre que actúen como instrumento do goberno para executar o mandato das políticas públicas (véxase 84.13)
64.1	Intermediación monetaria	Este grupo comprende a obtención e provisión de fondos en forma de depósitos transferibles ou substitutivos próximos, é dicir, fondos que se fixan en termos monetarios obtidos diariamente, e a distribución deses fondos		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
64.11	Banca central	Esta clase comprende: - a emisión e administración de billetes de banco e moeda dixital - a execución da política monetaria, incluída a supervisión e o control da masa monetaria - a promoción da estabilidade financeira - a recepción de depósitos para operacións de compensación entre intermediarios monetarios - a supervisión das operacións monetarias bancarias ou non bancarias, non sendo que as realice outra institución - o mantemento das reservas internacionais do país - o exercicio da función de banco do goberno	Esta clase comprende tamén: - as actividades de bancos centrais, caixas de conversión e organismos monetarios centrais	Esta clase non comprende: - a administración e a supervisión de mercados financeiros por entidades distintas dos bancos centrais e as autoridades públicas (véxase 66.11) - as actividades de supervisión financeira de seguros e fondos de pensións (non realizadas pola Banca Central) (véxase 66.29) - a regulación financeira relativa ao desenvolvemento de negocios e á protección do consumidor, e outras actividades de regulación financeira máis xerais (véxase 84.13) - as actividades de organizacións internacionais, por exemplo, o Banco Mundial (véxase 99.00)
64.19	Outra intermediación monetaria	Esta clase comprende a recepción de depósitos e/ou substitutivos próximos a eles, así como a concesión de créditos ou doutras formas de préstamo. A concesión dun crédito pode adoptar diversas formas, por exemplo, préstamos, hipotecas, tarxetas de crédito, etc. Estas actividades adoitan levalas a cabo institucións monetarias distintas dos bancos centrais, tales como: - bancos - caixas de aforros - cooperativas de crédito	Esta clase comprende tamén: - os xiros postais e as actividades das caixas postais de aforro e de envío de diñeiro - a concesión de créditos por institucións especializadas que captan recursos en forma de depósitos, por exemplo, para a compra de vivenda ou a actividade agrícola - as actividades de envío de diñeiro	Esta clase non comprende: - a concesión de créditos por institucións especializadas que non captan recursos en forma de depósitos, por exemplo, para a compra de vivenda (véxase 64.92) - as actividades de tramitación e liquidación de operacións de tarxetas de crédito (véxase 66.19)
64.2	Actividades das sociedades *holding* e das sociedades instrumentais de financiamento	Este grupo comprende as actividades de sociedades holding e sociedades instrumentais de financiamento. Trátase de entidades financeiras cativas de grupos corporativos, é dicir, unidades creadas por un grupo financeiro ou non financeiro para cubrir actividades financeiras específicas, e cuxa actividade principal é, respectivamente, ter a propiedade do grupo ou actuar como vehículo para dispoñer e canalizar fondos dentro do grupo		Este grupo non comprende: - as sociedades cativas de factoring e facturación (véxase 64.92) - as actividades de investimento por conta propia, por exemplo, fondos de capital risco, sociedades de capital privado, etc. (véxase 64.99) - a xestión activa de sociedades e empresas, a planificación estratéxica e a toma de decisións da sociedade (véxase 70.10) - outras actividades de entidades financeiras cativas de grupos corporativos, que se clasifican nas clases de actividade
64.21	Actividades das sociedades *holding*	Esta clase comprende as actividades das sociedades holding (sociedades de carteira), é dicir, de unidades que se dedican á tenza dos activos (mantendo unha participación dominante) dunha ou máis sociedades filiais, e cuxa única finalidade é conservar a propiedade das filiais. As sociedades holding nesta clase non prestan ningún outro servizo ás empresas en que manteñen unha participación, é dicir, non administran nin xestionan outras unidades		Esta clase non comprende: - as actividades de sociedades holding, sen manter a propiedade de participacións dominante (véxase 64.32) - as operacións nos mercados financeiros por conta propia (véxase 64.99) - as actividades de xestión de activos por conta de terceiros (véxase 66.30) - a provisión de servizos de xestión, por exemplo, planificación estratéxica, toma de decisións e servizos administrativos dunha sede central (véxase 70.10) - a xestión activa de sociedades e empresas, a planificación estratéxica e a toma de decisións da sociedade (véxase 70.10)
64.22	Actividades das sociedades instrumentais de financiamento	Esta clase comprende as actividades das sociedades instrumentais de financiamento, é dicir, unidades creadas por un grupo financeiro ou non financeiro para conseguir fondos ou tomalos en préstamo (a miúdo no mercado aberto) e remitir tales fondos á súa matriz ou a outra entidade do grupo	Esta clase comprende tamén: - as actividades de institucións financeiras cativas dedicadas a préstamos intragrupo - as sociedades instrumentais dedicadas á captación de fondos e ao envío deses fondos á súa matriz, é dicir, unidades que (directa ou indirectamente) son propiedade dunha unidade non residente, cuxo balance de situación, en gran parte, consiste en dereitos e pasivos sobre unidades non residentes, e que teñen poucos empregados ou ningún, ou non teñen presenza física na xurisdición onde se constituíron	Esta clase non comprende: - servizos de xestión dos fondos públicos e da débeda pública (véxase 84.11)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
64.3	Actividades de investimento colectivo, de fondos e de entidades financeiras similares	Este grupo comprende as persoas xurídicas constituídas para a mancomunidade de valores ou outros activos financeiros, sen xestionalos ou administralos, en nome de accionistas ou beneficiarios. As carteiras adáptanse para obter características de investimento específicas como diversificación, risco, taxa de rendibilidade ou volatilidade de prezos. Estas entidades obteñen xuros, dividendos e outras rendas da propiedade, pero o seu número de empregados é escaso ou nulo, e non obteñen ingresos pola venda de servizos		Este grupo non comprende: - as actividades de entidades que obteñen ingresos pola venda de bens ou servizos. En consecuencia, as entidades deste tipo clasifícanse segundo a súa actividade principal noutras partes da CNAE (por exemplo, na división 66, no caso da xestión de fondos; na división 68, no caso de arrendamento e explotación de bens inmobles, ou na división 77, no caso do alugamento de barcos ou avións) - a realización de operacións de titulización mediante a emisión de instrumentos financeiros (véxase 64.92) - as operacións de titulización de activos distintos dos préstamos, mediante a emisión de instrumentos financeiros (véxase 64.99) - as contas fiduciarias, patrimoniais e de axencia, que obteñen ingresos da venda de bens e servizos (véxanse as clases da CNAE segundo a súa actividade principal)
64.31	Actividades de fondos de investimento monetarios e non monetarios	Esta clase comprende as actividades de fondos de investimento monetarios e non monetarios, é dicir, institucións de investimento colectivo que captan fondos mediante a emisión de accións ou participacións ao público, e cuxos recursos se invisten principalmente en activos financeiros (incluídos os activos financeiros a curto prazo). Esta clase comprende: - os fondos de investimento abertos (*open-end*) - os fondos de investimento cerrados (*close-end*) - os fondos de investimento colectivo (*unit investment trust funds*)		Esta clase non comprende: - as actividades de sociedades *holding* (véxase 64.21) - as actividades de sociedades *holding* , sen manter a propiedade de participacións dominante (véxase 64.32) - as contas fiduciarias, patrimoniais e de axencia que non actúan como institucións de investimento colectivo (véxase 64.32) - as actividades de sociedades de capital risco (véxase 64.99) - os fondos de pensións (véxase 65.30) - a xestión de fondos (véxase 66.30)
64.32	Actividades de contas fiduciarias, patrimoniais e de axencia	Esta clase comprende as persoas xurídicas, que non actúen como institucións de investimento colectivo, constituídas para a mancomunidade de valores, patrimonios e outros activos financeiros, sen xestionalos, en nome de accionistas ou beneficiarios. As carteiras adáptanse para obter características de investimento específicas, como diversificación, risco, taxa de rendibilidade ou volatilidade de prezos. Estas entidades obteñen xuros, dividendos e outras rendas da propiedade, pero o seu número de empregados é escaso ou nulo, e non obteñen ingresos pola venda de servizos. Esta clase comprende: - as contas fiduciarias, patrimoniais e de axencia, administradas en nome de múltiples beneficiarios baixo un contrato de fideicomiso, de testamento ou contrato de axencia	Esta clase comprende tamén: - as actividades de sociedades *holding* , sen manter a propiedade de participacións dominante - as sociedades de capital risco cuxo único financiamento consiste en accións e non perciben remuneración	Esta clase non comprende: - a captación de fondos mediante a emisión de accións ou participacións, e actuando como institucións de investimento colectivo (véxase 64.31)
64.9	Outros servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	Este grupo comprende as actividades de servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións, distintos dos prestados por institucións monetarias, sociedades *holding* e sociedades instrumentais de financiamento, institucións de investimento colectivo, fondos e outras entidades similares		Este grupo non comprende: - as actividades de seguros e fondos de pensións (véxase a división 65)
64.91	Arrendamento financeiro	Esta clase comprende o arrendamento financeiro, un contrato en virtude do cal o arrendador, como propietario legal dun activo, transfire os riscos e beneficios da propiedade do activo ao arrendatario. Nun arrendamento financeiro, considérase que o arrendador lle fai ao arrendatario un préstamo co que o arrendatario adquire todos os beneficios e riscos do activo. A partir daquela, o activo arrendado figura no balance do arrendatario e non no do arrendador. O préstamo correspondente figura como activo no balance do arrendador e como pasivo no balance do arrendatario	Esta clase comprende tamén: - o arrendamento financeiro de bens duradeiros, por exemplo, vehículos	Esta clase non comprende: - o arrendamento operativo, consonte o tipo de bens arrendados (véxase a división 77)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
64.92	Outras actividades crediticias	Esta clase comprende: - as actividades de servizos financeiros relacionadas principalmente coa intermediación mediante a asunción de pasivos, en formas distintas do efectivo, os depósitos ou substitutivos próximos dos depósitos, nos cales o crédito pode adoptar diversas formas, como as dun préstamo, dunha hipoteca, dunha tarxeta de crédito, etc., que prestan os seguintes tipos de servizos: • a concesión de créditos ao consumo por institucións que non captan recursos en forma de depósitos • o financiamento do comercio internacional • a subministración de fondos á industria a longo prazo • a prestación de servizos similares aos bancarios sen licenza bancaria, en cooperación cun banco que posúe a licenza • os préstamos monetarios fóra do sistema bancario • a concesión de créditos por institucións especializadas que non captan recursos en forma de depósito, por exemplo, para a compra de vivenda • a titulización de préstamos • as actividades de *factoring* e financiamento da cadea de subministración • as actividades de casas de empeños		Esta clase non comprende: - a concesión de créditos por institucións especializadas que captan recursos en forma de depósitos (véxase 64.19) - o arrendamento financeiro (véxase 64.91) - a titulización de activos distintos dos préstamos (véxase 64.99) - o arrendamento operativo consonte o tipo de bens arrendados (véxase a división 77) - as actividades de concesión de axudas por parte de organizacións asociativas (véxase 94.99)
64.99	Outros servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións n.c.n.	Esta clase comprende: - outros servizos financeiros consistentes fundamentalmente na distribución de fondos por métodos diferentes ao da concesión de préstamos: • a contratación de swaps, emisión de opcións e outras operacións de cobertura • as actividades de sociedades especializadas en convenios de liquidación por adiantado (*viatical setlements*) - as actividades de investimento por conta propia, como sociedades de capital risco, clubs de investimento, etc. - a actuación como contraparte para a compensación e liquidación de operacións	Esta clase comprende tamén: - as operacións en mercados financeiros por conta propia - a negociación de contas para cobrar por conta propia - os axentes de valores e derivados (operando por conta propia) - as actividades das sociedades instrumentais de financiamento distintas á titulización - as operacións de titulización de activos distintos dos préstamos, mediante a emisión de instrumentos financeiros - a negociación de *swaps* ou opcións por conta propia - o comercio de contratos de produtos primarios por conta propia - a emisión de criptoactivos co pasivo correspondente (non realizada por unha autoridade monetaria) - a negociación de criptoactivos co pasivo correspondente por conta propia - o cambio de moeda por conta propia	Esta clase non comprende: - a emisión de criptoactivos sen o pasivo correspondente (non realizada por unha autoridade monetaria) (véxase 63.10) - o arrendamento financeiro (véxase 64.91) - a titulización de préstamos (véxase 64.92) - a intermediación en operacións con contratos de valores e de produtos primarios por conta allea (corretaxe) (véxase 66.14) - o cambio de moeda á comisión, por exemplo en oficinas de cambio (véxase 66.14) - a intermediación de criptoactivos con pasivos que se cualifican como valores (véxase 66.14) - a intermediación de créditos hipotecarios (véxase 66.19) - a xestión de fondos de investimento (véxase 66.30) - a compravenda e o alugamento de bens inmobles (véxase a división 68) - o cobramento de facturas sen a compra de débedas (véxase 82.91) - as actividades de concesión de axudas por parte de
65	Seguros, reaseguros e plans de pensións, excepto a Seguridade Social obrigatoria	Esta división comprende as rendas por subscrición, as pólizas de seguro (por exemplo, de seguros de vida ou distintas do seguro de vida) e as primas de investimento, que constitúen unha carteira de activos financeiros para a súa utilización fronte a obrigas futuras. Inclúese a provisión directa de seguros, fondos de pensións e reaseguros		Esta división non comprende: - a prestación de servizos relacionados cos seguros por conta de terceiros (véxase a división 66)
65.1	Seguros	Este grupo comprende os seguros de vida, conteñan ou non un elemento importante de aforro, e os seguros distintos de seguros de vida. Este grupo comprende: - os seguros e reaseguros de vida, con ou sen elemento importante de aforro, e outros seguros distintos dos seguros de vida - as actividades dos provedores de seguros por conta propia - a agrupación e asunción de riscos de seguros	Este grupo comprende tamén as actividades de seguro cativo	Este grupo non comprende: - a venda de seguros como corredores de seguros (véxase 66.22)
65.11	Seguros de vida	Esta clase comprende: - os seguros de vida a termo - os seguros de vida permanentes - as rendas por subscrición e pólizas de seguro de vida, pólizas de seguro de ingresos en caso de discapacidade, pólizas de seguro por morte en accidente, por mutilacións e pólizas de funeral (conteñan ou non un elemento importante de aforro)	Esta clase comprende tamén: - os seguros complementarios subscritos adicionalmente ao seguro de vida, en particular, os seguros de danos corporais, incluída a incapacidade laboral, os seguros de morte por accidente e os seguros de invalidez por accidente ou enfermidade - os tipos de seguro de saúde permanente non susceptibles de cancelación	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
65.12	Seguros distintos dos seguros de vida	Esta clase comprende: - a provisión de seguros distintos dos seguros de vida: • os seguros de accidente • os seguros médicos e de saúde • os seguros de viaxe • os seguros de danos á propiedade ocasionados por incendios e forzas naturais • os seguros doutros danos á propiedade • os seguros de vehículos de motor, material rodante ferroviario, embarcacións, aeronaves e outros medios de transporte - os seguros de transporte de mercadorías • os seguros sobre perdas financeiras e de responsabilidade civil - os seguros de crédito - os seguros de gastos xurídicos - os seguros de protección de ingresos - os seguros de indemnización por accidente laboral - a provisión de garantías de vehículos de motor		Esta clase non comprende: - os réximes da Seguridade Social obrigatoria (véxase 84.30)
65.2	Reaseguros			
65.20	Reaseguros	Esta clase comprende: - as actividades de asunción da totalidade ou dunha parte do risco asociado ás pólizas de seguro vixentes subscritas orixinalmente por outros aseguradores	Esta clase comprende tamén: - as actividades de reaseguro de risco finito	
65.3	Fondos de pensións			
65.30	Fondos de pensións	Esta clase comprende a provisión de prestacións de rendas de xubilación en exclusiva aos empregados do promotor ou membros, e outros produtos de seguro regulados como fondos relacionados co empregador. Inclúe os plans de pensións de prestación definida, así como os de achega definida. Esta clase comprende: - os plans de prestacións para empregados - os de fondos e plans de pensións - os plans de xubilación - a xestión de fondos por conta propia		Esta clase non comprende: - a xestión de fondos de pensións (véxase 66.30) - os réximes da Seguridade Social obrigatoria (véxase 84.30)
66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	Esta división comprende a prestación de servizos que interveñen nas transaccións con activos e pasivos financeiros, ou as apoian, sen asumir a propiedade dos activos e pasivos financeiros que son obxecto da operación. Estes servizos poden prestarse por diversos medios ou de diversas formas, por exemplo, pola internet		
66.1	Actividades auxiliares aos servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	Este grupo comprende o establecemento de mercados físicos ou electrónicos co fin de facilitar as operacións de compravenda de accións, opcións sobre accións, bonos ou contratos de produtos primarios, e o comercio de criptoactivos con pasivos. Comprende tamén outros servizos diversos, incluída a prestación de servizos de asesoramento financeiro, a xestión de activos ou a provisión de financiamento colectiva baseada en accións e débeda		
66.11	Administración de mercados financeiros	Esta clase comprende a administración e a supervisión de mercados financeiros por entidades distintas dos bancos centrais e as autoridades públicas, por exemplo: - os mercados de contratos de produtos primarios - os mercados de contratos de futuros sobre produtos primarios - os mercados de valores - os mercados de accións - os mercados de opcións sobre accións ou produtos primarios - os mercados de criptoactivos - a administración de mercados financeiros, salvo seguros e fondos de pensións - as actividades das autoridades de supervisión dos servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións (non realizadas pola Banca Central)		Esta clase non comprende: - os mercados para o intercambio, transporte ou distribución de enerxía eléctrica (véxase a división 35) - a administración dos mercados financeiros de seguros e fondos de pensións (véxase 66.29) - a autoridade de supervisión financeira de seguros e fondos de pensións (non realizada pola Banca Central) (véxase 66.29) - a regulación financeira e do mercado relativa ao desenvolvemento de negocios e á protección do consumidor e outras actividades de regulación financeira máis xerais (véxase 84.13)
66.13	Actividades de financiamento participativo	Esta clase comprende: - o financiamento colectivo en forma de capital - o financiamento colectivo en forma de débeda, xa sexan préstamos ou valores		Esta clase non comprende: - a captación de fondos en forma de doazóns (véxase 82.99)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
66.14	Outras actividades de intermediación en operacións con valores e outros activos	Esta clase comprende: - as operacións nos mercados financeiros por conta de terceiros (por exemplo, corredores de bolsa) e outras actividades afíns - a intermediación de valores - a intermediación de participacións en fondos de investimento - a intermediación en contratos estandarizados de produtos primarios - a negociación de divisas por conta de terceiros, mesmo pola internet - a intermediación de criptoactivos con pasivos que se cualifican como valores - o cambio de moeda remunerado, por exemplo, en oficinas de cambio	Esta clase comprende tamén: - a intermediación de valores para proxectos de investimento, por exemplo, parques eólicos ou solares	Esta clase non comprende: - as operacións nos mercados financeiros por conta propia (véxase a división 64) - o cambio de moeda por conta propia (véxase 64.99) - a xestión de carteira por conta de terceiros (véxase 66.30) - a compravenda de bens inmobiliarios, por exemplo, parques eólicos ou solares (véxase a división 68) - a captación de criptoactivos que non teñen pasivos (véxase 82.99) - a captación de fondos en forma de doazóns (véxase 82.99)
66.19	Outras actividades auxiliares aos servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	Esta clase comprende as actividades auxiliares aos servizos financeiros, non incluídas noutra parte, por exemplo: - as actividades de tramitación e liquidación de operacións financeiras, incluída a provisión de pagamentos dixitais (ou pola internet) e as actividades de liquidación de transaccións con tarxetas de crédito - os servizos de asesoramento en materia de investimento, incluídos os servizos de xestión de carteira automatizada - as actividades de asesoramento e intermediación de hipotecas e préstamos - as actividades de provedores de moedeiros dixitais - as actividades de asesoramento financeiro en relación con fusións e adquisicións - a validación e minaría de criptoactivos considerados activos financeiros - a custodia de valores - a '*tokenización*' de activos dixitais, incluídas as ofertas de valores *token* , as ofertas iniciais de moedas, etc.	Esta clase comprende tamén: - as actividades das oficinas de devolución de impostos - a intermediación de crédito ao consumo - as actividades de provedores de pagamento, por exemplo, servizos de transferencia electrónica de fondos, incluídos os servizos de pagamento entre pares - a análise dos mercados financeiros como servizo de asesoramento - as actividades de *cash pooling* ou contas centralizadas - o financiamento colectivo para a creación de novas empresas	Esta clase non comprende: - a edición de análises dos mercados financeiros (véxase 58.19) - os servizos de busca de información relacionados cos mercados financeiros (véxase 63.92) - o intercambio de criptoactivos (véxase 66.14) - as actividades de intermediación (véxase 66.14) - as actividades de axentes e corredores de seguros (véxase 66.22) - a xestión de fondos (véxase 66.30) - as actividades de axencias de cobramento de débedas e xestión de préstamos morosos (véxase 82.91) - a intermediación de criptoactivos sen pasivos (véxase 82.99)
66.2	Actividades auxiliares a seguros e fondos de pensións	Este grupo comprende o exercicio como axentes ou como corredores na venda de rendas e pólizas de seguro e a prestación doutros servizos relacionados con pensións, seguros e prestacións a empregados, como a taxación de danos e a administración por terceiros		Este grupo non comprende: - a agrupación e asunción de riscos de seguros mediante subscrición (véxase a división 65)
66.21	Avaliación de riscos e danos	Esta clase comprende a prestación de servizos de administración de seguros, por exemplo: - a avaliación das solicitudes de indemnización por sinistro • a taxación de danos • a valoración de riscos • a avaliación de riscos e danos • a taxación de avarías e perdas - a liquidación das solicitudes de indemnización por sinistro - a liquidación de reclamacións de seguros		Esta clase non comprende: - a taxación de propiedades inmobiliarias (véxase 68.31) - a taxación para outros fins (véxase 74.99) - as actividades de investigación (véxase 80.01)
66.22	Actividades de axentes e corredores de seguros	Esta clase comprende: - as actividades de axentes e corredores de seguros (intermediarios de seguros) na venda, negociación ou solicitude de rendas e de pólizas de seguro e de reaseguro - as actividades de axentes e corredores de seguros de saúde		
66.29	Actividades auxiliares a seguros e fondos de pensións n.c.n.	Esta clase comprende: - as actividades estreitamente relacionadas con seguros e fondos de pensións (agás as de intermediación financeira, a taxación de danos e as actividades de axentes e corredores de seguros): • a administración do salvamento (sinistro total) • os servizos actuariais • as actividades de asesoramento en materia de pensións e seguros • a administración de mercados financeiros de seguros e fondos de pensións - a administración do Fondo de Garantía de Seguros (por exemplo, a Carta Verde)	Esta clase comprende tamén: - as actividades de supervisión financeira de seguros e fondos de pensións (non realizadas pola Banca Central)	Esta clase non comprende: - a edición de programas ou aplicacións informáticas de seguros (véxase 58.29)
66.3	Actividades de xestión de fondos			
66.30	Actividades de xestión de fondos	Esta clase comprende as actividades de xestión de carteira e de fondos, como a toma de decisións sobre que investimentos comprar ou vender, realizadas por conta de terceiros, para individuos, empresas e outros, por exemplo: - a xestión de fondos de investimento - a xestión doutras institucións de investimento colectivo - a xestión de fondos de pensións	Esta clase comprende tamén: - as actividades de xestión de activos por conta de terceiros - os servizos de fideicomiso, fiduciarios e de custodia prestados por conta de terceiros	Esta clase non comprende: - as operacións nos mercados financeiros por conta propia (véxase 64.99) - a xestión de bens inmobiliarios (véxase a división 68) - os servizos de xestión dos fondos públicos e da débeda pública (véxase 84.11)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
M	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	Esta sección comprende as actividades de posesión en propiedade, alugamento, compra, venda, promoción ou rehabilitación (reurbanización) de inmobles. Inclúe diversos tipos de investidores en propiedade inmobiliaria, por exemplo, sociedades de investimento en propiedade inmobiliaria, institucións de investimento colectivo en propiedade inmobiliaria, compañías de xestión de activos inmobiliarios, fondos inmobiliarios, sociedades dedicadas á promoción inmobiliaria ou axentes da propiedade inmobiliaria, cooperativas de vivenda, etc. Inclúe ademais os axentes ou intermediarios dunha ou máis das actividades seguintes: venda ou adquisición de propiedade inmobiliaria, alugamento de propiedade inmobiliaria, provisión doutros servizos relacionados coa propiedade inmobiliaria como, por exemplo, a taxación ou o exercicio como axente inmobiliario fiduciario. As actividades desta sección poden levarse a cabo con bens propios ou arrendados, e poden facerse por conta de terceiros	Esta sección comprende tamén a promoción de proxectos de construción para edificios propios ou traballos de enxeñaría civil para a venda ou o alugamento	Esta sección non comprende: - as actividades xerais e especializadas de construción de edificios e obras de enxeñaría civil (véxase a sección F)
68	Actividades inmobiliarias			
68.1	Actividades inmobiliarias por conta propia e promoción inmobiliaria	Este grupo comprende as actividades de compra, promoción e venda de bens inmobiliarios propios		Este grupo non comprende: - as actividades xerais e especializadas de construción de edificios e obras de enxeñaría civil (véxase a sección F) - os servizos de arquitectura e enxeñaría e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico (véxase 71.1) - a prestación de servizos de xestión de proxectos arquitectónicos ou de enxeñaría para proxectos de construción (véxase 71.1)
68.11	Compravenda de bens inmobiliarios por conta propia	Esta clase comprende: - a compravenda de bens inmobiliarios propios, por exemplo: • edificios de pisos e casas • edificios non residenciais, incluídos edificios de oficinas, edificios industriais, almacéns, hoteis e outros edificios para o lecer, salas de exposicións, instalacións para almacén propio, establecementos/tendas de venda ao retallo e centros comerciais • centros de datos • terreos	Esta clase comprende tamén: - a parcelación de terreos, sen mellora deles	Esta clase non comprende: - a parcelación e mellora de terreos en propiedade para a súa posterior venda (véxase 68.12) - a promoción inmobiliaria destinada á venda (véxase 68.12)
68.12	Promoción inmobiliaria	Esta clase comprende: - a promoción inmobiliaria de edificios residenciais e non residenciais propios, ou obras de enxeñaría civil, mediante a consecución dos medios financeiros, técnicos e físicos necesarios para a realización deses proxectos con vistas á súa posterior venda - a parcelación e mellora de terreos en propiedade para a súa posterior venda - as cooperativas de vivenda, que rematan a súa actividade cando finaliza a construción	Esta clase comprende tamén: - a reurbanización de proxectos de construción (promoción inmobiliaria) de edificios residenciais e non residenciais propios, ou obras de enxeñaría civil para a realización deses proxectos con vistas á súa posterior venda	Esta clase non comprende: - a construción de edificios residenciais e non residenciais (véxase a división 41) - a remodelación ou renovación completa de edificios residenciais ou non residenciais existentes que implique diversas actividades de construción especializada (véxase a división 41) - as actividades de pintura e envidramento como parte do mantemento (véxase 43.34) - as actividades de construción relacionadas coa mellora do terreo (véxase a sección F) - a promoción inmobiliaria de edificios para a explotación propia, por exemplo, para alugar o espazo destes edificios (véxase 68.20) - as actividades de arquitectura e enxeñaría (véxase 71.1) - a prestación de servizos de xestión de proxectos arquitectónicos ou de enxeñaría para proxectos de construción (véxase 71.1)
68.2	Alugamento de bens inmobiliarios por conta propia			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
68.20	Alugamento de bens inmobiliarios por conta propia	Esta clase comprende: - o alugamento e a explotación de bens inmobiliarios propios ou arrendados: • edificios destinados á vivenda (pisos e casas) • edificios non residenciais, incluídos edificios de oficinas, edificios industriais, almacéns, hoteis e outros edificios para o lecer, salas de exposicións, instalacións para almacén propio, establecementos/tendas de venda ao retallo e centros comerciais • centros de datos • terreos, incluídos os terreos agrícolas e forestais - a provisión de casas e apartamentos amoblados ou sen amoblar, de uso máis permanente, normalmente por anos ou períodos máis amplos - a explotación de aparcadoiros de autocaravanas como primeira residencia - a promoción inmobiliaria de edificios para a explotación propia, por exemplo, para alugar o espazo destes edificios	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de tellados, por exemplo, para instalacións de enerxía solar - o alugamento de plantas industriais e fábricas, incluída a maquinaria e o equipamento - a provisión de espazo unicamente para o aloxamento de animais - o alugamento de plantas de enerxía fotovoltaica	Esta clase non comprende: - a explotación de hoteis, hoteis apartamento, hostais e pensións, cámpings, aparcadoiros de autocaravanas e outros establecementos non residenciais ou aloxamentos para estadías curtas (incluídos os aloxamentos para estudantes), ofrecidos para períodos inferiores a un ano (véxase a división 55) - a promoción inmobiliaria de edificios residenciais e non residenciais, con vistas á súa posterior venda (véxase 68.12) - o alugamento de maquinaria (véxase 77.3) - as actividades de prestación de asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores ou persoas cunha discapacidade física, incluídas a supervisión e a asistencia en tarefas da vida diaria (véxanse 87.31 e 87.32)
68.3	Actividades inmobiliarias por conta de terceiros			
68.31	Servizos de intermediación para actividades inmobiliarias	Esta clase comprende a intermediación na compra, venda e alugamento de bens inmobles, que pon en contacto clientes e vendedores ou provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do vendedor do ben inmoble ou do provedor do servizo inmobiliario. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda a terceiros de espazo publicitario. Esta clase comprende os servizos relacionados coa propiedade inmobiliaria por axencias ou axentes independentes da propiedade inmobiliaria: - a intermediación na compra, na venda e no alugamento de bens inmobles por conta de terceiros	Esta clase comprende tamén: - os servizos de anuncios inmobiliarios	Esta clase non comprende: - as actividades dos axentes fiduciarios da propiedade inmobiliaria (véxase 68.32) - as actividades xurídicas (véxase 69.10)
68.32	Outras actividades inmobiliarias por conta de terceiros	Esta clase comprende: - as actividades de axencias de cobramento de alugamentos - a xestión da propiedade inmobiliaria, por exemplo, a administración de bens inmobles ou de vivendas en réxime de copropiedade (xeralmente por conta de terceiros) - os servizos de taxación da propiedade inmobiliaria - as actividades de axentes fiduciarios da propiedade inmobiliaria - as actividades de asesoramento por conta de terceiros, en relación coa compra, a venda ou o alugamento da propiedade inmobiliaria - a xestión polos propietarios das instalacións de vivenda en copropiedade		Esta clase non comprende: - as actividades xurídicas (véxase 69.10) - as actividades de xestión de activos como parte do asesoramento financeiro en xestión empresarial (véxase 70.20) - os servizos integrais a edificios e instalacións, mediante a provisión de diversos servizos de apoio como, por exemplo, a limpeza xeral de interiores, o mantemento e as reparacións menores, a recolla do lixo, os servizos de protección e seguridade, etc. (véxase 81.10)
N	ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	Esta sección comprende as actividades profesionais, científicas e técnicas especializadas. Estas actividades exixen un alto grao de formación e poñen á disposición do público técnicas e coñecementos especializados		
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	Esta división comprende a representación xurídica dos intereses dunha parte contra os doutra, sexa ou non ante tribunais ou outros órganos xudiciais, exercida ou supervisada por letrados pertencentes ao colexio de avogados como, por exemplo, a representación e asistencia letrada exercida en causas civís, penais ou en relación con conflitos laborais. As actividades desta división tamén poden realizarse pola internet	Comprende tamén a preparación de documentos xurídicos como estatutos sociais, escrituras de constitución e outros documentos similares relacionados coa constitución de sociedades, patentes e dereitos de autor, preparación de escrituras, testamentos, fideicomisos, etc., así como outras actividades de fedatarios públicos, notarios de dereito civil, axentes xudiciais, árbitros e mediadores. Comprende tamén os servizos de contabilidade e levanza de libros como, por exemplo, a auditoría de documentos contables e a preparación de estados financeiros e contables	
69.1	Actividades xurídicas			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
69.10	Actividades xurídicas	Esta clase comprende: - a representación xurídica dos intereses dunha parte contra os doutra, sexa ou non ante tribunais ou outros órganos xudiciais, exercida ou supervisada por letrados pertencentes ao colexio de avogados: • o asesoramento e a representación en accións civís • o asesoramento e a representación en accións penais • o asesoramento e a representación en relación con conflitos laborais - o asesoramento xurídico e de carácter xeral e a preparación de documentos xurídicos: • estatutos sociais, escrituras de constitución e outros documentos similares relacionados coa constitución de sociedades • patentes e dereitos de autor • preparación de escrituras, testamentos, fideicomisos, etc. - outras actividades de fedatarios públicos, notarios de dereito civil, axentes xudiciais, árbitros e mediadores	Esta clase comprende tamén: - as actividades de mediación xurídica - as actividades dos titores legais designados, sen proporcionar asistencia en establecementos residenciais	Esta clase non comprende: - as actividades dos tribunais xudiciais (véxase 84.23) - a mediación social (véxase 88.99)
69.2	Actividades de contabilidade, levanza de libros, auditoría e asesoría fiscal			
69.20	Actividades de contabilidade, levanza de libros, auditoría e asesoría fiscal	Esta clase comprende: - o rexistro contable da transaccións comerciais de empresas ou doutras entidades - as actividades da levanza de libros para a contabilidade financeira e o pagamento de nóminas - a preparación ou auditoría dos estados financeiros - a inspección dos estados financeiros e a certificación da súa exactitude - a preparación de declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades - as actividades de asesoramento contable e representación en nome de clientes ante a Administración pública, por exemplo, ante as autoridades e xulgados tributarios - as actividades de servizos de cálculo de aranceis alfandegueiros e impostos	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos servizos de facturación	Esta clase non comprende: - a edición de programas informáticos de contabilidade (véxase 58.29) - a programación informática de programas de contabilidade (véxase 62.10) - a consultoría de xestión empresarial sobre sistemas de contabilidade, procedementos de control orzamentario, etc. (véxase 70.20) - os servizos de cobramento de facturas (véxase 82.91)
70	Actividades das sedes centrais e consultoría de xestión empresarial	Esta división comprende os servizos de asesoramento e asistencia prestados a empresas e outras organizacións en materia de administración como, por exemplo, a planificación estratéxica ou organizativa; a planificación financeira e orzamentaria; os obxectivos e as políticas de mercadotecnia; as políticas, prácticas e planificación de recursos humanos; os plans de produción e a planificación de control	Esta división comprende tamén: - a supervisión e xestión doutras unidades da mesma compañía ou grupo de empresas, é dicir, as actividades das oficinas centrais	
70.1	Actividades das sedes centrais			Esta clase non comprende: - as actividades das sociedades *holding* que non se dedican ás actividades das sedes centrais (véxase 64.21)
70.10	Actividades das sedes centrais	Esta clase comprende a supervisión e xestión doutras unidades da empresa ou grupo de empresas, é dicir, actuando como sede central, asumindo a planificación estratéxica e organizativa e a función de toma de decisións da compañía ou empresa, exercendo o control operativo e xestionando as operacións diarias das súas unidades relacionadas. Estas actividades son as mesmas con independencia de qué actividades leven a cabo as unidades xestionadas (financiamento, fabricación, comercialización, etc.). Esta clase comprende as actividades: - das oficinas administrativas centralizadas - das oficinas corporativas - das sedes zonais e rexionais - das oficinas subsidiarias de xestión		Esta clase non comprende: - as actividades das sociedades *holding* que non se dedican ás actividades das sedes centrais (véxase 64.21)
70.2	Outras actividades de consultoría de xestión empresarial			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
70.20	Outras actividades de consultoría de xestión empresarial	Esta clase comprende os servizos de asesoramento, orientación e asistencia prestados ás empresas e outras organizacións en materia de administración como, por exemplo, a planificación estratéxica e organizativa da empresa, a reenxeñaría de procesos empresariais, os procesos de xestión do cambio, a redución de custos e outras cuestións financeiras; os obxectivos e políticas de márketing, as políticas, as prácticas e a planificación de recursos humanos; as estratexias de indemnización e xubilación, os plans de produción e a planificación de control. Esta prestación de servizos empresariais pode comprender o asesoramento, a orientación e asistencia prestados ás empresas e aos organismos públicos en relación: - co deseño de sistemas de contabilidade - os programas de contabilidade de custos - os procedementos de control orzamentario - os procedementos de contratación pública - os servizos para a creación de empresas - a planificación, organización, eficiencia e control - a información sobre a xestión empresarial - a prestación de orientación para negocios e profesionais - a asistencia para cubrir os documentos e a obtención dos xustificantes necesarios en relación con procedementos de contratación pública - as actividades de establecemento e posta en marcha de empresas	Esta clase comprende tamén: - a certificación da xestión empresarial, por exemplo, mediante auditorías de xestión - as actividades de xestión de sociedades que exercen funcións de director ou xerente	Esta clase non comprende: - o deseño de programas informáticos para sistemas contables (véxase 62.10) - a representación e asistencia xurídicas (véxase 69.10) - as actividades de contabilidade, levanza de libros, auditoría e asesoría fiscal (véxase 69.20) - as actividades de supervisión e a xestión doutras unidades da empresa ou grupo de empresas (véxase 70.10) - as actividades de asesoramento en arquitectura e enxeñaría (véxanse 71.11 e 71.12) - os servizos de asesoramento, orientación e asistencia en relacións públicas e comunicación (véxase 73.30) - as actividades de asesoramento sobre ambiente, agronomía e similares (véxase 74.99) - os servizos de asesoramento sobre colocación ou busca de executivos (véxase 78.10) - as actividades dos axentes de selección de actores (véxase 78.10) - as actividades de selección de persoal (véxase 78.10) - as actividades de asesoramento educativo (véxase 85.69)
71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	Esta división comprende a prestación de servizos de arquitectura, enxeñaría, delineación, inspección de edificios, topografía e cartografía	Esta división comprende tamén os servizos que realizan ensaios físicos, químicos e outros ensaios analíticos, e a prestación de servizos de certificación técnica	
71.1	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico	Este grupo comprende a prestación de servizos de arquitectura, enxeñaría, delineación, inspección de edificios, topografía, cartografía e outros		
71.11	Servizos técnicos de arquitectura	Esta clase comprende: - os servizos de asesoramento técnico de arquitectura: • a proxección de edificios e a delineación • a ordenación urbana e a planificación paisaxística - as actividades arquitectónicas para contribuír á conservación e restauración dos bens do patrimonio cultural - a arquitectura interior, é dicir, o redeseño da estrutura e distribución interior dun edificio		Esta clase non comprende: - a restauración, renovación, reconstrución e o reacondicionamento de sitios e edificios históricos e arqueolóxicos (véxase 43.99) - as actividades dos consultores informáticos (véxase 62.20) - a planificación ou supervisión de construcións históricas de enxeñaría civil (véxase 71.12) - a decoloración de interiores (véxase 74.13) - a conservación, restauración e outras actividades de apoio ao patrimonio cultural (véxase 91.30)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
71.12	Servizos técnicos de enxeñaría e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico	Esta clase comprende: - as actividades de deseño (é dicir, a aplicación da leis físicas e os principios da enxeñaría ao deseño de máquinas, materiais, instrumentos, estruturas, procesos e sistemas), e o asesoramento técnico de enxeñaría para: • maquinaria, procesos industriais e plantas industriais • proxectos que requiren enxeñaría civil, hidráulica ou de tráfico • proxectos de xestión de augas • infraestrutura baseada na natureza - o deseño de sistemas de información de edificios, por exemplo, os relacionados cos sistemas de calefacción, localización de extintores, etc. - a elaboración e supervisión de proxectos relativos á enxeñaría eléctrica e electrónica, de minas, química, mecánica, industrial e de sistemas - a elaboración e supervisión de proxectos que requiran enxeñaría de acondicionamento de aire, refrixeración, control sanitario e da contaminación, subministración de auga, tratamento de augas residuais, enxeñaría estrutural, enxeñaría marítima na costa e mar a fóra, enxeñaría de seguridade e hixiene, enxeñaría acústica, etc. - a realización de estudos xeofísicos, xeolóxicos e sismográficos - a realización de estudos xeodésicos: • as actividades de topografía • a realización de estudos hidrolóxicos • a realización de estudos sobre o subsolo - as actividades de información cartográfica e espacial - as actividades de asesoramento en enxeñaría ambiental e relacionadas - a enxeñaría de obras - a enxeñaría para a redución do ruído - a enxeñaría de solucións para a economía circular - o deseño de planos informáticos para a impresión 3D	Esta clase comprende tamén: - as actividades de batimetría - as actividades de levantamento fotogramétrico, por exemplo, recolla de datos con drons - a preparación, revisión e actualización de mapas - a supervisión da construción - as actividades de xestión de proxectos relacionadas coa enxeñaría - as actividades de deseño de vías de kart	Esta clase non comprende: - as perforacións e sondaxes en relación coas operacións de explotación mineira (véxanse 09.10 e 09.90) - a edición de programas informáticos (véxase 58.2) - o desenvolvemento e a programación de programas informáticos (véxase 62.10) - as actividades dos consultores informáticos (véxase 62.20) - a promoción inmobiliaria de edificios residenciais e non residenciais para a súa posterior venda (véxase 68.12) - os ensaios técnicos (véxase 71.20) - a inspección técnica periódica de vehículos de motor para a seguridade viaria e a adecuación á circulación (véxase 71.20) - as actividades de investigación e desenvolvemento relativas á enxeñaría (véxase 72.10) - as actividades relacionadas con outros servizos de deseño (véxase 74.1) - a fotografía aérea (véxase 74.20) - as actividades de certificación de obras (véxase 74.99)
71.2	Ensaios e análises técnicas			
71.20	Ensaios e análises técnicas	Esta clase comprende: - a realización de ensaios físicos, químicos e outros ensaios analíticos de todo tipo de materiais e produtos, por exemplo: • as probas acústicas e de vibración • as probas de composición e pureza dos minerais • a realización de ensaios no ámbito da hixiene alimentaria, incluídos os ensaios e o control veterinario relacionados coa produción alimentaria, por exemplo, as probas practicadas aos animais antes do seu sacrificio • as probas relativas ás características físicas e propiedades dos materiais, como a resistencia, grosor, durabilidade, radioactividade, etc. • as probas de cualificación e fiabilidade • as probas de rendemento de maquinaria completa: motores, automóbiles, equipamentos electrónicos, etc. • as probas radiográficas de soldaduras e pezas de unión • a análise de fallos • as probas e a medición dos indicadores ambientais: contaminación do aire e da auga, etc. • as probas da calidade dos combustibles - a certificación de produtos, incluídos os bens de consumo, vehículos de motor, aeronaves, colectores presurizados, plantas nucleares, etc. - a inspección técnica periódica de vehículos de motor para a seguridade viaria - as probas con modelos ou prototipos (por exemplo, aeronaves, embarcacións e presas) - a explotación de laboratorios policiais ou forenses - as probas de avaliación da calidade e orixe dos produtos - a análise arqueobotánica	Esta clase comprende tamén: - a inspección de condutos de aire, tubaxes de auga e de gas, etc., non asociadas coa reparación ou a instalación - a inspección de tubaxes petrolíferas	Esta clase non comprende: - as inspeccións de condutos de aire, tubos de auga e de gas, etc., asociadas coa reparación ou a instalación (véxase a sección F) - a toma de mostras e a pesaxe como parte das operacións de manipulación de mercadorías (véxase 52.25) - as probas de penetración en sistemas informáticos, *hacking* ético e ciberseguridade (véxase a división 62) - as actividades de asesoramento realizadas por empresas ou profesionais para obter unha certificación (véxase 70.20) - a secuenciación de ADN para a investigación xeral de procesos biolóxicos (véxase 72.10) - os ensaios con animais por razóns sanitarias, non asociadas coa produción alimentaria (véxase 75.00) - o diagnóstico pola imaxe, as probas e a análise de mostras médicas e dentais (véxase a división 86) - a secuenciación de ADN para descartar ou curar unha enfermidade en particular (véxase 86.91)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
72	Investigación e desenvolvemento	Esta división comprende tres tipos de actividades relativas á investigación e ao desenvolvemento: (1) a investigación básica: traballo experimental ou teórico emprendido co fin primordial de adquirir novos coñecementos sobre as causas profundas de fenómenos e feitos observables, sen pretender unha aplicación ou utilización determinada (2) a investigación aplicada: investigación orixinal emprendida con obxecto de adquirir novos coñecementos e encamiñada fundamentalmente cara a unha finalidade ou un obxectivo práctico específico (3) o desenvolvemento experimental: traballo sistemático baseado en coñecementos previos obtidos por investigación ou por experiencia práctica, encamiñado á produción de novos materiais, produtos ou aparellos, á implantación de novos procesos, sistemas e servizos e á mellora substancial do que xa se produce ou está utilizándose. As actividades de investigación e desenvolvemento experimental desta división non deben considerarse actividades auxiliares. Subdivídense nas dúas categorías seguintes: ciencias naturais e técnicas; ciencias sociais e humanidades.	Esta división comprende tamén: - o desenvolvemento e a produción de prototipos co obxectivo principal de introducir novas melloras, estean asociadas ou non coa súa produción	Esta división non comprende: - a realización de estudos de mercado e enquisas de opinión pública (véxase 73.20)
72.1	Investigación e desenvolvemento experimental en ciencias naturais e técnicas			
72.10	Investigación e desenvolvemento experimental en ciencias naturais e técnicas	Esta clase comprende: - a investigación e o desenvolvemento experimental en ciencias naturais e técnicas: • a investigación e o desenvolvemento en ciencias naturais • a investigación e o desenvolvemento en enxeñaría e tecnoloxía • a investigación e o desenvolvemento en ciencias médicas, ciencias da saúde e da vida e ciencias veterinarias • a investigación e o desenvolvemento en biotecnoloxía • a investigación e o desenvolvemento en ciencias agrícolas, forestais e da pesca • a investigación e o desenvolvemento interdisciplinares, predominantemente en ciencias naturais e técnicas	Esta clase comprende tamén: - a secuenciación de ADN para a investigación xeral de procesos biolóxicos	Esta clase non comprende: - a secuenciación de ADN para descartar ou curar unha enfermidade en particular (véxase 86.91)
72.2	Investigación e desenvolvemento experimental en ciencias sociais e humanidades			
72.20	Investigación e desenvolvemento experimental en ciencias sociais e humanidades	Esta clase comprende: - a investigación e o desenvolvemento en ciencias sociais, por exemplo, economía e administración de empresas, psicoloxía e ciencias cognitivas, educación, socioloxía, dereito, ciencias políticas, medios e comunicación, etc. - a investigación e o desenvolvemento en humanidades e artes, por exemplo, historia e arqueoloxía, lingua e literatura, filosofía, etc. - a investigación e o desenvolvemento interdisciplinares, principalmente en ciencias sociais e humanidades, por exemplo, os laboratorios de ideas ou *think tanks* - a escavación e investigación en xacementos arqueolóxicos	Esta clase comprende tamén: - a investigación e o desenvolvemento sobre as relacións socioeconómicas	Esta clase non comprende: - a realización de estudos de mercado e enquisas de opinión pública (véxase 73.20)
73	Actividades de publicidade, estudos de mercado, relacións públicas e comunicación	Esta división comprende a creación de campañas publicitarias e a colocación dos anuncios en revistas, xornais, radio, televisión, internet e outros medios, así como o deseño de estruturas e lugares de exposición publicitaria. Estas actividades publicitarias acostuman realizarse a través de axencias de publicidade e servizos de representación dos medios de comunicación. Esta división comprende tamén a investigación do mercado e de opinión, por exemplo, sobre actitudes, valores e conduta da poboación e de diversos grupos sociodemográficos e socioeconómicos en relación con cuestións económicas, sociais e políticas. Tamén comprende as actividades de relacións públicas e comunicación		Esta división non comprende: - as actividades cuxos ingresos proceden da publicidade clasifícanse segundo a actividade real, por exemplo, a publicación de xornais publicitarios - a venda de tempo ou espazo publicitario directamente polos propietarios do tempo ou o espazo, como editores, etc. (véxase a clase correspondente a esta actividade)
73.1	Publicidade			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
73.11	Actividades das axencias de publicidade	Esta clase comprende: - a prestación de toda unha serie de servizos de publicidade (é dicir, con recursos propios ou mediante subcontratación), incluídos o asesoramento, os servizos de creativos e a produción de material publicitario - a planificación e organización de campañas publicitarias e de márketing - a colocación de anuncios nos medios - o traballo conceptual da mensaxe publicitaria - a xestión do desenvolvemento de campañas publicitarias - a creación e realización de campañas publicitarias: • a creación e colocación de publicidade e a planificación de campañas de márketing en medios de comunicación como xornais, revistas, radio, televisión, internet e outros medios • a creación e colocación de publicidade exterior, por exemplo, en carteis, valos e soportes publicitarios, marquesiñas, taboleiros de anuncios, escaparates, salas de exposicións, publicidade en automóbiles e autobuses, etc. • a publicidade aérea • a distribución ou entrega de material publicitario ou de mostras • o deseño de expositores e doutras estruturas e lugares de exposición - a realización de campañas de márketing e doutros servizos publicitarios: • a promoción de produtos • o *merchandising* • o márketing no punto de venda • a publicidade por correspondencia directa • o asesoramento en márketing • o márketing de influenciadores		Esta clase non comprende: - a fabricación de material publicitario (véxase a sección C en función do tipo de material) - a fabricación de expositores para feiras e exposicións e expositores de produto (véxase a sección C en función do tipo de material) - a instalación de expositores para feiras e exposicións (véxase 43.32) - a edición de material publicitario (véxase 58.19) - a produción de vídeos de produtos comerciais, incluída a produción de vídeos para redes sociais (véxase 59.15) - a edición de contidos que inclúen vídeo, por exemplo, de influenciadores, blogueiros e videoblogueiros (véxase 59.15) - a produción de anuncios para a súa difusión por televisión ou cinema (véxase 59.16) - a produción de anuncios para a súa difusión por radio (véxase 59.20) - as plataformas de distribución (intercambio) de contido, incluídos os blogs e sitios wiki, sitios de redes sociais e a explotación de sitios de xogos/videoxogos pola internet non asociados coa edición (véxase 60.39) - a realización de estudos de mercado e enquisas de opinión pública (véxase 73.20) - a fotografía publicitaria (véxase 74.20) - as actividades relacionadas cos servizos postais e de correos (véxase 82.10) - a organización de convencións e feiras de mostras (véxase 82.30) - os servizos publicitarios utilizados para financiar as actividades principais do negocio, que poden proporcionarse sen cargo (véxase a actividade predominante)
73.12	Servizos de representación de medios de comunicación	Esta clase comprende: - a representación de medios de comunicación, é dicir, a venda ou revenda de tempo e espazo publicitario neses medios	Esta clase comprende tamén: - a venda de espazo publicitario a través de intermediarios	Esta clase non comprende: - as actividades de relacións públicas e comunicación (véxase 73.30) - a venda de tempo ou espazo publicitario directamente polos propietarios do tempo ou o espazo, como editores, etc. (véxase a clase correspondente a esa actividade)
73.2	Estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública			
73.20	Estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública	Esta clase comprende: - a realización de estudos de mercado sobre a notoriedade, a avaliación e o uso de bens e servizos, sobre o desenvolvemento de produtos e a fixación de prezos, sobre o uso dos medios de comunicación e sobre a lembranza e o impacto da publicidade - a realización de enquisas de opinión pública sobre a calidade e os estilos de vida, sobre a participación social e política, sobre as preferencias de partidos políticos e o comportamento electoral - os estudos de mercado encubertos, para avaliar o nivel de servizo a través de visitas ou chamadas aos negocios - as probas de eficacia de sitios web	Esta clase comprende tamén a realización científica de estudos de mercado e de enquisas de opinión pública: - coa orientación metodolóxica cualitativa e cuantitativa - cos procedementos de enquisa reactivos e non reactivos - coa recolla de datos de investigación mediante preguntas, observación, medición e contaxe - as entrevistas persoais, postais, telefónicas e pola internet para recompilar datos da investigación	Esta clase non comprende: - a publicidade (véxase 73.1) - as actividades de comunicación e relacións públicas (véxase 73.30) - a realización de entrevistas por teléfono para estudos de mercado e enquisas de opinión pública, por conta de terceiros (véxase 82.20)
73.3	Relacións públicas e comunicación			
73.30	Relacións públicas e comunicación	Esta clase comprende os servizos de asesoramento, orientación e asistencia, incluídas as actividades dos grupos de presión (*lobbies*), prestados ás empresas e outras organizacións en materia de relacións públicas e comunicación	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos representantes de vendas, con fins de promoción	Esta clase non comprende: - os servizos das axencias de publicidade e servizos de representación de medios de comunicación (véxase 73.1) - a realización de estudos de mercado e enquisas de opinión pública (véxase 73.20) - o deseño e asesoramento en materia de comunicación visual (véxase 74.12)
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	Esta división comprende a prestación de servizos profesionais científicos e técnicos (salvo as actividades xurídicas e contables, as relacionadas coa arquitectura e a enxeñaría, os ensaios e as análises técnicas, as relacionadas co asesoramento sobre dirección e xestión empresarial, as dedicadas á investigación e ao desenvolvemento, e as publicitarias).		
74.1	Actividades de deseño especializado			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
74.11	Actividades de deseño de produtos industriais e moda	Esta clase comprende: - o deseño de moda téxtil, de roupa, calzado, xoias e doutros artigos de moda, mobiliario e outros artigos de decoloración interior, así como outros bens persoais ou para o fogar - o deseño industrial, realizado tamén mediante programas informáticos especializados, é dicir, a creación e o desenvolvemento de deseños e especificacións que optimicen o uso, o valor, o envase e a aparencia dos produtos, incluída a determinación dos materiais, mecanismos, formas, cores e acabamentos das superficies do produto, tendo en conta as características e necesidades dos usuarios, a seguridade, a atracción do mercado na distribución, o uso e o mantemento		Esta clase non comprende: - as actividades de deseño relacionadas coa enxeñaría, é dicir, a aplicación da leis físicas e os principios da enxeñaría ao deseño de máquinas, materiais, instrumentos, estruturas, procesos e sistemas (véxase 71.12) - o deseño de planos informáticos para a impresión 3D (véxase 71.12)
74.12	Actividades de deseño gráfico e de comunicación visual	Esta clase comprende: - as actividades dos deseñadores gráficos - o deseño gráfico de páxinas web - as actividades dos deseñadores de comunicación - as actividades especializadas no deseño de mensaxes e información, considerando as características e as necesidades das persoas, os obxectivos corporativos, a atracción do mercado e os medios de difusión - o deseño e asesoramento no contido e o aspecto externo das campañas e dos soportes de comunicación, a concepción e o deseño da imaxes gráficas (deseño corporativo) e os medios de comunicación corporativa, o deseño e a actualización de marca, a determinación da linguaxe gráfica (forma, cor, tipografía das publicacións e a ilustración didáctica de contextos complexos e abstractos)		Esta clase non comprende: - o deseño de imaxes para animacións producidas por ordenador (véxase 59.15) - o deseño da estrutura de páxinas web aplicando principios de enxeñaría de software (véxase 62.10) - o deseño web en combinación coa programación de páxinas web (véxase 62.10)
74.13	Actividades de deseño de interiores	Esta clase comprende: - a decoloración de interiores - os servizos de deseño de interiores, por exemplo, a planificación e o deseño de espazos de interior para cumprir as necesidades estéticas e funcionais das persoas, centrándose principalmente nos acabamentos, o mobiliario e a paleta de cores - os deseños para a decoloración de interiores		Esta clase non comprende: - as actividades de deseño arquitectónico (véxase 71.11)
74.14	Outras actividades de deseño especializado			Esta clase non comprende: - o deseño de imaxes para animacións producidas por ordenador (véxase 59.15)
74.2	Actividades de fotografía			
74.20	Actividades de fotografía	Esta clase comprende: - a fotografía comercial e de consumo: • a realización de fotografías para pasaportes, colexios, vodas, etc. • a fotografía para anuncios, editoriais, actividades relacionadas coa moda e para anuncios inmobiliarios ou turísticos • a fotografía aérea e subacuática • a gravación en vídeo de eventos como vodas, reunións, etc. - o revelado de películas fotográficas: • o positivado, a impresión e a ampliación de negativos e filmacións dos clientes • os laboratorios de positivado e impresión fotográfica • as tendas de revelado nunha hora (que non pertencen a establecementos que venden cámaras fotográficas) • a montaxe de diapositivas • a copia e a restauración ou retoque de fotografías - as actividades dos reporteiros gráficos - as actividades de fotógrafos artísticos	Esta clase comprende tamén: - a microfilmación de documentos - a dixitalización de fotografías e a subida de vídeos á nube - o escaneamento de obxectos en 3D - a transferencia de contidos a partir de fitas de vídeo (e medios similares) a outros medios	Esta clase non comprende: - as actividades de impresión de fotografías (desde teléfonos móbiles, tarxetas de memoria, dispositivos USB e outros soportes electrónicos) (véxase 18.12) - o revelado de películas da industria cinematográfica e da televisión (véxase 59.12) - as actividades de información cartográfica e espacial (véxase 71.12) - as actividades de topografía fotogramétrica (véxase 71.12) - a explotación de máquinas fotográficas en autoservizo accionadas con moedas, por exemplo, fotomatóns (véxase 96.99)
74.3	Actividades de tradución e interpretación			
74.30	Actividades de tradución e interpretación	Esta clase comprende: - a tradución e interpretación de todos os idiomas, incluída a linguaxe de signos, xa sexan falados ou escritos		Esta clase non comprende: - a edición de programas de tradución (véxase 58.29) - o desenvolvemento de ferramentas de tradución e o adestramento de motores de tradución (véxase 62.10) - as actividades de ensino de idiomas (véxase 85.59)
74.9	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
74.91	Actividades dos axentes de patentes e dos servizos de márketing	Esta clase comprende: - as actividades de intermediación e comercialización de patentes	Esta clase comprende tamén: - os servizos de xestión dos dereitos sobre a propiedade industrial (patentes, licenzas, marcas comerciais, franquías, etc.) - as actividades das entidades de xestión colectiva de dereitos - a xestión dos dereitos da propiedade intelectual, por exemplo, os dereitos de autor e os seus ingresos	Esta clase non comprende: - o arrendamento da propiedade intelectual e produtos similares (véxase 77.40)
74.99	Todas as demais actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.	Esta clase comprende unha gran variedade de actividades de servizos prestados polo xeral a clientes comerciais. Comprende as actividades para as que se exixen uns niveis máis elevados de competencias profesionais, científicas e técnicas, pero non comprende funcións comerciais correntes e rutineiras que acostuman ser de curta duración. Esta clase comprende: - as actividades dos intermediarios en operacións mercantís, como a preparación de operacións de compra e venda de pequenas e medianas empresas, incluída a prestación de servizos profesionais e excluídas as actividades de intermediación inmobiliaria - as actividades de taxación distintas da taxación de inmobles e as relacionadas cos seguros (de antigüidades, xoias, etc.) - a auditoría de facturas e a información sobre tarifas de transporte de mercadorías - as actividades de previsión meteorolóxica - o asesoramento sobre riscos laborais no lugar de traballo - o asesoramento sobre agronomía - o asesoramento sobre ambiente - as actividades de asesoramento sobre aforro enerxético - outro asesoramento técnico - as actividades de certificación de obras	Esta clase comprende tamén: - os servizos realizados por axentes e axencias en nome de particulares encamiñados a obter contratos para participar en filmes cinematográficos, obras teatrais e outros espectáculos culturais ou deportivos, así como ofrecer libros, guións, obras de arte, fotografías, etc. a editores, produtores, etc. - os servizos económicos para proxectos de construción, por exemplo, por parte de economistas da construción - as actividades dos consellos de administración - as actividades de planificación e elaboración de proxectos no ámbito da xestión cinexética - as actividades de estimación do número de animais de caza	Esta clase non comprende: - as actividades das empresas de poxas por xunto, incluídas as poxas por xunto pola internet (véxase 46.1) - as actividades das empresas de poxas ao retallo, incluídas as poxas ao retallo pola internet (véxase 47.9) - as actividades dos axentes da propiedade inmobiliaria (véxase 68.31) - as actividades de contabilidade (véxase 69.20) - as actividades de consultoría de xestión empresarial (véxase 70.20) - as actividades de asesoramento técnico sobre arquitectura e enxeñaría (véxase 71.1) - as actividades de enxeñaría ambiental (véxase 71.12) - a realización de estudos xeodésicos (véxase 71.12) - o deseño industrial e de maquinaria (véxanse 71.12 e 74.11) - os ensaios e o control veterinario relacionados coa produción alimentaria (véxase 71.20) - a exhibición de anuncios e outras actividades de deseño publicitario (véxase 73.11) - os servizos de promoción de vendas (véxase 73.11) - as actividades de intermediación de patentes (véxase 74.91) - os servizos de xestión de dereitos sobre a propiedade industrial, por exemplo, patentes, licenzas, marcas comerciais, franquías, etc. (véxase 74.91) - as actividades de asesoramento en seguridade (véxase 80.09) - a organización de convencións e feiras de mostras (véxase 82.30) - a administración de programas de fidelización (véxase 82.99) - as actividades de consulta de médicos (véxase 86.2) - o asesoramento ao consumidor sobre créditos e débedas (véxase 88.99)
75	Actividades veterinarias	Esta división comprende a realización de actividades de control e coidados médicos dispensados a animais de compañía ou de granxa. Estas actividades realízanas os veterinarios titulados en clínicas veterinarias, así como en visitas a establecementos agropecuarios, canceiras ou ao domicilio, en consultas e salas de operacións ou noutros lugares	Comprende tamén os servizos de ambulancia para animais	
75.0	Actividades veterinarias			
75.00	Actividades veterinarias	Esta clase comprende: - as actividades de control e coidados veterinarios dispensados a animais de granxa - as actividades de control e coidados veterinarios dispensados a animais de compañía Estas actividades lévanse a cabo en clínicas veterinarias, así como en visitas a establecementos agropecuarios, canceiras ou ao domicilio, en consultas e salas de operacións ou noutros lugares	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos auxiliares de veterinaria ou outro persoal de apoio en veterinaria - as actividades clinicopatolóxicas e outras actividades de diagnóstico relacionadas cos animais - os servizos de ambulancia para animais - as actividades dos quiroprácticos para animais - as actividades de dietistas para animais - as actividades de probas xenéticas animais	Esta clase non comprende: - o aloxamento de animais de granxa sen prestación de asistencia sanitaria (véxase 01.62) - a rapa de ovellas (véxase 01.62) - os servizos de control do gando, da súa condución, de pastoraxe, de castración de aves de curral, etc. (véxase 01.62) - as actividades relacionadas coa inseminación artificial (véxase 01.62) - as probas e o control dos animais antes do seu sacrificio para a produción de alimentos (véxase 71.20) - a investigación científica en xenética animal (véxase 72.10) - o aloxamento de animais de compañía sen prestación de asistencia sanitaria (véxase 96.99)
O	ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	Esta sección comprende diversas actividades complementarias das operacións empresariais xerais. Estas actividades diferéncianse das que figuran na sección N en que o seu obxecto primordial non é a transferencia de coñecemento especializado		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
77	Actividades de alugamento	Esta división comprende o alugamento e arrendamento de activos tanxibles e intanxibles non financeiros e as actividades de servizos de intermediación. No que respecta a esta división, só comprende a concesión de arrendamentos operativos. Recae na persoa arrendadora ou propietaria o risco dos activos tanxibles e dos activos intanxibles non financeiros proporcionados, mentres que o intermediador non incorre en ningún risco económico con respecto a eses activos tanxibles e activos intanxibles non financeiros proporcionados. A división afecta unha ampla variedade de activos tanxibles, por exemplo, automóbiles, ordenadores, bens de consumo, maquinaria e equipamentos industriais, entregados aos clientes a cambio do pagamento periódico dun importe en concepto de alugamento ou arrendamento		Esta división non comprende: - o alugamento de equipamentos con operario, véxanse as clases correspondentes ás actividades levadas a cabo co equipamento en cuestión, por exemplo, construción (sección F), transporte (sección H) - a reprodución en *streaming* de contido, por exemplo, programas informáticos ou libros, por editores de contido (véxase a división 58) - as actividades de reprodución en *streaming* de audiolibros non asociadas coa edición (véxase 60.10) - o arrendamento financeiro (véxase 64.91) - o alugamento de bens inmobles (véxase a sección M)
77.1	Alugamento de vehículos de motor			
77.11	Alugamento de automóbiles e vehículos de motor lixeiros	Esta clase comprende: - o alugamento e arrendamento operativo de vehículos de motor (cun peso máximo autorizado non superior a 3,5 toneladas) sen condutor, con independencia da duración do período de alugamento ou da forma de pagamento, por exemplo, por subscrición: • vehículos de pasaxeiros, autocaravanas, outros vehículos de motor lixeiros sen condutor - o alugamento de coches compartidos	Esta clase comprende tamén: - o alugamento e arrendamento operativo de vehículos de particulares, sen condutor - o alugamento de motocicletas	Esta clase non comprende: - o alugamento ou arrendamento de coches ou vehículos de motor lixeiros con condutor (véxase 49.33) - as actividades de servizos de intermediación para o alugamento de coches e vehículos de motor lixeiros (véxase 77.51)
77.12	Alugamento de camións	Esta clase comprende: - o alugamento e arrendamento operativo dos seguintes tipos de vehículos: • camións, autocaravanas, remolques de carga e vehículos de motor pesados (cun peso máximo autorizado superior a 3,5 toneladas) sen condutor		Esta clase non comprende: - o alugamento de vehículos ou camións para mercadorías pesadas, con condutor (véxanse 49.41 e 49.42) - o alugamento ou arrendamento de equipamentos de transporte terrestre (distintos de vehículos de motor) sen condutor, por exemplo, caravanas (véxase 77.39)
77.2	Alugamento de efectos persoais e artigos de uso doméstico	Este grupo comprende o alugamento de efectos persoais e artigos de uso doméstico, así como o alugamento de equipamentos deportivos e recreativos, e de fitas e discos de vídeo. As actividades adoitan comprender o alugamento a curto prazo de mercadorías, aínda que nalgúns casos estas poden arrendarse por períodos de tempo máis longos		
77.21	Alugamento de artigos de lecer e deportivos	Esta clase comprende o alugamento de equipamentos recreativos e deportivos, por exemplo: - embarcacións de recreo, casas flotantes móbiles, canoas, veleiros e iates, sen tripulación - bicicletas, incluídas as bicicletas con asistencia eléctrica - esquís		Esta clase non comprende: - o alugamento de embarcacións de recreo e veleiros con tripulación (véxanse 50.10 e 50.30) - a provisión de aloxamento para estadías curtas en casas flotantes non móbiles (véxase 55.20) - o alugamento de casas flotantes non móbiles como residencia principal (véxase 68.20) - o alugamento de fitas e discos de vídeo e discos musicais (véxase 77.22) - o alugamento de efectos persoais e artigos de uso doméstico (véxase 77.22) - o alugamento de equipamento para o transporte acuático marítimo e por vías navegables de pasaxeiros ou mercadorías, por exemplo, barcos, buques e aeroesvaradores, sen tripulación (véxase 77.34) - o alugamento de equipamentos de recreo e lecer como parte integral de instalacións recreativas (véxase 93.29)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
77.22	Alugamento de efectos persoais e artigos de uso doméstico	Esta clase comprende: - o alugamento de todo tipo de efectos persoais ou artigos de uso doméstico (salvo equipamentos recreativos e deportivos) a fogares ou empresas: • téxtiles, roupa e calzado, por exemplo, cortinas, traxes, vestidos de noiva e zapatos • mobiliario, obxectos de cerámica e vidro, vaixela e utensilios de cociña, electrodomésticos e enxoval • xoiaría, instrumentos musicais, decorados e disfraces • libros, diarios e revistas • maquinaria e equipamentos utilizados por afeccionados, por exemplo, ferramentas para reparacións domésticas • flores e plantas • aparellos electrónicos para uso doméstico - o alugamento de videoxogos, fitas e discos de vídeo, discos musicais, etc. - o alugamento de ceadores e estruturas extensibles sen servizos adicionais		Esta clase non comprende: - a provisión de servizos de aloxamento en tendas de acampada (véxase 55.30) - a subministración de xogos en liña por parte do editor (non só compras únicas, senón tamén subscricións, así como compras dentro do xogo e compras dentro da aplicación) (véxase 58.21) - os sitios de xogos/videoxogos en liña, non asociados coa edición (véxase 60.39) - o alugamento de coches, motocicletas, camións, remolques de carga e vehículos recreativos sen condutor (véxase 77.1) - o alugamento de artigos recreativos e deportivos (véxase 77.21) - o alugamento de mobiliario de oficina (véxase 77.33) - o alugamento de remolques de caravanas (véxase 77.39) - o alugamento de carpas para eventos (véxase 77.39)
77.3	Alugamento doutra maquinaria, equipamentos e bens tanxibles			
77.31	Alugamento de maquinaria e equipamento de uso agrícola	Esta clase comprende: - o alugamento e arrendamento operativo de maquinaria e equipamento agropecuario e forestal sen operarios: • o alugamento de bens cuxa produción se clasifica na fabricación de maquinaria agraria e forestal (clase 28.30), como os tractores agrícolas		Esta clase non comprende: - o alugamento de maquinaria ou equipamento agropecuario e forestal con operarios (véxanse 01.61 e 02.40)
77.32	Alugamento de maquinaria e equipamento para a construción e a enxeñaría civil	Esta clase comprende: - o alugamento e arrendamento operativo de maquinaria e equipamento para a construción e a enxeñaría civil sen operario: • camións guindastre • andamios e plataformas de traballo sen a súa montaxe e desmontaxe		Esta clase non comprende: - o alugamento de maquinaria e equipamentos para a construción e a enxeñaría civil con operario (véxase a división 43) - o alugamento ou arrendamento operativo de andamios e plataformas de traballo, incluídas a súa montaxe e desmontaxe (véxase 43.99) - o alugamento ou arrendamento operativo de maquinaria e equipamentos de minaría (véxase 77.39)
77.33	Alugamento de maquinaria e equipamento de oficina e ordenadores	Esta clase comprende: - o alugamento e arrendamento operativo de maquinaria e equipamentos para a oficina, sen operario: • ordenadores e periféricos • fotocopiadoras e máquinas de escribir e de tratamento de textos • máquinas e equipamentos de contabilidade: caixas rexistradoras, calculadoras electrónicas, etc. • mobiliario de oficina		
77.34	Alugamento de medios de navegación	Esta clase comprende: - o alugamento e arrendamento operativo de medios de navegación sen tripulación: • embarcacións comerciais, buques e aeroesvaradores		Esta clase non comprende: - o alugamento de medios de navegación con tripulación (véxase 50) - o alugamento de embarcacións de recreo e veleiros, sen tripulación (véxase 77.21)
77.35	Alugamento de medios de transporte aéreo	Esta clase comprende: - o alugamento e o arrendamento operativo de medios de transporte aéreo sen tripulación: • aeronaves • globos aerostáticos • helicópteros		Esta clase non comprende: - o alugamento de medios de transporte aéreo con tripulación (véxase a división 51)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
77.39	Alugamento doutra maquinaria, equipamentos e bens tanxibles n.c.n.	Esta clase comprende: - o alugamento e arrendamento operativo, sen operarios, doutros tipos de maquinaria e equipamentos utilizados polo xeral como bens de capital pola industria: • motores e turbinas • máquinas ferramenta • equipamentos de extracción mineira e petrolífera • equipamentos de radio, televisión e comunicación • equipamentos profesionais de produción cinematográfica • equipamentos de medición e control • outra maquinaria de uso científico, comercial ou industrial - o alugamento e arrendamento operativo de equipamentos de transporte terrestre (agás vehículos de motor) sen condutor: • caravanas • vehículos ferroviarios - o arrendamento de pneumáticos - o alugamento de equipamento para eventos, feiras e exposicións, por exemplo, para a instalación de equipamentos de enerxía, luz, son e escenarios - o alugamento de mobiliario para eventos, feiras e exposicións - o alugamento de equipamento médico/hospitalario - o alugamento e arrendamento de máquinas comecartos	Esta clase comprende tamén: - o alugamento de construcións móbiles temporais para aloxamento ou oficinas - o alugamento de animais (por exemplo, rabaños, cabalos de carreiras, etc.) - o alugamento doutras construcións móbiles - o alugamento de palés	Esta clase non comprende: - o alugamento de motocicletas (véxase 77.11) - o alugamento de bicicletas (véxase 77.21) - o alugamento de maquinaria e equipamento agropecuario e forestal (véxase 77.31) - o alugamento de maquinaria e equipamento para a construción e a enxeñaría civil (véxase 77.32) - o alugamento de máquinas e equipamento de oficina, incluídos os ordenadores (véxase 77.33)
77.4	Arrendamento da propiedade intelectual e produtos similares, salvo obras protexidas por dereitos de autor			
77.40	Arrendamento da propiedade intelectual e produtos similares, salvo obras protexidas por dereitos de autor	Esta clase comprende as actividades destinadas a permitirlles a terceiros usar a propiedade intelectual e outros produtos similares polos que se lle paga un canon ou unha cota de licenza ao propietario do produto (é dicir, ao titular do activo). O arrendamento destes produtos pode adoptar diversas formas, como o permiso de reprodución, o uso en procesos ou produtos posteriores, a explotación dunha empresa en réxime de franquía, etc. Os propietarios actuais poden ou non ter creado tales produtos. Esta clase comprende: - o arrendamento da propiedade intelectual (salvo as obras suxeitas a dereitos de autor, como os libros ou os programas informáticos) - a recepción de canons ou cotas de licenza pola utilización de: • entidades patentadas • marcas comerciais ou marcas de servizo • nomes de marca • prospección e avaliación mineral • acordos de franquía • dominios da internet • dereitos de xogos de mesa deseñados ou desenvolvidos	Esta clase comprende tamén: - a recepción de canons ou cotas de licenza polos resultados da investigación científica	Esta clase non comprende: - a adquisición de dereitos e a edición (véxanse as divisións 58 e 59) - a produción, reprodución e distribución de obras suxeitas a dereitos de autor (libros, programas informáticos, filmes, etc.) (véxanse as divisións 58 e 59) - a reprodución en *streaming* de contido, por exemplo, programas informáticos ou libros, por editores de contido (véxase a división 58) - as actividades de reprodución en *streaming* de audiolibros non asociadas coa edición (véxase 60.10) - o alugamento de bens inmobiliarios (véxase 68.20) - o alugamento de bens (activos) tanxibles (véxanse 77.1, 77.2 e 77.3)
77.5	Servizos de intermediación para o alugamento de bens tanxibles e de activos intanxibles non financeiros			
77.51	Servizos de intermediación para o alugamento de automóbiles, autocaravanas e remolques	Esta clase comprende a intermediación no alugamento e arrendamento de automóbiles, motocicletas, autocaravanas, etc., que pon en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste os servizos de alugamento e arrendamento que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas ao domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de alugamento ou arrendamento. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario	Esta clase comprende tamén: - servizos de reserva para alugamentos de automóbiles	Esta clase non comprende: - o alugamento de vehículos de motor lixeiros (véxase 77.11) - o alugamento de vehículos de motor pesados, por exemplo, autocaravanas (véxase 77.12) - o alugamento de caravanas (véxase 77.39)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
77.52	Servizos de intermediación para o alugamento doutros bens tanxibles e de activos intanxibles non financeiros	Esta clase comprende a intermediación no alugamento e arrendamento doutros bens tanxibles e activos intanxibles non financeiros, que pon en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste os servizos de alugamento e arrendamento que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas ao domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de alugamento ou arrendamento. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario. Esta clase comprende: - a intermediación entre fogares que ofrecen os seus bens en alugamento e fogares que os toman en alugamento, por exemplo, máquinas cortacéspede, escaleiras, bicicletas, etc.		Esta clase non comprende: - o alugamento e arrendamento de efectos persoais e artigos de uso doméstico (véxase 77.2) - as unidades que teñen en propiedade maquinaria, equipamento e bens tanxibles e/ou activos intanxibles non financeiros que finalmente alugan ou arrendan (véxanse 77.3 e 77.40)
78	Actividades relacionadas co emprego	Esta división comprende os servizos dedicados a informar sobre as ofertas de emprego dispoñibles e a seleccionar ou colocar as persoas candidatas a un emprego —sempre que estas non sexan empregadas das axencias de colocación—, e a dotar de traballadores as empresas dos clientes por un período de tempo limitado para completar o seu cadro de persoal, así como as actividades de provisión doutros recursos humanos. Esta división comprende: - as actividades de busca e colocación de persoal - as actividades das axencias de selección teatral - as actividades das axencias de contratación - as actividades de busca de talentos		Esta división non comprende: - as actividades dos axentes de artistas individuais (véxase 74.99)
78.1	Actividades das axencias de colocación			
78.10	Actividades das axencias de colocación	Esta clase comprende os servizos de información sobre ofertas de emprego dispoñibles e a selección ou colocación das persoas candidatas a un emprego, sempre que estas non sexan empregadas das axencias de colocación. Esta clase comprende: - as actividades de busca, selección e colocación de persoal, incluída a colocación ou busca de executivos - as actividades das axencias e oficinas de selección de actores, como as axencias de selección teatral e as axencias de modelos - as actividades das axencias de colocación a través da internet	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos cazatalentos, incluídos os de deportes	Esta clase non comprende: - as actividades dos servizos de facturación (véxase 69.20) - as actividades dos axentes para artistas individuais (véxase 74.99) - as actividades de axencias que ofrecen neneiras e *aupairs* para fogares (véxase 78.20)
78.2	Actividades das empresas de traballo temporal e outra provisión de recursos humanos			
78.20	Actividades das empresas de traballo temporal e outra provisión de recursos humanos	Esta clase comprende as actividades de dotación de traballadores ás empresas dos clientes por períodos de tempo limitados para substituír temporalmente ou complementar o seu cadro de persoal. No acordo de emprego, a axencia de traballo temporal ou o provedor de recursos humanos son os empregadores dos traballadores individuais subministrados. No entanto, recae nos clientes a responsabilidade de supervisar o persoal temporal. Estas actividades consisten na provisión de recursos humanos para as empresas dos clientes. As unidades clasificadas aquí representan a persoa empregadora ante as empregadas en cuestións relativas a nóminas, impostos e outros asuntos fiscais e de recursos humanos, aínda que non son responsables nin de dirixilas nin de supervisalas. As unidades clasificadas aquí levan a cabo unha ampla variedade de tarefas de xestión de persoal e recursos humanos asociadas a esa provisión		Esta clase non comprende: - as actividades dos servizos de facturación (véxase 69.20)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas	Esta división comprende as actividades das axencias cuxa dedicación principal é a venda e explotación de paquetes de viaxe preorganizados ou personalizados que inclúen o transporte, aloxamento, lecer e entretemento, servizo de guía turístico e outros servizos para o público en xeral e para clientes comerciais, así como as actividades de planificar e organizar percorridos turísticos cuxa venda se realiza a través de axencias de viaxes ou directamente polos axentes, como os operadores turísticos; e outros servizos relacionados coas viaxes, incluídos os servizos de reserva	Esta división comprende tamén: - as actividades dos guías turísticos e de promoción do turismo - os servizos de intermediación para viaxes	Esta división non comprende: - as actividades de intermediación destinadas exclusivamente ao transporte de pasaxeiros (véxase 52.32) - as actividades de intermediación destinadas exclusivamente aos servizos de aloxamento (véxase 55.40) - as actividades de intermediación para os servizos de comidas e bebidas (véxase 56.40) - os servizos de intermediación para o alugamento de automóbiles, autocaravanas e caravanas (véxase 77.51) - as actividades de intermediación na venda de entradas para espectáculos teatrais, eventos deportivos e outro entretemento (véxase 82.40)
79.1	Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos	Este grupo comprende as actividades das axencias cuxa dedicación principal é a venda e explotación de paquetes de viaxe preorganizados ou personalizados que inclúen o transporte, o aloxamento, o servizo de guía turístico e outros servizos para o público en xeral e para clientes comerciais; comprende tamén as actividades de planificar e organizar percorridos turísticos cuxa venda se realiza a través de axencias de viaxes ou directamente polos axentes, como os operadores turísticos	Este grupo comprende tamén as actividades de operadores turísticos	
79.11	Actividades das axencias de viaxes	Esta clase comprende: - as actividades das axencias cuxa dedicación principal é a venda de percorridos turísticos e cruceiros ao público en xeral ou a clientes comerciais, xunto co asesoramento ou a experiencia adicional en aloxamento: • servizos de reserva para percorridos turísticos preorganizados, nacionais e internacionais • servizos de reserva de percorridos turísticos personalizados para grupos, nacionais e internacionais - as actividades de intermediación na subscrición de contratos para a prestación de servizos turísticos por parte de operadores turísticos	Esta clase comprende tamén: - a intermediación para a venda no destino de servizos dos paquetes de viaxe	Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación destinadas exclusivamente ao transporte de pasaxeiros (véxase 52.32) - as actividades intermediación destinadas exclusivamente aos servizos de aloxamento (véxase 55.40) - as actividades de accións de feito e legais relacionadas coa subscrición de contratos para a prestación de servizos turísticos, por petición do cliente (véxase a división 69) - a venda de «travel boxes»: forma de distribución dun servizo vinculado á viaxe, pero un servizo diferido, que pode ser de calquera natureza: hoteis, restaurantes, coidado persoal, actividades de lecer, etc. (véxase 82.99)
79.12	Actividades dos operadores turísticos	Esta clase comprende: - a planificación, organización e comercialización de percorridos turísticos: • percorridos turísticos preorganizados, nacionais e internacionais • percorridos turísticos personalizados para grupos, nacionais e internacionais Os percorridos turísticos acostuman comprender o transporte de pasaxeiros e a equipaxe, o aloxamento, a comida e as excursións. Os operadores turísticos dedícanse á explotación de percorridos turísticos que as axencias de viaxes venden, incluída a planificación e organización de diversos servizos no percorrido organizado. Os operadores turísticos poden ser empregados ou contratados por unha axencia de viaxes, e tamén poden actuar como operadores turísticos independentes		Esta clase non comprende: - a venda de percorridos turísticos (véxase 79.11)
79.9	Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con estes			
79.90	Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	Esta clase comprende: - os servizos de asistencia aos turistas: • provisión de información sobre viaxes aos turistas • actividades dos guías turísticos independentes - as actividades de promoción turística		Esta clase non comprende: - os servizos de reserva remunerados para o transporte de pasaxeiros (véxase 52.32) - os servizos de intercambio de multipropiedade (véxase 55.40) - as actividades das axencias de viaxes (véxase 79.11) - as actividades dos operadores turísticos (véxase 79.12) - a organización e xestión de eventos, por exemplo reunións, convencións e conferencias, incluídos o transporte, aloxamento e a expedición de entradas, se o xestiona o propio organizador (véxase 82.30) - as actividades de reserva e venda de entradas para espectáculos teatrais, eventos deportivos e outras actividades de lecer e entretemento (véxase 82.40)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
80	Servizos de investigación e seguridade	Esta división comprende servizos relacionados coa seguridade: - os servizos de investigación no ámbito privado, comercial, corporativo, asegurador e de dereito penal para o exercicio de dereitos ante os tribunais - os servizos de protección e patrulla - a recolla e entrega de diñeiro, recibos ou outros artigos valiosos con persoal e equipamentos para protexer esas propiedades mentres están en tránsito - os servizos de sistemas de seguridade e a explotación de sistemas electrónicos de alarma de seguridade, como as alarmas contra roubos ou incendios, así como a vixilancia á distancia e os servizos de sistemas de videovixilancia, nos cales a actividade se centra na vixilancia á distancia deses sistemas, aínda que é frecuente que inclúan tamén servizos de venda, instalación e reparación	Esta división comprende tamén: - os servizos de seguridade relacionados coa prevención e a seguridade das persoas en eventos públicos e en instalacións abertas ao público - os servizos de seguridade que prestan servizos de vehículos blindados	Esta división non comprende: - as actividades de seguridade nas tecnoloxías da información (véxase a división 62)
80.0	Servizos de investigación e seguridade	Este grupo comprende actividades de seguridade que normalmente levan a cabo operadores privados		
80.01	Servizos de investigación e seguridade privados	Esta clase comprende: - os servizos de investigación no ámbito privado, comercial, asegurador e legal - os servizos de protección, patrulla ou seguridade - os servizos de apoio aos servizos de recolla e depósito de efectivo - os servizos de trituración e destrución segura de datos - os servizos de vehículos blindados	Esta clase comprende tamén: - as actividades de servizos de protección e seguridade, por exemplo, para establecementos comerciais, centros sanitarios, etc. - a inspección de equipaxes e pasaxeiros en aeroportos, estacións de ferrocarril e outros lugares similares - as actividades do persoal de seguridade para eventos, concertos, feiras e exposicións	Esta clase non comprende: - a análise de riscos e a asesoría e consultoría en seguridade (véxase 80.09) - as actividades de vixilancia á distancia (véxase 80.09) - os servizos para a seguridade de conserxes, recepcionistas e porteiros (véxanse 81.10 e 82.10) - as actividades de mantemento da orde pública e a seguridade (véxase 84.24) - a formación en seguridade, incluída a ciberseguridade (véxase 85.59)
80.09	Servizos de seguridade n.c.n.	Esta clase comprende a prestación dun ou máis dos servizos seguintes: servizos de sistemas de seguridade como parte dos centros de servizos de seguridade ou as centrais receptoras de alarmas (CRA); os servizos de sistemas de vixilancia á distancia e videovixilancia e, só de se prestaren en relación cos servizos de vixilancia posterior e vixilancia á distancia, a instalación, reparación e o mantemento de sistemas de seguridade electrónicos	Esta clase comprende tamén: - as actividades de consultoría en seguridade - as actividades nun centro de servizo e chamadas de emerxencia ou nunha central receptora de alarmas (CRA) - a vixilancia e a vixilancia á distancia de sistemas de seguridade electrónicos, por exemplo, alarmas contra roubos, sistemas de videovixilancia e alarmas contra incendios - a vixilancia e a vixilancia á distancia de dispositivos de peche mecánicos ou electrónicos, caixas fortes e cámaras acoirazadas - a instalación e o mantemento de sistemas de seguridade electrónicos, por exemplo, alarmas contra roubos, sistemas de videovixilancia, alarmas contra incendios, de se prestaren en relación cos servizos de vixilancia posterior e vixilancia á distancia - a instalación, reparación, modificación e adaptación de dispositivos de peche mecánicos ou electrónicos, sistemas de seguridade electrónicos, caixas fortes e cámaras acoirazadas, de se prestaren en relación cos servizos de vixilancia posterior e vixilancia á distancia	Esta clase non comprende: - a instalación de sistemas de seguridade, por exemplo, alarmas contra roubos, alarmas contra incendios, sen vixilancia posterior nin servizos de vixilancia á distancia (véxase 43.21) - o comercio ao retallo de sistemas electrónicos de alarma de seguridade, dispositivos de peche mecánicos ou electrónicos, caixas fortes e cámaras acoirazadas, sen vixilancia posterior nin servizos de instalación ou mantemento (véxase 47.52) - as actividades de consultoría en ciberseguridade (véxase 62.20) - as actividades de mantemento da orde pública e seguridade, como a vixilancia policial (véxase 84.24) - os servizos de duplicado de chaves (véxase 95.29)
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	Esta división comprende a prestación de diversos servizos xerais de apoio, como: - a prestación dunha combinación de servizos de apoio nas instalacións do cliente - as actividades de limpeza exterior e interior de edificios de todo tipo - a limpeza de maquinaria industrial e a limpeza de trens, autobuses, avións, etc. - a limpeza interior de camións e buques cisterna - as actividades de desinfección, desratización e desinsectación de edificios, barcos, trens, etc. - o lavado de botellas - a varredura das rúas - a retirada de xeo e neve das rúas - a prestación de servizos de xardinaría e de mantemento		
81.1	Servizos integrais a edificios e instalacións			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
81.10	Servizos integrais a edificios e instalacións	Esta clase comprende a prestación dunha serie de servizos de apoio nos edificios e nas instalacións do cliente. Estes servizos comprenden a limpeza xeral de interiores, o mantemento, a eliminación do lixo, os servizos de portaría e vixilancia, o despacho do correo, os servizos de recepción, lavandaría e outros servizos relacionados co funcionamento dos edificios. Estas actividades son levadas a cabo por persoal que non participa nin é responsable das actividades empresariais do cliente		Esta clase non comprende: - a provisión de servizos de xestión e explotación *in situ* dos sistemas informáticos do cliente e/ou das instalacións de tratamento de datos (véxase 62.20) - a xestión da propiedade inmobiliaria, por exemplo, a administración de bens inmobles ou de vivendas en réxime de copropiedade (xeralmente por conta de terceiros) (véxase 68.32) - as actividades de servizos de protección e seguridade (véxase 80.01) - a explotación de establecementos penitenciarios, por conta de terceiros (véxase 84.23) - a prestación de só un dos servizos de apoio (por exemplo, os servizos de limpeza xeral de interiores) ou a supervisión dun único servizo (por exemplo, calefacción) (véxanse as clases da CNAE que correspondan ao servizo prestado) - a dotación de persoal de xestión e de operacións para a explotación completa da empresa do cliente, por exemplo un hotel, un restaurante, unha mina ou un hospital (véxase a clase correspondente á unidade operada)
81.2	Actividades de limpeza	Este grupo comprende: actividades de limpeza xeral, especializada e outros tipos de limpeza. A diferenza entre as actividades non se basea no tipo de clientes a quen se serve, senón no tipo de limpeza. Este grupo comprende as actividades de limpeza xeral de interiores de todo tipo de edificios, a limpeza exterior de edificios, as actividades de limpeza especializada de edificios ou outros tipos de limpeza especializada, a limpeza de maquinaria industrial, a limpeza interior de camións e buques cisterna; a desinfección, desratización e desinsectación de edificios e maquinaria industrial, o lavado de botellas, a varredura e a retirada de xeo e neve das rúas		Este grupo non comprende: - o control de pragas agropecuarias (véxase 01.61) - o lavado de alfombras e tapices con espuma e a limpeza de cortinas (véxase 96.10)
81.21	Limpeza xeral de edificios	Esta clase comprende: - as actividades de limpeza xeral (non especializada) de todo tipo de edificios, por exemplo: • oficinas • vivendas privadas, como casas ou apartamentos • fábricas • establecementos comerciais • edificios oficiais - as actividades de limpeza xeral (non especializada) doutros establecementos empresariais e profesionais, así como de bloques residenciais. Estas actividades refírense sobre todo á limpeza de interiores, aínda que poden incluír a limpeza de zonas exteriores asociadas como, por exemplo, fiestras ou pasaxes.		Esta clase non comprende: - as actividades de limpeza especializada, como a limpeza de fiestras, chemineas, lareiras de cheminea, fornos, incineradores, caldeiras, condutos de ventilación e extractores de aire (véxase 81.22)
81.22	Outras actividades de limpeza industrial e de edificios	Esta clase comprende: - a limpeza exterior de todo tipo de edificios, incluídas as oficinas, fábricas, comercios, escolas e outras institucións, outros establecementos empresariais e profesionais e bloques residenciais - as actividades de limpeza especializada para empresas dedicadas ao sector alimentario, onde se inclúen a fabricación, o comercio ao retallo, a restauración, etc. - as actividades de limpeza especializada de edificios, como a limpeza de fachadas e fiestras, chemineas, lareiras de cheminea, fornos, incineradores, caldeiras, condutos de ventilación e extractores de aire - a limpeza industrial especializada, por exemplo, a limpeza de maquinaria industrial - a limpeza de canalizacións de subministración de auga - a limpeza de condutos para o tratamento do aire - outras actividades especializadas de limpeza industrial e de edificios n.c.n. - a limpeza de edificios despois da súa construción - a limpeza ao vapor, con chorro de area ou similares do exterior dos edificios		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
81.23	Outras actividades de limpeza	Esta clase comprende: - os servizos de limpeza e mantemento de piscinas - a limpeza de trens, autobuses, avións, etc. - a limpeza interior de camións e buques cisterna - as actividades de desinfección, desratización e desinsectación - o lavado de botellas - a varredura e a retirada de xeo e neve das rúas - outras actividades de limpeza n.c.n.		Esta clase non comprende: - o control de pragas agropecuarias (véxase 01.61) - a limpeza de vehículos de motor, incluído o lavado de automóbiles (véxase 95.31)
81.3	Actividades de xardinaría			
81.30	Actividades de xardinaría	Esta clase comprende: - a plantación, o coidado e o mantemento de: • parques e xardíns para: • • vivendas privadas e públicas • • edificios públicos e semipúblicos (centros de ensino, hospitais, edificios administrativos, construcións relixiosas, etc.) • • terreos municipais (parques, zonas verdes, cemiterios, etc.) • plantas para: • • vexetación viaria (estradas, liñas de ferrocarril e tranvía, vías navegables e portos) • • edificios industriais e comerciais - a plantación, o coidado e o mantemento de vexetación para: • edificios (xardíns en azoteas e fachadas, xardíns interiores, etc.) • terreos deportivos (campos de fútbol, campos de golf, etc.), campos de xogo, pradeiras para tomar o sol e outros parques recreativos • extensións e cursos de auga (estanques, zonas húmidas variables, lagoas, piscinas, canais, cursos de auga, sistemas de augas residuais, etc.) - as plantas para a protección contra o ruído, o vento, a erosión, a visibilidade e o encandeamento - a protección e restauración paisaxística, por exemplo, para parques e xardíns - os traballos de enxeñaría ecolóxica para a conservación ecolóxica dos lugares	Esta clase comprende tamén: - a restauración de contornos naturais, por exemplo, a enxeñaría vexetal e a renaturalización dos ecosistemas - as actividades de control da erosión en contornos de montaña, terreos de desova e beiras de ríos - a creación e relocalización de hábitats de especies, por exemplo, niños, refuxios, hibernáculos, etc. - as actividades de prevención, control e resposta contra a introdución e difusión de especies invasoras na fauna ou na flora - a xestión ambiental, por exemplo, aplicando medidas de protección e mantemento para dunas, pantanos, zonas húmidas e outras áreas sensibles, pastoreo ecolóxico, etc.	Esta clase non comprende: - as actividades de protección ou restauración do terreo agrícola e forestal (véxanse as divisións 01 e 02) - o cultivo e a plantación para a produción comercial de plantas e árbores (véxanse as divisións 01 e 02) - os viveiros de árbores e os viveiros de árbores forestais (véxanse 01.30 e 02.10) - o mantemento de terreos en boas condicións ambientais para o uso agrícola (véxase 01.61) - a restauración dos ecosistemas mariños (véxase 03.30) - as actividades de construción con fins paisaxísticos (véxase a sección F) - as actividades de deseño e planificación paisaxística (véxase 71.11) - a explotación de parques nacionais, reservas naturais, etc., incluídos a conservación e o mantemento (véxase 91.42)
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	Esta división comprende a prestación dunha serie de servizos administrativos diarios de oficina, así como as funcións correntes e rutineiras de apoio empresarial por conta de terceiros	Esta división comprende tamén todos os servizos complementarios que acostuman prestarse ás empresas e que non están clasificados noutras epígrafes	
82.1	Actividades administrativas e auxiliares de oficina			
82.10	Actividades administrativas e auxiliares de oficina	Esta clase comprende a prestación dunha serie de servizos administrativos diarios de oficina, por exemplo, a recepción, a planificación financeira, a facturación e o arquivamento, os servizos de persoal e o servizo de correo, etc. por conta de terceiros. Esta clase comprende: - a preparación de documentos, por exemplo, edición, corrección, mecanografado, tratamento de textos e prearquivamento - outros servizos complementarios de secretaría - a transcrición de documentos - a redacción de cartas e currículos - a prestación de servizos de alugamento de espazos de correos e outros servizos postais, por exemplo, a preclasificación e a asignación de enderezos - o duplicado - a cianotipia - a explotación de fotocopiadoras para fotocopiar en autoservizo - a dixitalización de arquivos (sen ulterior tratamento de datos) - o formatado de libros electrónicos - o escaneamento de imaxes e documentos	Esta clase comprende tamén as actividades de apoio por conta de terceiros, para funcións correntes e rutineiras de apoio empresarial das que adoitan encargarse habitualmente as propias empresas e organizacións	As unidades clasificadas nesta clase non ofrecen dotación de persoal para a realización de todas as operacións administrativas dunha empresa. As unidades que interveñen nun aspecto concreto destas actividades están clasificadas segundo ese tipo de actividade. Esta clase non comprende: - a impresión de documentos (impresión offset, impresión rápida, impresión dixital, etc.) (véxase 18.12) - os servizos de preimpresión (véxase 18.13) - o almacenamento de arquivos en papel (véxase 52.10) - os servizos de mensaxaría (véxase 53.20) - o tratamento de datos e dixitalización dos arquivos asociados para o posterior proceso de datos (véxase 63.10) - o almacenamento de arquivos de datos (véxase 63.10) - o alugamento de oficinas non equipadas, espazos de cotraballo e oficinas totalmente equipadas (véxase 68.20) - as actividades de centros de servizos compartidos (CSC) con actividades estratéxicas e de dirección ou con actividades centralizadas (véxase 70.10) - o desenvolvemento e a organización de campañas de publicidade por correspondencia (véxase 73.11) - o alugamento de construcións móbiles temporais para oficinas (véxase 77.39) - os servizos públicos de estenografía e os servizos de estenotipia especializados, por exemplo, para actas xudiciais (véxase 82.99) - o arquivamento de todo tipo de documentos (en papel ou en formato dixital) (véxase 91.12)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
82.2	Actividades dos centros de chamadas			
82.20	Actividades dos centros de chamadas	Esta clase comprende: - os centros de recepción de chamadas, que responden a chamadas dos clientes con operadores, distribución automática de chamadas, integración ordenador-teléfono, sistemas de resposta vocal interactiva ou métodos similares para recibir pedidos, facilitar información sobre produtos, ocuparse das solicitudes de asistencia dos clientes ou atender as súas queixas - os centros de emisión de chamadas que usan métodos similares para comercializar ou promocionar mercadorías ou servizos a posibles clientes, realizar estudos de mercado ou enquisas de opinión pública por teléfono, por conta de terceiros. - os centros de chamadas baseados na web	Esta clase comprende tamén as actividades: - dos centros que se ocupan das solicitudes de asistencia dos clientes ou de atender as súas queixas por outras canles de comunicación	Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación de enerxía eléctrica e gas natural (véxase 35.40) - as actividades de intermediación para servizos de construción especializada (véxase 43.60) - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo (véxase 47.9) - as actividades de intermediación para o transporte (véxase 52.3) - os servizos de intermediación para as actividades postais e de mensaxaría (véxase 53.30) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40) - as actividades de servizos de intermediación para os servizos de comidas e bebidas (véxase 56.40) - as actividades de servizos de intermediación para a edición de programas informáticos de videoxogos (véxase 58.21) - as actividades de servizos de intermediación para a edición e a descarga de programas informáticos (véxase 58.29) - as actividades de servizos de intermediación para telecomunicacións (véxase 61.20) - as actividades de servizos de intermediación financeira e de seguros (véxase a sección L, por exemplo a clase 66.22, actividades de axentes e corredores de seguros) - os servizos de intermediación para actividades inmobiliarias (véxase 68.31) - a realización de estudos de mercado e enquisas de opinión pública e a súa análise estatística (véxase 73.20) - as actividades de comercialización dos axentes de patentes (véxase 74.91) - os servizos de intermediación para o alugamento de bens tanxibles e activos intanxibles non financeiros (véxase 77.5)
82.3	Organización de convencións e feiras de mostras			
82.30	Organización de convencións e feiras de mostras	Esta clase comprende a organización, promoción e/ou xestión de eventos, por exemplo: - as feiras empresariais e comerciais - os eventos de empresa - as exposicións xerais ou especializadas - as conferencias e convencións - os seminarios, simposios e obradoiros - os mercados de produtos agrarios e as feiras artesanais	Esta clase pode comprender ademais a xestión e a dotación de persoal para a explotación das instalacións onde os devanditos eventos teñen lugar, pero unicamente se a xestión e a dotación de persoal se realizan en asociación coa organización, promoción ou xestión deses eventos	Esta clase non comprende: - a instalación de expositores/toldos para exposicións, en función do tipo de instalación realizada (véxase a división 43) - a organización de eventos culturais, por exemplo, festivais de cinema, musicais ou festivais de danza (véxase 90.39) - a planificación técnica, a subministración, a preparación e o funcionamento do equipamento audiovisual e os efectos especiais asociados coa organización de eventos artísticos (véxase 90.39) - a organización de eventos deportivos (véxase 93.19) - a planificación técnica, a subministración, a preparación e o funcionamento do equipamento audiovisual e os efectos especiais asociados coa organización de eventos non artísticos (véxase 93.29) - a organización de cerimonias ou celebracións persoais, por exemplo, vodas, bautizos, festas de aniversario, etc. (véxase 96.99)
82.4	Actividades de intermediación para servizos de apoio ás empresas n.c.n.			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
82.40	Actividades de intermediación para servizos de apoio ás empresas n.c.n.	Esta clase comprende as actividades de servizos de intermediación para as actividades de apoio ás empresas n.c.n., que poñen en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de apoio ás empresas. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario	Esta clase comprende tamén: - os servizos de reserva de entradas para espectáculos e eventos deportivos - os servizos de intermediación para xogos de lotarías	Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación de enerxía eléctrica e gas natural (véxase 35.40) - as actividades de intermediación para servizos de construción especializados (véxase 43.60) - as actividades de servizos de intermediación para o comercio ao retallo (véxase 47.9) - as actividades de intermediación para o transporte (véxase 52.3) - os servizos de intermediación para as actividades postais e de mensaxaría (véxase 53.30) - as actividades de intermediación para os servizos de aloxamento (véxase 55.40) - as actividades de servizos de intermediación para os servizos de comidas e bebidas (véxase 56.40) - as actividades de servizos de intermediación para a edición de programas informáticos de videoxogos (véxase 58.21) - as actividades de servizos de intermediación para a edición e a descarga de programas informáticos (véxase 58.29) - as actividades de servizos de intermediación para telecomunicacións (véxase 61.20) - as actividades de servizos de intermediación financeira e de seguros (véxase a sección L, por exemplo a clase 66.22, actividades de axentes e corredores de seguros) - os servizos de intermediación para actividades inmobiliarias (véxase 68.31) - as actividades de comercialización dos axentes de patentes (véxase 74.91) - os servizos de intermediación para o alugamento de bens tanxibles e activos intanxibles non financeiros (véxase 77.5) - as actividades de axencias de viaxes (véxase 79.11) - as actividades de servizos de intermediación para cursos e
82.9	Outras actividades de apoio ás empresas n.c.n.	Este grupo comprende as actividades das axencias de cobramentos, as oficinas que facilitan información sobre a solvencia de terceiros, as axencias de información sobre as empresas e todas as actividades de apoio que non están recollidas noutras epígrafes. Estas actividades diríxense principalmente ás empresas		
82.91	Actividades das axencias de cobramentos e das oficinas de crédito	Esta clase comprende: - o cobramento de pagamentos por reclamacións e a transferencia aos clientes dos pagamentos cobrados, como os servizos de cobramento de débedas ou facturas - a recompilación e subministración de información como, por exemplo, historiais de solvencia ou emprego, a institucións financeiras, retallistas e outros que necesiten avaliar a solvencia de determinadas persoas físicas ou empresas	Esta clase comprende tamén: - as actividades das axencias de cualificación crediticia - os servizos de recuperación de bens impagados	Esta clase non comprende: - as actividades de *factoring* (véxase 64.92)
82.92	Actividades de envasado e empaquetamento	Esta clase comprende: - as actividades de envasado e empaquetamento por conta de terceiros, con intervención ou non de procesos automatizados: • o embotellamento de produtos líquidos ou gasosos, incluídos alimentos e bebidas • o empaquetamento de sólidos (ao baleiro, con papel de aluminio, etc.) • o envasado de seguridade de preparados farmacéuticos • a etiquetaxe, estampación e impresión • a embalaxe de paquetes e a envoltura de regalos • o envasado de fariña e flocos de pataca en atmosfera inerte - a esterilización de produtos asociada co envasado, por exemplo, por ionización		Esta clase non comprende: - a fabricación de bebidas non alcohólicas e a produción de augas minerais naturais (véxase 11.07) - as actividades de empaquetado relacionadas co transporte (véxase 52.26)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
82.99	Outras actividades de apoio ás empresas n.c.n.	Esta clase comprende: - os servizos das organizacións de recadación de fondos realizados por conta de terceiros - os servizos de elaboración de transcricións xudiciais ou a reprodución por estenotipia (taquigrafía especializada) - os servizos públicos de taquigrafía (estenografía) - a subtitulación en tempo real (é dicir, simultánea) das reunións e conferencias - os servizos de códigos de barras - os servizos de impresión de códigos de barras - os servizos de recadación de moedas dos parquímetros - as actividades de xestión de visados e permisos de traballo - as actividades de servizos de xestión de vales de restaurantes - a provisión de asistencia para a matriculación de vehículos - as actividades de servizos de traslado - a administración das actividades de lecer dos paquetes regalo - as actividades de emisión e manipulación de vales - as actividades de servizos de vales de restaurante - as actividades de micromecenado benéfico - os servizos de domiciliación de empresas - a asistencia no rexistro de vehículos de motor - a lectura de contadores de consumo de calefacción e auga quente, incluída a asignación de custos - a administración de programas de fidelización - a venda de «travel boxes»: forma de distribución dun servizo vinculado á viaxe, pero un servizo diferido, que pode ser de calquera natureza (hoteis, restaurantes, coidado persoal, actividades de lecer, etc.) - a negociación e a corretaxe de criptoactivos sen pasivos		Esta clase non comprende: - as actividades das empresas de poxas (por xunto) e as actividades de poxas (por xunto) pola internet (véxase 46.1) - as actividades das empresas de poxas (ao retallo) e as actividades de poxas (polo miúdo) pola internet (véxase 47.9) - os servizos de subtitulación de filmes (véxase 59.12) - as actividades de centros de servizos compartidos (CSC) con actividades estratéxicas e de dirección ou con actividades centralizadas (véxase 70.10) - outras actividades de consultoría de xestión empresarial (véxase 70.20) - as actividades de centros de servizos compartidos (CSC) con dúas ou máis actividades combinadas (conxunto de servizos administrativos) que realizan tarefas operativas para o conxunto da empresa ou grupo, por exemplo, recepción, planificación financeira, facturación e arquivamento, servizos de persoal e servizo de correo para o mesmo grupo empresarial (véxase 82.10) - os servizos de transcrición de documentos (véxase 82.10) - as actividades de intermediación para servizos de apoio ás empresas n.c.n. (véxase 82.40)
P	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	Esta sección comprende as actividades de carácter gobernamental que realiza normalmente a Administración pública. Comprende a promulgación e a interpretación xudicial das leis e a súa posterior regulación, así como a administración de programas baseados nelas, as actividades lexislativas, o sistema tributario, a defensa nacional, a orde pública e a seguridade, os servizos de inmigración, os asuntos exteriores e a administración dos programas gobernamentais. Para que unha actividade pertenza a esta sección, o estatus xurídico ou institucional non constitúe por si só o factor determinante. Trátase máis ben de que o carácter da actividade se especificase no parágrafo anterior. É dicir, que as actividades clasificadas noutras epígrafes da CNAE non se inclúen nesta sección, aínda que as desempeñen entidades públicas. Por exemplo, a xestión do sistema escolar (normativa, control, plans de estudo) corresponde a esta sección, pero o ensino en si non corresponde (véxase a sección Q), mentres que os hospitais militares ou penitenciarios se clasifican na sanidade (véxase a sección R). De xeito semellante, algunhas das actividades incluídas nesta sección poden realizalas as unidades non gobernamentais	Esta sección comprende tamén as actividades da Seguridade Social obrigatoria	
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria			
84.1	Administración pública e da política económica, social e ambiental	Este grupo comprende a administración xeral (de carácter executivo, lexislativo, financeiro, etc., a todos os niveis da administración) e a supervisión no ámbito da política económica, social e ambiental da comunidade		
84.11	Actividades xerais da Administración pública	Esta clase comprende: - a administración executiva e lexislativa central, autonómica e local - as actividades ministeriais a nivel nacional e autonómico - a administración e supervisión de asuntos fiscais: • a administración tributaria • a recadación de impostos ou dereitos e a investigación das infraccións fiscais • a administración de alfándegas - a aplicación do orzamento e a xestión dos fondos públicos e da débeda pública: • a obtención e recepción de fondos e a fiscalización do seu gasto - a administración da política de investigación e desenvolvemento xeral (civil) e a administración dos fondos pertinentes - a xestión e administración de servizos estatísticos e de planificación social e económica global a distintos niveis da Administración pública		Esta clase non comprende: - as actividades da Banca Central (véxase 64.11) - a explotación de edificios oficiais propiedade da Administración pública ou alugados por esta (véxanse 68.2 e 68.3) - a administración das políticas de investigación e desenvolvemento destinadas a aumentar o benestar dos cidadáns e a administración dos fondos pertinentes (véxase 84.12) - a administración das políticas de investigación e desenvolvemento destinadas a mellorar a economía e a competitividade (véxase 84.13) - a administración das políticas de investigación e desenvolvemento en materia de defensa e a administración dos fondos pertinentes (véxase 84.22) - a xestión de arquivos oficiais (véxase 91.12)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
84.12	Regulación dos servizos sanitarios, educativos e culturais e outros servizos sociais	Esta clase comprende: - a administración pública de programas destinados a mellorar o benestar dos cidadáns, por exemplo: • sanidade • educación • cultura • deporte • servizos recreativos • ambiente • vivenda • servizos sociais - a administración pública das políticas de investigación e desenvolvemento e a administración dos fondos pertinentes	Esta clase comprende tamén: - o patrocinio público de actividades recreativas e culturais - a concesión de bolsas públicas a artistas - a administración de programas de subministración de auga potable - a administración de servizos de recolla e eliminación de residuos - a administración de programas de protección ambiental - a administración de programas de vivenda	Esta clase non comprende: - as actividades de saneamento público, eliminación de residuos e descontaminación (véxanse as divisións 37, 38 e 39) - as actividades da Seguridade Social obrigatoria (véxase 84.30) - as actividades educativas (véxase a sección Q) - as actividades sanitarias (véxase a división 86) - os museos e outras institucións culturais (véxase a división 91) - as actividades de bibliotecas e arquivos de xestión gobernamental (véxase 91.1) - as actividades deportivas e outras actividades recreativas (véxase a división 93)
84.13	Regulación da actividade económica e contribución á súa maior eficiencia	Esta clase comprende: - a administración pública e regulación, mesmo a concesión de subvencións, dos distintos sectores económicos: • agricultura • ordenación territorial • recursos enerxéticos e mineiros • infraestrutura • transporte • comunicación • hoteis e turismo • comercio por xunto e ao retallo - a administración das políticas de investigación e desenvolvemento e dos fondos pertinentes para mellorar os resultados económicos - a administración da política laboral - a administración de políticas de desenvolvemento rexional, por exemplo, para reducir o desemprego	Esta clase comprende tamén: - as actividades da ciberseguridade nacional - a regulación financeira relativa ao desenvolvemento de negocios e á protección do consumidor e outras actividades de regulación financeira máis xerais	Esta clase non comprende: - as actividades da autoridade de supervisión monetaria pola Banca Central (véxase 64.11) - as actividades das autoridades de supervisión dos servizos financeiros, agás os seguros e fondos de pensións (non pola Banca Central) (véxase 66.11) - as actividades de supervisión financeira de seguros e fondos de pensións (non pola Banca Central) (véxase 66.29) - as actividades de investigación e desenvolvemento experimental (véxase a división 72)
84.2	Prestación de servizos á comunidade en xeral	Este grupo comprende as actividades de asuntos exteriores, defensa, xustiza, orde pública e seguridade		
84.21	Asuntos exteriores	Esta clase comprende: - a administración e o funcionamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e das representacións diplomáticas e consulares acreditadas no estranxeiro ou ante organizacións internacionais - a administración, o funcionamento e o apoio dos servizos de información e cultura destinados a prestarse no estranxeiro - a concesión de axuda económica a terceiros países, estea ou non canalizada a través de organizacións internacionais - a prestación de axuda militar a outros países - a organización do comercio exterior, o financiamento internacional e cuestións exteriores de carácter técnico		Esta clase non comprende: - os servizos de asistencia internacional en situacións de catástrofe ou axuda a refuxiados (véxase 88.99) - as actividades de organizacións e organismos extraterritoriais (véxase 99.00)
84.22	Defensa	Esta clase comprende: - a administración, supervisión e o funcionamento da defensa e das forzas armadas de terra, mar e aire, como: • os exércitos de terra, mar e aire • a enxeñaría, transportes, comunicacións, servizos de intelixencia, material, persoal e outras forzas e mandos que non sexan de combate • as forzas auxiliares e de reserva • a loxística militar (a subministración de equipamento, estruturas, subministracións, etc.) • a asistencia sanitaria ao persoal militar en campaña - a administración, a xestión e o apoio das forzas de defensa civil - a prestación de apoio á elaboración de plans de emerxencia e á realización de exercicios en que interveñan poboación e institucións civís - a administración da políticas de investigación e desenvolvemento en materia de defensa e a administración dos fondos pertinentes		Esta clase non comprende: - as actividades de investigación e desenvolvemento experimental (véxase a división 72) - a prestación de axuda militar a outros países (véxase 84.21) - as actividades dos tribunais militares (véxase 84.23) - o abastecemento de subministracións para situacións de emerxencia en territorio nacional causadas por catástrofes en tempos de paz (véxase 84.24) - as actividades educativas de escolas, facultades e academias militares (véxase 85.41) - as actividades dos hospitais militares (véxase 86.10)
84.23	Xustiza	Esta clase comprende: - a administración e o funcionamento de tribunais civís, administrativos e penais, de tribunais militares e do sistema xudicial en xeral - a emisión de veredictos xudiciais e interpretación da lei - as actividades da fiscalía - a arbitraxe en casos civís - a administración de establecementos penitenciarios e medidas de privación de liberdade, incluídos os servizos de rehabilitación		Esta clase non comprende: - a representación e asistencia letrada exercida en causas civís, penais ou doutro tipo (véxase 69.10) - as actividades de escolas de establecementos penitenciarios (véxase 85) - as actividades dos hospitais penitenciarios (véxase 86.10)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
84.24	Orde pública e seguridade	Esta clase comprende: - a dirección e o funcionamento dos corpos de policía regulares e auxiliares que dependen das autoridades públicas, de forzas de vixilancia portuaria, fronteiriza e costeira, e outros corpos especiais, incluída a regulación do tráfico, o rexistro de estranxeiros e o mantemento de rexistros de detidos - o abastecemento de subministracións para a súa utilización en situacións de emerxencia no territorio nacional causadas por catástrofes en tempos de paz	Esta clase comprende tamén: - as actividades de asociacións de voluntarios que garanten a protección da seguridade pública	Esta clase non comprende: - a explotación de laboratorios policiais (véxase 71.20) - as actividades do persoal de seguridade para eventos, concertos, feiras e exposicións (véxase 80.01) - a administración e a dirección das forzas armadas (véxase 84.22)
84.25	Servizos de extinción de incendios	Esta clase comprende: - as actividades de prevención e extinción de incendios: • a administración e xestión de corpos de bombeiros regulares e auxiliares, encargados da prevención e extinción de incendios, o rescate de persoas e animais, a asistencia en catástrofes civís, inundacións, accidentes na estrada, etc., incluído o servizo de prevención e extinción de incendios por conta de terceiros - as actividades dos vixilantes de praias, por exemplo, socorristas - as actividades de operacións de rescate en augas abertas e nas montañas		Esta clase non comprende: - os servizos de prevención e extinción de incendios forestais (véxase 02.40) - os servizos de extinción e prevención de incendios en xacementos de petróleo e gas (véxase 09.10) - os servizos de prevención e extinción de incendios en aeroportos (véxase 52.23)
84.3	Seguridade Social obrigatoria			
84.30	Seguridade Social obrigatoria	Esta clase comprende: - o financiamento e a administración dos programas de servizos públicos de seguridade social, por exemplo: • o seguro social de enfermidade, accidentes e desemprego • as pensións de xubilación • os programas para cubrir a perda de ingresos en casos de permiso parental, incapacidade temporal, viuvez, etc.		Esta clase non comprende: - os seguros de saúde adicionais ou suplementarios (véxase 65.12) - a provisión de prestacións de renda de xubilación en exclusiva aos empregados do promotor ou membros (véxase 65.30) - a administración dos servizos sanitarios e sociais (véxase 84.12) - a prestación de servizos de asistencia en establecementos residenciais (véxase a división 87) - a prestación de servizos de asistencia social (sen aloxamento) (véxanse 88.11, 88.12 e 88.99)
Q	EDUCACIÓN	Esta sección comprende a educación de calquera nivel ou para calquera profesión. Pódese impartir de forma oral ou escrita, tanto en aulas como por radio, televisión, internet ou correspondencia. Son actividades educativas as que posúen un programa educativo, un marco temporal e certa avaliación do coñecemento adquirido. Esta sección comprende a educación regrada inicial nos niveis proporcionados polas institucións do sistema educativo regular, deseñado para os estudantes como un itinerario educativo continuo previo á súa entrada no mercado laboral; tamén comprende a educación regrada fóra do sistema educativo regular, cando conte con contido de programa e cualificacións que sexan equivalentes aos desa educación inicial (educación de adultos, programas de alfabetización, etc.). Tamén se inclúen nos niveis correspondentes as actividades de escolas e academias militares, as escolas en centros penitenciarios, etc. Esta sección comprende a escolarización obrigatoria e non obrigatoria, tanto pública como privada. Para cada nivel de educación inclúese tamén a educación especial de persoas con discapacidades físicas ou mentais. Os grupos 85.1 a 85.4 teñen en conta as actividades de educación regrada previstas na Clasificación internacional normalizada da educación (CINE-P de 2011). A desagregación por categorías desta sección baséase no nivel de educación que se ofrece segundo a definición dos niveis que figura na CINE-P de 2011. As actividades dos centros educativos que imparten cursos do nivel 0 da CINE-P clasifícanse na clase 85.10; as do nivel 1 da CINE-P, na clase 85.20; as do nivel 2, categoría 24 e nivel 3, categoría 34, na clase 85.31; as de nivel 2, categoría 25 e nivel 3, categoría 35 da CINE-P, na clase 85.32; as de nivel 4 da CINE-P, na clase 85.33, e as dos niveis 5 ao 8 da CINE-P, no grupo 85.4.	Esta sección tamén se basea na distinción entre programas educativos regrados e non regrados proporcionados pola Clasificación europea de actividades de aprendizaxe (CLA). Esta sección comprende tamén a educación non regrada relacionada principalmente co deporte, as artes e as actividades recreativas e as actividades de apoio á educación (grupos 85.5 e 85.6). Esta sección comprende tamén as actividades educativas levadas a cabo por autónomos/por conta propia/persoas físicas/docentes independentes (titores, académicos, instrutores., etc.). Estas actividades deben clasificarse no grupo 85.5. Esta sección comprende tamén actividades relativas á administración, inspección, xestión ou apoio de escolas e outras institucións dedicadas a impartir educación, así como a coordinar programas deportivos.	Esta sección non comprende: - as actividades de coidado diúrno dos nenos (véxase 88.91)
85	Educación			
85.1	Educación preprimaria			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
85.10	Educación preprimaria	Esta clase comprende: - a educación preprimaria defínese como a primeira etapa da educación organizada, deseñada principalmente para introducir os nenos nun contorno educativo de tipo escolar, é dicir, servir de ponte entre o fogar e o medio escolar		Esta clase non comprende: - as actividades de coidado diúrno dos nenos (véxase 88.91)
85.2	Educación primaria			
85.20	Educación primaria	Esta clase comprende a educación primaria: a impartición de cursos académicos e outras tarefas relacionadas co curso, que lles proporcionan aos estudantes unha sólida educación básica para a lectura, a escritura e as matemáticas, así como un nivel elemental de comprensión de disciplinas como a historia, a xeografía, as ciencias naturais, as ciencias sociais, a arte e a música	Esta clase comprende tamén a impartición de programas educativos incluídos ou non no sistema escolar, cuxos contidos son equivalentes aos programas da educación primaria, ben que están dirixidos a aqueles que superaron a idade para integrarse na escola elemental. Son exemplos os programas de alfabetización de adultos, os programas de segunda oportunidade ou os programas de reintegración	Esta clase non comprende: - a educación e a formación non regradas, con independencia da idade ou do ámbito de educación (véxase 85.5) - as actividades de coidado diúrno dos nenos, incluídas as gardarías diúrnas (véxase 88.91)
85.3	Educación secundaria e educación postsecundaria non terciaria	Este grupo comprende a educación secundaria xeral e de formación técnica e profesional	Este grupo comprende tamén a impartición de programas de educación incluídos ou non no sistema escolar, cuxos contidos son equivalentes aos programas da educación secundaria, ben que están dirixidos a aqueles que superaron a idade para integrarse na escola secundaria. Son exemplos os programas de alfabetización de adultos, os programas de segunda oportunidade ou os programas de reintegración	Este grupo non comprende: - a educación e a formación non regradas (véxase 85.5)
85.31	Educación secundaria xeral	Esta clase comprende a educación que proporciona as bases para a formación ao longo de toda a vida e para o desenvolvemento humano, e que capacita para fomentar as oportunidades da educación. As actividades clasificadas nesta clase baséanse en programas que acostuman dar prioridade ás disciplinas e que se imparten por profesorado máis especializado; o máis común é que se contraten varios profesores para que impartan clases da súa especialidade. A especialización por materias empeza a ter certa influencia, mesmo na formación dos estudantes que seguen un programa de educación xeral. Os programas están deseñados para preparar os estudantes para o nivel de educación técnica/profesional, ou ben para o ingreso na educación superior, sen necesidade de cursos suplementarios. Esta clase comprende: - a educación secundaria xeral de nivel máis baixo, que corresponde aproximadamente á escolaridade obrigatoria - a educación secundaria xeral de nivel máis alto, con independencia de se dá acceso ou non á educación superior		Esta clase non comprende: - a educación e a formación non regradas (véxase 85.5)
85.32	Educación secundaria profesional	Esta clase comprende o tipo de educación orientada en xeral a unha determinada especialización e na cal se imparten coñecementos teóricos e prácticos que adoitan ter por obxecto a mellora das posibilidades actuais ou futuras de emprego. Os obxectivos dos programas poden variar desde a preparación para empregos de tipo xeral ata a preparación para unha ocupación concreta. Esta clase comprende: - a educación técnica/profesional de nivel inferior á educación postsecundaria non terciaria definida en 85.33	Esta clase comprende tamén programas que corresponden á definición de educación e formación regrada como, por exemplo, nos ámbitos seguintes: - a formación para guías turísticos - a formación para chefs e xefes/as de cociña, hoteleiros e xerentes de restaurante - as escolas de cosmetoloxía e peiteado - a formación en reparación de ordenadores - as actividades de autoescolas para condutores profesionais, por exemplo, de camións, autobuses e autocares; tamén as escolas para condutores de carretillas elevadoras e pilotos profesionais, incluída a formación para pilotos de drons	Esta clase non comprende: - a educación postsecundaria non terciaria técnica/profesional (véxase 85.33) - a educación superior de formación técnica/profesional (véxase 85.4) - a educación e a formación profesional non regradas (véxase 85.5) - a formación en artes escénicas con fins recreativos, por afección ou para o desenvolvemento persoal (véxase 85.52) - as actividades de autoescolas para condutores non profesionais (véxase 85.53) - a formación laboral que forma parte de actividades de prestación de servizos sociais sen aloxamento (véxanse 88.11, 88.12 e 88.99)
85.33	Educación postsecundaria non terciaria	Esta clase comprende a provisión de educación e formación postsecundaria (xeral e profesional) que non pode ser considerada educación terciaria; por tanto, comprende programas de educación e formación postsecundaria non terciaria. Pode comprender tamén a provisión de educación postsecundaria suplementaria de preparación para a educación terciaria, ou a educación postsecundaria non terciaria profesional		Esta clase non comprende: - a educación superior de formación técnica/profesional (véxase 85.42) - a educación e a formación non regradas (véxase 85.5)
85.4	Educación terciaria			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
85.41	Educación universitaria	Esta clase comprende a impartición de estudos terciarios académicos e profesionais e a concesión de títulos de estudos de ciclo curto ou equivalente, de mestrado ou equivalente, ou de doutoramento. Esta clase comprende a educación proporcionada en universidades públicas e privadas como: - os estudos de primeiro ciclo, abertos a estudantes cun certificado de educación secundaria e que conducen a unha titulación de primeiro ciclo - os estudos de segundo ciclo, abertos a estudantes que posúen como mínimo unha titulación de primeiro ciclo e que conducen a unha titulación de segundo ciclo - os mestrados integrais, abertos a estudantes que posúen un certificado de educación secundaria e que conducen a unha titulación de segundo ciclo - os estudos de posgrao, abertos a estudantes que completaron como mínimo estudos de primeiro ciclo e que conducen a unha titulación de posgrao - os estudos de terceiro ciclo (formación para estudantes de doutoramento), abertos a estudantes que completaron como mínimo estudos de segundo ciclo e que conducen a unha titulación de terceiro ciclo - as ensinanzas artísticas superiores conducentes a titulacións equivalentes para todos os efectos ás universitarias (estudos superiores ou grao superior de música e de danza, ensinanzas de arte dramática, ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais e outros estudos superiores de artes plásticas e deseño) - outros estudos equivalentes ás titulacións universitarias (ensino militar de formación para a incorporación á escala de oficiais das forzas armadas e da Garda Civil, estudos de turismo, etc.) - os programas oficiais de especialización profesional que precisan dunha titulación universitaria (especialidades sanitarias, certificado de aptitude pedagóxica, etc.) A educación deberá desenvolverse na modalidade de estudo a tempo completo ou a tempo parcial.	Esta clase comprende tamén: - as actividades educativas das escolas de artes escénicas que imparten educación terciaria - os programas de educación para adultos ou de educación continua cuxa complexidade en contido é equivalente á da educación impartida en actividades educativas xa clasificadas neste nivel	Esta clase non comprende: - a educación e a formación non regradas (véxase 85.5)
85.42	Educación terciaria non universitaria	Esta clase comprende: - os estudos de ciclo curto, normalmente baseados na aprendizaxe práctica apropiada para o desempeño dunha profesión específica e na preparación dos estudantes para a súa incorporación ao mercado laboral ou outros programas de educación superior	Esta clase comprende tamén: - os programas de educación e formación profesional de ciclo curto de nivel 5 da CINE-P - os programas de educación e formación superior técnica/profesional dos niveis 6 e 7 da CINE-P (por exemplo, os que conducen a cualificacións de mestre artesán)	Esta clase non comprende: - a educación e a formación non regradas (véxase 85.5)
85.5	Outra educación	Este grupo comprende a educación (incluída a non regrada) que non é parte da educación inicial no sistema escolar regular nin é equivalente en contido de programa e titulacións. Comprende a formación por motivos profesionais, por afección ou desenvolvemento persoal, tanto para nenos como para adultos, e inclúe a educación e a formación profesional continua non regrada. A educación non regrada defínese pola CINE-P de 2011 como a educación institucionalizada, intencionada e organizada por un provedor de educación como adición, alternativa ou complemento á educación regrada dentro do proceso de aprendizaxe das persoas ao longo da vida. Diríxese a persoas de todas as idades, sen que necesariamente implique unha traxectoria continua; pode ser de curta duración e/ou de baixa intensidade, e acostuma impartirse en forma de cursos, obradoiros ou seminarios. Este grupo comprende as actividades de formación deportiva a grupos ou individuos, o ensino de idiomas, a formación relacionada coas belas artes, o teatro e a música, ou outro tipo de formación ou instrución especializada, como a proporcionada por campamentos e escolas, non comparable á dos grupos 85.1 ao 85.4.	Este grupo comprende tamén as actividades educativas levadas a cabo por autónomos/por conta propia/persoas físicas/docentes independentes (titores, académicos, instrutores, etc.)	Este grupo non comprende as actividades educativas regradas incluídas nos grupos 85.1 ao 85.4, é dicir, educación preprimaria, educación primaria, educación secundaria, educación postsecundaria non terciaria ou educación terciaria

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
85.51	Educación deportiva e recreativa	*Esta clase comprende a provisión de educación en actividades deportivas a grupos ou individuos, como a impartida en campamentos e escolas. Comprende tamén as actividades diúrnas ou con aloxamento incluído dos campamentos de instrución deportiva. A educación pode impartirse en diversos escenarios como, por exemplo, as instalacións para a formación da que dispoña a unidade ou o cliente, as institucións de ensino ou, por outros medios, mesmo por internet. A instrución impartida nesta clase está organizada formalmente, por exemplo, canto ás relacións entre estudante e docente, especialmente deseñadas para a educación e a aprendizaxe. No entanto, non conduce a titulacións de niveis primario a terciario.* *Esta clase comprende:* *- a formación deportiva impartida por campamentos ou escolas* *- as clases de ximnasia* *- as clases de hípica* *- as clases de natación* *- as clases de artes marciais* *- as clases de xogos de cartas (como o bridge)* *- os cursos de xogos de mesa* *- as clases de ioga ou pilates* *- as clases de deportes electrónicos*	Esta clase comprende tamén: - as actividades de instrutores, profesores e adestradores especializados en deportes	Esta clase non comprende: - as actividades realizadas por colexios, escolas e universidades (véxase 85.41) - a educación cultural (véxase 85.52) - a formación deportiva impartida por clubs deportivos (véxase 93.12) - as clases de *fitness* impartidas por ximnasios, escolas de ioga e instalacións similares (véxase 93.13)
85.52	Educación cultural	Esta clase comprende a educación relacionada coas belas artes, o teatro e a música, impartida en unidades denominadas 'escolas', 'estudios', 'clases', etc. A instrución proporcionada está organizada formalmente e deseñada especialmente para a educación e a aprendizaxe, por exemplo, en cuanto ás relacións e/ou interaccións entre estudante e docente. O obxecto principal desta formación é por afección, por fins recreativos ou desenvolvemento persoal, sen que conduza a titulacións de niveis primario ao terciario. Esta clase comprende: - a formación musical - a formación artística - as clases de baile - a formación en teatro, belas artes, artes escénicas e fotografía	Esta clase comprende tamén: - as actividades de instrutores e profesores especializados en arte	Esta clase non comprende: - as actividades educativas de escolas de teatro, belas artes, artes escénicas e fotografía que conducen a titulacións de niveis secundarios ou postsecundarios non terciarios (véxanse 85.3 e 85.4) - as clases de linguas estranxeiras (véxase 85.59) - as actividades de mediación (véxase 88.99)
85.53	Actividades das escolas de condución e pilotaxe		Esta clase comprende tamén: - as actividades educativas de escolas de voo, vela e condución de embarcacións que non conceden certificados nin permisos profesionais	Esta clase non comprende: - as actividades educativas de autoescolas e escolas de voo para condutores e pilotos profesionais (véxase 85.32)
85.59	Outra educación n.c.n.	Esta clase comprende: - a educación a que non pode asignarse un nivel determinado - os servizos de titoría académica - as clases de recuperación - os cursos de repaso para exames profesionais - o ensino da lingua e das técnicas de expresión oral - a formación informática (por exemplo, uso xeral do ordenador, cursos de programación, uso de aplicacións informáticas, etc.) - os cursos de relaxación (por exemplo, cursos de meditación, técnicas de respiración, cursos de concienciación a través do movemento, cursos sobre técnicas de liberación do estrés e a ansiedade, etc.) - os cursos de costura - os cursos de enoloxía - os cursos de vida familiar, por exemplo, cursos para pais, nais e fillos - os cursos de formación sobre produtos fitosanitarios	Esta clase comprende tamén: - a formación para socorristas - as clases de técnicas de supervivencia - as clases de oratoria - as clases de técnicas de lectura rápida - as actividades dos instrutores e profesores especializados en materias distintas dos deportes, as artes e a condución - a formación dos empregados	Esta clase non comprende: - os programas de alfabetización de adultos (véxase 85.20) - a educación secundaria xeral (véxase 85.31) - a educación secundaria de formación técnica/profesional (véxase 85.32) - as actividades de entretemento en residencias de persoas maiores (véxase 93.29)
85.6	Actividades auxiliares á educación			
85.61	Actividades de servizos de intermediación para cursos e titores	Esta clase comprende as actividades de servizos de intermediación para cursos e titores, que poñen en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste os servizos que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canais non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas ao domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta as actividades para cursos e titores. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
85.69	Actividades auxiliares á educación n.c.n.	Esta clase comprende: - a prestación de actividades non docentes de apoio aos procesos ou sistemas educativos: • o asesoramento educativo • as actividades de asesoramento relacionadas coa vocación e a traxectoria profesional • os servizos de orientación educativa • os servizos de avaliación educativa • os servizos de probas educativas • a organización de programas de intercambio de estudantes • os exames e as probas de profesións reguladas, por exemplo, pilotos • o desenvolvemento curricular • as actividades expertas e de rehabilitación que examinan a capacidade de aprendizaxe		Esta clase non comprende: - a investigación e o desenvolvemento experimental en ciencias sociais e humanidades (véxase 72.20)
R	ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	Esta sección comprende a prestación dunha ampla variedade de servizos sanitarios e sociais. Estas actividades poden ser exercidas por operadores privados ou públicos		
86	Actividades sanitarias	Esta división comprende as actividades de atención sanitaria xeral ou especializada, médica ou cirúrxica, ofrecida a pacientes internos de curta ou longa estadía por hospitais, centros de medicina preventiva, sanatorios, institucións hospitalarias psiquiátricas, centros de rehabilitación e outras institucións sanitarias que dispoñan de aloxamento e que proporcionen servizos de diagnóstico e tratamento médico a pacientes internos cunha ampla gama de situacións médicas. Esta división comprende tamén as consultas e tratamentos realizados por médicos de medicina xeral, especialistas e cirurxiáns. Comprende as actividades odontolóxicas de natureza xeral ou especializada, así como as actividades de ortodoncia. Ademais, esta división comprende as actividades médicas, curativas, de rehabilitación ou de prevención levadas a cabo por persoal paramédico ou outros profesionais da atención sanitaria legalmente habilitados para tratar pacientes, pero non realizada en hospitais ou por doutores en medicina en exercicio.	Esta división comprende tamén outras actividades sanitarias, como as actividades de laboratorios médicos, bancos de sangue, bancos de esperma e de órganos para transplante, etc., incluídos a súa recolla, tratamento, almacenamento e envío.	Esta división non comprende: - as actividades veterinarias (véxase 75.00)
86.1	Actividades hospitalarias			
86.10	Actividades hospitalarias	Esta clase comprende as actividades relacionadas coa saúde humana, realizadas en hospitais legalmente habilitados para tratar pacientes. Esta clase comprende: - a prestación, para estadías curtas ou longas, de servizos médicos, de diagnóstico ou tratamento, incluídos os servizos de médico de cabeceira, enfermaría e outros servizos de atención sanitaria a pacientes internos, e os servizos de aloxamento especializados, por parte de hospitais xerais e hospitais especializados (por exemplo, hospitais rexionais e municipais, hospitais de organizacións sen ánimo de lucro, hospitais universitarios, hospitais militares e hospitais penitenciarios) Estas actividades, que están principalmente destinadas á atención de pacientes internos, realízanse baixo a supervisión directa de médicos e comprenden: - os servizos do persoal médico e auxiliar - os servizos de laboratorios e instalacións técnicas, incluso servizos de radioloxía e anestesioloxía - os servizos de urxencias - os servizos de quirófano, de farmacia, de comedor e outros servizos hospitalarios - os servizos dos centros de planificación familiar que ofrecen tratamentos médicos como a esterilización ou o aborto, con aloxamento	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos hospitais dedicados á saúde mental ou psiquiátricos, que ofrecen diagnóstico e tratamento médico	Esta clase non comprende: - a análise e a inspección de todo tipo de materiais e produtos, por laboratorios, excepto os médicos (véxase 71.20) - as actividades veterinarias (véxase 75.00) - a asistencia sanitaria ao persoal militar en campaña (véxase 84.22) - a asistencia privada a pacientes internos por médicos externos (véxase 86.2) - as actividades de atención odontolóxica, de natureza xeral ou especializada, por exemplo, endodoncia e odontoloxía pediátrica; as patoloxías bucais e as actividades de ortodoncia (véxase 86.23) - as actividades de diagnóstico pola imaxe e de laboratorio médico, que non formen parte das actividades hospitalarias (véxase 86.91) - o transporte de pacientes en ambulancia (véxase 86.92)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
86.2	Actividades médicas e odontolóxicas	Este grupo comprende as actividades de consulta e tratamento realizadas por médicos de medicina xeral ou especializada, por exemplo, doutores en medicina ou odontólogos, legalmente habilitados para tratar pacientes. As actividades poden realizarse en consultorios privados, consultorios de grupos médicos, ambulatorios hospitalarios e en clínicas de empresas, escolares, de residencias de persoas maiores, de organizacións sindicais e asociacións profesionais, así como no domicilio dos pacientes.	Este grupo comprende tamén: - a asistencia privada a pacientes internos por médicos externos	
86.21	Actividades de medicina xeral e de medicina familiar e comunitaria	Esta clase comprende: - as consultas e tratamentos realizados por médicos de medicina xeral		Esta clase non comprende: - a atención de pacientes internos en hospitais (véxase 86.10) - as actividades doutras especialidades médicas (véxase 86.22) - as actividades de enfermeiras e comadroas (véxase 86.94) - as actividades de fisioterapia (véxase 86.95) - as actividades de medicina tradicional, complementaria e alternativa (véxase 86.96)
86.22	Actividades doutras especialidades médicas	Esta clase comprende: - as consultas e tratamentos realizados por médicos especialistas e cirurxiáns	Esta clase comprende tamén: - os servizos dos centros de planificación familiar que ofrecen tratamentos médicos como a esterilización ou o aborto, sen aloxamento - as actividades de cirurxía estética realizadas por médicos especialistas - o tratamento en ambulatorios ou clínicas de día, por exemplo, diálise, quimioterapia, insulinoterapia, tratamento respiratorio, radioterapia, etc. - a análise médica e interpretación de imaxes médicas para diagnóstico (raios X, electrocardiogramas, endoscopias, etc.) - as actividades realizadas por psiquiatras - as actividades de centros de vacinación (inmunización, inoculación) - as actividades de centros para o tratamento da tromboses - o transplante de cabelo	Esta clase non comprende: - a atención de pacientes internos en hospitais (véxase 86.10) - as actividades de enfermeiras e comadroas (véxase 86.94) - as actividades de fisioterapia (véxase 86.95) - as actividades de tratamentos de beleza non realizados por especialistas médicos, por exemplo, por cosmetólogos (véxase 96.22)
86.23	Actividades odontolóxicas	Esta clase comprende: - as actividades de odontoloxía xeral ou especializada, por exemplo, endodoncia e odontoloxía pediátrica; as patoloxías bucais, etc. - as actividades de ortodoncia	Esta clase comprende tamén: - a asistencia odontolóxica en salas de operacións	Esta clase non comprende: - a produción por laboratorios dentais de pezas dentais, dentaduras e próteses (véxase 32.50) - a atención de pacientes internos en hospitais (véxase 86.10) - as actividades realizadas por persoal paramédico de odontoloxía, como os hixienistas dentais (véxase 86.99)
86.9	Outras actividades sanitarias	Este grupo comprende as actividades médicas, curativas, de rehabilitación ou de prevención (sen servizo de aloxamento) non realizadas en hospitais ou por doutores en medicina en exercicio, senón por persoal paramédico ou por outros profesionais da atención sanitaria legalmente habilitados para tratar pacientes.		
86.91	Servizos de diagnóstico pola imaxe e actividades de laboratorio médico	Esta clase comprende as actividades de laboratorios médicos que prestan servizos de análise ou diagnóstico (sen a análise médica ou a propia interpretación), incluídas a análise de fluídos corporais ou as probas xenéticas, directamente a pacientes externos, fosen ou non derivados por médicos, por exemplo: - os laboratorios de raios X e outros centros de diagnóstico por imaxe - os laboratorios para análises de sangue - a secuenciación de ADN para descartar ou curar unha enfermidade en particular - a ecografía - o escaneamento de imaxes con fins médicos	Esta clase comprende tamén: - as actividades de control de dopaxe levadas a cabo por laboratorios	Esta clase non comprende: - as probas de laboratorio non médicas, as análises no ámbito da hixiene alimentaria (bromatolóxicas), as actividades dos laboratorios forenses, etc. (véxase 71.20) - a análise médica e a interpretación de imaxes médicas para diagnóstico (raios X, electrocardiogramas, endoscopias, etc.) (véxase 86.22) - as actividades de centros de datos xenómicos ou de bancos de sangre e órganos (véxase 86.99)
86.92	Transporte de pacientes en ambulancia	Esta clase comprende o transporte de pacientes en ambulancia, incluído por avión. As ambulancias transportan persoal paramédico e/ou médicos e adoitan estar provistas de equipamentos de urxencia.	Esta clase comprende tamén: - o transporte de pacientes especializado, acompañados por persoal paramédico - a atención primaria administrada por persoal paramédico ou por un médico durante o transporte en ambulancia	Esta clase non comprende: - o transporte de pacientes en vehículos sen persoal paramédico e equipamento de urxencias (véxanse as divisións 49 e 50) - o transporte aéreo de pacientes sen persoal paramédico e equipamento de urxencias (véxase a división 51) - o transporte de sangue e órganos/fluídos (véxase 86.99)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
86.93	Actividades de psicólogos e psicoterapeutas, excepto médicos	Esta clase comprende: - as actividades de consulta e tratamento de psicólogos, por exemplo, psicólogos clínicos, psicólogos sanitarios ou psicoterapeutas, excepto médicos	Esta clase comprende tamén: - as actividades de musicoterapia realizadas por psicoterapeutas/psicólogos	Esta clase non comprende: - as actividades dos psiquiatras (véxase 86.22)
86.94	Actividades de enfermaría e enfermaría obstétrica	Esta clase comprende as actividades de enfermeiras e comadroas non realizadas por doutores en medicina, por exemplo: - as actividades de enfermeiras independentes, que traballan en salas de consulta propias ou nos fogares dos pacientes - as actividades dos servizos de maternidade, sen supervisión permanente de médicos	Esta clase comprende tamén: - os coidados paliativos de enfermaría para pacientes externos	Esta clase non comprende: - as salas de maternidade en hospitais, baixo a supervisión directa de médicos (véxase 86.10) - a asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios (véxase 87.10) - os servizos de asistencia a domicilio (véxanse 88.11 e 88.12)
86.95	Actividades de fisioterapia	Esta clase comprende as terapias proporcionadas por profesionais independentes para mellorar a mobilidade, recuperar a funcionalidade ou reducir a dor. As terapias proporcionadas inclúen a fisioterapia, entre outras.	Esta clase comprende tamén: - as actividades de terapeutas masaxistas - as actividades de especialistas en ergoterapia - as actividades de terapeutas ocupacionais	Esta clase non comprende: - as actividades de osteópatas (véxase 86.96) - as actividades dos quiropráctico (véxase 86.96) - as técnicas de tratamento corporal, como o *shiatsu* , a masaxe tailandesa, *watsu* , *tui na qigong* (véxase 86.99) - os salóns de masaxe dedicados á masaxe non médica (véxase 96.23)
86.96	Actividades de medicina tradicional, complementaria e alternativa	Esta clase comprende os servizos para prevención, curación ou rehabilitación prestados por profesionais da atención sanitaria. Os beneficios para a saúde dos ditos servizos non se basean en datos científicos para o diagnóstico e o tratamento de enfermidades e, ata o presente, non se avaliaron plenamente de modo que gocen de aceptación universal por considerarse baseados na evidencia. Esta clase comprende: - a prestación de servizos de medicina tradicional que inclúen unha variedade de prácticas que existen desde hai moito tempo e que aínda evolucionan, desenvolvidas en certas sociedades antes ou durante o desenvolvemento da medicina moderna, por exemplo, as terapias tradicionais chinesas como a acupuntura e a medicina herbal china, Unani, e as medicinas tradicionais africanas - a práctica de servizos terapéuticos complementarios como, por exemplo, a terapia de Alexander, a aromaterapia, a terapia de Bach e outras terapias florais, a terapia corporal, a terapia aiurvédica, a fitoterapia, a naturopatía e a terapia nutricional - os servizos terapéuticos alternativos como, por exemplo, homeopatía, quiropraxia, osteopatía, cristaloterapia, iridoloxía, quinesioloxía e radiónica	Esta clase comprende tamén: - as actividades de menciñeiros - a hipnoterapia - as terapias de reflexoloxía - a terapia de recuperación de Cesar e Mensendieck - a naprapatía	Esta clase non comprende: - as técnicas de tratamento corporal, por exemplo, o *shiatsu* , masaxe tailandesa, watsu, *tui na qigong* (véxase 86.99)
86.97	Actividades de intermediación para servizos médicos, odontolóxicos e outros servizos sanitarios	Esta clase comprende as actividades de intermediación para servizos médicos, odontolóxicos e outros servizos sanitarios, poñendo en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste os servizos médicos, odontolóxicos e outros servizos sanitarios que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canles non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta os servizos médicos, odontolóxicos ou outros servizos sanitarios. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario.	Esta clase comprende tamén: - a concertación de citas para servizos médicos, odontolóxicos e outros servizos sanitarios	Esta clase non comprende: - os servizos de intermediación para actividades de asistencia en establecementos residenciais (véxase 87.91)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
86.99	Outras actividades sanitarias n.c.n.	Esta clase comprende: - as actividades de ortopedas - as actividades de podólogos - as actividades relacionadas coa saúde humana n.c.n.: • actividades de profesionais paramédicos no ámbito da optometría, logopedia, etc. • actividades realizadas por persoal paramédico de odontoloxía, por exemplo, os terapeutas dentais, as enfermeiras escolares de odontoloxía ou os hixienistas dentais, que poden non exercer o seu traballo no mesmo lugar que o odontólogo, pero que se someten á supervisión periódica deste - as actividades de bancos de sangre, de tecidos, de esperma e de órganos para transplantes, biobancos e centros de datos xenómicos, entre outros, o que inclúe a recolla, o tratamento, almacenamento e envío - a xestión de rexistros de doadores de médula ósea - as actividades de dietistas - o transporte de sangue e órganos e fluídos corporais - as actividades relacionadas coa prevención e a detección de enfermidades (cancro, tuberculose, enfermidades venéreas, etc.)	Esta clase comprende tamén: - as actividades de terapeutas da pel - o *shiatsu* , masaxe tailandesa, watsu, *tui na qigong* - as actividades de terapia con animais, por exemplo, a hipoterapia - a hidroterapia de colon - as terapias do baile e o movemento - a arteterapia	Esta clase non comprende: - a produción por laboratorios dentais de pezas dentais, dentaduras e próteses (véxase 32.50) - as análises de laboratorios non médicos (véxase 71.20) - as análises bromatolóxicas (véxase 71.20) - as actividades hospitalarias (véxase 86.10) - as actividades médicas e odontolóxicas (véxase 86.2) - os servizos de diagnóstico pola imaxe e as actividades de laboratorios médicos (véxase 86.91) - as actividades de psicólogos, por exemplo, psicólogos clínicos, psicólogos sanitarios ou psicoterapeutas, excepto médicos (véxase 86.93) - as actividades de enfermeiras e comadroas (véxase 86.94) - as actividades de fisioterapia (véxase 86.95) - as actividades de terapeutas masaxistas (véxase 86.95) - a asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios (véxase 87.10) - as actividades dos salóns de masaxe dedicados á masaxe non médica (véxase 96.23)
87	Asistencia en establecementos residenciais		Esta división comprende tamén as actividades asistenciais en establecementos residenciais (que prestan asistencia regular en lugares construídos ou adaptados especificamente para certos grupos de destinatarios). As unidades clasifícanse en función dos grupos de destinatarios.	Esta división non comprende: - as actividades de enfermaría non realizadas en establecementos residenciais (véxase 86.94) - as actividades de asistencia non realizadas en establecementos residenciais (véxase a división 88)
87.1	Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios			
87.10	Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios	Esta clase comprende a prestación de asistencia en establecementos residenciais, con atención médica, de enfermaría e tratamentos de rehabilitación. Estes establecementos teñen un equipamento humano básico de enfermaría coa habilitación ou titulación requirida que, xunto con outro persoal, ofrece coidados de enfermaría combinados coa atención persoal. Os servizos de atención médica ou de coidados de enfermaría adoitan incluír a administración de medicamentos, a realización de diagnósticos médicos e a colocación de vendaxes que, en xeral, se prestan sen a supervisión dun médico que estea presente nas instalacións. Esta clase comprende as actividades: - das residencias de persoas maiores con coidados de enfermaría - dos centros de convalecencia distintos dos servizos de atención á saúde mental e á drogodependencia - das clínicas de repouso con coidados de enfermaría - dos centros con coidados de enfermaría - das residencias con coidados de enfermaría - das residencias para enfermos terminais que necesitan coidados paliativos		Esta clase non comprende: - os coidados paliativos de enfermaría para pacientes externos (véxase 86.94) - as actividades da residencias de persoas maiores sen coidados de enfermaría ou con coidados de enfermaría mínimos (véxase 87.31) - a prestación de asistencia en establecementos residenciais como orfanatos, centros de acollida para nenos e fogares infantís, centros de acollida temporal para as persoas sen fogar, etc. (véxase 87.99)
87.2	Asistencia en establecementos residenciais para persoas que padecen unha enfermidade mental ou unha drogodependencia ou que recibiron un diagnóstico ao respecto			
87.20	Asistencia en establecementos residenciais para persoas que padecen unha enfermidade mental ou unha drogodependencia ou que recibiron un diagnóstico ao respecto	Esta clase comprende a prestación de asistencia en establecementos residenciais (aínda que non a atención hospitalaria autorizada), a supervisión protectora e o asesoramento a persoas que sofren unha enfermidade mental, unha discapacidade intelectual ou unha drogodependencia ou que recibiron un diagnóstico ao respecto, calquera que sexa a súa idade. Esta clase comprende as actividades: - dos establecementos residenciais para o tratamento da drogodependencias - dos centros de convalecencia psiquiátrica - das residencias para persoas con problemas emocionais - dos centros de reinserción para persoas con problemas mentais - dos establecementos residenciais para persoas ás cales se lles diagnosticou unha discapacidade intelectual		Esta clase non comprende: - os hospitais dedicados á saúde mental (véxase 86.10) - a prestación de coidados de enfermaría e servizos de rehabilitación en establecementos residenciais para persoas distintas daquelas que sofren unha enfermidade mental ou que recibiron un diagnóstico ao respecto (véxanse 87.10, 87.31 e 87.32) - os servizos sociais con aloxamento, por exemplo, centros de acollida temporal para persoas sen fogar (véxase 87.99) - as actividades de asistencia non realizadas en establecementos residenciais para persoas que sofren unha enfermidade mental ou que recibiron un diagnóstico ao respecto, por exemplo, os centros de atención á saúde mental (véxase a división 88)
87.3	Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores ou con discapacidade física			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
87.31	Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores	Esta clase comprende a prestación de asistencia en establecementos residenciais a persoas maiores que non poden valerse por si mesmas e/ou que non desexan vivir soas. Esta asistencia adoita incluír aloxamento, comida, supervisión e asistencia en tarefas da vida diaria, como a limpeza doméstica. Nalgúns casos, estas unidades ofrecen coidados de enfermaría aos residentes en instalacións independentes dentro do establecemento. Esta clase comprende as actividades: • das comunidades de xubilados con coidados continuos • das residencias para persoas maiores con coidados de enfermaría mínimos		Esta clase non comprende: - a asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios (véxase 87.10) - os servizos sociais con aloxamento (véxase 87.99)
87.32	Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade física	Esta clase comprende a prestación de asistencia en establecementos residenciais a persoas cunha discapacidade física que non poden valerse por si mesmas e/ou que non desexan vivir soas. Esta asistencia adoita incluír aloxamento, comida, supervisión e asistencia en tarefas da vida diaria, como a limpeza doméstica. Nalgúns casos, estas unidades ofrecen coidados de enfermaría aos residentes en instalacións independentes dentro do establecemento. Esta clase comprende as actividades: • das residencias para persoas asistidas • das clínicas de repouso sen coidados de enfermaría		Esta clase non comprende: - a asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios (véxase 87.10) - os servizos sociais con aloxamento (véxase 87.99)
87.9	Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais			
87.91	Servizos de intermediación para actividades de asistencia en establecementos residenciais	Esta clase comprende os servizos de intermediación para actividades de asistencia en establecementos residenciais, poñendo en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste as actividades de asistencia en establecementos residenciais que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canles non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas a domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de asistencia en establecementos residenciais. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario.		Esta clase non comprende: - as actividades de intermediación para servizos médicos, odontolóxicos e outros servizos sanitarios (véxase 86.97)
87.99	Outro tipo de asistencia en establecementos residenciais n.c.n.	Esta clase comprende a prestación de asistencia en establecementos residenciais a persoas, excepto persoas maiores e persoas con discapacidade, que non poden valerse por si mesmas ou que non desexan vivir soas. Esta clase comprende: - a asistencia residencial e social proporcionada a todas horas para categorías especiais de persoas, pero nas cales o tratamento médico ou a educación non constitúen un elemento importante: • orfanatos • centros de acollida para nenos e fogares infantís • servizos residenciais para persoas sen fogar, refuxiados, inmigrantes, etc. • outras actividades residenciais de apoio ás familias As actividades poden ser realizadas por organismos oficiais ou organizacións privadas.	Esta clase comprende tamén as actividades: - dos centros residenciais de reinserción para persoas con problemas sociais e persoais - dos centros residenciais de reinserción social para delincuentes - dos reformatorios residenciais para mozos e mozas	Esta clase non comprende: - o financiamento e administración dos programas de seguridade social obrigatoria (véxase 84.30) - a asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios (véxase 87.10) - a prestación de coidados de enfermaría e servizos de rehabilitación en establecementos residenciais para persoas que sofren unha enfermidade mental ou que recibiron un diagnóstico ao respecto (véxase 87.20) - a asistencia en establecementos residenciais para persoas ás cales se lles diagnosticou unha discapacidade intelectual (véxase 87.20) - a asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores ou persoas cunha discapacidade física (véxanse 87.31 e 87.32) - as actividades de coidado diúrno de nenos (véxase 88.91) - as actividades relacionadas coa adopción (véxase 88.99)
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	Esta división comprende a prestación de diversos servizos sociais prestados en moitas ocasións por traballadores sociais, tanto do ámbito público como privado, directamente aos clientes. As actividades desta división non comprenden servizos de aloxamento, excepto con carácter temporal.		
88.1	Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores ou con discapacidade			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
88.11	Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores	Esta clase comprende: - os servizos sociais, de asesoramento, benestar social, orientación e outros similares que se prestan a persoas maiores ou a persoas con discapacidade no seu domicilio ou noutros lugares, certos organismos oficiais ou organizacións privadas, organizacións de axuda de tipo nacional ou local, así como os especialistas que prestan servizos de consello e orientación: • as visitas a persoas maiores • as actividades de atención diúrna para persoas maiores	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos coidadores (asistencia a domicilio) - os servizos de asistencia a domicilio	Esta clase non comprende: - o financiamento e administración dos programas de seguridade social obrigatoria (véxase 84.30) - as actividades similares ás descritas nesta clase, pero con aloxamento incluído (véxase 87.31) - as actividades de coidado diúrno de nenos con discapacidade (véxase 88.91)
88.12	Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas con discapacidade	Esta clase comprende: • as visitas a persoas con discapacidade • as actividades de atención diúrna para persoas con discapacidade • as actividades de rehabilitación ocupacional e capacitación para persoas cunha discapacidade física, sempre que o compoñente educativo sexa limitado	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos coidadores (asistencia a domicilio) - os servizos de asistencia a domicilio - os servizos de asistencia a domicilio, como a realización de tarefas domésticas, prestados a persoas cun diagnóstico de incapacidade médica temporal	Esta clase non comprende: - o financiamento e administración dos programas de seguridade social obrigatoria (véxase 84.30) - as actividades similares ás descritas nesta clase, pero con aloxamento incluído (véxase 87.32) - as actividades de coidado diúrno de nenos con discapacidade (véxase 88.91)
88.9	Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento			
88.91	Actividades de coidado diúrno de nenos	Esta clase comprende: - as actividades de coidado diúrno de nenos realizadas en fogares privados ou en gardarías - as actividades de atención extraescolar	Esta clase comprende tamén: - as actividades de coidado diúrno de nenos con discapacidade	
88.99	Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento n.c.n.	Esta clase comprende: - os servizos sociais, de asesoramento, benestar social, asilo, orientación e outros similares, que se prestan a individuos ou familias no seu domicilio ou noutros lugares, certos organismos oficiais ou organizacións privadas, organizacións de auxilio no caso de catástrofes e organizacións de axuda de tipo nacional ou local, así como os especialistas que prestan servizos de consello e orientación: • as actividades de apoio á infancia e á mocidade • os servizos de adopción e prevención de malos tratos á infancia e a outros colectivos • o asesoramento sobre o orzamento familiar, orientación familiar e matrimonial, servizos de asesoramento sobre créditos e débedas, etc. • as actividades de axuda á comunidade ou á veciñanza • a prestación de auxilio a vítimas de catástrofes, refuxiados, inmigrantes, etc. • as actividades de rehabilitación ocupacional e a capacitación de persoas desempregadas, sempre que o compoñente educativo sexa limitado • a determinación da persoas con dereito a recibir asistencia social, axudas para o alugamento de vivendas ou cupóns para comprar alimentos • os centros de día para persoas sen fogar e outros grupos socialmente desfavorecidos • a recadación de fondos ou outras actividades de apoio aos servizos sociais • as actividades de mediación cultural e intercultural destinadas a previr o desamparo dos adultos con dificultades de integración social e laboral, eliminar a marxinalización social de nenos e adolescentes, rehabilitar adultos e menores internos en prisións, en liberdade condicional e fóra de prisión, e reintegrar os adultos á vida activa • as actividades de reasentamento de refuxiados		Esta clase non comprende: - as actividades de mediación xurídica (véxase 69.10) - o financiamento e administración dos programas de seguridade social obrigatoria (véxase 84.30) - as actividades similares ás descritas nesta clase pero con aloxamento incluído (véxase 87.99)
S	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, DEPORTIVAS E DE ENTRETEMENTO	Esta sección comprende unha ampla gama de actividades destinadas a satisfacer os intereses culturais, deportivos e recreativos dos seus clientes, incluídas as actuacións en vivo, as actividades de lecer, a explotación de sitios do patrimonio cultural e natural e os xogos de azar	Esta sección comprende tamén os servizos que fan posible eventos de entretemento e actuacións en vivo	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
90	Actividades de creación artística e artes escénicas	Esta división comprende as actividades relacionadas coas artes creativas e escénicas e a explotación de instalacións e a prestación de servizos destinados a satisfacer os intereses culturais e de entretemento dos seus clientes. Inclúese aquí a produción, a promoción e a participación en actuacións en vivo, eventos ou exposicións concibidos para a súa contemplación polo público; e a provisión de destrezas artísticas, creativas ou técnicas para a realización de produtos artísticos, actuacións en vivo e eventos.		Esta división non comprende: - a produción e a distribución de filmes cinematográficos e de vídeos (véxanse 59.12, 59.15 e 59.17) - a exhibición cinematográfica (véxase 59.14) - as emisións de radio e televisión (véxanse 60.10 e 60.20) - as actividades de fotografía (véxase 74.20) - a educación cultural (ensinanza non académica para aprender a tocar instrumentos, pintar, actuar, bailar, etc.) (véxase 85.52) - a explotación de museos de todo tipo, lugares ou monumentos arqueolóxicos e históricos, bibliotecas, arquivos, xardíns botánicos e parques zoolóxicos, a conservación de sitios históricos e as actividades das reservas naturais (véxase a división 91) - a conservación e restauración do patrimonio cultural (véxase 91.30) - as actividades de xogos de azar e apostas (véxase 92.00) - as actividades deportivas, recreativas e de entretemento (véxase a división 93)
90.1	Actividades de creación artística	Este grupo comprende as actividades relacionadas coa creación literaria, a composición musical, as artes visuais e as actividades relacionadas.		
90.11	Actividades de creación literaria e composición musical	Esta clase comprende: - as actividades de escritores individuais de calquera especialidade, incluída a escritura de ficción - a composición musical - a elaboración de textos e composicións escritas en nome de terceiros - as actividades relacionadas coa redacción de guións - as actividades de xornalistas, cando o seu contido se publica por un terceiro - as actividades de blogueiros, cando o seu contido se publica por un terceiro	Esta clase comprende tamén: - a escritura técnica	Esta clase non comprende: - a (re)produción e distribución de libros e música (véxase a sección J) - o traballo de tradutores na edición dun libro (véxase 74.30) - as actividades relacionadas coa participación de músicos e actores independentes en vídeos e contido audiovisual de todo tipo (véxase 90.20)
90.12	Actividades de creación de artes visuais	Esta clase comprende as actividades relacionadas coa creación e produción de obras pertencentes ás artes visuais. Esta clase comprende: - as actividades de artistas independentes, como escultores, pintores, debuxantes de debuxos animados, calígrafos, gravadores e augafortistas - as formas dixitais de creación de artes visuais - a creación de instalacións artísticas lumínicas		Esta clase non comprende: - a fabricación de estatuas distintas das obras artísticas orixinais (véxase 23.70) - a produción de filmes cinematográficos e de vídeos (véxanse 59.12 e 59.15) - a explotación das salas cinematográficas (véxase 59.14) - as actividades de fotografía (véxase 74.20) - as actividades dos axentes persoais e as axencias teatrais ou artísticas (véxase 74.99) - as actividades de selección de elenco (*casting*) (véxase 78.10) - as actividades de reserva e venda de entradas para espectáculos teatrais, eventos deportivos e outro entretemento (véxase 82.40) - as actividades relacionadas coa coreografía (véxase 90.13) - a creación e presentación de espectáculos de luz e son (véxase 93.29)
90.13	Outras actividades de creación artística	Esta clase comprende: - as actividades relacionadas coa coreografía		Esta clase non comprende: - a restauración, renovación, reconstrución e reacondicionamento de sitios e edificios históricos e arqueolóxicos (véxase 43.99) - as actividades de museos de todo tipo (véxase 91.21) - a reparación de mobiliario non considerado patrimonio cultural e sen interese histórico (véxase 95.24)
90.2	Actividades de artes escénicas			
90.20	Actividades de artes escénicas	Esta clase comprende as actividades relacionadas coas artes creativas e escénicas, e outras afíns. Esta clase comprende: - as producións de representacións escénicas en vivo (representacións teatrais, concertos, ópera, danza e outros): • as actividades de grupos, circos ou compañías, orquestras ou bandas • as actividades de artistas escénicos, por exemplo, actores (incluídos os humoristas), bailaríns, músicos (incluídas as actividades de músicos independentes como os organistas), directores de orquestra, etc.	Esta clase comprende tamén: - as actividades de modelos fotográficos - as actividades de músicos e actores independentes que aparecen en vídeos e contido audiovisual de todo tipo - a explotación de instalacións de artes escénicas para conxunto propio - as actividades de influenciadores que aparecen en videoblogs editados por terceiros	Esta clase non comprende: - a publicación de textos e fotografías e outros contidos sen vídeo por influenciadores ou blogueiros (véxase 58.19) - a produción de contido de vídeo ou audiovisual, incluídos os videoblogs (véxase 59.15) - as actividades dos axentes persoais e as axencias teatrais ou artísticas (véxase 74.99) - as actividades de selección de elenco (*casting*) (véxase 78.10) - as actividades de blogueiros que non autopublican o contido de creación propia (véxase 90.11)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
90.3	Actividades de apoio á creación artística e ás artes escénicas	Este grupo comprende as actividades de apoio ás artes creativas e escénicas. Comprende as actividades de apoio á produción de obras de teatro, de ópera e espectáculos de danza, musicais, eventos e outros e actividades de produtores de actuacións artísticas, dentro ou fóra das instalacións.		
90.31	Explotación de instalacións para actividades artísticas e artes escénicas	Esta clase comprende: - a explotación de instalacións artísticas, por exemplo, salas de teatro, salas de concertos e centros culturais - a explotación de instalacións artísticas que apoian a creación artística nas artes visuais	Esta clase comprende tamén: - a explotación de locais de música, clubs musicais e instalacións similares para actuacións en vivo	Esta clase non comprende: - a venda retallista de pinturas e esculturas (actividades da galerías de arte comerciais) (véxase 47.69) - as actividades de bares, pubs e outras instalacións similares que principalmente se dedican a servir bebidas, pero poden incluír a oferta de música e actuacións de baile en vivo (véxase 56.30) - a explotación de salas cinematográficas (véxase 59.14) - as actividades de reserva e venda de entradas para espectáculos teatrais, eventos deportivos e outro entretemento (véxase 82.40) - a explotación de instalacións artísticas para conxunto propio (véxase 90.20) - a explotación de museos de todo tipo (véxase 91.21) - a explotación de pistas e salas de baile en que o servizo de bebidas non é a actividade principal (véxase 93.29)
90.39	Outras actividades de apoio á creación artística e ás artes escénicas	Esta clase comprende: - as actividades de apoio á produción de representacións escénicas en vivo, por exemplo, representacións teatrais, concertos, óperas, espectáculos de danza e outras actividades escénicas realizadas en directo: • as actividades de produtores, deseñadores e construtores de escenarios, tremoístas, técnicos de iluminación, etc. - a organización de eventos culturais e de entretemento, como festivais de cine, musicais ou festivais de música e danza - as actividades de directores cinematográficos e teatrais, escenógrafos, dramaturgos, promotores cinematográficos e creadores de programas	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos produtores ou promotores de eventos artísticos en vivo, entre eles os *tablaos* flamencos e os demais espazos escénicos, con ou sen instalacións - a planificación técnica, a subministración, a preparación e o funcionamento do equipamento audiovisual e os efectos especiais asociados coa organización de eventos artísticos	Esta clase non comprende: - a produción de películas, asociada ou non á distribución dixital, para a proxección directa en salas de proxección ou para a súa emisión por televisión ou para reprodución en *streaming* (véxase 59.1) - a emisión de actuacións e eventos en vivo (véxase 60.20) - as actividades dos axentes persoais e as axencias teatrais ou artísticas (véxase 74.99) - as actividades de selección de elenco (*casting*) (véxase 78.10) - a organización de conferencias, convencións e feiras comerciais (véxase 82.30) - as actividades de artistas escénicos e grupos (véxase 90.20) - as actividades de produtores ou promotores de eventos deportivos, con ou sen instalacións (véxase 93.19) - a planificación técnica, a subministración, a preparación e o funcionamento do equipamento audiovisual e os efectos especiais asociados coa organización de eventos non artísticos (véxase 93.29)
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	Esta división comprende as actividades de bibliotecas e arquivos; as actividades de museos de todo tipo, as colecións de patrimonio de todo tipo, incluídos os documentos de bibliotecas e arquivos, xardíns botánicos e parques zoolóxicos; a explotación de sitios ou edificios arqueolóxicos e históricos e as actividades das reservas naturais. Estas actividades inclúen a identificación, recompilación, inventario, conservación, restauración e mediación do patrimonio cultural ou natural, sexa material ou inmaterial.	Comprende así mesmo a conservación e a exhibición de obxectos, localizacións e marabillas naturais de interese histórico, cultural ou educativo (por exemplo, lugares patrimonio da humanidade, etc.).	Esta división non comprende: - a fabricación de instrumentos musicais (véxase 32.20) - a restauración, renovación, reconstrución e reacondicionamento de sitios e edificios históricos e arqueolóxicos (véxase 43.99) - a venda retallista de pinturas e esculturas (actividades da galerías de arte comerciais) (véxase 47.69) - o comercio retallista de artigos de segunda man (véxase 47.79) - as actividades de transporte e almacenamento (véxase a división 52) - as actividades de seguros (véxase a división 66) - as actividades arquitectónicas para contribuír á conservación e restauración dos bens do patrimonio cultural (véxase 71.11) - as actividades de investigación e as ciencias da conservación dedicadas ao patrimonio cultural (véxase a división 72) - as actividades dos guías e informadores turísticos (véxase 79.90) - as actividades deportivas, recreativas e de entretemento, por exemplo, a explotación de praias para o baño e parques recreativos (véxase a división 93) - a reparación de instrumentos musicais non considerados patrimonio cultural e sen interese histórico (véxase 95.29)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
91.1	Actividades de bibliotecas e arquivos	Este grupo comprende as actividades relacionadas coa xestión, o coidado, a conservación e a avaliación de bibliotecas e arquivos. Este grupo comprende: - as actividades de documentación e información de bibliotecas e arquivos de todo tipo, incluídas as salas de lectura, audición e proxección, que prestan servizos de biblioteca e arquivo ao público en xeral ou a un público específico, por exemplo, estudantes, científicos ou membros do persoal - a xestión de arquivos públicos (a nivel nacional, rexional ou local) ou de arquivos privados (arquivos de artistas, historiadores, escritores, etc.) - a creación dunha colección bibliotecaria, xa sexa especializada ou sen catalogación de coleccións - o préstamo e almacenamento de libros, mapas, revistas, películas, discos, cintas, obras de arte, arquivos, etc. - as actividades de recuperación co obxecto de atender necesidades de información, etc.		Este grupo non comprende: - a conservación e restauración do patrimonio cultural (véxase 91.30)
91.11	Actividades de bibliotecas	Esta clase comprende: - as actividades de documentación e información de bibliotecas de todo tipo (incluídas as bibliotecas dixitais), e salas de lectura, audición e proxección: • a creación de coleccións, sexan especializadas ou non • a catalogación de coleccións • o préstamo e o almacenamento de libros, mapas, revistas, películas, discos, cintas, obras de arte, etc. • as actividades de recuperación co obxecto de atender necesidades de información, etc.		Esta clase non comprende: - a conservación e restauración do patrimonio cultural (véxase 91.30)
91.12	Actividades de arquivos	As actividades arquivísticas comprenden as actividades levadas a cabo polos servizos de arquivo de todo tipo, para crear, almacenar e clasificar coleccións de arquivos físicos ou dixitais, destinadas a servir ao público en xeral ou unha categoría específica de usuarios. Esta clase comprende: - as actividades de arquivos públicos que prestan servizos ao público en xeral ou a un público especializado, por exemplo, estudantes, científicos, empregados e membros da biblioteca, así como a xestión de arquivos oficiais - as actividades relacionadas coa adquisición ou a recompilación de arquivos - as actividades relacionadas coa identificación, o inventariado, a descrición e a clasificación dos arquivos - as actividades relacionadas coa seguridade e o mantemento dos elementos que compoñen o arquivo (seguimento do estado de hixiene e das condicións climáticas, seguridade e protección, rehabilitación, etc.) - as actividades relacionadas coa comunicación de arquivos ao público *in situ* ou a distancia - a dixitalización de documentos de arquivo para as coleccións de arquivos dixitais	Esta clase comprende tamén: - o arquivamento de todo tipo de documentos (en papel ou en formato dixital)	Esta clase non comprende: - a venda retallista de manuscritos (véxase 47.69) - o almacenamento de ficheiros de datos (véxase 63.10) - a dixitalización de ficheiros (vinculada a un ulterior procesamento dos datos) (véxase 63.10) - a dixitalización de arquivos (sen outra actividade vinculada) (véxase 82.10) - a conservación e restauración do patrimonio cultural (véxase 91.30)
91.2	Actividades de museos, coleccións de arte, sitios históricos e monumentos	Este grupo comprende a explotación, a xestión, o coidado, a conservación, a exhibición e a avaliación do patrimonio cultural: material, inmaterial e dixital, nunha ampla variedade de tipos de coleccións (tanto privadas como públicas). Comprende actividades relacionadas cos lugares do patrimonio cultural como resultado da intervención humana na súa contorna, desde paisaxes a xardíns, desde sitios históricos e arqueolóxicos a edificios.		Este grupo non comprende: - a restauración, renovación, reconstrución e reacondicionamento de sitios e edificios históricos e arqueolóxicos (véxase 43.99) - a venda retallista de pinturas e esculturas (actividades da galerías de arte comerciais) (véxase 47.69) - as actividades arquitectónicas para contribuír á conservación e restauración dos bens do patrimonio cultural (véxase 71.11) - as actividades relacionadas coa conservación e restauración do patrimonio cultural (véxase 91.30)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
91.21	Actividades de museos e de colecciónS	Esta clase comprende: - a explotación, a xestión, o coidado, a conservación, a avaliación e a exposición de colecciónS de museos de todo tipo: • museos de arte, museos de artesanía e deseño aplicados (por exemplo, xoiaría, mobles, traxes, cerámica, ourivaría, etc.) • museos de historia natural, ciencia e tecnoloxía, museos de historia, incluídos os museos militares • outros museos especializados - os museos ao aire libre, ecomuseos e tamén museos dixitais e virtuais - as colecciónS de casas históricas e galerías nacionais, centros de interpretación de etnografía, relixión e arte popular a nivel local ou rexional - as actividades da galerías de arte e exposiciónS de obras de arte (sen venda)		Esta clase non comprende: - a venda retallista de pinturas e esculturas (actividades da galerías de arte comerciais) (véxase 47.69) - as actividades de bibliotecas (véxase 91.11) - as actividades de arquivos (véxase 91.12) - a conservación e restauración do patrimonio cultural (véxase 91.30) - a reparación de mobiliario non considerado patrimonio cultural e sen interese histórico (véxase 95.24)
91.22	Actividades de sitios históricos e monumentos	Esta clase comprende a explotación e conservación de lugares do patrimonio como consecuencia da intervención humana na súa contorna, desde paisaxes a xardíns e de edificios a localizaciónS (tanto patrimonio natural como construído). Esta clase comprende: - a explotación e conservación de sitios e edificios históricos - a explotación e conservación de sitios arqueolóxicos abertos a visitantes		Esta clase non comprende: - a restauración, renovación, reconstrución e reacondicionamento de sitios e edificios históricos e arqueolóxicos (véxase 43.99) - as actividades arquitectónicas para contribuír á conservación e restauración dos bens do patrimonio cultural (véxase 71.11) - as escavaciónS arqueolóxicas (véxase 72.20) - a conservación e restauración do patrimonio cultural (véxase 91.30)
91.3	Conservación, restauración e outras actividades de apoio ao patrimonio cultural			
91.30	Conservación, restauración e outras actividades de apoio ao patrimonio cultural	Esta clase comprende: - a conservación e restauración de bens históricos e arqueolóxicos de todo tipo de materiais, con independencia de si se trata de bens mobles ou inmobles	Esta clase comprende tamén: - o asesoramento relativo á conservación e a restauración do patrimonio cultural - as actividades necesarias para a dixitalización do patrimonio cultural, por exemplo: • recompilación de información e datos necesarios para a creación de réplicas virtuais - a restauración de policromía interior, azulexo de cerámica e pintura decorativa	Esta clase non comprende: - a restauración, renovación, reconstrución e reacondicionamento de sitios e edificios históricos e arqueolóxicos (véxase 43.99) - as actividades arquitectónicas para contribuír á conservación e restauración dos bens do patrimonio cultural (véxase 71.11) - as ciencias da conservación (actividades de investigación e desenvolvemento dedicadas ao patrimonio cultural) (véxase 72) - as escavaciónS arqueolóxicas (véxase 72.20) - a reparación de mobiliario non considerado patrimonio cultural e sen interese histórico (véxase 95.24) - a reparación de instrumentos musicais non considerados patrimonio cultural e sen interese histórico (95.29)
91.4	Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais			
91.41	Actividades dos xardín botánicos e os parques zoolóxicos	Esta clase comprende: - a xestión de xardíns botánicos e zoolóxicos, incluídos os infantís - a xestión de acuarios		Esta clase non comprende: - os servizos de paisaxismo e mantemento de xardíns (véxase 81.30) - a explotación de coutos de pesca e de caza deportivas (véxase 93.19)
91.42	Actividades das reservas naturais	Esta clase comprende: - a xestión de reservas naturais, incluíndo a protección da vida salvaxe, etc. - os servizos de conservación e mantemento de parques nacionais e parques e reservas naturais		Esta clase non comprende: - as actividades de protección ou restauración do terreo agrícola (véxase a división 01) - as actividades de protección ou restauración do terreo forestal (véxase a división 02) - as actividades de protección ou restauración paisaxística (por exemplo, para parques e xardíns) (véxase 81.30) - a explotación de coutos de pesca e de caza deportivas (véxase 93.19)
92	Actividades de xogos de azar e apostas	Esta división comprende a explotación de instalaciónS para os xogos de azar, por exemplo, casinos, bingos e salas de máquinas comecartos, así como a prestación de servizos relacionados co xogo, como lotarías e apostas hípicas. Estas actividades de xogos de azar e apostas poden desenvolverse en instalaciónS físicas dedicadas ao xogo ou pola internet.		Esta división non comprende: - a explotación de xogos accionados con moedas (véxase 93.29)
92.0	Actividades de xogos de azar e apostas			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
92.00	Actividades de xogos de azar e apostas	Esta clase comprende as actividades de xogos de azar e apostas, por exemplo: - a corretaxe de apostas e outras actividades afíns - as actividades de apostas hípicas - a explotación de casinos, incluídos os casinos flotantes - a venda de billetes de lotaría - a explotación de máquinas comecartos accionadas con moedas - a subscrición a aplicacións de preguntas con premio - as apostas deportivas - a explotación de xogos de cartas como actividade de apostas - a explotación de xogos de azar e lotarías		*Esta clase non comprende:* *- a explotación de clubs de xogos de cartas, por exemplo, clubs de bridge (véxase 93.12)*
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	Esta división comprende actividades deportivas en calquera forma de actividade física que se practique, xa sexa ocasionalmente ou dunha forma participativa e organizada, co fin de expresar e mellorar a condición física e o benestar mental, e de establecer vínculos sociais ou de lograr resultados en competicións de todos os niveis. Esta división comprende a provisión de actividades recreativas e de entretemento.	Esta división comprende tamén: - a organización de eventos deportivos	Esta división non comprende: - as artes escénicas, a música, outras artes e actividades de entretemento como, por exemplo, a produción de obras de teatro, concertos, óperas, espectáculos de danza e outras actividades escénicas realizadas en directo (véxase a división 90). - a explotación de museos de todo tipo, sitios e monumentos arqueolóxicos e históricos, bibliotecas, arquivos, xardíns botánicos e zoolóxicos; a conservación de sitios históricos; as actividades das reservas naturais (véxase a división 91)
93.1	Actividades deportivas	Este grupo comprende a explotación de instalacións deportivas; as actividades de equipamentos ou clubs deportivos participantes fundamentalmente en eventos deportivos en vivo; as actividades de deportistas independentes dedicados á participación en eventos deportivos ou carreiras en vivo; as actividades relacionadas co adestramento de animais para deportes ou entretemento; as actividades de adestradores deportivos que prestan servizos especializados de apoio a participantes en eventos e competicións deportivas; a explotación de estadios e outros recintos deportivos; e outras actividades de organización, promoción e xestión de eventos deportivos n.c.n.		Este grupo non comprende: - as actividades de educación deportiva e recreativa (véxase 85.51)
93.11	Xestión de instalacións deportivas	Esta clase comprende: - a explotación de instalacións para eventos deportivos ao aire libre ou en recintos interiores (abertos, pechados ou cubertos, con asentos para espectadores ou sen eles) - a organización e explotación de eventos deportivos ao aire libre ou en recintos interiores, coa participación de profesionais ou afeccionados, por parte de organizacións con instalacións propias (non por clubs deportivos)	Esta clase comprende tamén: - a xestión e a dotación de persoal e equipamento para o funcionamento de tales instalacións - a provisión de equipamento para a explotación de tales instalacións - a explotación de zonas deportivas, onde se pode incluír a explotación de teleféricos, remontes e telecadeiras - a xestión de zonas equipadas para a práctica de deportes ao aire libre - a explotación de instalacións para o deporte base - a xestión de instalacións de squash	Esta clase non comprende: - o transporte en teleféricos, remontes e telecadeiras, o que pode incluír a preparación da pistas de esquí (véxase 49.34) - o alugamento de equipamento recreativo e deportivo (véxase 77.21) - a organización e explotación de eventos deportivos ao aire libre ou en recintos interiores, coa participación de profesionais ou afeccionados, por parte de clubs deportivos con instalacións propias (véxase 93.12) - as actividades dos centros de *fitness* (ximnasios) (véxase 93.13) - a organización e explotación de eventos deportivos ao aire libre ou en recintos interiores, coa participación de profesionais ou afeccionados, por parte de organizacións (non por clubs deportivos) sen instalacións propias (véxase 93.19) - as actividades en parques e praias (véxase 93.29)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
93.12	Actividades dos clubs deportivos	*Esta clase comprende as actividades de clubs deportivos profesionais, semiprofesionais ou de afeccionados que ofrecen aos seus membros a oportunidade de participar en actividades deportivas.* *Os clubs deportivos adoitan ser entidades sen ánimo de lucro, pero a súa inclusión no sector dos deportes queda lexitimada polo fin predominante da actividade levada a cabo (noutras palabras, a promoción da práctica do deporte). As actividades de educación, formación, venda de espazo publicitario e a subministración de servizos na sede do club son, neste contexto, actividades complementarias que, malia que poidan ter un peso bastante decisivo a nivel económico, son instrumentais no que respecta ao fin predominante da actividade levada a cabo e a súa perpetuación.* *Esta clase comprende:* *- a explotación de clubs deportivos, por exemplo:* *• clubs de fútbol* *• clubs de birlos* *• clubs de natación* *• clubs de golf* *• clubs de boxeo* *• clubs de deportes de inverno* *• clubs de xadrez* *• clubs de atletismo* *• clubs de tiro* *• clubs de deportes electrónicos* *• a explotación de clubs de xogos de cartas, por exemplo, clubs de bridge*		Esta clase non comprende: - a formación deportiva impartida por profesores ou adestradores individuais (véxase 85.51) - a xestión de instalacións deportivas (véxase 93.11) - as actividades por conta propia realizadas por deportistas e atletas, xuíces e árbitros, cronometradores, etc. (véxase 93.19) - as actividades de persoas individuais que participan por conta propia en deportes electrónicos (véxase 93.19) - as actividades de federacións deportivas (véxase 93.19)
93.13	Actividades dos centros deportivos	Esta clase comprende: - as actividades dos ximnasios - as actividades de estudios de ioga - as actividades de estudios de pilates - as actividades de estudios de taichí	Esta clase comprende tamén: - a instrución impartida por ximnasios, estudios de ioga e outros centros similares	Esta clase non comprende: - a formación deportiva impartida por profesores ou adestradores individuais (véxase 85.51)
93.19	Actividades deportivas n.c.n.	Esta clase comprende: - as actividades de produtores ou promotores de eventos deportivos, con ou sen instalacións - as actividades por conta propia realizadas por deportistas e atletas, xuíces e árbitros, cronometradores, etc. - as actividades de persoas individuais que participan por conta propia en deportes electrónicos - as actividades de federacións e ligas deportivas e órganos de regulación do deporte - as actividades relacionadas coa promoción de eventos deportivos - as actividades das cortes de cabalos e galgos e das escudarías participantes en carreiras, incluída a venda de espazo publicitario dos cubículos de carreiras - a explotación de coutos de pesca e caza deportivas - as actividades dos guías de montaña - as actividades de apoio á caza e a pesca deportivas ou recreativas - a xestión de túneles de vento aerodinámicos verticais - as actividades relacionadas co adestramento de animais para deportes ou entretemento - a organización e explotación de acontecementos deportivos ao aire libre ou en recintos interiores, coa participación de profesionais ou afeccionados, por parte de organizacións (non por clubs deportivos) sen instalacións propias		Esta clase non comprende: - a emisión de actuacións e eventos en vivo (véxase 60.20) - o alugamento de equipamento deportivo (véxase 77.21) - a organización de conferencias, convencións e feiras comerciais (véxase 82.30) - a formación deportiva impartida en campamentos ou escolas (véxase 85.51) - as actividades de instrutores, profesores e adestradores deportivos (véxase 85.51) - a formación en xogos de cartas (véxase 85.51) - a planificación técnica, a subministración, a preparación e o funcionamento do equipamento audiovisual e os efectos especiais asociados coa organización de eventos artísticos (véxase 90.39) - a dotación de persoal e equipamento como parte das organizacións e explotación dun evento deportivo (non por clubs deportivos) con instalacións propias (véxase 93.11) - a explotación de clubs de deportes electrónicos (véxase 93.12) - a organización e explotación de eventos deportivos ao aire libre ou en recintos interiores, coa participación de profesionais ou afeccionados, por parte de clubs deportivos (véxase 93.12) - a planificación técnica, a subministración, a preparación e o funcionamento do equipamento audiovisual e os efectos especiais asociados coa organización de eventos non artísticos (véxase 93.29) - as actividades en parques e praias (véxase 93.29)
93.2	Outras actividades recreativas e de entretemento	Este grupo comprende unha ampla gama de unidades que xestionan instalacións ou prestan servizos para atender os diversos intereses recreativos dos seus clientes. Comprende a explotación de diversas atraccións, como as accionadas por medios mecánicos, atraccións acuáticas, xogos, espectáculos, exposicións temáticas e merendeiros.		Este grupo non comprende: - as artes escénicas, a música e outras artes (véxase a división 90) - as actividades deportivas (véxase 93.1) - as actividades relacionadas coa infraestrutura e as instalacións para deporte (por exemplo, piscinas e parques infantís) (véxase 93.11)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
93.21	Actividades dos parques de atraccións e os parques temáticos	Esta clase comprende as actividades dos parques de atraccións e os parques temáticos caracterizados por unha explotación permanente e *in situ* de diversas atraccións, por exemplo, as accionadas por medios mecánicos, carruseis, xogos, barracas de tiro, espectáculos, exposicións temáticas e áreas de merendeiro, entre outras, que se proporcionan seguindo as directivas económicas e operativas dun operador central. Estes parques adoitan estar situados en zonas delimitadas estruturalmente, e para acceder a elas os usuarios deben pagar.	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos parques acuáticos	Esta clase non comprende: - a explotación de xogos de azar e lotarías (véxase 92.00) - a explotación de atraccións accionadas por medios mecánicos, xogos e espectáculos proporcionados por provedores independentes, por exemplo, en feiras, festivais populares, mercados de Nadal, etc. (véxase 93.29)
93.29	Actividades recreativas e de entretemento n.c.n.	Esta clase comprende as actividades relacionadas co entretemento e as actividades recreativas (excepto as de parques de atraccións e parques temáticos) non clasificadas noutras epígrafes: - a explotación de xogos accionados con moedas - o alugamento de equipamentos de recreo e lecer como parte integral de instalacións recreativas - a explotación de atraccións accionadas por medios mecánicos, xogos e espectáculos proporcionados por provedores independentes, por exemplo, en feiras, festivais populares, mercados de Nadal, etc. - as actividades en praias, incluído o alugamento de instalacións e equipamentos, como baños, hamacas de praia e parasoles - as actividades de animadores independentes en instalacións recreativas e de entretemento - a explotación de pistas e salas de baile nas cales o servizo de bebidas non é a actividade principal - a explotación de salas de ordenadores para efectuar xogos de ordenador - a explotación de dispositivos de entretemento en autoservizo, por exemplo, randeeiras/cabalos/coches/naves espaciais, etc. que se balancean - a explotación de pistas de airsoft e paintball - a explotación de xogos/experiencias de realidade virtual ou xeolocalizada - as actividades recreativas e de entretemento relacionadas coa infraestrutura dos portos deportivos - a explotación de salas de billar - a explotación de escape rooms - a explotación de salóns de birlos - a creación e presentación de espectáculos de luz e son - as actividades de guías para excursións subacuáticas - a creación e presentación de espectáculos pirotécnicos - a explotación de merendeiros - a explotación de xogos láser - as actividades de entretemento en residencias de persoas maiores	Esta clase comprende tamén: - as actividades dos produtores ou promotores de eventos recreativos e de entretemento en vivo, con ou sen instalacións - a planificación técnica, a subministración, a preparación e o funcionamento do equipamento audiovisual e os efectos especiais asociados coa organización de eventos non artísticos	Esta clase non comprende: - o transporte en teleféricos, remontes e telecadeiras, o que pode incluír a preparación das pistas de esquí (véxase 49.34) - os cruceiros de pesca (véxanse 50.10 e 50.30) - a provisión de espazo e instalacións para estadías de curta duración de visitantes en parques recreativos, bosques e zonas de acampada (véxase 55.30) - os campamentos recreativos, campamentos de caza e pesca, cámpings e aparcamentos para caravanas (véxase 55.30) - as actividades dos postos de comida (véxase 56.12) - as actividades do persoal de seguridade de eventos, concertos, feiras e exposicións (véxase 80.01) - a organización de conferencias, convencións e feiras comerciais (véxase 82.30) - a prestación de servizos para eventos, feiras e exposicións que son parte de actividades de orde pública e seguridade (véxase 84.24) - os grupos teatrais e circenses (véxase 90.20) - a explotación de instalacións artísticas, por exemplo, salas de concertos, salas de teatro, locais de música, clubs musicais e outras instalacións onde os artistas actúan (véxase 90.31) - a planificación técnica, a subministración, a preparación e o funcionamento do equipamento audiovisual e os efectos especiais asociados coa organización de eventos artísticos (véxase 90.39) - a explotación de xogos de azar e lotarías (véxase 92.00) - a explotación de instalacións deportivas, por exemplo, piscinas e pistas de patinaxe (véxase 93.11) - as actividades de clubs de deportes acuáticos (canoa, remo, vela, etc.) (véxase 93.12) - as actividades dos parques de atraccións e os parques temáticos (véxase 93.21)
T	OUTROS SERVIZOS	Esta sección (como categoría residual) comprende as actividades das organizacións asociativas, a reparación de ordenadores, artigos de uso persoal e doméstico, vehículos de motor e motocicletas, así como diversas actividades de servizos persoais non recollidas noutras epígrafes da clasificación.		
94	Actividades asociativas	Esta división comprende as actividades das organizacións que representan os intereses de grupos especiais ou que promoven ideas ante a opinión pública. Xeralmente, estas organizacións están integradas por membros, aínda que as súas actividades poden tamén contar coa participación de persoas que non son membros e beneficiar estas persoas. A desagregación básica desta división está determinada pola finalidade das ditas organizacións, é dicir, a defensa dos intereses dos empregadores, de traballadores por conta propia e de grupos profesionais (grupo 94.1), os intereses dos empregados (grupo 94.2) ou a promoción de ideas e actividades relixiosas, políticas, culturais, educativas ou recreativas (grupo 94.9).		
94.1	Actividades de organizacións empresariais, profesionais e patronais	Este grupo comprende as actividades de promoción dos intereses dos membros de organizacións empresariais e patronais.	No caso das organizacións profesionais, comprende, así mesmo, as actividades de promoción dos intereses profesionais dos membros da profesión.	

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
94.11	Actividades de organizacións empresariais e patronais	Esta clase comprende: - As actividades das organizacións cuxos membros se interesan principalmente polo desenvolvemento e a prosperidade das empresas dun determinado sector empresarial ou comercial, incluída a agricultura e gandaría, ou pola situación e o crecemento económicos dunha determinada zona xeográfica ou subdivisión política, independentemente do sector empresarial. - As actividades das federacións das ditas asociacións. - As actividades das cámaras de comercio, das corporacións empresariais e organismos similares. - A difusión de información, a representación ante organismos públicos, as relacións públicas e as negociacións laborais de asociacións empresariais e patronais.		Esta clase non comprende: - as actividades de organizacións profesionais (véxase 94.12) - as actividades sindicais (véxase 94.20) - outras actividades asociativas n.c.n. (véxase 94.99) - as actividades de organizacións internacionais de carácter administrativo (véxase 99.00)
94.12	Actividades de organizacións profesionais	Esta clase comprende: - As actividades de organizacións cuxos membros se interesan principalmente nunha disciplina científica, práctica profesional ou esfera técnica concreta, como as asociacións médicas, xurídicas ou contables ou as asociacións de enxeñeiros ou de arquitectos, etc. - As actividades de asociacións de especialistas no campo científico, académico ou cultural, como asociacións de escritores, pintores, artistas de diversos tipos, xornalistas, etc. - A difusión de información, o establecemento e a supervisión do cumprimento de normas profesionais, a representación ante os organismos da Administración e as relacións públicas das asociacións profesionais.	Esta clase comprende tamén: - as actividades das sociedades científicas	Esta clase non comprende: - a educación impartida por estas organizacións profesionais (véxase a división 85) - as actividades de organizacións empresariais e patronais (véxase 94.11) - as actividades sindicais (véxase 94.20) - outras actividades asociativas n.c.n. (véxase 94.99)
94.2	Actividades sindicais			
94.20	Actividades sindicais	Esta clase comprende: - A promoción dos intereses dos empregados integrados en organizacións sindicais e laborais.	Esta clase comprende tamén: - as actividades das asociacións de traballadores por conta allea que se interesan principalmente pola representación dos seus intereses en relación cos salarios e a situación laboral, e pola adopción de medidas concertadas a través da súa organización	Esta clase non comprende: - a educación impartida por estas organizacións (véxase a división 85) - as actividades de organizacións profesionais (véxase 94.12)
94.9	Outras actividades asociativas	Este grupo comprende as actividades das unidades (excepto as organizacións empresariais, patronais e profesionais e os sindicatos) que promoven os intereses dos seus membros.		
94.91	Actividades de organizacións relixiosas	Esta clase comprende: - As actividades de organizacións relixiosas e de persoas que atenden directamente os fregueses en igrexas, mesquitas, templos, sinagogas e outros lugares. - As actividades de mosteiros, conventos e organizacións similares. - As actividades de retiro relixioso.	Esta clase comprende tamén: - as actividades de servizos fúnebres relixiosos	Esta clase non comprende: - a educación impartida por organizacións relixiosas (véxase a división 85) - a asistencia sanitaria prestada por organizacións relixiosas (véxase a división 86) - a asistencia social prestada por organizacións relixiosas (véxanse as divisións 87 e 88)
94.92	Actividades de organizacións políticas	Esta clase comprende: - As actividades de organizacións políticas e das súas organizacións auxiliares como, por exemplo, as xuvenís dos partidos políticos. Estas organizacións dedícanse principalmente a influír na toma de decisións dos organismos da Administración, coa colocación dos seus afiliados ou simpatizantes en postos políticos, e comporta a difusión de información, as relacións públicas, a recadación de fondos, etc.		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
94.99	Outras actividades asociativas n.c.n.	Esta clase comprende: - As organizacións (non directamente ligadas a un partido político) que defenden unha causa ou alternativa de carácter público mediante campañas de educación do público, influencia política, recadación de fondos, etc.: • os movementos de protesta ou as iniciativas cívicas • os movementos ecolóxicos e de defensa do ambiente • as organizacións que prestan apoio a servizos municipais e educativos n.c.n. • as organizacións que buscan a protección e mellora da situación de determinados grupos, por exemplo, grupos étnicos ou minoritarios • as asociacións con fins patrióticos, incluídas as asociacións de veteranos de guerra • as asociacións destinadas a fomentar a saúde • as asociacións para a protección dos animais • as asociacións de consumidores - As actividades de asociacións automobilísticas (non con fins deportivos). - As actividades de asociacións dedicadas a establecer relacións sociais, tales como os clubs rotarios, as loxas, etc. - As actividades de asociacións xuvenís, por exemplo, asociacións de scouts, de mozos e mozas, de estudantes, clubs, irmandades e fraternidades. - As actividades de asociacións para a práctica de actividades ou afeccións culturais ou recreativas (excepto deportes ou xogos) como, por exemplo, os clubs literarios, de poesía e de bibliófilos, de historia, de xardinaría, de cine e fotografía, de música e arte, de artesanía ou de coleccionistas, os clubs sociais, as comparsas de carnaval, etc.	Esta clase comprende tamén: - as actividades de concesión de axudas por asociacións ou outras entidades - as actividades de intermediarios filántropos e de promoción do voluntariado - as actividades de solidariedade e cooperación internacional - as actividades dos servizos destinados a fomentar a caza e a captura de animais	Esta clase non comprende: - as actividades benéficas como a recadación de fondos ou outras actividades de apoio aos servizos sociais (véxase 88.99) - as actividades dos clubs deportivos (véxase 93.12) - as actividades de federacións deportivas (véxase 93.19) - as actividades de organizacións profesionais (véxase 94.12) - as actividades de organizacións internacionais baixo tratados internacionais subscritos entre Estados (véxase 99.00)
95	Reparación e mantemento de ordenadores, artigos persoais e enxoval doméstico e vehículos de motor e motocicletas	Esta división comprende a reparación e o mantemento de ordenadores e de equipamentos periféricos de ordenadores, equipamentos de comunicación, electrónica de consumo, equipamentos de xardinaría, calzado e artigos de coiro, mobiliario e enxoval doméstico, pezas e accesorios de vestir, artigos deportivos, instrumentos musicais e outros efectos persoais e domésticos, así como a reparación e o mantemento de vehículos de motor e motocicletas.		Esta división non comprende o mantemento e a reparación especializados de maquinaria e equipamento industrial, comercial ou de carácter análogo que non se utiliza nos fogares (véxase a división 33).
95.1	Reparación e mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación			
95.10	Reparación e mantemento de ordenadores e equipamentos de comunicación	*Esta clase comprende a reparación e o mantemento de equipamentos electrónicos, como ordenadores e maquinaria informática, periféricos e equipamentos de comunicación.* *Esta clase comprende a reparación e o mantemento de:* *- ordenadores de sobremesa* *- ordenadores portátiles* *- discos magnéticos e unidades de memoria flash* *- unidades de discos ópticos* *- renovación de discos* *- impresoras* *- monitores* *- teclados* *- cámaras web* *- auriculares, incluídos os auriculares sen fios de botón* *- ratos, pancas de xogo (joysticks) e accesorios con bóla (trackball)* *- módems informáticos internos e externos* *- terminais informáticos especializados* *- servidores informáticos* *- escáneres, incluídos os lectores de código de barras* *- lectores de tarxetas intelixentes* *- cascos e auriculares de realidade virtual* *- proxectores informáticos* *- teléfonos sen fios* *- tabletas e teléfonos intelixentes* *- equipamentos portadores de telecomunicacións* *- equipamentos de transmisión para comunicacións, como encamiñadores (routers), pontes (bridges) e módems* *- equipamentos de radio de transmisión-recepción* *- cámaras de televisión e vídeo de uso profesional*	Esta clase comprende tamén: - a reparación e o mantemento de terminais informáticos como os caixeiros automáticos (ATM) e os terminais de punto de venda, non operados mecanicamente - a reparación e o mantemento de ordenadores de man (asistentes persoais dixitais (PDA)) - a renovación de CD e DVD	Esta clase non comprende - a recarga retallista de cartuchos de tinta e tóner (véxase 47.40) - a reparación e o mantemento de aparellos electrónicos de uso doméstico (véxase 95.21)
95.2	Reparación e mantemento de efectos persoais e artigos de uso doméstico	Este grupo comprende a reparación e o mantemento de efectos persoais e artigos de uso doméstico.		

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
95.21	Reparación e mantemento de aparellos electrónicos de uso doméstico	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de aparellos electrónicos de uso doméstico: - a reparación de produtos de electrónica de consumo: • receptores de radio e televisión • reprodutores de audio e vídeo • cámaras de vídeo e equipamento fotográfico de uso doméstico • dispositivos de videoxogos		
95.22	Reparación e mantemento de electrodomésticos e de equipamentos para o fogar e o xardín	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de electrodomésticos e de equipamentos para o fogar e o xardín: - a reparación e o mantemento de electrodomésticos: • frigoríficos, fornos, lavadoras, secadoras de roupa, equipamentos de aire acondicionado, etc. - a reparación e o mantemento de equipamentos para o fogar e o xardín: • máquinas cortacéspede, aspiradores de neve e follas, podadoras para sebes, etc.		Esta clase non comprende: - a reparación de ferramentas manuais eléctricas e equipamentos de refrixeración industrial (véxase 33.12) - a reparación de sistemas de aire acondicionado central (véxase 43.22)
95.23	Reparación e mantemento de calzado e artigos de coiro	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de calzado e artigos de coiro: - a reparación de calzado, maletas e similares - o arranxo de tacóns		Esta clase non comprende: - as actividades dos limpabotas (véxase 96.99).
95.24	Reparación e mantemento de mobles e artigos de enxoval	Esta clase comprende: - o retapizado, a aplicación de novos acabados e a reparación de mobiliario e enxoval doméstico, incluído o mobiliario de oficina - a montaxe de mobiliario independente		
95.25	Reparación e mantemento de reloxos e xoiaría	Esta clase comprende: - a reparación de reloxos e os seus compoñentes, como as caixas e carcasas de calquera material - a reparación de artigos de xoiaría		Esta clase non comprende: - a reparación de reloxos rexistradores, selos de data e hora, pechaduras temporizadas e dispositivos similares dedicados ao rexistro do tempo (véxase 33.13)
95.29	Reparación e mantemento de efectos persoais e artigos de uso doméstico n.c.n.	Esta clase comprende a reparación e o mantemento de efectos persoais e artigos de uso doméstico: - a reparación e o mantemento de bicicletas, bicicletas eléctricas, monociclos, aeropatíns e patinetes - a reparación e o arranxo de pezas de vestir - a reparación de artigos deportivos (excepto armas deportivas) e de material de acampada - a reparación de libros - a reparación de instrumentos musicais sen interese histórico - a reparación de xoguetes e artigos similares - a reparación doutros efectos persoais e artigos de uso doméstico - a afinación de pianos - o afiado de coitelos - os servizos de duplicado de chaves	Esta clase comprende tamén: - os servizos de gravado de metais no acto	Esta clase non comprende: - o gravado industrial de metais (véxase 25.53) - a reparación de armas deportivas e recreativas (véxase 33.11) - a reparación de ferramentas manuais eléctricas (véxase 33.12) - as actividades de cerrallaría (véxase 80.09)
95.3	Reparación e mantemento de vehículos de motor e motocicletas	Este grupo comprende a reparación e o mantemento de vehículos de motor e motocicletas.		
95.31	Reparación e mantemento de vehículos de motor	Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento de vehículos de motor, incluídos remolques e semirremolques, por exemplo: • as reparacións mecánicas • as reparacións eléctricas • a reparación de sistemas de inxección electrónica • o mantemento corrente • a reparación de carrozarías • a reparación de accesorios de vehículos de motor • o lavado, encerado, etc. • a pintura • a reparación de parabrisas e fiestras • a reparación de asentos de vehículos de motor • os servizos de reparación e diagnóstico de sistemas mecatrónicos - a reparación, instalación e substitución de cámaras e pneumáticos - o tratamento antioxidante - a instalación de recambios e accesorios fóra do proceso de fabricación - a reparación e o mantemento de vehículos anfibios non militares	Esta clase comprende tamén: - a reparación e o mantemento de habitáculos de caravanas e autocaravanas	Esta clase non comprende: - o recauchutado de pneumáticos (véxase 22.11) - os servizos de acondicionamento para caravanas e autocaravanas (véxase 29.20) - a reparación de carretas elevadoras e tractores de uso agrícola (véxase 33.12)
95.32	Reparación e mantemento de motocicletas	Esta clase comprende: - a reparación e o mantemento de motocicletas - as actividades de pintado de motocicletas e das súas pezas - a reparación de carrozarías de motocicletas - o lavado, encerado, etc., de motocicletas		Esta clase non comprende: - a reparación e o mantemento de bicicletas e bicicletas eléctricas (véxase 95.29)

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
95.4	Actividades de intermediación para reparación e mantemento de ordenadores, artigos persoais e enxoval doméstico e vehículos de motor e motocicletas			
95.40	Actividades de intermediación para reparación e mantemento de ordenadores, artigos persoais e enxoval doméstico e vehículos de motor e motocicletas	Esta clase inclúe a intermediación para a reparación e o mantemento de ordenadores, efectos persoais e enxoval doméstico e vehículos de motor e motocicletas, poñendo en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste os servizos que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canles non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas ao domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo de reparación e mantemento. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario.		
96		Esta división comprende todas as actividades de servizos persoais non mencionadas noutros lugares da clasificación. En particular, comprende certos tipos de servizos, por exemplo, o lavado e a limpeza (en seco) de artigos téxtiles e de pel, o peiteado, os tratamentos de beleza, os spas e actividades similares e as pompas fúnebres e actividades relacionadas.		
96.1	Lavado e limpeza de pezas de tea e de pel			
96.10	Lavado e limpeza de pezas de tea e de pel	Esta clase comprende: - as actividades de lavado, limpeza en seco, pasado de ferro, etc. de todo tipo de pezas de vestir (incluso pezas de pel) e outros artigos téxtiles, que se realizan a máquina, a man ou en máquinas accionadas con moedas para o público en xeral ou para clientes industriais ou comerciais - o lavado de alfombras e tapices con espuma, a limpeza de cortinas, xa sexa nas instalacións do cliente ou non - a prestación de servizos combinados de alugamento e coidado, incluídos o lavado e a limpeza de téxtiles, por exemplo, roupa de cama e baño, uniformes de traballo e outros artigos relacionados - os servizos de subministración de cueiros reutilizables		Esta clase non comprende: - a reparación e o arranxo de pezas de vestir (véxase 95.29)
96.2	Peiteado, tratamentos de beleza, spas e actividades similares			
96.21	Salóns de peiteado e barbarías	Esta clase comprende: - as actividades de lavado, corte, peiteado, tinguidura, aplicación de mechas, ondulación e alisamento do cabelo e outras actividades similares - o estilismo do cabelo - o afeitado e recorte da barba		Esta clase non comprende: - a fabricación de perrucas (véxase 32.99)
96.22	Actividades de coidados de beleza e outras actividades de tratamento de beleza	Esta clase comprende as actividades de tratamentos de beleza non realizadas por especialistas médicos (por exemplo, cosmetólogos), tales como a masaxe facial, a manicura, a pedicura, a maquillaxe permanente, a depilación e o bronceado.		Esta clase non comprende: - as actividades de cirurxía estética realizadas por médicos especialistas (véxase 86.22)
96.23	Actividades de spas, saunas e baños turcos	Esta clase comprende: - as actividades de baños turcos, saunas, baños de vapor, spas, solarios, salóns de adelgazamento e masaxe, etc. - as actividades dos salóns de masaxes non médicas		Esta clase non comprende: - os servizos de benestar físico como parte da actividade de aloxamento (véxase a división 55) - as actividades de terapeutas masaxistas (véxase 86.95) - as actividades de profesionais no ámbito do *shiatsu* , masaxe tailandesa, watsu, tui na qigong, etc. (véxase 86.99) - as actividades de clubs e instalacións de fitness, benestar e culturismo (véxase 93.13)
96.3	Pompas fúnebres e actividades relacionadas			
96.30	Pompas fúnebres e actividades relacionadas	Esta clase comprende: - a sepultura e incineración de cadáveres humanos ou de animais e outras actividades relacionadas con estas,: • a preparación do cadáver para a súa inhumación ou cremación, servizos de embalsamamento e outros servizos funerarios • a prestación de servizos de inhumación ou cremación • o alugamento de locais destinados a velorios - o alugamento ou venda de tumbas - o mantemento de tumbas e mausoleos - o transporte de restos humanos		Esta clase non comprende: - os servizos de xardinaría en cemiterios (véxase 81.30) - as actividades de servizos fúnebres relixiosos (véxase 94.91)
96.4	Actividades de intermediación para servizos persoais			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
96.40	Actividades de intermediación para servizos persoais	Esta clase inclúe a intermediación de actividades de servizos persoais, que pon en contacto clientes e provedores de servizos a cambio dun honorario ou dunha comisión, sen que o intermediario preste os servizos que son obxecto da intermediación. Estas actividades de intermediación poden desenvolverse en plataformas dixitais ou por canles non dixitais (incluído presencialmente, como as visitas ao domicilio ou porta a porta, por teléfono, correo postal, etc.). O honorario ou a comisión pode recibirse do cliente ou do provedor que presta o servizo persoal. Os ingresos polas actividades de intermediación poden incluír outras fontes de ingresos, por exemplo, ingresos pola venda de espazo publicitario		
96.9	Outros servizos persoais			
96.91	Prestación de servizos persoais domésticos	Esta clase comprende o desempeño de diversas actividades de servizos persoais domésticos, por exemplo, cociña, lavado, limpeza, pasado de ferro e outros no domicilio. Cando se realiza unha única actividade, esta clasifícase segundo a dita actividade		Esta clase non comprende: - a limpeza de edificios (véxase 81.21) - os servizos de coidados domiciliarios para persoas maiores, incluídos os servizos de coidador interno (véxase 88.11) - os servizos de coidado diúrno para nenos realizados en fogares privados ou en gardarías (véxase 88.91) - os servizos de atención extraescolar (véxase 88.91)
96.99	Outros servizos persoais n.c.n.	Estas actividades diríxense principalmente a persoas físicas. Esta clase comprende: - as actividades de astroloxía e espiritismo - os servizos de contratación de acompañantes, as actividades das axencias de contactos e os servizos das axencias matrimoniais - as actividades de redes de contactos de citas ou doutro tipo - a prestación ou concertación de servizos sexuais - os servizos para animais de compañía, como aloxamento, peiteado e adestramento - a explotación de refuxios para animais abandonados - as actividades de xenealoxía - as actividades de estudos de tatuaxe e piercing - as actividades dos limpabotas, dos maleteiros, dos aparcacoches, etc. - a explotación por concesión de máquinas de servizos persoais accionadas con moedas, por exemplo, fotomatóns, básculas ou despacho de billetes - a explotación de máquinas automáticas en autoservizo para imprimir fotografías a partir de soportes electrónicos, por exemplo, teléfonos, tarxetas de memoria, unidades flash, etc. - os servizos de citas e outras actividades de speed networking - as actividades de artistas da tatuaxe, que utilizan substancias biolóxicas, por exemplo henna, para a decoloración temporal - as actividades dos encantadores de cabalos - as actividades de aloxamento a cambio do coidado da casa (housesitting) - as actividades de organizadores de vodas - as actividades de menciñeiros		Esta clase non comprende: - as actividades veterinarias (véxase 75.00) - as actividades de limpeza do fogar (véxase 81.21) - as clases de ioga ou pilates (véxase 85.51) - a prestación de servizos de terapias alternativas, por exemplo, homeopatía, quiropráctica, osteopatía, cristaloterapia, iridoloxía, quinesioloxía e radiónica (véxase 86.96) - as actividades de profesionais no ámbito do *shiatsu* , masaxe tailandesa, watsu, tui na qigong, etc. (véxase 86.99) - os servizos de coidados domiciliarios para persoas maiores, incluídos os servizos de coidador interno (véxase 88.11) - os servizos de coidado diúrno para nenos realizadas en fogares privados ou en gardarías (véxase 88.91) - os servizos de atención extraescolar (véxase 88.91) - a explotación de máquinas comecartos e máquinas de videoxogos accionadas con moedas (véxase 92.00) - a explotación de lavadoras activadas con moedas (véxase 96.10)
U	ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO			
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	Esta división comprende exclusivamente as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico. Os resultados destas actividades considéranse produción no Sistema de contas nacionais (SCN) e, para estes efectos e para determinados estudos, esta división incluíuse na CNAE. As mesmas actividades, cando as realizan provedores de servizos independentes (en contraposición ao persoal doméstico empregado e remunerado polo fogar), non se clasifican aquí; por exemplo, as actividades de neneiras clasifícanse na clase 88.91, o lavado de téxtiles corresponde á clase 96.10 e as actividades dos aparcacoches na clase 96.99.		
97.0	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico			

CÓDIGO CNAE	DESCRICIÓN	INCLÚE	INCLÚE TAMÉN	EXCLÚE
97.00	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	Esta clase comprende o emprego de persoal doméstico polos fogares, por exemplo, de cociñeiros, limpadores, xardineiros, choferes, coidadores, neneiras e asistentes persoais. Isto permítelle ao persoal doméstico empregado declarar a actividade do seu empregador nos censos ou estudos, aínda que o empregador sexa un particular. O produto obtido mediante esta actividade é consumido polo propio fogar empregador.		Esta clase non comprende: - a prestación de servizos persoais e de asistencia no fogar (por exemplo, limpeza, pasado do ferro, cociña, xardinaría, asistencia domiciliaria para persoas dependentes, etc.) por provedores de servizos (xa sexan organizacións con ou sen ánimo de lucro, organismos públicos ou autónomos) (véxase a clase correspondente da CNAE en función do servizo prestado)
98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	Esta división comprende as actividades dos fogares como produtores de bens e servizos de subsistencia. Un fogar debe clasificarse aquí unicamente se resulta imposible identificar a actividade principal correspondente ás actividades de subsistencia do fogar en cuestión. Se o fogar leva a cabo actividades de mercado, debe clasificarse conforme a actividade principal de mercado que realice.		
98.1	Actividades dos fogares como produtores de bens para uso propio			
98.10	Actividades dos fogares como produtores de bens para uso propio	Esta clase comprende as actividades dos fogares como produtores de bens de subsistencia, é dicir, as actividades dos fogares que producen bens diversos para a súa propia subsistencia. Esas actividades inclúen a caza e a recolección, a agricultura, a construción de vivendas, a confección de pezas de vestir e outros bens producidos por un fogar para a súa propia subsistencia		Se os fogares tamén se dedican á produción de bens para o mercado, clasifícanse na categoría da CNAE correspondente á dita produción. Se se dedican principalmente á produción de bens de subsistencia específicos, clasifícanse na categoría da CNAE correspondente á dita produción.
98.2	Actividades dos fogares como produtores de servizos para uso propio			
98.20	Actividades dos fogares como produtores de servizos para uso propio	Esta clase comprende as actividades dos fogares como produtores de servizos para a súa propia subsistencia. Estas actividades comprenden a cociña, a ensinanza, o coidado dos membros do fogar e outros servizos que o fogar produce para a súa propia subsistencia.		Se os fogares tamén se dedican á produción de diversos bens con fins de subsistencia, clasifícanse nas actividades dos fogares como produtores de bens para a súa propia subsistencia.
V	ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS			
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais			
99.0	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais			
99.00	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	Esta clase comprende: - as actividades de organizacións internacionais baixo tratados internacionais subscritos entre Estados, por exemplo: • as actividades das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos especializados, órganos rexionais, etc. • o Fondo Monetario Internacional (FMI) e o Banco Mundial • a Organización Mundial de Alfándegas (OMA), a Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE), etc. • a Organización de Países Exportadores de Petróleo (OPEP), a Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), etc. - as actividades de institucións e organismos da Unión Europea (UE)	Esta clase comprende tamén: - as actividades das administracións públicas doutros países, por exemplo, embaixadas, consulados, bases militares, bases científicas, etc.	